

Letras DA ACADEMIA

Poesías

Núm.3

Francisco M.^a de la Iglesia

Edición, limiar e notas de
M. R. Saurin de la Iglesia



Letras
DA ACADEMIA

Núm.3

Poesías

Francisco M.^a de la Iglesia

Edición, limiar e notas de
M. R. Saurin de la Iglesia

DESEÑO E MAQUETACIÓN:
SINMÁS, COMUNICACIÓN VISUAL

IMPRESIÓN:

ISSN: 1697-0810

DEPÓSITO LEGAL:

© REAL ACADEMIA GALEGA
RÚA TABERNAS, 11
15001 A CORUÑA
TFNO. E FAX: 981 207 308
www.realacademiagalega.org

LIMIAR	17
--------------	----

POESÍAS

1. O espertador dos cantadores gallegos (1856)	31
2. As virtudes d'un señor	34
3. Unha alborada en San Xuan (1856)	38
4. A millor das meliciñas para poder feliz ser (1856).....	44
5. A muiñeira da sega do trigo (1857).....	47
6. Coma unha branca pombiña	49
7. Á morte de Pepe Ponte e Brañas (1857)	51
8. Un recordo. Ós meus amigos R. Ponte e A. Aguirre (1857).....	53
9. As coitas de Farruquiño (1858)	57
10. A la Excma. Sra. Condesa de Espoz y Mina (1858)	60
11. A Galicia (1859)	61
12. Cantigas da espera (1860)	63
13. A S. M. la Reina Doña Isabel II (1860)	66
14. A S. M. el Rey D. Francisco de Asís (1860)	67
15. Testamento do Antroido (1860)	68
16. Últimos momentos de Momo	71
17. Coido que sabes quen foi	78
18. Á Señorita Pírola (1862)	79
19. La inocencia y el mundo (1862)	82
20. Loitas de Ildara. Cantar adicado ... a Vicetto	83
21. A la juventud española	85
22. Al ilustre pueblo coruñés (1860)	88
23. Epístola moral (1860)	90
24. A Galicia (1861)	93
25. O recordo. Ó cantor do desconsolo (1861)	102
26. A mariposa ou a sorte da cobiza (1861)	104
27. O suspirar da ruliña	109
28. Himno epitalámico (1862)	111
29. Un saludo a Virginia Felicia Auber (1862)	115
30. Panxoliña de Nadal (1862)	116
31. O paso da Porta Santa (1862)	120
32. Cantar dos nosos meniños ó xogar á pita cega (1862)	122
33. Santiago (1862)	123

34.	Vinde (1862)	124
35.	O orfiño da arquíña (1862)	125
36.	A muiñeira das fillas da aurora (1862)	128
37.	Subamos, niñas, al bosque	130
38.	En el campo de los fechos (1862)	131
39.	Una hora de amargura (1864)	134
40.	Segunda cantarela de Nadal (1864)	137
41.	Al fecundo numen poético de D. C. Sevillano (1864)	139
42.	La oración de la aurora (1864)	141
43.	El aseo (1864)	144
44.	La castidad (1864)	145
45.	Al Excmo. Sr. D. José María Abella (1864)	146
46.	Poesías de la Coruña al ferrocarril (1864)	148
47.	El vapor (1864)	149
48.	A Galicia (1864)	150
49.	Eterna gratitud a Saavedra (1864)	152
50.	¡Ouh ilustre Saavedra! (1864)	156
51.	Las delicias del río Mero (1864)	158
52.	A solas	161
53.	Reisiñol	162
54.	Os ais d'un scravo	163
55.	El amigo del labrador (1868)	165
56.	Es de noche: las estrellas... ..	168
57.	Abride as ventanas	170
58.	¡Ven ti, santa esperanza! (1868)	172
59.	El vapor	173
60.	Villancico (1870)	174
61.	El grito de las tumbas (1872)	176
62.	Abonda de dormir, ña nai Galicia	178
63.	¿En qué pensas, alma miña?	179
64.	Brille la ciencia (1873)	180
65.	Loor y gratitud (1873)	181
66.	Ó meu amigo o Dereutor do diario "O Telegrama" (1875)	183
67.	Ó meu estimado amigo ... Sala y Barba. Carta primeira (1875)	185
68.	Ó meu amigo ... Sala y Barba. Carta segunda (1875)	188
69.	O orfo (1875). Traducción do castellano	191

70.	Margaridiña baixo o castaño d'amor (1875)	194
71.	¡Adios! Carta de Sidre a Margarida (1875)	197
72.	¡Ó Nòrte! (1875)	201
73.	A muiñeira da paz (1875)	203
74.	Ó pe do lar (1875)	205
75.	O embarque de Pepiño (1875)	207
76.	O cruceiro do lugar (1875)	208
77.	A torre de Figueroa (1875)	211
78.	A escena pasa na cámara da Torre de Sarandóns	219
79.	A caída das follas (1875)	223
80.	O inverno (1875)	227
81.	As dozuras do campo (1875)	230
82.	A danza das candeas (1876)	233
83.	Gratidade pra os héroes de Arratsain e Mendigorrotz (1875)	235
84.	N'afogues, Norte	237
85.	Al Sr. D. Ramón Pérez Costales	238
86.	A muiñeira	239
87.	Miña hirmanciña querida	241
88.	Al tío Jarina (1876)	242
89.	Gratitud al amor patrio (1877)	246
90.	Al Sr. D. Eduardo Díaz de Cabria (1877)	250
91.	La salida del sol (1877)	252
92.	¡Será posible! (1877)	253
93.	El presuntuoso	254
94.	¡Venga mi lira! (1877)	255
95.	¡Pobre pastora! (1877)	256
96.	El saber es luz (1877)	257
97.	Epigrama	258
98.	Non fagas mais versos, Xan	259
99.	Hija del cielo	260
100.	¡Despierta, Galicia!	261
101.	Lucha civil (1877)	262
102.	He aquí lo que es el mundo	263
103.	¡Esperad! (1877)	264
104.	¡Protección! (1877)	265
105.	Al correr de diez lustros, complacida	266

106.	La ley ¿es ley? (1877)	267
107.	A la Divina Pastora	268
108.	¿Es libre la verdad? (1877)	269
109.	Impotencia del oro (1878)	270
110.	¡Virilidad! (1878)	271
111.	¿Por qué luchar?	272
112.	La paz, bien supremo (1878)	274
113.	Honor a la ancianidad (1878)	275
114.	¡Dios t'acompañe, ruliño! (1878)	276
115.	Himno a la Exposición local de La Coruña (1878)	278
116.	De la Exposición de La Coruña (1878)	280
117.	La Cruz redentora (1879)	282
118.	Del enemigo el consejo (1879)	283
119.	El sabio (1879)	284
120.	Descóchese. Zanfoneiro do repolo (1879)	285
121.	¡Non axeitas! (1879)	287
122.	¡Malpocado! (1879)	288
123.	¡Paso al comercio enmascarado! (1879)	289
124.	Al comerciante embozado (1879)	291
125.	¿A qué vin eu a Castilla? (1879)	293
126.	A los héroes coruñeses de 1589	295
127.	Desengaño e soedades (1879)	296
128.	Los hijos de Orfeo (1879)	299
129.	Delirio dunha nai (1880)	301
130.	Soño e desvelos (1880)	303
131.	¡Ai, q'afiadas	304
132.	¡Ó grau, ó grau!	305
133.	Copras	306
134.	El columpio. Vals	307
135.	A estrela cruñesa. Alborada (1880)	308
136.	Coitas d'Andruco. Ó noitocere (1881)	310
137.	¡Hastr'o fin! Serenata (1881)	312
138.	¡Ten dor de min! Serenata (1881)	313
139.	O cazador (1881)	315
140.	A fada dos campos (1881)	317
141.	A sega (1881)	319

142.	Pois xa q' o dixo Bras (1881)	321
143.	Préstall'as conchas	322
144.	Pranxideira é a gaita	323
145.	Cando ti soltas da tua gorxiña	324
146.	Lazos d'amore (1881)	325
147.	¡Gallegos, á nosa terra!	327
148.	O manco da patria (1881)	336
149.	¡Ven e non tardes! (1881)	338
150.	Cantiga a Calderón de la Barca (1881)	339
151.	Al insigne dramaturgo Calderón de la Barca (1881)	341
152.	Xogando as musas (1881)	343
153.	A S. M. D. Alfonso XII el Orfeón coruñés (1881)	344
154.	Siñor, ben vido seades (1881)	346
155.	Santiago d'acabalo (1881)	348
156.	Apoteosis de Calderón (1881)	351
157.	A D. Calistro Ballesteros (1881)	354
158.	¡Ven, feiticeira ...! (1881)	357
159.	A cris d'amor. Serenata (1881)	359
160.	A Galicia. Himno (1881)	361
161.	Arreboleira gallega (1881)	364
162.	Luz de luz (1881)	366
163.	As horas do día (1881)	373
164.	¡Vaite con tento! (1881)	374
165.	A serpente atraguedora (1881)	375
166.	A SS. MM. D. Alfonso XII ... (1881)	376
167.	¡Fíate, Xan! (1881)	378
168.	Ás artes (1881)	379
169.	A strela da fartura (1881)	381
170.	Siñor Xues de Penaboi (1881)	383
171.	¡En libertade! A M. H. Benigno (1881)	384
172.	A arte ennobrece (1882)	386
173.	A Virxen do Val. Oración do serán	388
174.	Primeira carta de Christus (1882)	390
175.	Mi Galicia (1882)	393
176.	Brañas e Montes queridos	394
177.	Soidás da vella rufa	395

178.	Por un caravel da onza (1882)	397
179.	Nenas d'aldea cargad'a roca	402
180.	Melpómene (1883)	403
181.	A Matilde Díez Hermida (1882)	404
182.	O problema de Zorrilla (1883)	407
183.	O mar (1882)	408
184.	Contrapaso	411
185.	As sombras de Carnoedo (1883)	413
186.	Unha bágoa por meu hirmán Muruais (1883)	415
187.	Á Cruña. Mimiño (1883)	416
188.	¡Tempo era! Arreboleiras (1883)	417
189.	O sprito d'Aurelio (1884)	419
190.	O zanfonista Manduca (1884)	420
191.	A última queixa (1884)	423
192.	A Santiago Apóstolo (1885)	424
193.	A Galleguiña. Alborada	427
194.	Desaparecemento d'outra estrela (1885)	429
195.	Laídos. A Rosalía Castro (1885)	435
196.	Amor sin brétemas (1885)	438
197.	As bágoas d'aurora	440
198.	Acudí, pelengrinos cristianos	443
199.	Un relume e unha aperta (1885)	445
200.	A invidia (1886)	448
201.	A Doña Luisa Agra	450
202.	Oración dos romeiros da Virxe de Pastoriza (1886)	451
203.	A vendima	452
204.	Ó meu bon amigo D. Vicente Calderón (1887)	453
205.	A los ilustres individuos (1887)	455
206.	Un bico (1888)	456
207.	Os ais do trovador	457
208.	A Galicia. Cantata. Chamada xeral (1887)	459
209.	Un saúdo mimoso. A Emilia Pardo Bazán (1887)	463
210.	Hastr'o ceo	464
211.	¡Viva Galicia! (1887)	466
212.	As bágoas voantes	467
213.	Rumor d'abril	468

214.	Viva a galiña co a sua pepida (1888)	469
215.	O último adios (1888)	470
216.	O ciclón (1888)	472
217.	Dous corazós de manteiga (1888)	474
218.	Problema	476
219.	Dar e calar (1888)	477
220.	Apolo e mais Venus (1888)	479
221.	Un de tantos (1888)	480
222.	¡Volt' alí! (1888)	481
223.	Door e gozo	484
224.	Tanto monta e monta tanto (1888)	485
225.	O certo polo dudoso (1888)	487
226.	¡Miña terriña! ¡meu lar!	489
227.	Un oasis de mi vida	490
228.	En el crucero de Almeiras	491
229.	¡Ai, qué lástema de burra! (1888)	494
230.	Xa corren nosos cantares (1888)	495
231.	¿Vos qué facés, subdlegados? (1888)	496
232.	En honor de "El Eco" (1888)	498
233.	Ó benemérito Orfeón cruñés nº 4 (1889)	500
234.	Os ártabros. Escena orfeónica (1889)	501
235.	Postas do sol (1889)	505
236.	Al pie de estas riberas nacaradas	508
237.	Ós orfaneiros gallegos (1889)	509
238.	Hasta el fin (1890)	510
239.	Na elevación da Hostia	511
240.	O noso norte (1891)	512
241.	¡Muitas gracias!	514
242.	Grandes novas hai, pastores	515
243.	La muerte de los inocentes	517
244.	¡Ó lobo, ó lobo! (1890)	519
245.	Ou do ben e do amor fillo sperado (1890)	521
246.	O linguaxe está fixado	527
247.	¿E vos sabedes ler, larafuceiros?	528
248.	Non escribadel a Historia	529
249.	Xa pasou a sazón do mangoneo	530

250.	Vento d'oeste	531
251.	Non se compón Galicia	532
252.	Tamén ti, "Imparcial"	533
253.	Homes d'esta Erín magoada	534
254.	¡Buen censor!	535
255.	N'hai bos alcaldes na Cruña	536
256.	¡Ai caciques galiciáns ...!	537
257.	Nazareno ... Xesucristo	538
258.	Ferrolanos, fora imbrolosos	539
259.	Á Cruña. Cantata vocal e instrumental	540
260.	¡España foi vendida!	542
261.	Nosa bandeira galana	543
262.	Galicia confía	544
263.	Consello fora de tempo. Imitación do alemán	545
264.	¿Sí ou non?	546
265.	La caridad. Coro orfeónico	547
266.	É na postiña do sole	548
267.	La virtud y la envidia	549
268.	A humildade	550
269.	Calis d'olor, fror galana	551
270.	Cando o portalón do seclo	552
271.	Caridade. Fontelleira	553
272.	Miña fonte abrigadiña	555
273.	Dios diante, nosa terriña	556
274.	Un consejo sincero y a tiempo	558
275.	¡Ai, ai, ai, qué alborada tan garrida!	561
276.	Erguevos, amantiñas	562
277.	Á bélica gallega. Canto da patria	563
278.	Trasnadas d'aldea	565
279.	El alba de la vida y el día	567
280.	¡Feitos, feitos!	568
281.	¿Por qué así vai, poeta? (1897)	569
	Apéndice	573
	Siglas	617

LIMIAR

Editar hoxe un poeta esquecido é descubri-lo de novo e recuperar para as novas xeracións os degarros dos nosos antergos verbo da imaxe de Galicia. Hai pouco mais dun século e medio esta imaxe identificábase unicamente coa dun país primitivo. Tal contexto de pura indixencia cultural e literaria foi o que veu xurdir os escritos de Francisco de la Iglesia (1827-1897)¹, un daqueles ánimos sensibles do seu tempo que non acougaban coa aceptación xeral de semellante estereotipo. Tan axiña como as circunstancias políticas o permitiron, a publicística espallou ideas e gustos daqueles mozos imberbes que refugando prexuízos inzaron o primeiro Rexurdimento: un movemento descontinuo, con altos e baixos, que, adaptando os seus contidos ao ritmo do acontecer histórico, non foi soamente literatura senón tamén espírito cívico, *élan* moral e fondo compromiso social para afoutar os esmorecidos eidos galicianos. Por mor deses pioneiros Galicia pasou de non ter consideración nin letras a abrochar nunha brandida colleita de escritores –intérpretes e transmisores da nova sensibilidade– que no perdoaban ocasión de afirmar a imaxe cultural da súa terra. Saíndo así do deserto cultural da primeira metade do século XIX, os novos protagonistas, con toda a fogaxe da mocidade, crearon unha cultura do presente, e a súa fiúza na misión do poeta –da mellor estirpe romántica– botou fonda raigaña subliñando as sucesivas etapas daquel descubrimento da terra. A máis senlleira delas foi a empresa de salvación da fala común e, xunto con ela, a creación dunha linguaxe literaria. Nun intre sen precedentes como aquel, cando o ditame dos dicionarios ou das academias aínda non existía, a fe de vida dunha lingua caudal pero descoñecida do mundo da cultura foi rexistrada polos poetas nas súas expresións máis enxebres. Moitos foron os que dun xeito ou doutro recolleron formas expresivas e modismos sen excluír ningún, nin sequera aqueles que marrasen de executoria ilustre –*mutatis mutandis* ¿non fixera o mesmo Cervantes?– e ese método –o de máis fiúza para todo precursor– foi tamén o que seguiu Francisco na súa obra poética.

O fondo sentido de responsabilidade cívica dos homes cultos descobre nese intre a poesía como instrumento para espertar os ánimos esmorecidos, e fai dos versos instrumento predilecto de comunicación acochándoos na prensa, onde ferven incitamentos apaixonados para a estimanza do país. Dalgúns destes pioneiros coñécese hoxe pouco máis que os nomes, e a explicación atópase na perda dos xornais, almanaques, folletóns e revistas ocasionais onde escribían. E precisamente neste campo foi determinante o rol de Francisco, que xa no 1859 dirixía o “Diario

¹ Cfr. M. R. SAURIN DE LA IGLESIA, *Antonio, Francisco y Benigno de la Iglesia. Una biografía intelectual*, CSIC, Santiago, 2000.

de La Coruña” e que, dun xeito ou doutro, seguiu a participar decote na prensa daquel tempo dilatando a súa vocación pedagóxica ao máximo, contribuíndo a deliñar as iconas da patria e, xunto con elas, a fixar un gusto e un estilo. Para limitármonos aquí aos efectos desa interacción público-escritor, a tendencia a identificar versos con poesía facía que os diarios tivesen unha sección poética constante: lírica, costumismo, crítica satírica gorentaban así un lector afeito a modelos familiares a todos, é dicir, os asimilados pola clase media nos anos de formación. Exemplos que axudan a reconstruír eses escenarios, resposta e xuntamente incitación a aquela demanda, témolos no *Calendario de Galicia* e no *Almanaque de la juventud elegante y de buen tono*, de Soto Freire, no *Album Literario* (pode verse, moi estragado, sen data nin indicación da procedencia na RAG F 7909), ou, xa nos anos 70, no suplemento literario do “Anunciador”. Nese ámbito inscríbese a obra poética de Francisco, de grande ambición e amplitude que, ademais de acadarlle ao autor non pouca sona en vida, contribuíu a construír unha imaxe de Galicia capaz de atraer os lectores, contaxiándoos da fe nela. Con facilidade e facundia innatas, con gran vigor imaxinativo, escribindo decote e indiferentemente nas dúas linguas que posuía, deu boa proba da capacidade expresiva e da dignidade estética daquela que o vulgo consideraba inferior. E por certo – sinal curioso da feble conciencia da cultura local –, o seu poetizar decote en galego foi criticado por algún ánimo vulgar como perda de prestixio nun bo poeta².

A teima de asemellarse a outros creadores populares xenericamente famosos –o *santeiro de Chave*, o *Seor Pedro* dos romances de cego de 1855–, levou estes primeiros cantores do pobo a desafiar a noción de orixinalidade para preferir identificarse con signos culturais de todos coñecidos, glosando e repetindo modos e formas tradicionais e variándoos ao infinito. Se Pintos chega á fama como *O gaitero* outros compañeiros seus escollen tamén o mesmo enfoque *d'en bas* para achegarse ao mundo subalterno de expresión galega: así Ricardo Puente y Brañas foi o *gaitero da Cruña* mentres Francisco e mailo irmán Antonio empersoaron o *Vello do Pico Sagro*, anónimo “cantor do pobo” que exaltaba a participación dos galegos na guerra de África³: o romance educativo que propuxeran os ilustrados, tan ben representado por Pardo de Andrade, rexurdía así consagrando o recordo sacro de feitos heroicos. A creatividade do poeta abrangue tamén outros campos da cultura oral, reelabora o xeito de producirse do pobo sen deixar de estudalo– no seo da *Sociedad del Folklore*– como antropólogo *avant la lettre*⁴. Intres tan vizosos de concienciación colectiva como o ritual do Maio e do Antroido, San Xoán e Nadal, o calendario rural,

² V. no Apéndice nº 93 o comentario de “El Telegrama. Diario de La Coruña”, 24.XI.1877.

³ Obra conxunta dos dous irmáns – estreitos colaboradores noutras empresas literarias de gran sona, como “Galicia. Revista Universal de este Reino” –, a imposibilidade de establecer a parte de cada un na autoría levoume a publicar todo o romance no volume das *Poesías* de Antonio, Real Academia Galega, A Coruña, 2004, pp. 106-146.

⁴ “Ya se ha publicado el importante *Cuestionario del Folklore Gallego*, cuya redacción se encomendó a una comisión especial compuesta por los Sres. D. Cándido Salinas, D. Antonio de la Iglesia y D. Francisco de la Iglesia, siendo aprobado su muy completo trabajo en sesión de 2 de octubre de 1884 por la Junta directiva”; en “Boletín Folklórico Español”, I, nº 2, 31.I.1885, p. 16; o quincenal, dirixido por Alejandro Guichot y Sierra, imprentábase en Sevilla.

as peregrinacións marianas, vodas, pasamentos, sucesos políticos, festas do patrón, etc, son transfigurados pola súa ollada poética que xungue no molde culto o feitizo da inspiración popular.

O poeta, concretada axiña a vocación lírica e sentimental, xamais refugou a débeda coa gran tradición do Romanticismo, termando de proxectos líricos con métrica e carácter nados con Espronceda e Zorrilla. Isto explica o acusado carácter descritivo de moitas composicións narrativas inspiradas nos fastos da terra. Un bo manifesto estético dos primeiros tempos, no que a lembranza dos seus inspiradores é explícita, témolo no poema dedicado *A Ponte y Brañas* onde o recordo do pasado, zumegante de progresismo liberal, non é morriña del senón máis ben azo vivificador do presente. Máis adiante, a súa reflexión poética preséntase tinguida de reflexos naturalistas. O poeta mantivo ao longo da vida enteira grande respecto pola métrica da lírica clásica: gusta do soneto e das oitavas, fai versos de pé quebrado, imita a Jorge Manrique, xoga cos cambios de ritmo, permítese algunha innovación formal e frecuente a epístola, en galego ou en castelán.

A súa narración poética de feitos e a transposición dos sentimentos do mundo xoto e resignado dos labregos, tan alleo aos lectores, sigue o vieiro egregiamente representado na poesía hispánica de Ferrán a Rosalía, e incorpora o torgo popular no filón sentimental, “xermánico”, divulgado polo “Museo Universal” e o “Semanario Popular”. Nesas canles de raigaña culta trae a primeiro plano horizontes e escenas da vida rural nunha xeira de composicións onde a guerra creba idilios e desfai familias: a imitación popular queda aí só como lembranza ou vezo para elevar á categoría da arte traxedias cotiáns e traumas verídicos que arrepiaban a sociedade enteira.

Noutros casos non marran incitacións que fan da paisaxe pretexto para a reflexión moral, como nas *Arreboleiras*, termo forxado polo mesmo tempo das *Gandreiras* pondalianas; pero se os vapores da parameira solitaria argallaban no de Ponteceso fantasmagorías célticas e soños de poder e violencia, as roibas tecen para Francisco contrapuntos de esperanza. O aloumiño da natureza –“oasis de mi vida”, di el–, a súa morna ledicia, translócese ben nas *Fontelleiras*, versión contemporánea do *locus amoenus*, niño dos amores do que abrolla a linfa vital.

Ao longo da súa vida o poeta non deixou rexistro por practicar: á primaria e indubidable vocación lírica engadíronse axiña outras facetas, da dramática á epigramática sen esquecer a improvisación, tan prezada no seu tempo. Cantou o humilde e o transcendental, o cívico e o festivo; a súa forte *vis polemica* serviuse do feitizo da rima en chave cómica para cantar o ferrete da sátira. E nesas ocasións, lonxe da friaxe correcta do filólogo, atega fórmulas populares, inxurias e imaxes da linguaxe rústica máis enxebre. Pero é mágoa que a perda da maior parte dos xornais que acollían esa rexuba intelectual non faga doado reconstruír o aceso debate do que xurdía. Polo demais, o ton menor convive sempre coa vea reflexiva e co intimismo de autoreferencia emocional, un e outro arraigados nas supervivencias clásicas e neoclásicas e postos ao servizo da moda de inspiración filosófica; convive tamén coa exaltación retórica patriótica e coa habilidade técnica para a sínteses epigramática, tan conxenal ao espírito galego. Neste último caso chama a atención o prosaísmo, que é sempre intencionado e inseparable do elemento anecdótico

paisano. Noutros momentos o prosaísmo explicábase ben con aquilo que Lamartine definía “a seducción sonora do pensamento versificado”. Nos derradeiros anos, acorado pola desventura– morte das fillas, emigración dos fillos –, o poeta acentuou a exploración do íntimo seu, nunha espida reflexión existencial na que predomina o pensamento conceptual sobre a imaxe: intres de meditación relixiosa e introspección ontolóxica que completan os perfís do seu podente ritmo vital.

Cómpre subliñar a gran flexibilidade do dobre rexistro, culto e popular, que practicaba tanto en galego como en castelán: nun mundo que apreciaba a sonoridade retórica levada ao cumio polos poetas de máis sona, o rexistro alto servíulle para solemnizar ocasións senlleiras de afirmación nacional, a consecución do ferrocarril, o centenario de Calderón, a visita dos reis á Coruña. Se a mera corrección formal distingue as composicións en castelán, en troques, as escritas en galego erguen á mais alta expresividade o celme da lingua herdado dos antergos composteláns, e foron recibidas na cosmopolita Coruña como unha preciosa raridade. Sen dúbida todas elas farán reloucar non só ao filólogo en procura de tesouros lexicais senón tamén aos moitos que non axeitan coa caricatura da fala espallada polos podentes medios de comunicación actuais.

O lector de hoxe, afeito aos valores do noso tempo, cando se achega á poesía do pasado é adoito refugar todo o que non sexa pureza lírica e, polo tanto, certos rexistros consagrados polo século XIX: un deles, que Francisco practicou con éxito, foi o humorístico, moda ben explotada en castelán desde os anos Corenta polos escritores máis famosos, Martínez Villergas entre eles. *Poñerse o mundo por monteira* foi o programa que garantiu longa vida á influente revista fundada por Clarín “Madrid cómico” (1883-1897), e tivo unha versión local parella na “Galicia humorística” de Enrique Labarta (1881). Francisco non desbotou a invitación do editor a colaborar naquel programa literario trouleiro e intranscendente, con tal de que os axóuxeres fixeran xuntamente *rir e meditar*, e axudaran a enxertar á terra na carreira do tempo, porque *o mundo voa, corre, non se para* mentres Galicia, sen folgos, nin rebule. *Erguel a patrea* é sempre e decote o propósito do poeta, angueira estética e cívica con que afastar o estereotipo costumista do pailán coitado que tanto facía rir daquela. A colaboración con “Galicia humorística” foi ocasión para desenvolver narracións versificadas con realismo costumista e chascarrillos envoltos naquela retranqueira aldeá que, segundo Valera, non é a fin de contas máis que un xeito de escepticismo.

Outro aspecto tan sentido do mundo da risa como a celebración do ritual carnavalesco, de gran raigaña local, viuño tamén participar activamente. Sociedades de lecer coruñesas como o Circo de Artesanos e o Liceo Brigantino souberan recoller e manter vizosa a herdanza popular do Antroido substituíndo o intérprete popular da tradición co poeta culto. Para elas argallou Francisco guións escritos conservando como elemento típico da representación do mundo ó revés un Momo que fala en castelán ou en galego, segundo os casos, e que, xulgado no derradeiro acto, confesa os seus delitos, fai testamento e mandas para acabar executado na lumeirada ou degolado e soterrado con todos os honores.

A carón da lírica, o poeta andivera sempre a roldar arredor da poesía dramática. Esa vocación cristalizou na *Fonte do xuramento*, o primeiro drama escrito

en galego seguindo as convencións do gusto culto e repenicado do momento. Pero todo un feixe de cadros dialogados e escenas en verso de diferente estilo precederon e acompañaron esa obra, madura e definitiva, aínda que ningún deles callara nas táboas, quizais pola dificultade da representación. Recóllense agora nesta escolma varios deses diálogos e monólogos dramáticos que, baixo a aparencia de escenas de costumes actuais –como é, entre outros, o caso da emigración–, teñen caracteres de universalidade: vémolos, por exemplo, no eterno tema da inocencia a punto de ser burlada que nas *Virtudes d'un señor* –co disface e a substitución entre irmán e irmá– ofrece curiosas reminiscencias tanto do *Doppelgänger* romántico como dos *Menaechmi*.

Esa mesma mestura de localismo e universalidade pódese enxergar noutras obras que por xurdir de determinadas circunstancias son fontes excepcionais dun acontecer case sempre esquecido. A vea celebrativa e pedagóxica, por exemplo, malia da aparencia convencional, non pode deixar indiferente o historiador da cultura dun tempo mal coñecido pois ten gran valor para reconstruír o seu contexto. O poeta, que participaba en primeira persoa no proxecto máis cobizoso da historia contemporánea española –a educación para todos inzada polos primeiros gobernos liberais–, non aforrou esforzos para darlle a Galicia o creto que lle correspondía no conxunto das Españas. Para os seus escolares creou todo un repertorio de cantos e oracións, recordadas aínda no seo da familia. E como as conquistas da modernidade nas que cría –progreso material, traballo, utilidade nacional– non chegarían a ser realidade sen o apoio de homes ilustrados, de aquí a gabanza de todos aqueles que axudaran a elevar o grao da cultura, xa foran institucións oficiais ou particulares, damas *engagées*, políticos ou intelectuais. Transcéndense así os motivos ocasionais dos que xorden moitas poesías para alumear un amplo espírito cívico sempre na procura da participación colectiva. A mesma vocación pedagóxica inspira outras que ilustran valores como a modestia e o pudor nos nenos, sinónimos daquela beleza moral que é calidade excelsa da arte. Fóra do terreo estritamente profesional, o mesmo azo do progreso material e moral levouno a practicar outro xeito di insino característico do seu tempo estimulando estados de ánimo que adunaran á sociedade enteira. Ben se prestaba a ese obxecto o dinamismo da Coruña, guieiro e modelo para toda Galicia, nai de artífices capaces de dar forma plástica con espectáculos solemnes, monumentos e festas, a un culto laico encamiñado a espertar a conciencia cívica do país: non outra cousa foi o interese por María Pita⁵. Francisco foi un dos máis activos neste erguer mitos e valores que, como na Grecia clásica, inzasen a grandeza e dignidade de patria. Acudiu para facelo a reelaborar gabanzas da terra e

⁵ A proposta dunha estatua a María Pita no centro da cidade, as festas e exposicións ligadas ao seu nome son símbolo expresivo do clima que enxerta a Galicia na corrente europea estudiada por G. L. MOSSE: *The Nationalization of the Masses. Political Symbolism and Mass Movements in Germany from the Napoleonic Wars through the Third Reich*, Howard Fertig, New York, 1974. Con receo captábase dende Santiago a competencia que lle viña facer A Coruña apadriñando o ritual desa nova liturxia laica: cfr. Apéndice nº 88.

ideais deprendidos na mocidade –humanitarismo, solidariedade cos desvalidos, xustiza social– brindándollos decote ao público con toda a forza persuasiva da poesía, co feitizo do teatro e do canto coral. A Galicia engoumada do pasado ía esvaer así diante os mitos salvadores que triunfaban xa alén dos Pirineos.

Verbo da relación do poeta coa música é significativo o testemuño da filla máis nova, quen lembraba como o pai exercitaba arreo as nativas dotes musicais e, igual que os seus irmáns, musicaba na guitarra as propias composicións, xa foran cantarelas de salón, panxoliñas ou representacións de Nadal⁶. Francisco practicou sempre aquel xeito de *Hausmusik* que gorentaba con romanzas e bailables os seráns da clase media. O fondo enfeitizo do universo musical, transparente en toda a súa produción, fai imaxinar influxos do seu mestre Fr. José Francisco Mera, que fora prezado organista ademais de lector en San Lorenzo de Trasoutos⁷. Ao agarimo da tradición musical aldeá naceron muiñeiras, alboradas e serenatas, afección que seguiu a tomar pulo na amizade con músicos profesionais activos na Coruña –Montes, Berea, Baldomir, Chané, Varela Silvari, Brañas, Veiga ...– para dar vida a composicións tan populares como a *Alborada* que chegou á fama musicada por Veiga. Con eses mestres participou no desenvolvemento dos coros locais, seguindo o azo da corrente europea que dende Hamburgo, e sostida nada menos que por todo un Brahms, chegaba ata Cataluña, cargada de fondo significado social. A versión coruñesa do movemento coral perdeu os vencellos co asociacionismo obreiro que tiña en Cataluña para facerse patrimonio dos centros recreativos da clase media, como o Liceo Brigantino e o Circo de Artesanos. No campo da música culta Francisco foi apaixonado admirador da ópera, italiana e wagneriana, tal como a encarnaban as divas do *bel canto* –Pirola, Romeldi ...– que traían á Coruña os éxitos europeos.

Cómpre subliñar a actitude do poeta verbo da política pois a fiúza que aquel mozo afouto dos anos Cincuenta tivera no seu tempo, considerándoo como un intre de crise propicio aos cambios, esmoreceu axiña. A denuncia do asoballamento da terra por gobernos incapaces, da indefensión dos febles, do caciquismo, deu ás letras galegas cantores excepcionais, mestres no recrear as vivencias dos opresos con fonda emotividade. Francisco foi un dos que traspuxeron as coitas dese mundo subalterno na vivencia poética servíndose dos rexistros do realismo. En moitas composicións, orgánicas unhas, fragmentarias outras, o puro interese estético queda superado pola intención extraliteraria evidente. *Et pour cause*: ao longo da Restauración a carraxe xeral contra a degradación política personificada polo caciquismo fora acubillando un clima de xenreira do que ía xurdir o desbote rexionalista. Que as circunstancias persoais e as limitacións da vida pública tiveran a Francisco afastado da actividade política non lle impediu facer das letras ocasión de participación nada subalterna, sen dúbida moito máis que puro xogo estético.

⁶ Eladía de la Iglesia a Fr. Gumersindo Placer, La Coruña, 16.IX.1933, borrador en A. S. de la I.

⁷ Cfr. Fr. G. PLACER, *Francisco María de la Iglesia, maestro y poeta gallego. Siglo XIX*, en “Misión”, Suplemento nº 217, 1.XII.1938, p. 9.

Sabedor do rol crecente dos comportamentos colectivos, non marrou de aplicar as súas capacidades a iniciativas de agregación popular: o primeiro elo foi a alfabetización xeral, e con el enguedelláronse varios intentos de crear costumes de identificación popular servíndose de símbolos: os da tradición relixiosa unhas veces –Santiago, as peregrinacións aos santuarios marianos–, os do heroísmo cívico outras –María Pita, os Literarios, os anónimos quintiños da guerra carlista–, ora da campaña de apoio ao ferrocarril, ora da promoción das exposicións coruñesas, do teatro e do orfeonismo, para rematar, xa no ambiente radicalizado dos anos Noventa, inzando expectativas de acción política *tout court* no comité rexionalista coruñés. Vivificar os intereses locais foi teima constante cuxo refrexo literario se ve en moitas composicións desta escolma. Xa co gallo das exposicións evidenciárase nos anos Setenta a importancia de embeber nas clases medias e baixas os valores burgueses como único xeito de instaurar un novo estilo político que xunguira as vontades todas en pro de Galicia. Pero a impotencia da terra asoballada polos caciques –autóctonos ou forasteiros– leva en cabo ao poeta a invocar un metafórico vento do oeste que mundase a podre da política⁸. Chegada esa hora, abríase xa a porta aos mitos compensatorios: un dos mais vizosos foi o descubrimento afectivo do celtismo, derradeira fase dun longo proceso de achegamento á arqueoloxía que invadiu as letras todas ata facerse símbolo e preludio do 98. Fóra dese escenario non se explicaría a peza orfeónica *Os ártabros*, que daba forma ideal de protesta á fereza céltica. Escenificacións musicadas como esta facían rexurdir para o gran público antigas virtudes patrias, personaxes e situacións imaxinarias da prehistoria local en loita contra a tiranía de Roma, espertando novas emocións co feitizo do teatro nunha tradición inventada. Expandíanse así, por outros vieiros, coñecementos e sentimentos paralelos aos que, con pretensións científicas, andaban a enxergar Murguía e Saralegui. Cánto chegaría a arraigar na sociedade esa estratexia do espectáculo patriótico –ben garantida dende a Revolución francesa– é cousa pouco doada de comprobar no estado actual da investigación, pero estes escritos quedan aí como chave de interpretación dunha época. Que o mito chegara a ser para a xeración mais nova instrumento irreverente de loita non quita para que o mesurado pedagogo o adoptara. A diferenza máis grande entre os novos intelectuais e o poeta é que el non só non cuestionou xamais a solidariedade nacional senón que xulgou sempre Galicia e a súa lingua como pezas insubstituíbles no acervo cultural da común nai hispánica.

Se o poeta non chegou a ver a desfeita do 98, tanto as vivencias súas persoais como as colectivas daquela Galicia que tan de preto participaba nas vicisitudes da emancipación cubana tiveron que lle ser reveladoras. Sen dúbida non se lle ocultaba

⁸ Hase interpretar ese vento purificador ao lume do fervor lusitanista espertado en 1890 pola crise do Ultimatum, percorrida pola reviviscencia republicana, que ceibou solidaridades de xa antiga data (como fora a da “Galicia. Revista Universal de este Reino”). Sobre a solidarizade de Pardo Bazán [!] e Curros v. P. VÁZQUEZ CUESTA, *Un “noventa y ocho portugués”: el Ultimatum de 1890 y su repercusión en España*, en *El siglo XIX en España: doce estudios*, coord. J. M. Jover Zamora, Planeta, Barcelona, 1974, pp. 465-570.

o *pendant* que poderían ter en Galicia os prolegómenos ultramarinos. Sen acochar soidades do pasado, o home que agarimaba unha visión do futuro inspirada na liberdade e no progreso non arredou diante da acción política e, por iso, no clima de desacougo e esperanza dos anos Noventa, aceptou o risco de dirixir o grupo rexionalista coruñés. Pero ¿chega a indignación moral dun home de ben diante a inxustiza institucionalizada para facer dun poeta un político? ... En cabo, a morte tronzou o seu degaro e os febles froitos do rexionalismo coruñés recolleríaos a xeración máis nova.

Explicar por que se produciu a desaparición póstuma de Francisco da escena literaria e a marxinación dos seus escritos supón considerar, ademais da estimación artística, suxeita á moda, outros factores non só precisamente estéticos. É verdade que a primeira causa do esquecemento foi non ter recollida en libro a abundante produción aparecida na prensa diaria: evidénciao así a recensión da poesía galega de Saralegui, baseada nos libros e non nas publicacións esporádicas dos autores que trata⁹. Aínda máis, despois do seu pasamento a nova xeración destituíu da importancia que tivera en vida a súa imaxe pública, representativa da situación histórica pasada: o especial culto da patria que Francisco compartira cos seus contemporáneos mediado o século XIX, o seu subliñar a orixinalidade galega xunguida sempre á pertenza ás Españas resultaba xa *demodé* e mesmo indixesto para os novos intelectuais que estaban a tomar o relevo na dirección cultural da terra. Por outra banda, a forte conciencia crítica daquel home que o mesmo arremetía contra as contradicións do goberno que contra os seus compañeiros de loita literaria, os seus xuízos inmisericordes verbo dalgúns dos que máis bulían, fixérono incómodo. O silencio, que é o xeito máis eficaz de esquecemento, abaténdose sobre a súa figura permitiu que luciran mellor as novas estrelas. E así, a historia da literatura galega de Carré, libro canónico por moito tempo, non aforrou eloxios aos escritores contemporáneos calquera que fora ó seu relevo pero despachaba en troques nunha liña a Antonio e Francisco de la Iglesia, protagonistas indiscutibles de medio século de cultura do país, xa que, segundo el, os seus “variados trabajos [...] mejor dirigidos hubieran sido más provechosos para Galicia”¹⁰. Non obstante, non foi cousa insignificante inzar, ao longo da vida enteira, sen desalentar, o movemento que inseriu Galicia na evolución cultural da modernidade, con entrega total e entusiasmo, a través dunha obra literaria baseada no valor do enxebrismo e no respecto dos falantes dunha lingua desprezada: esa foi a teima ben dirixida daqueles dous educadores formados nos modernísimos criterios da Escola Normal Central, que souberon facer da profesión pedagóxica un auténtico sacerdocio en beneficio de

⁹ Cfr. L. de SARALEGUI, *Galicia y sus poetas*, R. Pita, Ferrol, 1886. O mesmo límite ten J. M. de COSSÍO no rexistrar poetas galegos que escribiron en castelán: v. *Cincuenta años de poesía española (1850-1900)*, Espasa-Calpe, Madrid, 1960.

¹⁰ *La literatura gallega en el siglo XIX*, Librería Regional de Carré, Coruña, 1903, pp. 31-32.

Galicia¹¹. Froitos maduros del foron o xornalismo como educación permanente da sociedade, a valorización do papel da dona, a denuncia da indefensión dos desvalidos, a condena da guerra civil, a campaña polo ferrocarril salvador, a exploración do folklora como expresión enxebre do pobo, a alfabetización de adultos baixo o patrocinio do Reitorado santiagués e da Condessa de Mina ..., motivos de fondo todos eles da súa inspiración poética. Interpretar a creación artística ao lume da realidade social na que xurdiu explica moitas cousas: este criterio fai entender como a longa presenza de Francisco e mailo irmán Antonio na vida galega do XIX axudou a callar o culto da patria que o pleno rexionalismo exaltaría ao máximo, aínda que fora reducíndoa xa a *pequena* para exacerbar en troques a idolatría da diferenza e riscando episodios e ideais devanceiros. Nese contexto, doado para terxiversar, Carré puido considerar o labor dos dous irmáns en termos de éxito ou fracaso para os seus propios ideais ... que non eran os mesmos de Francisco e Antonio de la Iglesia. E así se escribiu a Historia polos que superaron a resaca do 98¹².

Se a agre estación que se abría no Novecentos coutou a valoración deste escritor, hoxe, aos oitenta anos da conmemoración feita pola Real Academia Galega no centenario do nacemento¹³, a nova temperie cultural permite un novo achegamento a esta poesía, típica da situación histórica do Oitocentos europeo que concibira as letras como expresión dos valores morais e cívicos dun pobo. Moito máis que un nome entre dúas datas, velaquí un poeta que tentou conectar a súa terra coas correntes máis vitais da cultura europea, revelando a vivacidade daquel recuncho esquecido que era Galicia.

Crterios da edición

Recóllese por primeira vez nesta edición unha boa parte da obra poética de Francisco de la Iglesia, tanto inédita como publicada en vida do autor. Moitos dos inéditos aquí recollidos atópanse no Fondo Irmáns De la Iglesia, propiedade da Real Academia Galega, outros no Arquivo Saurin de la Iglesia. Entre eles abundan fragmentos dos derradeiros anos do poeta que, alén do seu valor literario, reflicten coidos colectivos determinantes nun intre incerto para toda España. Parte dos

11 O xeral descoñecemento desa primeira experiencia de modernización educativa das Españas tende a concentrar na Institución Libre de Enseñanza propósitos e ideas xa aclimatados cincuenta anos atrás. Sobre a súa aplicación en Galicia cfr., *A. F. y B.*..., cit., pp. 39-40 e 65-69.

12 Nada novo se coidamos que xa para Droysen, parlamentario do 48 xermánico, os grandes eventos daquel ano en Frankfurt ían quedar esquecidos porque "o fracaso do que se intentou alí reduciu a cero o valor dos senlleiros episodios e a ninguén dos que participaron neles lle interesa poñer por escrito os detalles": J. G. DROYSEN, *Grundriss der Historik*, M. Niemeyer, Halle a. d. Sale, 1925, p. 94.

13 Cfr. *El centenario de Don Francisco de la Iglesia*, en "La Voz de Galicia", 16.II.1927.

impresos procede das revistas e xornais nos que colaborou, conservados na colección facticia doada en 1927 polo fillo do poeta Alfredo de la Iglesia Santos ó P. Gumersindo Placer, que daquela preparaba unha escolma de composicións de Francisco. Saíu esta co título *D'o mar e d'a terra. Poesías gallegas de D. Francisco María de la Iglesia* (no interior: *Poesías inéditas e recollidas pol-o Padre Mercedario Fr. Gumersindo Placer López. Mosteiro de Poyo*), Editorial Mercedaria, Madrid, 1930; e no ano 1994 reimprimiuse en facsímile pola Xunta de Galicia con introdución de Luis Alonso Girgade, Carlos Domínguez Alberte, Begoña Eguizábal Gándara e Amelia Rodríguez Esteves. Era ésta a primeira divulgación nos nosos días do poeta esquecido.

Os papeis recompilados por Placer atópanse na biblioteca do mosteiro de Poio e forman un libriño encadernado modernamente co letreiro *Interesantes manuscritos y folletos gallegos. P. G. Placer 1950*. Contén poesías publicadas, recortadas e encoladas case sempre sen indicación do xornal no que apareceran (pero ás veces adivíñase a contraluz “El Anunciador. Diario de la Coruña”, sección de *Variedades*) nin máis data que a imprentada ao pé, ou engadida de man do poeta. Pódense considerar como poesías dispersas, pero xa que o poeta as recompilou sería porque as tiña en algo. A dificultade para o editor actual é decidir cales seleccionaría o seu autor co gallo dunha edición definitiva. Dos milleiros de composicións que Placer afirmaba ter “en espera de ocasión propicia para hacerlas del dominio público”¹⁴ só unha parte mínima foi publicada por el. Como os meus intentos de acadar as restantes non deron resultado, coido que se perderían por seren folliñas soltas, anacos de sobres e papeliños dos que era adoito servirse o poeta, sobrevivindo quizais os que polo seu formato se prestaban mellor a quedar encadernados en volumen. Aínda así, eses restos son numerosos. E, se ben o número non engada moito ao creto dun autor, convén rexistrar eses versos, non sempre excelsos pero que dan o torgo do que gorentaba un público ás veces moi alleo ao noso modo actual de sentir. Polo demais, o criterio da excelsitude do artista é empobrecedor cando se trata de valorar a cultura dun país, nada sempre do *humus* criador amasado por grandes e pequenos e do que, cando é hora, agroman as grandes figuras. Velaquí o porqué desta colleita, legame do tempo que foi.

A transcripción presenta problemas xa que o poeta xamais enunciou teoría algunha ortográfica do galego como, en troques, fixera o seu irmán Antonio. Dos criterios fonético-gráficos que era adoito seguir testemuñan soamente algunha nota ao pé, aquí reproducida, e as notas ortográficas dunha folliña autógrafa conservada na C 103/86; outras veces axudan a comprendelos as súas propias correccións manuscritas nos impresos, que non sempre procuran maior rigor gramatical senón máis ben maior enxebrismo. O escritor serviuse indiferentemente e con moita flexibilidade dunha gran variedade gráfica que non parece propoñerse obxectivos artísticos. Como case todos os seus contemporáneos, practicaba unha ortografía

¹⁴ G. PLACER, *Don Francisco María de la Iglesia (Apuntes para su biografía)*, en BRAG, XXIV, nº 220, 1º.XII.1929, p. 102.

fonética moi libre, sobre todo en galego, alternando nun mesmo texto b-v, x-s, j-g-x, i-y, etc (e para que o lector novizo non se escandalice convén dirixilo ás primeiras edicións de Galdós, nas que se le *silicio* por cilio, *bisco* por bizco, *extremecerse* por estremecerse, *b* por *v* ... etc, etc). Consérvase o seseo cando existe así como a acentuación que, sobre todo nos impresos, ten constantes contradicións e arbitrariedades. Cando o autor indica expresamente o valor fonético das súas preferencias sinálase así no apéndice. Alí mesmo recóllense, cando existen, as correccións manuscritas do autor. Mantense a puntuación orixinal, escasa ou nula nos manuscritos, así como os apóstrofos, signo inequívoco da espontaneidade da *liaison* naquel estadio da lingua. Corríxense os erros de imprenta máis evidentes e en todos os casos trátase de dar a lección que máis se achega á sinalada polo autor.

Polo que se refire á cronoloxía, intento establecer unha orde no tempo a partir de datas límite, como é a de publicación do *Espertador dos cantadores gallegos*. E cando non hai datas seguras, ou cando a de publicación non coincide coa de composición, atrévome a propoñer hipóteses temporais.

Á Real Academia Galega vaia o máis vivo agradecemento pola xenerosidade con que acolleu a proposta de publicar estas composicións, fragmento significativo da nosa historia literaria que contribue ao coñecimento máis puntual do século XIX.

M. R. S. de la I.

Ó ESPERTADOR DOS CANTADORES GALLEGOS

Esperdá rapaces d'ese fondo sono
 Q'a alma engoumada sin forza vos tén,
 Pra que non afogue tamaño abandono
 Ese lume santo q'acesarvos vén.

Dadell'a Galicia mais dias de gloria, 5
 Que gloria os poétas tamen poden dar,
 Amañando a prana mais doce da historia
 Que insine ós non nados galaico cantar.

¡Corred'á pelea, cinguid'a coroa 10
 De mirto e de rosas acarón da sien!
 Gozá do bruido que véldrico soa
 Cando os pobos libres porclaman a alguén.

Temprad'a gaitiña, temprade rapaces,
 Que feitos moi grandes terès que contar,
 E probade á España que sodes capaces 15
 De falar c'as musas da terra ou do mar.

Mostralle a esa xente q'a lingua gallega
 E tenra se canta cántigas d'amor
 Terribel se manda, brandiña s' prega,
 E humild se s'ergue fasta o seu Criador. 20

Tamen, meus amigos, a min se m'inframa
 A alma se penso no noso cantar,
 N'esta fala tenra que rústica chama
 Tan só o quèn'a sabe nin ler, nin falar.

Non tedes mil campos d' verde lisura? 25
 Non tedes cen ríos de manso correr? ...
 N'hai fontes nin fragas, amor nin dozura
 N'os pobos q'un día vos viron nacer? ...

Xa non hai meniñas de ollos d'amora,
 D' crencha dourada, fiteiro mirar, 30
 Faseiras d' rosa, voz namoradora,
 Q' sons da harpa d'ouro vos faga quitar?

Xa n'hai catredales d'arte bizantina
Dond'os reis un día se viñan croar?
Xa n'hai espellante fogueira devina
Do Dios q'os caídos nos veu lovantar? 35

Non hai un valado d'un fero castelo
De quen os meniños poder parolar,
D'aqueles miñatos de forza e coitelo
Q'os probes asaban no chan do soar? 40

Non hai un perceso furado d' trilla
C'un promo pendello d'un roxo cordón,
Q'as dádivas conte q'Enrique en Castilla
Lle fixo ós q'a Pedro fixenon traizon?

Non tedes ¡Dios mío! ... cen mil cobiceiros 45
A quen co'a pruma poder pieitar,
E cen somesugas de infernal peteiro
Que nunca son fartos d'a sangre sugar? ...

Espertá poetas do sono en q'estades 50
E en doces folías rompede a cantar;
Saí picariños, q' lástema dades
A quen mais alento vos quixera dar.

¡Ai Dios! s' se espertasen os tenros Ponte e Brañas,
S'os Vicetos chegasen á gaita a temperar,
Veríades estonces nos pobos d'as Españas 55
As cántigas mais doces gallegas resoar.

Se Alonso (Xan Bautista) xunto con Pastor Díaz,
A pruma en nosa axuda quixesen apreixar ...
Virían os Camiños, Aguirres e Murguías,
Saraleguis e Ilesias c'o Gaiteiro a runfrar. 60

Virían Valladares, Turnes e Samartiños,
Negrins; e outros moitos que non poso nomear,
Q'anq' parez q' teñen aspeito de miniños
Abofellas que saben a gaita frolear.

Pro xa o farán: e estonces teremos foliada: 65
E veremos as nenas moi ledas amañar
Nas croas con q'á groria, pra Galicia ganada,
Van ós mais cantadores lixeiras a premiar.

E cantarásese os Ruas, q' Dios teña na groria:
Os Sarmentos e Fruimes, q'aló estean tamen: 70
Os Padíns e Agúiares, q'escibiron a historia;
Cociñas e Domínguez, Faraldos e outros cen.

Pra q' cando n'a cova un día eles cochados
C'unha saba de grama, ou de cardos estén
Q'os miniños, d'agora de respeto ateigados, 75
Lles vaían botar froles e cántigas tamen.

AS VIRTUDES D'UN SIÑOR

Estaba Mingos cantando A tarde de carta feira E nun prumacho amañando Para poñer na monteira.	
Nesto por xunt'o portelo Da horta dos mirabeles Veu que Rosiña traguía Dous ramos de caraveles	5
Mais bonitos qu'os que traie O Señor Cura no vran Para por nas catro esquinas Das andas de Sn. Xuan.	10
Ó ver Mingos tal guapura Pousou n'un poste a monteira E foi esperar a hirmán A cabeceira da eira.	15
E díxolle dame un Para por no meu prumeiro E Rosa escondeu os ramos E respondeulle non quero.	20
Pro xa ves que non é xeito Que leves tanta froliña Porque ha de decir a xente Que vas feita unha cortiña.	
Eu vaía como quixer A ti non che importa nada O conto e que eu poida ir O baile da Patacada.	25
Pro quen tantos perendengues Pra vestirte che prestou, Porque eu maxino que naide Sin o diñeiro chos dou.	30
Doumos un señor da Cruña Pra que os poña no pelo: Pra que o domingo vestida De máscara vaía a velo.	35
Eche tanto o que me quer, Que me dixo o outro día Que me levaría ó baile Se eu ir a velo quería.	40

Mingos = Si caraste? Sei que te quer enganar
Do xúncaras se o señorito
Coa enxangada das froles
Contigo non quer bailar. 45

R. = Eso non porque eu non sei
Bailar ó uso da vila
E el non baila tampouco
Como na aldea se estila.
¿Pro ti qué pensas Mingucho
De tan bendito suxeto? 50
El dime que sinte moito
Porque non me ten mais preto.

Mingos = ¡Xúroche os paus da cancela
Que non che vin un señor
Que fose mais xeneroso 55
Con filla de labrador!...

Rosa = Pois pra que sepas que é bo
E que por bo debes telo
Mandoume ir catar aló
As cintas par'o mantelo. 60

M. = ¡Xa entendo muller, xa entendo
Que che debe querer moito!
Vaime contando o demais,
Que eu ben calado che escoito. 65

R. = ¡Tamén che me dou confites
Que eran mais doces que o mel!
M. = ¡Cata que deño! canté!
¿E ti que lle deche a él?
Rosa. = ¿E que lle había dar eu?
¡Eu non teño que lle dar!... 70
El ben sabe que meu pai
É caseiro do lugar.

M. = Pro muller ¿quen é o home
Que tanto te aloumiñou,
E que sin mais amisade 75
Tantas cousas che buscou?
¿É probe mozo ou é vello?
É rico viudo ou casado?
¿El conoce a noso pai?...
¿Donde está ese coitado?... 80
Ti vas sola a xunta del?
Dimo todo. Ven acá:
Dime o seu nome se o sabes.
Dime a calle donde está.

R. = É o dono da cortiña 85

M. = Don M ... ¿o que está na tenda?
 R. = Sí que o vin o domingo
 Cando fun pagar a renda.
 E cando lle dei os cartos
 Dixome que n'os quería 90
 Que non lle facían falla,
 Que outro ano llos daría.
 Mais como lle releei
 Pra que entonces mos tomase
 Dixome que coa metade 95
 Unhas cabazas mercase.
 Dixome que se servir
 Na sua casa quería
 Que seis meses de soldada
 Con gusto me adiantaría. 100
 Díxenlle eu que meus pais
 Nunca tal consentirían
 E que anque probes tamén
 Ó seu lado me querían.
 Que eu era custureira 105
 E que n'hai en toda aldea
 Un de todos os veciños
 Que custura non me dea.
 Entonces el respondeume
 Que xa que era custureira 110
 Que el me buscaría a min
 Canto traballar eu queira.
 Que de máscara vestida
 O domingo corredor
 Vaía e que leve unha amiga 115
 Vestida de labrador.
 Eu penso levar Sabela
 Vestida coa roupa tua
 Mentres que ti pola aldea
 Podes andar coa sua. 120
 M. = Pois aconsélloche Rosa
 Coma hirmán e com'amigo
 Que non volvas mais aló
 Se e que eu non vou contigo.
 R. = ¡Pro Míngos, non pode ser!
 Non me é posible comprir 125
 Tan mal co' aquel señor
 Que tanto me quer servir.
 M. = Pois xa que levar Sabela
 Pensas ti de labrador 130

Eu irei en lugar dela
 E salirás mais millor.
 Fíate Rosa de min
 Que aínda eres moi nena
 E verás com'a meus pais
 Lle aforras algunha pena. 135
 Ti non maxinas nas tretas
 Porque eres moi inocente
 Que entre os favores esconde
 Algunha crase de xente. 140
 Se vexo que ese señor
 É honrado coma nos
 Entonces xa vos direi
 O que habes de facer vos.

 Por fin Rosa conviñeu 145
 No que lle dixo o hirmán
 E xa mescrados co outro
 Nesta fuliada están.
 Eu sin que os probes o sepan
 Gardando neles estou: 150
 Xa vos contarei domingo
 Como este conto acabou.

UNHA ALBORAD'EN SAN XUAN

I

Douvos mil gracias
 Nosa Señora
 Por q'est'aurora
 Me deixás ver. 5
 E porq'a auga
 Desta fontíña
 Xa mais crariña
 Faces correr.

Ai! Xa o meu peito
 Froxo respira!... 10
 Xa non sospira
 Co aquel afan
 Que com'a morte
 Me afrixia
 Cando ruxía 15
 O furacan!...

Onde vai, onde
 Aquel nubeiro
 Que lostregueiro
 Eu vin erguer? 20
 Onde'as moxenas
 Q'o ceu racharon
 E o aluzaron
 Foron caer?

Ond'o balbordo 25
 Vai d'aquel trono
 Q'o fondo sono
 Me veu quitar?
 Ond'a sarabia
 Vai q'o tellado 30
 Esmingallado
 Me veu deixar?

Que foi do vento
 Que dos carballos
 Tantos ramallos 35
 Esgalletou
 E encabuxado,
 Dos paxariños
 Todos os niños
 Escagallou? 40

Ai Dios qué triste
 É velo estrago
 Q'en todo agro
 Fixo no pan.
 Aquel remuíño 45
 Q'as cabaceiras
 E q'as maceiras
 Guindou ó chan!

Vedelas leiras
 Esfuracadas 50
 Co'as xurradas
 D'aquel trobón,
 Q'o pan en monllas
 Eslameadas
 Deixou tumbadas 55
 Sin compasión?

Vedelos valos
 Todos caídos?
 Vedes rompídos
 Co vendaval 60
 Os castiñeiros
 Que nunca fruto
 Catar o cruto
 Chegou varal?

Crávanm'alma 65
 Xotas espiñas
 Vend'as cortiñas
 Sin resendor;
 Pro ó vel as frores
 Escoloradas 70
 E esfolerpadas
 Dame mais dor!...

Case m'a alma
 Toda fervía
 Cando sintía 75
 O chau trembar,
 Esas ruliñas
 Na ramacía
 Con agonía
 Tristes piar! 80

Pro xa aquel vento
 Da Virxe ó rogo
 Acougou logo
 Noso Señor,
 Que cando Ela 85
 Por nos lle prega
 Nada lle nega
 O seu amor.

Ai! Moi bo sodes
 Meu Dios da alma! 90
 A vosa palma
 Está en perdoar
 Os que poideras
 Cunha mirada
 Com'a xiada 95
 Facer voar!

Case trembaban
 Os que se rían
 De Ti e dicían
 Abefas mil!... 100
 Case contritos
 Perdón pidían
 Os que finxían
 Folgo xentil!

II

Qué feiticeira 105
 Ven est'aurora
 Consoladora
 Tod'alentar!
 Cas'a raiola
 Do luceiriño 110
 O seranciño
 Ven alegrar!

Xa do' seus cochos Os paxariños Todos mainiños Se ven voar; E nubes d'ouro, D'azul e prata, E d'escalrata O chan pintar.	115 120
Nevada espuma Se ve estendida Na azul pulida Cara do mar, Ond'esta aurora Os respradores Feitizadores Ven reflexar.	 125
Vense nas augas Os pescadiños A gorgullións Reboligar; E as gaivotas Revolotando Xeito catando De os pescar.	 130 135
Todo é contento Todo alegría Desde do día A luz saeu, E desq'a gorxa Dos paxariños Estes soutiños Animar veu.	 140
Ven o solión Coma de festa Mostrand'a testa Dourando xa, Dos alborións A rica froita Que gord'e moita Pendella está.	 145 150

E a un mar de froles
E de diamantes
Moi semellantes 155
Parecen ser,
As dos carballos
Gotas pendentas
Que relacentes
Se ven caer.

Xa sal o gando, 160
Xa fala a xente
Anque da enchente
Medosa está,
E nos regueiros
Ou nas fontañas 165
Augas crariñas
Mainas lle da.

Cantan os melros
E os xilgariños
Entr'os sanguíños 170
Que sombra dan
As inda roxas
Augas do río
Q'ó de cotío
Volvendo van. 175

Na frol dos mirtos
E dos romeiros
Fungan larpeiros
Os abellons,
E o mel que gardan 180
No seo brando
Vanllo zugando
Cos aguillons.

É vos ben certo
Que nesta vida 185
Ven en seguida
Do mal o ben!
Mais logo volve
A dicha toda
Caer so a roda 190
Do mal tamen!...

Pro nada importa:
Que tras das ansias
Outras ganancias
Dios tragnerá.
E anque na vida 195
Nonas topemos
X'as toparemos
Dempois alá!!!

Miña Virxiña
Vos ben'as vistas 200
As bagoas tristes
Q'onte chorei.
E con q'angustia
Aló no leito
Con fraco peito 205
Por vos cramei.

Pois ben: agora
Q'est'alborada
Engalanada
Mirando estou 210
Libre de medo
Da tempestade
Con humildade
Gracias vos dou.

20 de 8bre. de 1856

A MILLOR DAS MELICIÑAS PARA PODER FELIZ SER

¡Branca azucena segada
 Po' la gadaña da morte!
 Erte de ese sono forte
 Que te veu muchar así,
 E mira as gordas bagullas 5
 Que nos queiman a faceira! ...
 ¡Por qué do mund'á carreira
 Te vas, Armindiña, di! ...

¿Non te fartaba o cariño
 Destes país que t'adoraban? 10
 ¡Ai! o amor con que t'amaban
 Non era aquel puro amor
 Que foches catar n'aurora
 Entr'o resendor das froles,
 E o trinar dos reisiñoles 15
 Ós pes de Noso-Siñor.

Quen ¡ai Dios! o maxinara
 Que tí miña mansa pomba
 Estricadiña na tomba
 Tan cedo habías d'estar, 20
 Cand'á rosiña bermella
 Q'empez'a abrir semellabas
 E forz'ó meu peito dabas
 Pr'as ansias sobrelevar.

Musg'os teus diamantes ollos 25
 Miña prenda, cal soías
 Cand'a manciña metías
 No seio da tua nai
 Mentras q'o cabelo d'ouro
 Q'a testiña che crubía 30
 Ela en crencha che poñía
 Par' alegrar a teu pai.

¡Ai que xordiña te mostras
 Ó dor q'o xuicio me leva,
 E m'arriga freb'a freba 35
 As cordas do corazón!

Miña xoíña da alma
Non sabes a gran ferida
Que m'abrich'e ó voar da vida
Cal súpita celación! ... 40

Se dimpois que che dei nome
Noso-Siñor te levara,
Non tant'o dor se fincara
Q'así me fai reloucar.
Pro hoxe que espigadiña 45
Tantas monadas facías! ...
¡Pro agora que xa sabías
Ó teu xeito parolar!

¿Cómo ch'hei de botar terra
Feitizo da miña almiña? 50
Cómo da tua cariña
M'hei de poder olvidar?
Cómo con alma de ferro
A hei de ver eu gastada
Cal margarida enterrada 55
Aló na beira do mar?

Espert'Armindiña, esperta
E abr'os teus dous luceiros:
Avíramos feiticeiros
Que neles quero mirar 60
O fogo q'a auga quente
Que nos meus ollos gurgulla
E fai soltar a bagulla
Que ves ós teus pes rolar!

Meu Noso-Siñor querido 65
Que po'los fillos morrestes
E no meu peito puxestes
Un corazón par'amar,
Perdóname que vos chore
O ánxel que me levastes, 70
Que perda tal me causastes
Que ... ¡non sei o q'hei falar!!!

¡Adios anaco da alma
Caravel dos meus amores,
Consolo dos meus delores, 75
Pedra imán do meu gozar!

¡Fuxe, miña rula, fuxe
Dest'amargurada vida
Que felicidade cumprida
Nela n'habías d'hachar!

80

E vai amañando un canto
Onde xuntiños caibamos
Os que na vida t'amamos
E agora nos ves chorar.
E des q'amañado ó teñas
Ca presa que te perdimos
Ven cos teus dous hirmanciños,
A nos'almiña catar!!!

85

A MUIÑEIRA DA SEGA DO TRIGO

Erte Minguíños, e vente connigo
 Erte e non seas así dormitón;
 Colle o forcado e abrangu'o fouciño
 Mentres eu chanto no carro o cambón.

Ven que reločen as barras do día, 5
 Mais bermelliño que o dengue se pòn
 O campanario da irexa, onde ledos
 Cen cotovíos silbando se òn.

Ponde, meniñas, camisa ben branca 10
 Cofia de liño e sabèno de lan
 E remangádevos ben hastr'os cóbados
 Que hoxe é o día da sega do pan.

Rosa que colla a caldeira da auga,
 Milia que apeite co cesto do pan
 Que eu levarei a panela da froita 15
 Xa que co leite os pícaros van.

¡Eida, meniñas, que xa pol-a bouza
 Fruta resoa co chas carrás chas! ...
 ¡Ei! ¡que hoxe o trasno relouca doente
 Porque así fartos nos ve de solás! 20

¡Ai que repretas están as espigas!
 ¡Ai qué douradas se encrinan a nòs! ...
 ¡Ei, raparigos, pillade os fouciños,
 Escomenzade no nome de Dios!

Primeira voz

Pardiola, amigos, o sol que alborexa 25
 Évola xoia millor que nos dou
 Noso Siñore, que él sòlo as espigas
 Co seu dourado sorrir madurou.

Segunda voz

Nas madurara ese sol tan garrido
 Se gorda chuvia en abril non viñer, 30

E a sarabia e xiada no inverno
Por estas bardas non vises caer.

Terceira voz

Se lle fallase a sustancia da terra
E o vento, a purga, non vénlle a limpar
Hoxe en lugar do pracer que vos infra 35
Tristes bagullas vos vira ceibar.

Carta voz

Vos ben falás; pro non é coma un libro:
Se vos marrase saú pra o coidar
Estes monlliños que alegran a ialma
Fora en de balde pensalos mallar. 40

Quinta voz

Foivos a terra, xiada e orballo;
Foivos o vento que o alimpou,
O sol, a chuvia, o arado e a grade;
Foi Dios, en fin, porque Diol-o criou.

Sesta voz

Démolle gracias por tanto ben xunto 45
E pol-os días que manda tan bos:
Que o sol, a chuvia, e o vento e xiada
S'Él non goberna, fan mofa de nòs.

¡Eida rapaces, que estralen os deños!
¡Ei que xa ròxe no lume o sartén! 50
¡Ei que xa o sol se vai pôr, tras dos montes
E su nosoutros a noite se vèn!

¡Eixo vai roda, que chea e graúda
A nosa meda xa sobe hastr'o ceu!
¡Rapi òs demos! se come pantrigo 55
O que non sude a cargar coma eu.

Afogan entr'a cobiza
Sendo por él o que son. 40

Inda hoxe entr'os cristians
¡Para befa! ... ¡para mingua! ...
Pro ... ¡asoségate lingua! ...
¡Non lle dés creto á verdá!
Que campa con mais folgura 45
O que parola entr'a xente
Todo aquilo que non sente
E fai ceifa entr'a maldá.

E s'algun peito valente
Berra contra tales feitos, 50
Xa lle catarán mil xeitos
Pro seu folgo atafegar.

¡E hast'ás almas xinxelas
Han de pôr a espeta perro,
Contr'o q'as suas de ferro 55
Xamais soupo aloumiñar! ...

Á MORTE DE PEPE PONTE E BRAÑAS

¡Por qué, Noso-Siñor podente e forte,
 A un pobo q'a ti crama non os! ... ¡di!
 ¿Por qué tanto poder deches á morte
 E pra ela nacer nos fas así?
 ¿Non tíñades, meu Dios, groria d'abondo 5
 Sendo da groria pai, dono e Siñor? ...
 ¿Dela non sodes vos pozo sin fondo?
 ¿Non fostes dela vos o facedor? ...
 ¡Ai coitados de nos! ... por q'afrixidos
 Da q'un día nos destes nos privás, 10
 E rogos tan ferventes e doridos
 Saídos deste chan non prezás?

 ¡Ai cobiceira morte amaldizuada! ...
 Case de nos te ris e con saú
 Deixas campal-á alma atravesada 15
 E craval-as gadoupas na virtú! ...
 Dend'o pucho do papa á raial croa,
 Do leito do labreixo ó do siñor
 Remexes ca gadaña estruidora
 Pra semear so' eles loito e dor. 20
 E cando do teu carro ó triste chíó
 Da arte ó grande xenio quer fuxir
 Co teu mirar traidor, certo e frío,
 Falo d'un gadañado secumbir.
 Pro ¡ai! o carro teu non pod'a groria 25
 Q'o xenio conquistou xamais pisar:
 Decote sí, decote na mamoria
 A verás deste pobo frolea.
 Non podes da virtú muchal as rosas
 Nin o loureiro sagro que ganou 30
 Que son o galardón das xenerosas
 Maneiras de facer que Dios permiou.
 Así non morrerás ti, non, Pepiño,
 De cote entre nosoutros vivirás,
 Hasta que s'esmendrell'o luceiriño 35
 Q'aluma o frío leito dond'estás.
 Vivirás, vivirás, q'os teus cantares
 Soarán entre nos con tanto amor

Como soan na fraga os brandos ares
 No albeiro espellar feitizador. 40
 E a imprenta, o trato, o pobo enteiro
 Que cochados con loito por ti están,
 Ó teu nome porán grande letreiro
 Q'os q'o vaian a ler saudarán.
 ¡Durme en paz! ... ¡Durme en paz, gallego Homeiro! 45
 Q'a estas veiras do mar deche valor ...
 ¡Elas veñan dend'hoxe en son lixeiro
 A tragerch'un sospiro arrolador! ...
 Q'as meniñas q'un temp'aloumiñaches
 Nas tan ledas veladas do Liceu, 50
 Ó pe teu e da nena q'adoraches
 Tenros pregos virán erguer ó ceu.
 E s'o polvo do vento as letras luxa
 Que veland'o teu sono eterno están,
 Cand'o sol se traspoña e sai'a cruxa 55
 A limpalas co'as bágoas correrán.

14 de Xulio de 1857

UN RECORDO. ÓS MEUS AMIGOS RICARDO PONTE E AURELIO AGUIRRE

Saú meus cantadores q'ahora xuntos
 No val de Compostela vos topades
 E da Historia gallega cen mil puntos
 Pra darnos en leendas cacheades.

¡Que digo cachear! ¿Quizais fai falla 5
 Unha prana volver pra topar feitos
 Tan dinos de contar, como hoxe cheos
 De fogo ardendo están os vosos peitos? ...

¡Eu xuro afor de ser galesio puro
 Que se vos no seu campo vos metedes 10
 En cada ringuilon que vaiás lendo
 Mil follas de loureiro atoparedes!

Q'estorbo vos detén? ... Por q'a perguiza
 Ha d'en vos poder mais q'a voz soadeira
 Que no reino d'Ordoño vos pormete 15
 Unha croa inmortal lumiadeira?

Vos q'a sorte tivestes de q'o xenio
 Da sagra espirazón sú vos baixase
 E no voso nadal a lira d'ouro
 Apolo ôs pes do berse vos colgase, 20

¿Por qué xord'a deixás pra mais adiante
 Espost'a que se crebe ou que s'estempre?
 ¡N'olvidés a lición que nos veu hoxe
 De q'o noso vivir non é pra sempre! ...

Pillá, pillad'a pruma: q'eu maxino 25
 Q'en vez de loura tinta po lo cano
 Carreiriños fará de lume eterno
 Que móstre a nosa groria ô pobo hispano.

¿Coidás xa nas pasadas desventuras
 Veneiros non topar q'á vosa alma 30
 Ll'ofrezan grande chorro onde gorgulle
 A auga q'enverdell'á vosa palma?

¡Quizaves nas q'agora nos magóan
Topés millor o imán do voso brío! ...
¡Quizais desta esleixoada sociedade
Do cochado novelo hachés o fio! ...

35

Pro vos non ñorás q'a nosa alma
Deste ferrado xugo lista foxe
Catand'outras aucióis mais xenerosas
Q'as q'o mundo nos da de mostra hoxe.

40

Vos ben sabés q'o esprito non se farta
Ca libertá d'un chan farto pequeno
Que tan sombrizo está cos cedros d'hoxe,
Q'o que nace ó seu pe torna en veneno.

Sabé-lo ben, sabés, meus amiguiños,
Q'a águia hast'o ceu voando fera,
Sabe medi-lo chan, o sol, o espacio
E a q'as nubes fuxan nunca espera.

45

Pro choivos en vos: pensad'un pouco
Nas feiturás que vemos hox'en día:
E dimpois de pensar xa me diredes
S'o falar d'hoxe ten, ou non madía.

50

Falar, podés falar, con tal que cordos
Na ara non toqués do sacrificio,
Nin berrés contra aquel q'a ser perfeutos
Nos leva a tumballons de vicio en vicio.

55

¿E mais non nos valer que tal tormento
A lingua atravesar dente con dente
Antes de lle contar ós nosos netos
O q'a nosa razón xamais consente?

60

Moito millor é ir de sigro en sigro
O polvo remexendo dos palacios
Dos Césares romans, Gracos e Brutos,
Pompeos, Escipions, e dos Horacios.

E sobind'ós picotos do Medelo,
Monforte, Monterrey, Brion ou Deza,
Ás cinzas perguntar d'estes xigantes
¿Ond'a baixeza vai? ... ¿ond'a grandeza?

65

¿Querés q' o voso nome con dozura
Pernuncie o gran crarín da boa sona, 70
Dend' o porto d' Ancares á Fisterra,
Dend' o cabo Ortigueiro hasta Baiona?

Que non teña pra vos acebe o mundo,
Nin catedes por él outro carreiro;
Qu' o que vaía aseñando ese ruxido 75
Do da croa inmortal verde loureiro.

Dabondo menumentos ten Galicia,
E vellos lapideiros a montós;
Cántigas, pergamiños e castelos,
Mámoas e castros mil, e tradicións. 80

Tempros feitos aló nos sigros medios
Dos queimados Temprarios, q' abofé
Parez q' os matanon por cobiza ...
¡As crónicas xa din hoxe o por qué!

En fin, non marra cousa q' a mamoria 85
Non lembre do que foi o noso chan,
Dend' o pazo feudal â imprial croa,
Dend' o fraco peiteiro ô capitán.

Vos sodes mozos ind' e ô que digan
Podés ca picaraña soterrar 90
En baixo dos entullos en q' agora
As crónicas d' antano ides catar.

Quizaves que non fall' aló por fora
Quen quira semellars' a un Salamón
A lingua despreceando en que vos falo 95
Tan solo por campar de quirticón.

O mesmo han de facer tamen con vosco
Pro de tanta parola com' o fel
Se maxinás pillar algun porveito
A cencia pillarés do cascabel. 100

¿Qué val, decí, qué val q' eses paifoques
Vos traben nos nortellos por detrás,
Se n' hai un que tallar a pruma saiba
Nin q' argumente mais q' o paspallás?

Deixaos latricar qu'ê xent'amiga 105
Tan sô de pieitarse e nada mais:
E viven estricados coma un fuso
Anq'os miolos lle fervan a seus pais.

E' xente que sô vive de fachenda 110
¿E se dicen *Monsiû*? ¿Todo acabou! ...
Estonce a nosa Fe é un embrollo,
Nin Dios nin demos hai: todo ficou.

¿Deixaos! e que corr'a vosa pruma
Fiando o voso creto â nova edá:
E xa que do persente é cousa cara 115
Decinos como foi a antigüedá.

AS COITAS DE FARRUQUIÑO

Fuxiron dos meus días de ventura
 Aquelas de pracer horas garridas
 Abríndom'ô voar con alma dura
 Fondas no corazón mortás feridas.

¡Canto feliz eu era, Dios querido, 5
 Correndo polos campos recendosos
 Q'agora o corazón tan afrixido
 Me tran cos seus recordos amargosos!

Estonce á miña alma satisfeita 10
 Do fiel corresponder dos seus amores
 Louca se recreaba no meu peito
 Tornando ô duro chau leito de froes.

¿Qué foi d'aquelas noites amorosas 15
 Q'ô vispera caían d'unha festa,
 E ledó pasei eu tecendo rosas
 Para na alba pôr na tua testa? ...

¡Qué linda! ¡qué garrida! Mais ¿qué digo 20
 Se xa naquel adral estás cochada? ...
 ¡Soñaba que sentada aquí conmigo
 Te via de rosiñas coroadas!!!

De rosas non tan puras, miña almiña,
 Como era o noso amor esfertunado,
 Q'os ánxeles non tiñan, non Rosiña,
 Vergonza de sentars'ô noso lado.

Porq'eras ti tan pura e inocente 25
 Q'ainda ch'eu fixera mil agravios
 S'as rosas que se dan aló no Ourente
 Puxera en comparanza cos teus labios.

Por eso aló na groria, queridiña, 30
 Òs pes de noso Dios estás agora
 Ceibando mais espellas q'a estreliña
 Q'aluma cando quer sair a aurora.

Mentres q'ó verde campo e a devesa
Que foron o altar dos meus deseos
En longo simiterio de tristeza 35
Se mostran ós meus ollos d'auga cheos!

¡Nada ..., nada quedou d'aqueles días
Doces cal brando ulir das gaias frores!
¡Deixáronme un restreire d'agonías
No louro recordar dos meus amores! 40

¿Por qué mamoria terca tan froлива
Me mostras d'aquel tempo o doce encanto
S'a arpa q'adozou a miña vida
Nun mar a fas nadar de amargo pranto?

¿Por qué te non levou a miña sorte 45
Cand'aquela miñán esventurada
Fuxeu cabo de min deixando á morte
A fouce sacudir esconciada?

¡Ai coitado de min! ¿Por q'aquel día
As cordas non tallou da miña vida 50
D'aquel tiro do inferno a bala fría
Q'o peito che fireu Rosa querida? ...

¡Ó pe deste cruceiro! ... ¡Aquí Rosiña! ...
Cabo desta mirteira froreada ...
Mesmo no acaron desta fontíña ... 55
Morta caiche ¡ai Dios!!! atravesada! ...

¡Miña xoiña! ... ¡Aquí, neste cantiño
Cando chovía rosas a alborada
Mirabas da mirteira o verde niño
Ond'a rula cantaba nemorada! 60

¡Ríndote estabas ti vend'o biquiño
Xuntar co do seu rulo dando á ala,
Cand'aquel cazador d'alma de espiño
Òs tres morte vos dou ca mesma bala! ...

Inda te vexo ¡ai Dios! estricadiña 65
O peito m'amostrar ensanguentado,
Os ollos afitando, miña almiña,
Naquel Noso-Señor q'está cravado.

Ind'apertarm'a mau ... inda te sinto
Póndoma no peitiño que s'erguía 70
Pegándos'o meu labio en sangue tinto
De vert'así loitar co' a agonía!!!

Inda por min chamar, meu amoriño,
Con branda, afrontadiña e triste voz
Para decirme: ¡Eu morro ... Far ...ruquiño! ... 75
¡A ... dios! ... ¡Aquí te levo! ¡Adios! ¡Adios! ...

A LA EXCMA. SEÑORA CONDESA DE ESPOZ Y MINA DUQUESA DE LA
CARIDAD Y VICEPROTECTORA DE LA BENEFICENCIA EN GALICIA

Soneto

Vuestro manto ducal es el consuelo
Del mísero infeliz que opreso llora
Cuando la suerte adversa y torcedora
Le estrecha en la mansión del desconsuelo.

Mas si recoge lágrimas y duelo 5
Yo he visto alguna vez cortar su vuelo,
El ángel del Señor otro decora
Porque imitar no sabe vuestro celo.

Mas no importa que el mundo asaz ingrato 10
Los hechos falsifique de la historia ...
Que hay otro juez mejor al alma grato

Que mide el sacrificio: a la memoria
No apelareis, Señor, del insensato
que iguala la virtud con vanagloria.

A GALICIA

¡Saú, sagro corruncho do Poente!
 ¡Xardin de tantos homes de valía,
 Ond'ó lume do Hespeiro relocente
 Medran mai las virtús do q'á falsia!
 Escoita á tua fala tan valente 5
 Q'a lingua de falala se goria
 O mesmo do señor, que do labrego
 Que funda o seu honor en ser gallego.

¡Galicia! di ¿por qué levas decote 10
 Cochadas como louro capirote,
 As alas da mais terca mala fada
 Que che non deixa por unha vegada,
 A mau na tua fonda lañadura
 Sin que che verta alí loito e tristura? 15

¡Parece que sin dor fuches ferida
 Por quén no primo albor da tua vida,
 Te puxo no xardin ond'á manciña
 Trocases ó tocala en xota espiña,
 Pra verte como Tántalo esligado 20
 Cal non da auga os pes irche mostrando!

Mais cando o malfadado do praneta
 Q'a roda do seu carro t'asuxeta
 Se erga do asento do seu trono
 Para entregar a testa ás maus do nono, 25
 Ti raerás lixeira os feros grillos
 Que tanto te encativan cos teus fillos.

Mais deixa q'inda virxe te lo peito:
 Inda novia has de ser e topar xeito
 D'erguer entre os mais pobos fantesiosa 30
 A testa q'hoxe pendes languidosa
 Abrindo un campo cheo d'eselencias
 Ás artes, ó comercio e máis as cencias.

Ti premiarás destonce en son mimoso
 Os fillos que hoxen siguen ó lumioso 35
 Camiño que anque longo lle sinalas

Para q'a un tempo erguendo as suas alas
Logren raer o lenzo bretimeiro
Q'os ollos te cochou do mundo enteiro.

Por eso eu seguirei Galicia amada 40
A vreda que me levas sinalada.
Os castros cacheando e as aldeas
De feitos de loanza eterna cheas
Hastra que topar poida á rica gala
De erguer un menumento á tua fala. 45

Por triste para min q'a sorte corra
A ti che cantarei hastra que morra
Na fala en que na alba dos meus días,
Miña naiciña amante mil folías
Docañas me cantou ó pe do leito 50
Para amainar os dores do meu peito.

Nela pintarei eu a xentileza
Da máxica gallega natureza,
Cas brétimas que voan com'ó fume
Do monte, dend'o río, ó alto cume 55
O son q'ó sol no ourente cos cabelos
Fai d'ouro, azur e rosa mil castelos.

Nela regalarei ós literatos
Cantos de pintar tes, dinos retratos
Mostrándolles as noites do xaneiro 60
Nas q'a veira do lar nun gran roleiro
De vellos, e meniños nemorosos
Runfran, e contos mil, contan loitosos.

CANTIGAS DA ESPERA DE SS. MM. E AA. NO PORTO DA CRUÑA

Estrebillo

*Airiños da costa,
Mainiños soprá,
E non mareédes
A su Maxestá.*

Copras

A bahía corré, cruñesiños, 5
Q'o navío saeu do Ferrol,
Que nos trague no seo os Reiciños,
Guardadores do pobo español.

Airiños, etc.

Bendicido seades airiño 10
Se dos souts frolicos baixás,
E do barco onde ven Alonsiño
As veliñas mimeiro ll'infrás.

Airiños, etc.

¿Non mirás case o sol por ourente
Espelleiras ceibando nos ven?
¡Pois, pardez, q'un mirar tan ardente 15
Com'o Príncipe noso non ten!

Airiños, etc.

¡Ai canté s'eu poidese mañeiro
Tan fidalgo anxeliño pintar! ...
Pro calá: de que é nobre guerreiro
Probas logo ó seu pobo vai dar. 20

Airiños, etc.

Dos Alfonsos é neto direito,
E coa axuda de Dios guindará

Cos alarbios rifeños a eito
Dend'o Atlas cen légoas pra alá.

Airiños, etc.

¡Ai Reiniña, que esperas sagradas 25
No seu Príncip'a Cruña sosten!
¡Dio'lo garde par'as boas fadas!
¡Dio'lo quite de neno con ben!

Airiños, etc.

Xa verés ¡ou Sabela adorada!
Canto a terra gallega conten: 30
¡Pro diresnos dimpois d'ensamiala
Se un cetriño direito sosten?

Airiños, etc.

Ela toda vos dirá verdades
Q'inda naide vos quixo dicir.
¡Que se enfouman as reás veluntades 35
Deprendendo as verdás a encurbir!

Airiños, etc.

Cand'os Reis ven as mágoas do pobo
¡Miñas xoias! ll'aprican a man
E os seus fillos por eles en grobo
A facenda e a vida lle dan. 40

Airiños, etc.

Sempre éstes os pais ver desean
Pra espoñerll'os causás do seu dor;
Pro s'os pais de miralos recean
¿Cómo os fillos ll'han de ter amor? ...

Airiños, etc.

Maroliña ¡por Dios torna leda! 45
Esa escuma non érgas así,
Q'end'abondo loitanza che queda
Des q'os Reis desembarquen aquí!

Airiños, etc.

Xa d'Oleiros, de Mera e do Seixo
As meniñas baixaron ó mar, 50
E ó son das ferreñas de freixo
Cantarelas ós Reis van botar.

Airiños, etc.

A bailar vide nenas d'Elviña,
Pastoriza, Pasaxe e Riazor,
Que xa ven a Rial Sabeliña 55
Com'a alba sementando amor.

Airiños, etc.

Cruñesiñas, bulide lixeiras,
E ramallos de froles levá,
Q'o Auntamento xa vai cas bandeiras
Agardar a su Real Maxestá. 60

Airiños, etc.

¡Ai qué días d'amor e contento!
¡Ai qué horas de farto solás
A este pobo de verte sedento,
Caridosa Reiniña, nos das!

A S. M. LA REINA DOÑA ISABEL AL PISAR EL SUELO DE
LA I. Y M. L C. DE LA CORUÑA

Vos sois para este suelo ¡oh gran Señora!
Después de traspasar la húmeda orilla,
El iris de la paz, la bella aurora
Que en pos de noche tormentosa brilla:

Vuestra égida excelsa y creadora
Al puerto guiará nuestra barquilla,
Y de hoy más vuestros hijos de Occidente
A vos no clamarán en son doliente.

A S. M. EL REY D. FRANCISCO DE ASÍS MARÍA DE BORBÓN, LA CORUÑA

Soneto

Cuando un tiempo pisaste la ribera
De esta clásica tierra de hidalguía,
Un pueblo que tu gloria presentía
De flores alfombraba tu carrera.

Hoy el aura triunfal y lisonjera
La aclamación te lleva que te envía,
Porque eres de su Reina esposo y guía,
Y un Príncipe le diste en quien espera.

¡No deseches, oh Rey, su ardiente ruego!
Él espera que un día a tu hijo ansiado
Recuerdes de su amor el almo fuego.

Así, cuando al ceñir laurel dorado
Acuda a su memoria el país gallego,
Sabrá donde hay un pueblo denodado.

TESTAMENTO DO ANTROIDO

Diante de min escribano
 Pedro Agarra Marañoiro,
 Home que estudou a fondo
 As trampas que hai no Dereito
 Para rirse dos amaños 5
 Do mais desalmado arteiro,
 (Por eso as leis todas terman
 De topar co seu inxenio)
 Pozo sin fondo de fe
 Para quen son moi pequechos 10
 Os dereitos que devengue
 O mais graúdo perceso;
 Home que pesa as palabras
 E xoga tan ben cos verbos
 Que por decir tèn por tén 15
 E sin ir contra Dereito
 Ó Señor de Montesquieu
 Fixeralle erguer os pelos:
 Que estende os autos sin fecha
 E deixa aberto o portelo 20
 Para fuxir cos seus crenes,
 Ou cos seus bens po lo menos;
 Diante de min, levo dito,
 Dos escribanos inxemplo
 Que nunca preitear os probes 25
 Por ningun xeito aconsello
 Anque lle partan un oso
 Ou lle raian o pelexo
 Con tal que o seu agersor
 Non sea home de pelo; 30
 Que solo aconsello ós ricos
 Que usen dos seus dereitos,
 Pero que acarrexo as partes
 Queiran ou non a un arregro
 Se vexo que a honra perden 35
 Como perdeno o diñoiro;
 Diante de min, Pedro Agarra
 Fillo de cristiano vello
 Que son home compasivo
 E nunca prumada pego 40

Mais crara e chea d'amore
 Que cando o preiteante vexo
 Que trague coa xustiza
 Amarementos os dedos,
 Sin que me valla dous cartos 45
 Honra, proveito, ou imprego
 E no seu leito deitado
 Con xuicio e mais compreto
Xa in articulo mortis
 Otorgou o testamento 50
 Co' favor dos seus hardeiros
 O Antroido reverendo,
 A vista de dez testigos,
 E sin formularios vellos
 Que levan a mais das veces 55
 Dez mil embrollos no seo;
 Encargándome ó morrer
 Que deste pobo no medio
 Que asisteu a suas honras
 Cumpra eu co seu deseo 60
 O que hai dentro deste prigo
 De marzo sellado oito
 Do ano mil oitocentos,
 Deste sigro inventador,
 Quincuagésimo noveno. 65

Ábres'o testamento

Escribano

Eu mais servicial ainda
 Q'o que quer ser diputeiro
 Mais verdadeiro q'os libros
 Dos que creban neste tempo
 Mais xusto que cantos andan 70
 Sempre nos santos moendo
 E mais liberal que moitos
 Que se din puros e netos
 Que non sería capaz
 De vender nin un romendo 75
 Da manteliña dun orfo
 Se eu fose o embargamento;
 Eu que non vendo servicios
 A ninguén do meu roeiro,
 Nin me nomeo do orde 80

O percurador perfecto;
 Que decote trago unida
 A camisa co pelexo,
 E contra quen nos desuna
 Agora mesmo portesto; 85
 Que ladrarei coma un can
 Se alguen viñer algun tempo
 Co título de igualarnos
 A rabuñar o que temos;
 Eu que xamais comerciei 90
 Cos reviretes dos tempos,
 Nin lle atei a lingua a naide
 Se parolase con tentos;
 Que non cantei a Pispita,
 Nin tampouco me reprendo 95
 De asistir a comedelas
 Pra nomear xuntamentos;
 Que non podo ver pendangas
 Dependendo d'un cortexo
 E que por vestir de reinas 100
 Dan mil sustos ós comercios;
 Que non traféco con graus
 Nin zugo o sangue ó labrego
 Por rédetos raspiñándolle
 Hastra tres centos por cento; 105
 Eu que fago po la aldea
 Canto podo, e non me lembro
 Da apeitar con trato algún
 Que o pobo lle dese aberto;
 Que non vendo as cousas santas, 110
 Que contrabando non teño,
 Nin as meniñas dos probes
 Cos meus favores preverto;
 Que son escravo da lei
 E non me opoño ó goberno, 115
 O desgoberno quizais,
 Da miña casa a lo menos,
 Non son dino de dar fe?...
 Non serei home de creto?...
 ¡Si caraste! ¡n'haxa duda 120
 Da fe deste testamento
 Que vou plubicar agora
 Sin arvesados térmenos.

ÚLTIMOS MOMENTOS DE MOMO

Momo aparece rodeado de sus servidores presidiendo la última danza. A un lado de la estancia se deja ver una mesa desordenada sobre la cual hay platos, algunos de ellos rotos, y botellas y copas vacías tiradas sobre el mantel.

Momo – Mis amigos, parientes, mis amigos, Mis donceles, mis comparsas, Mis damas de honor, mis dueñas, Mis dóciles camaradas, Los que mi fuego extendisteis	5
Por fondas, calles y plazas, Por tugurios y bochinchas, Sobre la tierra y las aguas; Demostrando que mi cetro Supera a cuantos se alzan	10
A favor de aclamaciones Apoyadas por las armas, ¡Me siento desfallecido Por tan continua algazara! ¡Acabóse mi artificio! ...	15
¡Quien mal vive, mal acaba! ... ¿Quién diría que mi estómago, Retorta la más templada, Capaz de fundir más oro Que las reyertas de España,	20
Hoy se encontrase tan débil Que ni el champagne ni el lágrima Ni el jerez de los enfermos Ni aun la misma leche aguanta? ¡Cuánto consume el exceso!	25
¡Oh vida! ¡cuán pronto escapas! Voy a dejar de existir ... Hoy mi lámpara se apaga Mas dadme, dad una copa.	
Zuga-viño – Sí, sí ... ¡morra Marta, morra farta! ¡A ver si aún reacciona Esta desquiciada máquina! ... ¡Dadme un vaso de jerez!	30
Papa-netos – ¡Ojoho! ¡Sua mercé moi ben fala! Falla saber se aquí temos Para un pucheiro de caña.	35

	Canto val estar afeito A gardar todo na panza Sin maxinar q'hai mañán ... É millor un vaso d'auga Que esa din que corre as xuntas.	40
Momo –	¡Ay, amigos! ... Si no hay ron Dadme aunque sea champaña!	
Papa-netos –	¿Vos ves o q' é star afeito? Dádelle, dádelle auga E se n'a bebe, é seguro Que morre do mal da rabia. (Danle agua y revive)	45
Pandeiro –	¿Védelo case revive? ¡Tenvos o lume na panza!	50
Momo –	Muchas gracias, mis amigos. Esta poción hidropática Me restituye las fuerzas.	
Papa-netos –	¿Eu non vol o dixen? ¡Vaia! ¿Cantas veces eu dimpois D'apeitar c'unha carpanta Bebín unha ola dela? (Mirando al público); Non vos hai millor que a práuteca!	55
Momo –	¡Ah! ¿dónde va mi potencia Ante la cual se postraban El ingenio y la hermosura, El amor y la esperanza Y las bellas ilusiones Con sus transparentes alas? No veo al pie de mi trono Más que sombras enlutadas Ensueños desvanecidos Bellezas mustías y lacias, Acaso remordimientos, Y ardientes y ocultas lágrimas. Tal vez germen de otras penas De cien víctimas incautas. Mas ... ¡cómo ha de ser! El mundo, Es mundo, al fin, y así marcha. Más que sesudos consejos, Pueden lecciones amargas.	60 65 70
Albóndiga –	Vedel o demo, rapazas, ¿No oídes cómo padrica? Dimpois q'abriu a laranxa E lle zugou o miólo Di q'a tona é moi amarga.	75 80

	A lición anque é serodia Non vos ten volta, rapazas, Se vos luxastes co Antroido Xa vos lavarés co as bágoas.	85
Momo –	¿Dónde va mi poderío? ¿Y el esplendor de mi casa? ¿Dónde mis altos ministros Que hasta el cielo me encumbraban, Arrullando mis oídos Y celebrando mis gracias, Que aunque groserías fuesen Llamaban morales máximas? ¡Todos al fin me abandonan Para seguir otra causa Que siempre la del vencido Fue la peor de las causas!	90
	Mis flores ya se marchitan, Mis mesas ya están exhaustas, Ya enmudecen mis orquestas, Mis agudezas ya cansan. Ya se disipa mi imperio Y hasta crímenes me achacan. ¡Oh terribles decepciones! Siempre ireis con la desgracia Que es más bueno el sol que nace Que el mismo sol que se apaga. (¡Infames aduladores!)	95
	Oíd siquiera con calma Mi voluntad postrimera, No así deshonreis mis canas. No os hagais sospechosos Al poder que hoy os halaga, Autorizad la lectura De mi voluntad sagrada A lo menos por decoro A la culta diplomacia. Deteneos un momento Que no pregone la fama Que hoy la ingratitud mezquina Reina en la estirpe más alta.	100
	Mi campo dejo a la muerte Que viene batiendo marcha Para desquiciar mi solio Con su omnipotente garra, Y cubrir de vil ceniza	105
		110
		115
		120
		125

Mis trofeos y mis galas,
 Como cubrirá los vuestros
 Con su guadaña acerada 130
 Como cubrió en todos tiempos
 Armas, tronos y tiaras.
 Mas ya se escapa mi aliento
 Y de mis labios se apaga
 La fuerza de la expresión, 135
 Mi espíritu se anonada.
 Y así llamad al instante
 A mi buen notario Trápala
 Y a mi cumplidor Garduña
 Para que con tino y pausa 140
 Ante mi propio cadáver
 Solemne lectura os haga
 De este pliego en que consigno
 Mis tan justísimas mandas.
 Nada más, caros amigos, 145
 Sed cuerdos ... y más templanza.
 Felicidades ... y ... adios
 Que la eternidad me llama.

Sensación y llanto en torno del difunto. Entran Trápala y Garduña. Se ensancha el corro y el primero al lado del sillón regio después de una profunda reverencia al cadáver de Momo y otra todavía mayor al auditorio, después de haber colocado el pliego sobre la cabeza y de besarlo en señal de respeto da comienzo a su lectura en tono magistral, interrumpiéndola para dar lugar a los apartes de algunos de los personajes agraciados con alguna manda especial.

Terminado el acto se procede al depósito de Momo.

¡Señores morriu D. Momo!
 Aquel antroido larpeiro
 Que fixo ferver as mozas
 Com'as fabas no pucheiro.
 O demo do escacha pedras, 5
 O bailarín sempiterno,
 Aquel conchudo galápago
 Capaz de pegarlla ó demo;
 Espichou coma calquera:
 Fixo a risa do coenllo 10
 Sin que as manciñas de Illoa
 Lle sirvisen de remedio.
 Aló pola media noite
 Inda mandou por telefro
 Unha consulta a Garrido 15

Pra ver se atopaba xeito De pegarl'un chasco á morte, Pro o conto tínavos pelos ... Que cando o mal é de morte A cencia non val un grelo.	20
O xuncras do escasurrante Quería dar mais ó beo E pedíall'as rapazas Que lle franqueasen o medio De vivir mais oito días	25
Alongando o zangoneo; Pro elas anque aceitaban Tan meloso pensamento Non poidendo manexarse Contra as astrucias do tempo, Dixéronlle ¡Mal pecado! ¡Non valen os bos deseos! ...	30
Así é q'ó probe Momo Morriu o mesmo que un becho Farto de viño e filloas ... ¡E d'outros moitos enredos!!!	35
Pro ¡vaya con Dios! Agora Vais'abrir seu testamento Pra ver as mandas que deixa A favor deste roeiro:	40
Con q'así ¡atención, señores! Poñamos ouvido atento, Que vai o escribán Garduña A plubicar seus segretos: Señor notario, ¡cuidado! ...	45
Sea craro ... e, con bon xeito, Ningunha das suas cláusolas Deixe agachada no peto.	
Notario	
Señores: por voluntad Libre, espontánea y espresa Del difunto ilustre Momo, Yacente en vuestra presencia, Se abre su testamento Y la lectura comienza En la forma prevenida Por su autoridad suprema.	50
	55

No os leeré la fórmula Con que este escrito comienza Por ser harto conocida La testamentaria jerga.	60
Así, prestadme atención, Que ésta es la manda primera: Dejo mi muerte a los vivos, A las niñas la impaciencia, A los necios la osadía,	65
Desengaños a las viejas, Al fatuo mil pretensiones, La vanidad a las feas, A los feos la hermosura Y al intrigante la influencia.	70
Dejo el poder a los tontos, La fortuna a los que tengan Menos apego al saber Y a los sabios la miseria. Y en fin, lego a los rurales	75
Una Exposición completa Y el puesto más lucrativo Al que menos lo merezca. Mando a todos los alcaldes Que protejan las tabernas,	80
Concedo a los panaderos Escatimar cuanto quieran Al peso del pan que coman Pero nada al del que vendan. Autorizo a los alcaldes	85
A construir por su cuenta Una fuente de agua y tinta Dentro de cada taberna. Y otorgo libertad amplia Al gremio de las lecheras	90
A dar el nombre de engrudo A toda leche que expendan. Concedo a los carniceros Para que vender no teman Por vaca carne de burro	95
Aunque de sarna se muera. Y en fin, para complemento De libertad tan completa Que todo el mundo se ahorque Por gobernar nuestra hacienda.	100

¿Quereis más? Amigos míos
Aun más si posible fuera
Os daría, pero temo
Que mi amor caiga por tierra.
Y así, que vaya marchando 105
Cada quisque como pueda
Hasta que venga el diluvio
A trazaros nuevas sendas.
Ya veis que soy tolerante
Con las prácticas modernas. 110
Esto encontré y esto os dejo.
Quien tal quiere así lo tenga.
Adios y hasta el fin del año,
Que continúe la gresca,
Que yo me marcho al sepulcro 115
Por no ver tantas miserias.

Momo

COIDO QUE SABES QUEN FOI

D'entre as penedas de Córcega
 Con alma e corpo d'aceiro,
 Coma impio, cobiceiro,
 Un home un día saleu.

Mais como iba adepreso 5
 Das ondas á crúa guerra,
 Nunca paz tivo na terra
 Que a cautivar se estreveu.

¡Como a gaivota na illa
 Morreu maldicindo a sorte! 10
 ¡En van ó seu peito forte
 O lume da vinga encheu! ...

Levou somente o consolo
 De que se a sorte o deixara ...
 El mais homes estragara 15
 Do que minutos viveu! ...

Á SEÑORITA PÍROLA, PRIMA DONA NO TREATO DA CRUÑA,
O DÍA DO SEU BENEFICIO

¿Mandoute o ceo acá, branda cantora
para arrolar no peito á nosa alma,
ou para queimar nél feitizadora
cos teus doídos sons a dulce calma ...?

¿Qué strela te guiou á terra nosa? 5
¿qué sprito celestial ou sagra fada
che prestan esa voz nemoricosa
que a alma así nos déixa encautivada?

¿A strela foi do xènio que a este porto 10
a santa inspiración che fai traguere,
ou para o folgo noso hoxe tan morto
coa gargantiña tua estremecere?

¿Foi a fadiña sagra que velando 15
pola sorte marcada á patria miña
te manda revelar o por-vir brando
que vai a disfrutar? ¡Di, cantoriña! ...

Dimo ¡pro non coa voz tan matadora 20
que as penas da *Estraviada* nos cantara,
porque se así o fixèses termadora
bágoas do corazon tristes chorara!

Nin mo digas tampouco coa tristura
que cantas as da *Norma*, que o meu peito
pra sufrir tal dor e tal tortura,
¡*dona de ardente xènio*, é farto estreito. 25

¡Pro dimo, cantadora, dimo axiña! ...
dimo como quixeres, que é imposibel
leis ó teu peito dar nin á gorxiña
que mandan sobre min con lei terrible!

Dime qué lume é ese que te inframa, 30
que así das pasions loucas te fai dõna,
e a mais de te librar da sua llama,
da luz que nunca mòrre te corona.

Dime qué afeuto sintes cando volas
nas alas de esa máxica armonía
que finxen o bruar das fêras olas
ou o brando bolir da ramacía. 35

¿Qué luz do paradiso e qué figura
miman o teu espírito nesa hora
en que esquecer nos fas toda amargura
trocándonola noite nunha aurora? 40

¿Qué ves cando sospiras falangueira
do reiseñol pintando o seu gorgullo,
ou cando da alborada madrugueira
remedas aquel lánquedo marmullo? 45

¡Ai! ves o resprandor d'aquel luceiro
q'á Pasta e Borghimano ergueno á gloria
onde solo se colle aquel loureiro
que á grande Malibrán lle rende a historia.

¿Traizón faredes vos ó voso sino
subrime, maxestoso e cobizabre,
que intrèprete vos fai do arte divino
que adoza o corazón do ser máis agre? 50

Dios a minsión vos dou dos anxeliños
que a rudeza amansaron dos pastores
cando alá de Belén po los soutiños
da redención mostraban os albores... 55

¡Cantar do triste pobo as ansias duras!
os vicios afean con maestría,
e ennoblecer con brío as criaturas
que opoñen a virtude á tiranía! ... 60

¡Movede os corazóns á caridade
que do vicio entr'o barro se remexen,
porque do amor debido á humanidade,
escravos das pasións non mais se alexen! 65

Ai se así vos guiás po la corrente
do río que abalou ó voso berce,
segura estar podés q'a vosa frente
naquel loureiro de ouro ha de envolverse.

Naquel sagro loureiro entretecido 70
coas rosas porpuriñas que vistiron
ás testas que das augas do olvido
o seu grorioso nome redimiron.

¡Vola a ese tempro pois, vola segura, 75
e cando dos afáns allea estas
canta chea d'amor e de ventura:
¡Ou terra galicián! ¡bendita seas!

LA INOCENCIA Y EL MUNDO

Soneto

Dedicado a mi querida amiga D^a María del Rosario Sanjurjo de la Encina

¡Adiós, todo se hundió! Vida y renombre
 Inermes caen de la intriga al vuelo.
 Te vende la amistad y al bajo suelo
 No hay quien al verte descender se asombre.

Todos se alejan al oír tu nombre 5
 Cual si réprobo fueses por el cielo,
 Y en haberte tratado encuentran duelo
 Desde el necio gañán hasta el prohombre.

De la justicia el solio peregrino 10
 Se oculta para ti en el ocaso,
 Que sólo del castigo te hallan digno

Los que caminan de su afrenta al paso.
 Mas si el cadalso mismo es tu destino
 Bendice tu inocencia, y no hagas caso.

Coruña 10 de abril de 1862

Cantar adicado ó feitor dos Fidalgos de Monforte D. Benito Vicetto

LOITAS DE ILDARA

Ela tamen miña xoia
 Co lume mesmo
 Presa do galán Amaro
 Vive sin xuicio
 Non discurr'a sua alma 5
 Sin que garrida
 A figura de Amariño
 Non-a persiga.
 Se mira as douradas nubes
 Que vist'o ceo 10
 Os olliños se lle engrillan
 No seu cabelo,
 E se cansados se pousan
 N'algunha almena
 O topan alí cravado 15
 De centinela! ...
 El é o sol que a quenta,
 A luz que a guía
 O ventiño q'en sospiros
 Ela respira. 20
 Por que o veu cunha strela
 De tanta lapra
 Q'as miradas tornou parte
 D'entrambas almas.
 Por eso tan solo pode 25
 Dios separalos
 Porq'as duas almas teñen
 Alma d'entrambos
 Mais ela ten outros donos
 De quen é escrava 30
 E a quen xurou por decote
 Non ser falsaria
 Un é Dios a quen adora
 Con lume sagro,
 Outro o Conde a quen respeta 35
 Pro ¡tanto, tanto! ...
 Mais ¡ai! que entre un e o outro
 Mirando ela

Sempr'a figura d'Amaro
Morre ca pena.
¿Qué facer para librase
De tal martirio?
S'o ceu non oi os seus rogos?
¡Fado cativo! ...

40

A LA JUVENTUD ESPAÑOLA

Canción guerrera

Coro

¡A las armas volemós! ¡volemós!
 Que la España no aguanta mancilla,
 Y el terrible león de Castilla
 No se venga con sólo rugir!

I

Al compás de la guerrera trompa 5
 Que de Iberia las cumbres atruena
 ¿Quién de bélico ardor no se llena?
 ¿Quién no siente su pecho latir?

II

¿Quién al sueño fatal se abandona
 Y las armas bramando no empuña 10
 De Barcino hasta el mar de Gascuña,
 De Brigancio hasta el Guadalquivir?

III

¡Ea bravos! el África os llama
 Do el hispano estandarte flamea,
 Que si el moro con rabia pelea 15
 Más glorioso será el porvenir.

IV

Si el muslime fanático y rudo
 Como sierpe a luchar nos provoca
 ¡Siempre cae mordiendo la roca
 Por do tiene impotente que huir!

V

Que el león español nunca ceja, 20
Y ora sea en la sierra o el llano,
Sin esfuerzo al leopardo africano
A sus plantas le hará sucumbir.

VI

“Por mi patria, mi Dios y mi Reina 25
Néctar, dice el soldado, es la pena
Si alcanzamos la turba agarena
En los valles de Fez confundir”

VII

Que valor de Guzmanes y Cides
Nuestro noble caudillo alimenta
Y otra magna Isabel nos alienta ... 30
¡Y es forzoso triunfar o morir!

VIII

Enervada la España creía
El esclavo del falso Profeta,
Y confiado en su chusma indiscreta
Los tratados negóse a cumplir. 35

IX

Mas al ver la bravura potente
Con que O'Donnell desprecia su bulla
Como fiera en las breñas aúlla
Pretendiendo el peligro eludir.

X

De Bullones al ver nuestras obras 40
Se exaspera la indómita hiena:
Y aunque baja, sucumbe en la arena
Sin poder nuestro avance impedir.

XI

Pues los hijos de España son héroes
Que sonriendo reciben la muerte 45
Entonando con ánimo fuerte:
Sin honor ¡mengua ... mengua es vivir!

XII

¡A luchar, a luchar adalides
Pues se agota del moro el empuje!
Y aunque lleno de despecho ruge 50
Nuestra paz luego habrá de pedir.

XIII

Que a la par que la Europa se admira
Del poder que en España presiente,
Él golpea su estólida frente
Sin saber qué partido seguir. 55

AL ILUSTRE PUEBLO CORUÑÉS

Cuando la voz solemne del tribuno
 Haciendo estremecer los capiteles
 Del templo do se guardan los laureles
 De la moderna historia,
 Declaró ¡guerra al Moro! 5
 Y el palenque franqueó de inmensa gloria,
 Donde el grande Cisneros
 A los líbicos campos hizo iberos,
 El pueblo generoso
 Con acento sonoro, 10
 Contando con su espíritu brioso
 ¡Guerra! ¡guerra! exclamó,
 Y en belicoso coro,
 El eco repitió:
 ¡Guerra al muslime vano, 15
 Y al osado que intente
 Hollar el nombre hispano!
 Y corriendo a postrarse ante las aras
 Del Dios de las batallas,
 Do sin nubes el alma se refleja, 20
 Ruégale que proteja
 A su Reina esforzada
 Y a quien con tanto acierto la aconseja.
 Y con la ardiente fe de sus mayores
 No temiendo de Jano los furores, 25
 A su patria y su Dios rinde la ofrenda
 De su vida y su hacienda.
 Y ahogando de su pecho los latidos,
 La madre cariñosa,
 Da sus hijos queridos, 30
 Que es matrona española y orgullosa.
 Pero antes de aquel beso,
 Acaso de una eterna despedida,
 Que lleva entre su aliento amor y vida
 Con mano varonil, aunque amorosa, 35
 En medio de plegaria fervorosa,
 El retrato le entrega de María
 A quien le recomienda noche y día.
 Y aunque el llanto la baña,
 Le dice – ¡Hijo del alma! 40

¡Sé noble! ¡Venga a España!
 Y si mueres ... ¡de Dios tendrás la palma!
 Con esto a la pelea enardecido
 Camina sin temor de ser vencido:

45

Y ora en la noche vele, o fiero luce
 Con la lluvia o la peste aterradora,
 Ya corra sin cesar o apenas coma,
 O se encuentre en la aurora,
 Batiendo a los sectarios de Mahoma,
 Ninguno habrá le escuche

50

La más humilde queja,
 Que tan solo se deja
 Su pecho dominar del noble anhelo
 De ver triunfante España en aquel suelo.

55

 ¡Vedle venciendo allá el alto risco
 La muerte encaminando
 Do apunta su escopeta,
 O intrépido calando
 Su aguda bayoneta
 Lanzar a lo profundo al berberisco;

60

O abrir con las centellas
 Que lanzan sus cañones
 La tumba a un pelotón de cien bridones!
 ¡Miradle entre cien moros aguerridos
 A costas conducir nuestros heridos,

65

Y libre de peligros sin iguales
 Volver la noble presa a sus reales! ...
 Pero ¡ah! ¿a qué seguir si tanta fama
 La admira toda Europa y la proclama?
 ¡Loor! ¡Loor eterno a sus proezas

70

Y santa bendición a esos guerreros
 Que en medio del invierno y sus crudezas
 Sostienen nuestro honor con sus aceros!
 ¡Salve a la madre Patria que despierta
 Del sueño en que yacía aletargada

75

Para mostrar al mundo descubierta
 Su frente veneranda e inmaculada! ...

¡Viva la Reina!
 ¡Viva España!
 ¡Viva el heroico ejército español!

EPÍSTOLA MORAL

A mi tierno y carísimo discípulo Don Baldomero de la Encina.
Regulando su afán excesivo de saber

¡Es la inocencia, Baldomero mío,
 El alba misteriosa de la vida,
 Sonrisa con que Dios alienta al hombre
 Cuando este valle de amarguras pisa!
 Es aquel dulce albor que nos coloca 5
 El dorado cendal ante la vista
 Con que nos libra de la duda insana
 Que en nuestros pechos la ponzoña infiltra;
 Y por entre sus mallas seductoras
 Nos muestra del dolor la negra espina, 10
 Ora en la vaga lontananza oculta
 O con las flores del placer vestida.
 ¿Oh cándida inocencia ...! ¡Quién pudiera
 Tornar de nuevo a tus felices días,
 Aunque olvidase las verdades todas 15
 Con tu existencia por desgracia habidas!
 Eres más bella que la flor primera
 Que entre las auras del abril respira,
 Más dulce que el concierto de las aves,
 Que amantes preces al Eterno envían; 20
 Eres como el capullo pudoroso
 De la tierna y modesta sensitiva
 Pero más arrogante y majestuosa
 Que encina secular al cielo erguida.
 ¿Qué importa que te asedien con empeño 25
 Las almas por el vicio envilecidas,
 Si cual ángel de Dios tranquila duermes
 Sin temor al sitio de la justicia?
 ¡Oh virtud inefable! ¡Oh don precioso! ...
 ¡En vano del saber la antorcha brilla 30
 Cuando tú dejas de animar su llama
 Con los destellos de tu luz divina!
 Cuando en la tierra se desata el odio,
 Y a la venganza sin piedad concita,
 Y prodiga las armas el averno 35
 Que sirven de sostén a la injusticia,
 Cuando se han roto los divinos lazos

Que al rudo cuerpo con el alma ligan;
 Tú eres aquel custodio que nos guarda
 Y a los umbrales del Edén nos guía ... 40

Tú, Baldomero, que este don posees
 Mira que no en el mundo se fabrica
 Y que huye para siempre de la mente
 Del que ambicioso de otra luz lo olvida.

No busques la razón de ciertos hechos 45
 Que de tu vista tu mentor retira,
 Temiendo que se asuste tu inocencia
 Y se hunda para siempre en honda sima,
 Que es la curiosidad la negra mano
 Que acaba despiadada con sus días. 50
 Y si arcanos descubre con su muerte
 Que buscan con afán la fantasía,
 Desata un torbellino de pasiones,
 De dudas y ambición que mortifican,
 Sin compensar jamás con sus encantos 55
 Ni un día del placer de que nos privan.
 Mas ¡ay! que a pesar de esa tu ventura,
 Aureola de tu alma peregrina
 Que al nivel de los ángeles te eleva,
 Y que codicia mi experiencia fría, 60
 No aprecias las auroras de oro y grana
 Que a tu infantil edad galanas miman,
 Y cedes a esa fuerza misteriosa
 Que a la razón halaga y preconiza,
 Cubriendo por un rato el dejo amargo 65
 Con que en su copa la verdad nos brinda.
 ¡Te lanzas sin saberlo al vasto campo
 Teatro do sentidos y alma lidian,
 Como aquél que se arroja sobre rosas
 Y se clava insensato en sus espinas! 70

Dirás que para huir de los peligros
 Es la verdad emanación divina,
 Y que sus rayos de celeste origen
 Siempre las nubes del error disipan;
 O que es odioso, execrable, horrible 75
 El solio inmundo de la vil mentira:
 Así lo pienso yo; pero ¡ah! querido,
 Preciso es moderar tanta ufanía,
 Que suele la mentira engalanarse
 De la santa verdad con la divisa, 80
 O hallarse solamente entre los hombres
 Si muy buscada solamente escrita.

Natura solamente en su teatro
 Siempre patente la expondrá a tu vista:
 Escúchala y sabrás si es elocuente 85
 Y cual sin nubes de pasión se explica ...
 Pero ella te dirá cuán transitoria
 Es la grandeza humana más altiva;
 Y cómo nuestra ciencia es ciencia vana,
 Si sólo en la razón su norte fia. 90
 Diráte que es el hombre insaciable
 De goces y riqueza, y que daría
 Por ellas ... ¡qué sé yo! ... No te lo digo,
 Que es fácil se sonroje tu mejilla,
 Y vale más tu cándida inocencia 95
 Que cuanto a tu ansiedad pintar podría.
 Día vendrá, muy pronto, por desgracia,
 Que puedas apreciar si no es desdicha
 Haber de condenar virtud tan bella
 Por ir tras de una sombra fugitiva. 100
 Al abrigo de padres tan celosos
 Que en hacerte feliz su dicha cifran
 Tú podrás conservarla mucho tiempo
 Si dócil a su voz siempre te inclinas,
 Y acoges confiado los consejos 105
 Que su cariño y su saber te dictan.
 Sino ... ya te lo digo, Baldomero,
 Apenas logres ver por otro prisma
 La flor agostarás de la inocencia,
 Y no habrá ya en tus labios la sonrisa 110
 Que encanta a este poeta que te educa
 Y forma de tus padres la delicia.

A GALICIA

Introducción

La gloria de la patria
Es vuestra propia gloria.

Do mar cantábrico, sempre ruxento, Da Raia seca que é a Ourental, Do mar Poente farto e lumiento, Lusitan veira, ou vendabal;	
Viciños todos, vind'as carreiras Que hoxe na Cruña croa inmortal Dan homes sabios ás cabeleiras Dinas de honrarse con premio tal.	5
Non sea sempre gromia d'aquela Que ardentes bágoas nos fai chorar Pol os que deron para collela A vida en arras ó patrio lar.	10
Nin s'esturrixe decote a alma No lume pálido d'aquel metal Que é o gurgullo da nosa calma E quen dá vítimas ó anxel do mal	15
Nenas do Miño, do Sil dourado, Do frondo Tambre, e Ullán criador, Mimoso Lérez, Mandeu froreado Tragued'a Cruña voso candor.	20
Cabe, Eume, Limia, Umia e o Meiro, Sampaio, Xubia, Sarela e Sar, Landrove e Porto, Mendo e Xalleiro, Tamén as roxas deixá pasar.	
Do Vale d'Ouro sempre vizoso, Orres, Quiroga, e Terra Cháa, Do Lorenzana, Navia e Fragoso, Fidalgas silfes, corred'acá.	25
Do Bergantiños, do Mirafrores, Do Mondoñedo, e Monterrei, Vind'acó, vinde ceibando amores Co as das Mariñas e do Bibeí;	30
E de Valdeorras, Lemos, Cedeira, Avia, as Somozas, Barcia e Miñor, E máis do Arnego, Deza e Corneira, Sanlés e Vigo, Coruxo e Sor.	35

<p>Croas de rosas.. E de mirteiras, Fuliadeiras, Tragued'acó. Pra dar en premio 40 Á nobre testa Do desta festa Cantor mais bo.</p>	<p>Ai! raparigas, Corred'axiña Que a miña arpiña Temprada está, Diant'a sabencia D'esta tribuna, 65 Que por fortuna, Non morre xa.</p>	<p>60</p>
<p>Tamén eu tolo Por Galiciña 45 Alboradiña Vou a cantar. Que d'amor pátreo Cos seus mimiños Hastr'os meniños 50 Faga brincar.</p>	<p>Trunfo repreto Hoxe esta festa, De gloria testa, 70 Para nos é, Por quen eu dera, Garridas nenas, Das miñas venas Sangre, abofé. 75</p>	<p>70</p>
<p>Pois esta terra Ond'amor anda Sempre en zaranda Co corazón. 55 Dina é lle canten Os poetiñas Cen cantiguiñas De brando son.</p>	<p>Pro seu regalo O voso ouvido Solo vos pido Por galardón; Dos Frorás Xogos 80 Viva memoria; ¡Amor e gloria Para Cortón!!</p>	<p>80</p>

A Galicia

Cántiga

¿Quén te non amará, xardín gallego,
Decote en vran e inverno froreado? 85
¿Quén che non pillará eterno apego
Se te ve sin amor nin desagrado?

¡Ai! perdoná por Dios, cantos m'óides,
Que po la miña terra así me inframe
Tamen vos pol'a vosa desvivides, 90
E quen tal non fixer sería infame ...

¡Bendito seas ti, chan cariñoso,
Onde, se así non for, nacer quixera!
Quírame Dios gardar porvir grorioso,
Dino do teu pasado tansiquera! 95

Que así como en ti houbo emperadores,
Papas, reis, e poetas, e letrados
Dinos d'eterna loa, e gran señores,
E guerreiros invitos renomeados;

Así nas crases todas exemprares 100
Hai d'inxenio e virtude, que o modelo
Coido que o traguen xa dend'os illares
Por vir do orixe aquél dos do Medelo.

Pro deixemol'a Historia q'eu maxino 105
Que fai falla nacer coa luz do xenio
Para arrombala ben: e non atino
Como moitos fan d'ela un prob'inxenio.

Lumeiras do saber fixano a ruta
Dos feitos de valor deste chan noso:
Quen xamais a trillou ¿a qué disputa? 110
¿Podés atafegar o sol lumioso?

Hastra q'Octavio Augusto foi croado
Su aquelas sagras cinzas do Medelo,
¿Houbo pobo mais libre, e respetado
Entr'os que coidan ser de gran capelo? ... 115

¿Ai chan da inspirazon! ¿xardín catado
De cantos despreceano o máis do mundo!
Pra cando a miña arpa for crebada
Gárdoch'o meu respeto mais profundo!

Por tí a miña testa s'enriquece 120
Nas visions mais risoñas, e encantadas
Cando ó pé d'estes mares me amañece
Ó vir semeando a aurora esfolerpadas,

As frores dos seus rizos bermellados,
Das q'amaña un vorcan o sol ardente 125
Cando doura picotos e tellados
Ó erguer sua crencha d'ouro aló no Ourente.

E ferven pol o mar cachóns dourados
Cheos de castas mil de pescadiños,
Que brincan cal moxenas e aturados 130
As redes van a encher cos seus remuíños.

Cando soan os toques da alborada
E posto de xionllos su a herbiña
Bendigo ó noso Dios, e a Virxe amada,
Poñendo contr'o chan a boca miña, 135

Debaixo a ramacía da devesa,
Que altares asomella maxestosos,
Onde cativa a arte se confesa
Diante os seus cortinaxes verdellosos;

Q'abríndose co alento dos airiños 140
Dexan fuxir mil chorros de armonía,
Q'erguen dos prigos seus os paxariños
Para q'ó seo vaian de María.

¡Ai bardos d'outras terras que corredeis 145
Estes portos, e vales, e estes montes,
Coido que de pesar mais non trovedes
Sempre que non vexás seus horizontes!

¿Non vedes esas veigas de pan cheas
Ond'as espigas d'ouro a un tempo roxen
E aguixadas do vento arman peleas 150
E unhas cargan, ou cían, e outras foxen?

¿Vedes aqueles montes do Cebreiro
Decote co a gadella enfariñada
A donde baixa o raio lostregueiro
A sfuracar na neve empedrellada? 155

¿Non vedes esas parras que estendendo
Pol a cachopa arriba as suas guías,
Dimpois d'erguerse ó cruto, van caendo
Hasta esfundir co peso as ramacías?

¿Nin quedades tampouco estatoados 160
Ant'os albres frutás que se esmendrellan
Co peso da froitiña q'inda dura
Cando as pólas co a nova xa fervellan?

¿Nin oís esa fonte gorgulleira
De roxas madre selvas coroada, 165
Onde fía a pastora facendeira,
Cantando o seu amor entr'a manada?

¡Cruzá pois eses vales farturentos,
Onde basta ó peisán o que cultiva
E ond'as vilás maus dos malcontentos, 170
Xamais poden segal a verde oliva;

E decí se sentís esa loitanza
Q'encirra nos mortás a fame d'ouro,
Se no afacés o peito á temperanza
Que bota de sí fóra o odio louro! 175

Aganchemos da serra hastra o asentó
Ond'a águia empríal, dóna do raio,
Ergueu coa sua sangue un menumento
Ás derrotas de Ney aló en San Paio;

E podrés vixiar os nosos portos 180
De quen foi inxeneira a natureza,
E máil os frutos seus, que anque tan cortos,
Neles sosega o inglés sua fraqueza.

Ved'agora os mercados e decíme
Se n'hai para o festexo mais solenio 185
Canto o gusto empeitizo mais estime,
Por moito que escasurre o seu inxenio:

Perlas dentro das ostras rianxeiras;
Lampreas de Padrón, salmón e troitas;
Lenguados das Rías Baixas; das Xalleiras 190
Congrio, arengues, cicial; da Ulla froitas.

Pavéas do Ribeiro, e rico viño;
Da Montaña capóns, queixo e chacina;
Da Cruña branco pan; bois de Laiño;
Ouro e staño do Sil e prata fina. 195

De Lugo bos pernís; de Redondela,
Limonciño en barrís; doces tortiñas
De Monforte; e tamen de Compostela
Molete; e d'Allariz as almendriñas.

Labastros de sú Deza; mel xalleiro; 200
Trigo bergantiñán; bolos tuieses;
Liño do barcalés; málmre moecheiro;
E cabirtos limáns e montañeses.

Sandías e melóns, gordos pementos De Sanlés, de Padrón e da Mahía, Granates de San Marcos, moi lumientos; E en fin: de todas partes mineiría.	205
Pro brincade na Cruña, Vigo e Tide, Nosa Helenes garrida, Ourens, ou Lugo, Nese Santiago farto ... e empois decide Se n'hai de canto á Dios criar lle prugo:	210
Seda, ouro, splendour, xardíns, paseos, Tropa, Universidá, e mais Audencia, Treatos e liceus decote cheos, Catredales, hespicios e sabiencia.	215
Tres milleiros d' scolas nas aldeas, Frábricas de cristal e lenceirías, De potes, louza, mantas, cordas, teas; Pastas e salazón, e tenerías ...	
¿Pero a onde vou eu? ... ¡Anque estivera Tanto como hai que vivo dando conta Das cousas de Galicia, fin non dera Sin nomear no mais q'as d'alta monta!	220
¡Mais non sea eu quen cante en sua loa Seus bens de bendición! ... ¡Non miña maña Pintar pod'o espellar da sua croa, Que tanto ademirou a xente estraña!	225
Pro que cante por min a xentileza Con que ós ollos se mostran eses montes Onde afouta batalla a natureza Por medir seu poder cos hourizontes.	230
Canten tamén por min suas canadas Cheas de carballeiras e pinales, Onde veñen fiar as bretemadas O chorro de cristal que baixa ós Vales,	235
Ond'acocha a bubela, as torcaciñas, As rulas, as perdices e as arceas, O xabalí, o venado, e o cocho-spiño; E se pillan os coellos a mancheas,	

E ond'a garruleira foliada 240
Amaña o reiseñor e o xilgariño,
Que deixan nosa alma encativada
Cando nos alexamos do seu niño.

Canten aquelas torres tan erguidas,
E aqueles maxestosos menumentos 245
Onde do Zebedeu fono atraguidas
As xentes principás dos catro ventos:

E aquela muralliña esbandallada
Que bágoas de pesar da alma quita
Onde foi a Cruñiña libertada 250
Por aquela inmortal María Pita.

E tamen aquel monte esportelado
Por onde fura o mar coma un regueiro
Dando paso ó arsenal mais afamado:
A xoia do bo rei Calros terceiro. 255

Ou canten as penedas ond'esparce
Seu brando rosicrer o albor do día,
Pois son os cotaredos de Valcarce
Onde esmendrou Sorret a Mourería.

E senon ese monte que testigo 260
Un día foi da queima do Normando ...
Das perdas de Waren ... ¿pero a qué sigo?
¿Quén pode as grorias nosas ir contando?

Moi dino eres, meu chan, de ser cantado
Por doces e percraros trovadores 265
Que che ergan menumentos ... pro ¡ai coitado!
¿Non son pra alma grande os grandes dores? ...

¿Non veu Galicia triste e esconsolada
Dos seus ilustres fillos a vidiña
Segada pol a morte esconciada 270
Cando do saber seu mais falla tiña? ...

Pro deixemos tristuras, e a ese monte
Seguime se querés, bardos queridos,
A darlle un tenro adios a este hourizonte
Que hoxe tanto mimou nosos sentidos. 275

Alí verélo sol ás vosas prantas
Porcramándovos reis de tod'o mundo,
E ante as sabas do mar cántigas santas
A Dios fartos darés d'amor profundo.

D'alí por outra lira irés ós ceos 280
¡Pois q'a do chan non serv'ó sprito voso
Para ofrendar a Dios nos arrodeos
D'ese areal de mundos miragroso! ...

¡Ai! ¿Quén alí n'é libre? ... ¿Quén alí abate 285
O seu peito ós tiráns do mundo enteiro? ...
¿Qué infruxo tén s'el o gran manate? ...
¿N'arde alí o amor pátreo verdadeiro? ...

¡Ai Galicia! n'é straño s'inframasen 290
Teus fillos, do Medelo na cristeira,
E antes que ser escravos conquistasen
A libertá do sprito entr'a fogueira! ...

Diante un recordo tal con dor da alma
A lira pouso eu, patria querida,
Mais cando ó peito meu retorne a calma
Por ti resoará mais atrevida. 295

Hastra entonces, ¡Galicia, eu te bendigo
E prego ó santo ceu por tua sorte!
¡Queira él tan cremente ser comigo
Que no regazo teu me pille a morte!

E darch'a ti o porvir q'aló no ourente 300
Ás artes, ó comercio e á labranza
Ven mostrando esa strela relocente
Na que despois de Dios poño a speranza.

Estonces sí, estonces será cando 305
Teus infinitos dons sean cantados
E vaian tua groria porcramando
A eses homes rudos e atrasados;

Para quen non aluma a luz da Historia,
E con fraco caletre non conciben
Que haxa inxenio, país, virtú nin groria, 310
Senon a d'aquel pobo donde viven.

¡Mais deixemol os ditos malfadados
Dos que non ven os bens que en ti relocen!
Só falan mal de ti porque ... ¡coitados!
¡Non saben o que din! ... ¡non te conocen!

315

O RECORDO

Ó cantor do desconsolo, o docísimo poeta gallego Don Alberto Camiño

Ó pé da fontíña – cochado entr'as pólas
D'un verde frorido – mais triste arraián
Sospiros da alma – estou dando a solas
E en busca d'Alberto – perdidos ¡ai! van.

En balde no souto – se ven reiseñores 5
Cambeando biquiños – de cándido amor
S'él xa non escoita – meus ais tremedores,
Se solo a *fontiña* – responde ó meu dor.

Ai! que xa n'aguanto – tan fero tormento
Cal corta as aliñas – do meu corazón 10
Ó ver sin o dono – o seu triste asento
Cochado entr'os musgos – de baixo o *chorón* ...

¡Ouh mar prateado! ¡piadosos, ouh ceos!
¡Ouh val de feitizos – que tristes estrai!
Decille ós meus rogos – de dores ¡ai! cheos 15
¿Qué foi de Albertiño? ...– ¡ai Dios, ónde él vai? ...

¿En qué albre ou roseira – deixou pendelliña
A arpa amantiña – que o peito maguou
Sin cura xa, cando – *ó pé da fontíña*
A morta Sabela – na cova chorou? 20

¿En dónde te escondes – cantor nemoroso
E o teu *Desconsolo* – chorando ti estás?
¡Co teu amiguiño – sé franco e piadoso,
E contra o seu peito – consolo acharás!

¡Ai miña xoíña – esperta che rogo, 25
Sai do semiterio – meu colo a streitar!
¡Ven, da miña alma – amáina este fogo!
¡Ven, na nosa lingua – por Dios a cantar!

E torna á Galicia – de ti tan querida,
A este praíso – que veute nacer; 30

E nel unha cántiga – daremos dorida
D'amarga tristura – ou brando pracer.

Catar novas croas – de frescas folliñas
Loureiros preciosos – ven ti a este chan
Trabuco d'aquelas – d'amor cantiguiñas, 35
Que en canto haxa mundo – teu nome honrarán.

Responde ós meus rogos – por Dios che suprico
Nos trinos eu óiate – do amante serín! ...
Nos aies noitebros – das cruxas do Pico ...
Dos mouchos do adro ... – ¡ai, doite de min! 40

¿Mais cómo é posíbel – mundano consello
Se o ánxel da morte – lle a arpa raieu ...
Fechou seus despoixos – co seu santo sello ...
E co seu espírito – a gloria fuxeu?

Se ó par alí o vexo – ¡ai! de Sabeliña 45
Alí o eu sinto – trunfante sacar
As cántigas santas – de mais branda arpiña
Que van no seíño – de Dios a espirar ...

A él por min roga, – meu bardo qridiño,
Os pés da Virxiña – ti bica por min, 50
En canto non chego – o fin do camiño
D'o val d'estas penas – a ver pelengrín! ...

Neniñas que andades – por este campião
Rosarios de bágoas – chorá coma eu
Que a vosa faliña – co tenro Albertiño 55
Da sua defensa – a estrela perdeu.

¡E xa que non vemos – a sua tombiña
Xa que suas cinzas – acólle outro lar
Correde con frores – á cruz da fontiña
En que *O desconsolo* – lle oístes cantar! ... 60

A MARIPOSA OU A SORTE DA COBIZA

Adicada ó ilustre pobo cruñes ¹

Nos terciopelos de purpuriña rosa Leda se estrica garrida mariposa.	
No polvo d'ouro as alas enfoulando	5
Nas que as raiolas o sol vense aluzando.	
Érgue os prumachos lerteira de contento,	10
Cando as folliñas da rosa encrecha o vento.	
Nas roxas borlas das ebras ferturantes ²	
Tremar facendo pingotas de diamantes,	15
Dos que da crencha ceibáronse da aurora	
Cando croada de luz feitizadora	20
Entr'as folías do xilgariño amante,	
Dou lume ós craros alcázares d'Atlante.	
Douradas prumas e franxas gaioladas,	25
Ricas lle bordan as alas festonadas;	
E nos seus visos do sol semelladores	30
Tanto s'enfoncha que humilda á nai das froes.	
De canto hai nado por reina se porcrama,	
E maxestosa se vai de rama en rama	35

Hachando tronos en cada fror ou folla Que por tan ricos non sabe en cal escolla.	40
Danlle, auga os regos, e leitos a pradeira Entr'as felpiñas da parra e da malveira, Pan azucrado, e mélicos licores	45
A empriál mesa dos cálices das frores. Por onde vóle l'ofrece a natureza Ricos amores despidos da tristeza:	50
Mímana os aires na fonte e no regueiro Cos paxariños en coro falangueiro ..., Pro todo é pouco, que a veluntá mimada ...	55
Solo da estima á xoia conquistada! Así dando ela ós seus antoxos créto Pol a tuxeira cambéa o val compreto.	60
¡Vede qué infrada desprecia a fresca rosa Ole os xeranios e vaise desdeñosa:	65
Foxe das lilas que se érguen ós seus ollos, E non fai caso dos lirios, ós cogollos! ¡Pára, anduriña, teu voo retortéiro,	70
Que te convidan frorido pexegueiro, Tenro funcho, e sabugueiro brando, Onde as abellas o mel andan zugando!	75
	80

¡Ai! n'esas matas
de ricos caraveles
Párate e mira
siquera para eles,
Q'o seu alento 85
devólve a sanidade
Por revellida
que for a enfermidade.

¿Cómo así deixas
ingrata cobizosa 90

Das laranxeiras
a folla recendosa,

Dos almendreiros
os vermelliños rizos

E das cerdeiras 95
os cándidos feitizos? ...

¡Nobres loureiros!
deixá, deixalle paso,

Que os seus sentidos
non fan da razón caso; 100

Pois cando mandan
as potestás do peito

Non póde o trono
da alma estar dereito.

¡Ai! xa empachada 105
do amor e da riqueza

Que sin madría
lle daba a natureza,

Reboligando
traspón a carballeira, 110

Olvida o prado,
e pousa na tuxeira.

¡Néla ll'esperan
perigos desalmados,

Toxos sanguiños, 115
e espiños aguzados;

Bravas ortigas,
e xotos silveirales

Cheos de guinchos
espiñas moi arnales! 120

S'erguen queiróas
e uces, purpuriños

Á sua sombra
 seus cucos faroliños,
 ¡Tente, anduriña, 125
 non baixes, non, por eles
 Que son mais caros
 que os brandos caraveles!
 Non te aconselles
 da tua gran listura, 130
 Nin nos feitizos
 da tua bonitura,
 Que aves monteiras
 ó teu volar lerteiro
 Porán fin cedo 135
 co as pugas do peteiro.
 Mais ¡ai! ¿non vedes
 cal vóla esconcertada
 Tras da silveira
 das aves a bandada? 140
 ¡Ai! ¿non a vedes
 cos toxos ir rozando
 Por ver se libra
 do voladeiro bando?

 ¡Ai! ¡fuxe! ¡fuxe! 145
 ¿non xúntel as aliñas
 Nin aturada
 te craves nas espiñas! ...
 Pro ¡miña xoia!
 quen vive sin cautela 150
 Morre co sino
 da esventurada strela!
 Por ir escrava
 d'un malfadado antoxo
 Hoxe mortiña 155
 te miras nese toxo,
 Xa dispidiña
 das tuas ricas galas,
 E sin os lumes
 do tul das tuas alas ... 160
 ¿Por qué deixaches,
 garrida mariposa,
 Os terciopelos
 da purpuriña rosa?
 Non che pracia 165
 o mel d'olido cheo

<p>Que sin perigos chuchabas no seu seo? ...</p>	
<p>¡Ai que as dozuras da horta e da pradeira Non suxetaron teu cobiceiro afán!</p>	170
<p>¡Ai que non vías perigos na carreira!</p>	
<p>¡Seguir quixeches o corazón humán! ...</p>	175
<p>¡Ai! que sin freno o desigual carreiro Dos seus sentidos con rexo afán sigueu;</p>	180
<p>E fatigada, co corazón baldeiro, Súpitamente sin ser feliz morreu!!!</p>	

Cruña Setembre de 1861

O SUSPIRAR DA RULIÑA

I

Ruliña da verde pòla
 Ese teu lair d'amor,
 S'un momento me consola ...
 ai, ai!
 Dous mil me mata de dor. 5

Rula inocente,
 Tamen así
 Un ben ausente
 ai!
 Choro cal tí. 10

II

Cando a alborada n'ourente
 Mostra seu rostro galán
 Tras do teu rular doente ...
 ai, ai!
 Os meus suspiriños van. 15

Rula inocente, etc.

III

Sigue, ruliña, cantando,
 Non enmudezas así,
 Mentres q'eu triste cantando ...
 ai, ai!
 As horas irei por ti. 20

Rula inocente, etc.

IV

Vais'aurora tras d'aurora,
 Unha fror tras outra fror,
 A nosa sorte treidora ...
 ai, ai!
 Non nos trai nova millor. 25

Rula inocente, etc.

V

Airiños, aires d'ausencia
Q'así fuxistes de nòs,
A dicha con deligencia ...
ai, ai!
Tornáanos, torná por Dios! 30
Rula inocente, etc.

VI

Quédate con Dios, ruliña,
Que xa espira o arrebol:
Quira Dios q'hoxe a luniña ...
ai, ai!
Sea mais pía q'o sol. 35
Rula inocente, etc.

VII

Tristes horas, tristes horas
Pasastes sin compasión,
Sin traer consoladoras ...
ai, ai!
A paz ó meu corazón. 40
Rula inocente, etc.

San Julian de Osedo
Auntamiento de Sada
Agosto de 1862

HIMNO EPITALÁMICO

A las bodas de mis jóvenes amigos Don Angel Sastre y Doña Pilar Delgado

I

¡Honremos a Himeneo!
 Pulsemos nuestras liras,
 Que del hogar los manes
 Ya hincan la rodilla
 Rindiendo ante sus aras 5
 La flor de las delicias,
 Ofrenda de una esposa
 Que hoy casto amor anima.

Cantad en dulce coro
 Zagalas peregrinas, 10
 En torno al virgen tálamo
 Do la ilusión se agita,
 Do vuelan Cupidillos,
 Do vela Venus misma
 Para ordenar los sueños 15
 Presagios de la dicha
 Con que corona el cielo
 La fe de nuestra amiga.

¡Ea! agita el sistro
 Que al regocijo excita, 20
 Y la nupcial diadema
 De lirios revestida,
 Que premie su inocencia
 Al son de las albricias
 Que vuelan como el aura 25
 De vuestras dulces liras.

II

Recibe ¡oh bella esposa!
 Las dulces armonías
 Que hace brotar del alma
 La inspiración divina, 30
 Al son que en blandos giros
 Las tiernas avecillas

La ley del amor cantan
 En la enramada umbría.
 Y mientras tu mirada 35
 Los rayos deposita
 Sobre el altar do humea
 De tu beldad la víctima;
 Apúrense las copas
 Y corra la ambrosía, 40
 Y hermane sus acordes
 El hada más festiva,
 Que gravedad hoy fuera
 O cortedad remisa,
 Injuria imperdonable 45
 A tan felice día.

III

 Oh vosotras matronas,
 Las de la fe encendida
 A quienes nuestra Iglesia
 Ha tiempos que autoriza 50
 A ser como Minerva
 De las esposas guía,
 Aquí de la prudencia
 En vos no desmentida:
 Aquí de aquel consejo 55
 Que es del honor la egida,
 Y el áncora que salva
 La paz de las familias.
 Abrid el libro santo
 De la amistad sencilla: 60
 Y allí en la primer página
 Que en líneas diamantinas
 Enseña los deberes
 Que al matrimonio ligan,
 Ante el altar sagrado 65
 Do en espiral oscila
 La llama que en un pecho
 Dos almas unifica,
 Y con dorados lazos,
 Y sellos de amatista, 70
 A mutuos sacrificios
 Dos albedríos liga;
 Leed a vuestra alumna
 Para que alerta viva,

Y sufra antes la suerte 75
 De la inmortal Virginia
 Antes que a los amagos
 Del deshonor se rinda.
 Mas luego que jurare
 Ser fiel a la divisa 80
 De las matronas nobles,
 De las esposas dignas;
 En posesión dejadla
 De la mansión querida
 Donde hoy la esperan sueños 85
 Preludios de sus dichas,
 Y brisas perfumadas
 De rosa y ambrosía
 Que ocultan a sus ojos
 Los males de la vida. 90
 Dejadla, sí, en su tálamo
 Que el almo Dios bendiga
 Y fecundice pródigo
 Con prole, en virtud rica,
 Que dote a nuestra patria 95
 De venturosos días.

IV

¡Ah! vosotros los nobles zagales
 Que en graves consejos la voz elevais
 Al mancebo que hoy une la Iglesia
 Con virgen esposa la mano estrechad. 100
 La prudencia que brilla en su frente
 Le hará siempre digno de afecto y de honor,
 Que nobleza en el alma derrama
 La llama divina del púdico amor.
 Entonad vuestras cítaras de oro 105
 Y en himnos sonoros conmigo cantad
 Impetrando corone Himeneo
 Su suerte futura con frutos de paz.
 Ley suprema que al orbe cautivas
 Con dulces cadenas, cadenas de amor, 110
 Nunca rompas tu centro divino
 Ni extingas el fuego de excelsa pasión.
 ¿Cuál sería del hombre el destino
 Si amor no llegara su pecho a inflamar?
 Como fiera los siglos cruzara 115
 Sin nombre y sin gloria, sin patria ni hogar.

Sin tu aliento la flor no existiera
Y el valle cambiárase en triste erial,
Ni alumbrara del genio la estrella,
E inútiles fueran la tierra y el mar.

120

¡Siempre luzca tu antorcha divina
Sagrado Himeneo, celeste deidad,
Y al esposo que acepte tu yugo
Benéfico escuda su lecho nupcial!

UN SALUDO A NUESTRA ILUSTRE PAISANA Y HERMANA EN EL PERIODISMO
LA CÉLEBRE VIRGINIA FELICIA AUBER¹

Fecunda planta de *Brigantium* bella
Que en el suelo de Cuba trasplantada
Eres destello de la luz preciada
Que en su tribuna popular descuella.

Dejas eterna y memorable huella 5
Con tu moral sublime e inmaculada,
Que ensalza la misión nunca premiada
Del que persigue del saber la estrella.

Por eso al contemplar reanimado 10
El hijo de la ciencia en la “Galicia”²
Las flores de tu numen delicado,

Envidia del país que te acaricia;
Exclama en noble orgullo arrebatado:
¡Bendiga Dios el numen de Felicia!³

PANXOLIÑA DE NADAL

Introducción

Alegravos, picariñas, E botá leña no lar Porque a fortunosa hora Para todos vai chegar.	
Poñed'unha ola chea De viño e mel tras do lar, Ou con azucre e manteiga Para un gròlo impóis botar.	5
Q'hoxe o estámigo repreto Ha d'estar de macallá, De sopas e de pantrigo De magosto e de mazás.	10
Meniños, tomade piñas, Pódeas ò lume a quentar E méntras a cea chega Os piñóns escabullá.	15
¡Apill'a fruta, Perucho! Ti as ferreñas, Culás! Caitano coll'o pandeiro! E ti as conchas, rapaz!	20
Que méntres Sabela guisa Vamos nosoutros runfrar, Cantando pol-o rueiro A panxola de Nadal.	
Q'é xusto que lle cantemos Ó santo neno Xesus, Que dimpóis de nacer probe Quixo morrer nunha cruz.	25

Estribillo

Corré, picariñas, Correde a escoitar Antes de q' o galo Coménce a cantar.	30
--	----

Copras

Hoxe a mansa pomba
Frol de Xericó
Pariu nunhas pallas 35
Ó meniño Dios.

¡Virxiña sin mancha!
¡Filla de Xudá!
¿Por qué sendo reina
Pares nun portal? 40

¿Por q'así nas pallas
Tès o teu pichón,
Ó amor do alento
Da mula e do boi?

¿Por q'o anxeliño 45
Q'esto ch'anunciou
Un berce mais brando
Pra el n'amañou?

¡Filla de Davide!
¡Neta de Xacó!
¿Por qué n'atopaches
Un leito mais bo? 50

¡Ai, miña xoiña
Qué lástema das!
Ó ver que pra o Neno
Roupiña non tras. 55

A alma nos cortas
Véndoche quitar
O pano do còlo
Par'o embrullar. 60

¡Qué afrixido e triste
Sospira Xosé
Porque non encontra
Con que vos valer!

¿Por qué dos palacios 65
Fuxiche, meus Dios,
E tan esvalido
Naciche entre nòs?

¿Non ves que probiños
Non temos aquí 70
No mais q'esta almiña
Que nos deches ti?

Entr'estas penedas,
Fragas e terrons
Só topar podeades 75
Tenros corazons.

Prò vamos pastores
Vamos a catar
Canto achar poidamos
Para o acochar. 80

Adios, meu ruliño,
Que vamos buscar
Pelexas e panos
Para t'abrigar.

E pr'a nanaiciña 85
Vamos a tragner
Cuncas de manteiga
E olas de mel.

Rulas e pombiñas
E òvos tamen, 90
Leite e mais fariña
Pr'as papas facer.

Adios e non chores
Que n'hemos tardar
Pois d'este presebe 95
Prèto está o lugar.

¡Adios, galanciño!
¡Adios, meu amor!
Q'os teus cabeliños
Son raios do sol. 100

Os teus labios rosas
Semeando están
E luz ós luceiros
Os teus ollos dan.

Tan doce e fiteiro 105
É o teu mirar
Que non m'é posibel
Poderm'apartar.

Adios que anque marcho 110
Deixo a alma aquí
Que anque ma deche,
Quers'ir para ti.

Vamos pastoriñas,
Vamos ó lugar 115
Pra que todos veñan
A testa inclinar

Ante o rei dos reises
Que hoxe aquí naceu
E do deño a todos 120
Libertarnos veu.

O PASO DA PORTA SANTA

Romance á usanza antiga

“Pasa Pedro, pasa Xan
 Pol-a Porta da Quintán”...
 A librarse das cadeas
 En que engrillados están.
 Tamén das diversas terras 5
 Que hai dende Escocia hastra Orán
 Reises, nobles e peiteiros,
 Veñen decote, e virán,
 Ó pé do *fillo do trono*,
 Do grorioso Capitán, 10
 Para que rogue por eles
 Ó pai do xénero human,
 Logo que as culpas confesen
 Do seu corazón livián.
 Este vèn porque da guerra 15
 Pudo salir salvo e sán
 Pol-o poder que dou Cristo
 Ó Apóstol seu curman;
 Aquel por salir sin mella
 Da peste, ou dun furacán, 20
 Das mans dun falso testigo,
 Ou de gavilla inhumán.
 –¿Qué querés pelingrinciño? ...
 ¿Qué queredes, meu hirmán?
 –¿U estar le Porte Sante¹ 25
Bone fem compostelan?
¿U le tombó de San-Jac,
Du bieneró Capitan?
 –Acolá, pelingriniño
 Tras d’aquela reixa están, 30
 Que os vintecatros profetas
 Gardan á unha e outra man,
 Por acolá onde a xente
 Entra e sal con tanto afán,
 Éntrase á fonte da gracia 35
 Onde as nubes se desfan
 Que os ollos da alma cochan
 Dos que aman de mais o chan.

–*¡Mersi, bonne fem! ¡adiu!*
Set que vu dir ne comprand. 40
 –Corré, corré miñas xoias,
 Ós pés do gran Capitán
 Que por el as vosas bágoas
 Erguidas ó ceu serán.
 Mais se xa vindes da fonte 45
 Do Franco² para a Quintán,
 Ou se na fonte Sequelo³
 Vos lavastes, meu Roldán,
 Podés vir á Corticela
 A onde os estranxeiros van 50
 Que alí están os *lenguaxeiros*⁴
 Dend'a alba da miñán
 Con poder para ceibarvos
 Dos cárceres de Satán:
 Pois anque eu non vos entendo 55
 Eles vos entenderán.

CANTAR DOS NOSOS MENIÑOS Ó XOGAR Á PITA CEGA

Compostela, Compostela, Ti èl-o Campo ond'a Estrela Atrouxo so Libredon D'Alfonso a gran devoción. Baix'os teus folludos albres	5
Estan os arcos dos mármres Onde matou o Normando Ó noso obispo Sisnando Pol-o que caeu lixeiro Su el Ramir'o terceiro,	10
A facer dos barcos seus Na nosa costa un braseiro.	

SANTIAGO

O Santo Corpo escondido
 Na faldra de Lobio erguido
 Espallou tal resprandor
 Contra os mouros d'Almanzor
 Cando roubalo quixeron, 5
 Que a miles, mortos caeron
 E os que libres saíron
 Para Córdoba fuxiron
 Facendo a nosos hirmáns
 Estes chamuscados cans 10
 Irlles levar hastra aló
 Os esquilós que Fernando
 Lles fixo traer acó.

VINDE

Pelengrín pelengrineiro,
Baixa do Gozo lixeiro,
Que ó lado do ferrador
Espérate o Cambeador
E cabe da Catedral 5
O caridoso Hespital,
Onde Sabela e Fernando
Che teñen un leito brando,
E pra que poidas tamen
Crubir os teus nembros fracos 10
Tènche o obispo un vestido
Na Cruciña dos farrapos.

O ORFIÑO DA ARQUIÑA

Cantar da Ama de Cría, adicado á Eselentísima Señá Condessa d'Espoz e Mina e mais Duquesa da Caridade, no nome dos orfos de Arquíña da Cruña

Ponlle renda ó teu chorar
Miña cariña de ròsa
Q'hoxe vente a visitar
A alma mais caridosa.

¡É meniño!! ¡Éee! ¡Éee!! ¡É? 5

As bágoas que enxuga
Esa Nai tan boa
Tórrenselle perlas
Para a sua croa.
E cada limosna
Q'arriga, a quen tèn,
Unha branca ròsa
Par'a sua sièn.

¡É meniño!! ¡Éee! ¡Éee!! ¡É? 10

Acouga ruliño
Que logo vas ver
O mais brando peito
De náda muller ...
Inda Dios llo poña
No peso do bèn
E viva sin cóitas
Por decòte ... ¡Amèn!

¡É meniño!! ¡Éee! ¡Éee!! ¡É? 15

Q'anque ¡miña xoia!
Che dou com'o fèl
O tòrno por teta
Tua nai cruel;
A que d'amor chea
Te vèn ver aquí,
Non dorme de noite
Pol-amor de ti.

¡É meniño!! ¡Éee! ¡Éee!! ¡É?

Por Dios fuches feito
E non por querer
Da nai que bicarte 35
Non quixo ó nacer ...
¡Ai se esta alma boa
Sò nada pra o bèn
De ti non coidare! ...
¿Quén coidara? ... ¿Quén? 40

¡É meniño!! ¡Éee! ¡Éee!! ¡É?

Á pòrta da igrexa
Irías bater
Esmorecidiño
Das bágoas beber, 45
Ou mòrto e comesto
Tóparat'alguén
D'un can; que só mata
Cando fame tèn.

¡É meniño!! ¡Éee! ¡Éee!! ¡É? 50

Pro gracias á Virxe
Hoxe acocho tès,
E bèrce e tetiña,
E canto quixés,
E sfolerpe, ou xíe, 55
Sarabie, ou chover,
Cueiriños mòles
Virant'á quencer.

¡É meniño!! ¡Éee! ¡Éee!! ¡É?

Cala, miña almiña, 60
Q'a Condes'ahí ven,
Pois Dios que te fixo
De ti conta tèn:
E cocha as mauciñas,
E strícate bèn, 65
E medo non teñas
Dend'hox'a ninguén.

¡É meniño!! ¡Éee! ¡Éee!! ¡É?

Que pan e insinanza
Pardiola has de ter, 70
Roupiña e oficio
Para deprender.
E ende sendo grande
S'ès home de ben,
Na Señã Duquesa 75
Madrinha tamèn.

¡É meniño!! ¡Éee! ¡Éee!! ¡É?

Recórdo do Ano novo de 1858

A MUIÑEIRA DAS FILLAS DA AURORA

Entre plumaxes de ouro e diamantes
E ramalletes de cándido albor
Veñen as fillas da aurora trunfantes
Ó pè do carro do rei do esplendor.

Tíñense os montes d'acesa escarlata, 5
Óise no souto amoroso cantar,
Crúbens'os regos d'encaixes de prata,
E o chau de froes, de perlas o mar.

Nenas, brincade do leito que é hora, 10
Rómpase o cerco en que o sono vos tèn,
Vinde que as rosas entreábrens'agora,
E os vosos labios son rosas tamen.

¡Ai! vinde a ver na verdella mirteira
Como as ruliñas bicándose están
¡Ai! que a estrelaña do amor feiticeira 15
Cochando vai seu rodicio galán.

Aire da fraga, bendígate o ceio
Co teu saudoso e mimeiro soprar
Teus recendores dan folgo ó meu seio,
E o son teu fai as aves trinar. 20

Vinde, meniñas, ó lume mais puro
Que ás almas deixa rendidas d'amor,
Que eu pol-o santo Santiago vos xuro
Que non-o hai mais barato e millor.

– Tendes razón, que é garrida esta aurora 25
Que cos seus lumes cautivas nos fai!
¡Qué luz a sua! – ¡N' é luz que nemora?
– ¡Ai, nosa almiña con ela se vai!

Seas bendita, luciña amorosa,
Dios te nos deixe por cèn anos ver 30
Póis que así fas d'un candelos unha rosa
E d'un cachopo as uviñas nacer.

Teu orballiño é orballo de vida
Inda pra a cinza no medio do vran
Por eso aquel que ó mirarte se olvida
Do teu artifes, é alma de can.

35

Subamos niñas al bosque,
 Al bosque embriagador
 Do exhala
 Amargas quejas de amor
 Dulces aromas
 Blando rumor
 Ya esparce el roble
 ¡ay!
 Y el pino incensador
 Verde alfombra brinda el césped
 Fresca sombra el castañal
 Dulce armonía el jilguero
 Y hermosas vistas el mar
 Vamos aprisa
 Que a lucir van
 Bajo sus ramas
 sí
 Los genios de la paz
 En cada mata de flores
 De laurel o de arrayán
 Siempre se hallará en Osedo
 Amor y felicidad
 Amor dicha y lealtad
 Niñas donosas
 Podeis decir
 Que este recinto
 es
 La mansión más feliz

EN EL CAMPO DE LOS FECHOS YO PROBARÉ LO QUE VALES

Romance en castellano antiguo

Non vale, non, Don Iñigo,
 De manos el apretare
 Nin ponner premias al rostro
 Et sonrisas prodigarme;
 Ca non terné por fidele 5
 La tu felona amistade
 Hoganno mais que probada
 De malfetría cobarde.

Los tus zelmes cortesanos,
 Los tus complidos donaires 10
 Non podieron mansamiente
 Del mi sprito ensenniorarse;
 Porque venieron los fechos
 En contra los tus falares,
 Ca cuidaste eran tenudos 15
 En al ca ninguien ternae
 Como fuer home sesudo
 Et vos podier talentare;
 Magüer fueren los voceros
 Ca el vueso nome loaren. 20

Por esliodo te tovieron
 Los que falsía non saben,
 Et creudo fuiste por yusto,
 Et dinno de fiuncia granne.
 Mas el cielo que non sofre 25
 Se ofresza luengo homenaje
 Al torticero menistro
 De la layda pravedade;
 Ora se val del mi empeño
 Para amostrar lo que vales. 30

Semeyante al mesmo Jano
 Vi tu cara, et por delante
 Ofrescer incensamientos
 A los que más infamaste,
 Et sobyecto a la cobdiza, 35
 O a las miras de ganare
 Al que podier algun dia

De tus enxecos curarte,
 Las derechuras del débil
 Dannado sacrificalle 40
 Dando al aire compromisos
 De ondra tenudos antes.
 Jamás sostien pecho noble
 Un proceder semeyable,
 Et nunca fue bien nascido 45
 Quien de armadías se vale;
 Magüer la tuya aviltanza
 Annos ha me faz cuidare
 Ca es conceyo descreptivo
 De tu ayuntancia curarse, 50
 Et dalle a las tus parabras
 La fe que meresce el aire.
 Yo Sennior desta mi lengua
 Por ofrenda a la tu edade
 Arrostré por Jesucristo 55
 Lo que non sofrira naide,
 Viendo asi tu fingimiento
 Con la virtude ayuntarse!
 Mas hoy que so el albo arminio
 De la amistade adorable 60
 Me firió con nuevas flechas
 La tu negra malveydade,
 Mester se faz que comprennas
 Que van los dias llegare
 De gravedumbre severa 65
 Del vieyo antifaz librate;
 Ca non siempre han ser las canas
 El escudo mas garante
 Para el que nos fiere a escuras
 Cuando amigo ser nos face. 70
 Mal fecho feciste Iñigo:
 Por Dios que pesar te hae
 En desfogar desa guisa
 La tu nemiga mortale,
 Teniendo en mi mano prennas 75
 De las que habrás de membrarte.

 ¡Mal hayan los viles pechos!
 ¡Mal hayan los homes tales,
 Que asemeyando a los justos
 Lexan lugar a los canes! 80
 Pueda el mundo conocelles

Et por siempre esterminalles,
 O retiralle su afecto
 Cuando el cielo los signale!
 ¡Jamás componan conceyo 85
 De los que al poblo guardaren
 E non vallan sus juicios
 Nin naide su luz demande;
 Et cuando favor pedieren
 Topen samente ruindades; 90
 Et de la santa jostiza
 Siempre cegada la calle! ...
 ¡Ay! ¡non guarezais Iñigo
 Vueso proceder infame
 So el manto de la inocencia 95
 Como ate aquí acostumaste,
 Ca sus panos beneicidos
 Non deben guarir truanes!
 ¡A la palestra vos reto!
 Non me fagás esperare, 100
 Ca es justo mi noble reto
 Et es forcioso aceptalle;
 Pues nascí en Compostela
 E non me cendré en menguante!

UNA HORA DE AMARGURA

Virgen del Calvario
Ten piedad de mí
Si cedo a este rudo
Mortal frenesí.

Mi Arminda se muere 5
¡Ay niña infeliz!
¿Qué importa seas ángel
Si expiras así? ...

Héla aquí, Señora, 10
¡Cual alza al cenit
Sus tristes ojuelos
Clamando por ti!

¿Por qué me la disteis
Dios mío, decid,
Si apenas su aurora
Comienza a lucir 15
La veo en mis brazos
Cual tronchado lis?

¿No tienen los cielos
Mil coros y mil
De ángeles que canten
Tu gloria sin fin? 20

¡A qué, pues, me quitas
Mi ovejuela, di!
¿No las tiene hermosas
Tu inmenso redil?

Cuando me la disteis, 25
Señor, os creí
El pastor más rico
De Omar y Gadir

Que al verme sin otra
Dolido de mí, 30
Mi aprisco querías
Repoblar feliz.

Decid, dueño mío,
¿En qué la ofendí
Para que tan pronto
La apartéis de mí? 35

Sabeis que las flores
Del alma le di
Regadas con agua
De eterno vivir. 40

La guié a tus prados
Y adiestrela allí
A seguir la senda
Trazada por ti.

Porque no aspirase
Ponzoña sutil
De aquella que exhala
Doctrina ruin 45

Revestí mi huerto
De nardo y jazmín
De los que a tus plantas
Consagra Leví. 50

Y al pie de sus matas
Incienso esparcí
Cubriendo sus lindes
De hisopo y benjuí; 55

Y oculto a su sombra
Mi arpa tañí,
Y tanto tu nombre,
Señor, repetí, 60

Que hallar ya no pudo
Mansión más feliz
Ni placer más grande
Que balar por ti.

Por eso confiado
En tu amor, creí
Fuese ella el retoño
Que un día feliz 70

Colmase de frutos
Mi amado jardín. 75

Cómo ahora ¡ay triste!
¡Ay triste de mí!
En mis flojos brazos
La veré morir
Sin sentir el peso 80
Que me hostiga así?

¡Señor, Señor santo,
Mis preces oíd!
Aplaque tu diestra
Mi ardiente gemir 85

Y verás un día
Correr hacia ti
En vez de esta oveja
Rebaño sin fin!

Diciembre de 1862

SEGUNDA CANTARELA DE NADAL

A Eselentísima Señora Condesa de Espoz e Mina, Duquesa da Caridade
no nome dos probes da zuidá cruñesa

¡Duquesa da Caridade! ...
 ¿Qué mais ilustre ha de ser
 O voso nòme duquesa
 Entre nòmes de muller?
 Póñanse todos en ringle 5
 A ver cal reluma maise:
 S'aquel q'arrigou cèn bágoas
 Ou quen as sabe enxugare? ...
 ¡Caridá! virtude sagra
 Multiplicate entre nòs 10
 Pois que erel a frol mais rica
 Que dou o seio de Dios.
 Para regarte no chau
 Xesús o seu corpo abreu 15
 E pendente do Calvario
 O sangue á regos verteu.
 Por caridade samente
 Loitou contra os que facían
 Con capa de santilorios 20
 Canto dos pobos querían;
 E no mais millor da vida
 Por ter caridá de nos
 Morreu ¡meu bèn! perdonando
 Cravado entre dous ladrós. 25
 Pol a caridá samente
 Baixa o rico ó pé do probe
 E cal redentor segundo
 Ás suas coitas acorre.
 Por ela topa perdon 30
 O prisioneiro na guerra
 E en cada home un hirman
 Hastra no cabo da terra.
 Porque ela é o lume sagro
 Que ós diebles torna valentes 35
 E ata con lazos tenros
 Ás mais contrapostas xentes.
 ¿Pro qué mais hei de decir

Do que fai a Caridade? ...
Que por ela tedes vos 40
Direito á inmortalidade.

.....
.....

Dios vos garde miña dona
Nesa Caridade acesa
Para bèn de cantos orfos
Ten a poblazón gallega, 45
Que se Mina hachou o ceio
Ben da patria merecendo,
Vòs toparelo tamén
Á probeza socorrendo.

AL FECUNDO NUMEN POÉTICO DEL PRESBITERO D. CIPRIANO SEVILLANO

Noble, dulce, armoniosa
 Oí, por dicha mía, oh Sevillano,
 Tu lira venturosa
 Brotando luz y espíritu cristiano;
 Espíritu fecundo, 5
 Que a pesar del confuso laberinto
 Que el orgullo levanta en sangre tinto
 Siempre la antorcha irguió que ilustra el mundo.

Con mil notas divinas
 Que esparcían de unión rico tesoro, 10
 Como férvido coro
 Que hasta el empíreo la virtud levanta,
 Contar la historia santa
 Te oí de aquel edén nunca olvidado
 De donde Adán gimiente fue expulsado. 15

Mi alma conmovida
 Ante aquel cuadro de tu hábil mano
 Oh ilustre Sevillano,
 Flotando en la amargura
 Al influjo de tu estro prodigioso, 20
 Como esquife que envuelve el mar furioso,
 Iba tras los esposos sin ventura
 Que llorando su suerte,
 Esclavos de la culpa y de la muerte,
 Seguían del proscrito la ley dura. 25

¡Ay, cómo el pecho mío has desgarrado
 Cuando lleno de horror, vate sagrado,
 Distes aquel triste adiós lleno de duelo
 Que pronunciara Adán dejando el suelo,
 Do el Dios de la esperanza 30
 Le criara en su amor su semejanza!
 ¡Y cuánto mi conciencia
 Trofeos dedicaba a tu elocuencia
 Cuando con fiel medida
 Pintabas el deleite y la hermosura 35
 De aquella mansión santa y bienhechora
 Por quien la humanidad por siempre llora!

Mas el dolor intenso que en el alma
Causara aquella culpa maldecida,
Trocóse en dulce calma 40
Cuando el divino labio del Eterno,
El decreto de vida
Prometió renovar contra el infierno,
Y enviar el Verbo humano
A derrocar el trono del tirano, 45
Y con su mano fuerte
Salvar al pecador y atar la muerte.

¡Oh! ¡bendiga el Señor tu numen bello!
Ese divo destello
Es gloria que no empaña 50
De las pasiones la nefanda saña;
Es el don más precioso
Que en los escaños del saber flamea,
Y el influjo amoroso
Que del niño y varón se enseñoera, 55
El sol que alumbra el campo de la historia,
La cuna de la luz, la misma gloria.

Pero ¡ay! cese al momento
La estéril lucha de mi vano intento,
Que no puedo ensalzarte, 60
Ni los impulsos de mi afán pintarte,
Pues no tienen colores,
Vida, ni aroma las ya mustias flores
Con que pretendo ufano
Tu numen celebrar; no, Sevillano. 70

Mas antes que enmudezcan
Las flojas cuerdas de mi triste lira
Que hoy más que nunca de dolor suspira;
Déjame te suplique
Aunque un momento más te mortifique, 75
Animes con tu numen bendecido
La hoguera que en mi alma has encendido.

Coruña Setiembre 5 de 1863

LA ORACIÓN DE LA AURORA

Ya los albores de Oriente Comienzan a divisarse Extendiendo por los cielos Sus diamantinos encajes; Sus pabellones de rosa, Sus penachos fulgurantes, Sus rosicleres, sus rayos, Su flamígero ropaje.	5
Ya los pardos ruisseñores, Ya los jilgueros galanes Sacuden su leve pluma Bajo el sedoso follaje Del perfumado arrayán Y del desmayado sauce.	10
¡Arriba, niñas, arriba! Que se inflaman en los aires Los crespones de la noche Y bello carmín reparten Del mediodía hasta el norte, Y del cenit a levante.	15
Arriba, que la salud Los cefirillos nos traen Recogida entre mil besos De los petálicos cálices.	20
¿No oís los dulces acordes De las inspiradas aves Consagrados al que pródigo Nunca dejó de brindarles El alimento que el hombre Les hace pagar en sangre?	25
¡Oh espectáculo hermoso Nuevo en todas las edades, Nunca al mirarte mis ojos Dejarán de entusiasmarse!	30
¡Ay! ¡tended, tended la vista Antes que el cuadro se cambie! Aljófar esmalta el césped, Esencia la flor esparce, Zumba el insecto en el soto, Del puerto las naves parten	35
	40

Trazando plateados surcos
 Sembrados de oro y corales;
 Viste de grana las torres
 El rojo aurífero cráter;
 Y ante el soplo de la brisa 45
 Argentinas espirales
 Suben del álveo del río
 A la cumbre a disiparse
 Dejando ver de sus bordes
 Las mil frondosas pirámides. 50
 ¡Ah! si atendeis al rumor
 Que armoniza en los pinares
 Do anida la amante tórtola
 Y arrulla con las torcaces
 Un himno oireis glorioso, 55
 Un himno de amor alzarse
 Al incomprensible Artífice
 Cuyo poder, cuyo alcance
 Se extiende desde el *no ser*
 Hasta el *ser* interminable. 60
 Elévalo el sacro bronce
 Que nos recuerda vibrante
 Que al pie del trono de Dios
 Espera la Virgen madre
 Por la cariñosa ofrenda 65
 De las hijas de este valle.
 Inclinemos la rodilla,
 Alcemos preces amantes
 Al Dios de nuestros abuelos:
 A ese benéfico padre, 70
 Potente, pródigo y sabio,
 Justo, santísimo y grande,
 A quien alaban los cielos,
 A quien bendicen las aves,
 A quien envían las flores 75
 Su aroma vivificante.
 ¡Cantémosle, sí, a María
 Con las auras matinales
 La salutación angélica
 Nuncio de nuestro rescate! 80
 ¡Salve Reina de las vírgenes,
 Hija del Dios inefable,
 Esposa del Santo Espíritu,
 Del divino Verbo Madre!

<p>Cual te bendice natura ¡Oh esperanza de los mares! Te saludan los suspiros Que de nuestros pechos salen.</p>	85
<p>Sea alabado el Eterno Por quien estas nubes arden, Por quien late el corazón Y ondulan la luz y el aire.</p>	90
<p>Tú, que del sexo más débil, Del infierno a las falanges, Con la luz de tu pureza La altiva cerviz abates;</p>	95
<p>Tu, la elegida de lo alto Para inviolable base De la cruenta redención ... Sírvenos de baluarte.</p>	100
<p>Vela por nuestra inocencia, Nuestro pecho palpitante Preserva del rudo asedio De las pasiones letales Que ocultan bajo el armiño La degradación infame; Y ante tu égida bendita, Ante el sol de tu estandarte, Huyan del inmundo vicio Los satélites audaces Cual desvanece las sombras Esta aurora rutilante.</p>	105
<p>¡Oh! ¡no nos dejes, María! Líbranos de vil ultraje Y guíanos por la senda Que el dedo de Dios nos trace Ya que un día en el Calvario Te eligió por nuestra madre.</p>	110
<p>¡Oh! ¡no nos dejes, María! Líbranos de vil ultraje Y guíanos por la senda Que el dedo de Dios nos trace Ya que un día en el Calvario Te eligió por nuestra madre.</p>	115

EL ASEO

Baña el rocío las flores Limpia la atmósfera el aire, Sacude el ave sus plumas Y el cuadrúpedo se lame.	
Mudan su piel los insectos Y se engalanan los árboles, Y hasta se inflaman las nubes Tan sólo por depurarse.	5
Que es la suciedad inmunda Corrosiva y miserable Y esparce, si no se ataja, La muerte por todas partes.	10
Amad la limpieza, niñas, Que hace el espíritu grande Y le inspira sentimientos Tan nobles como agradables.	15
Modesta faz, blanca túnica Limpia y ceñida en el talle, Y una flor entre los rizos: Ved del aseo la imagen.	20

LA CASTIDAD

¡Castidad! ¡tú eres la rosa
 Que la abejilla respeta!
 Sólo abre tu seno al sol
 Porque des a Dios tu esencia.

Plegados tienes tus pétalos, 5
 Mil espinas te rodean,
 Y aunque te alienta el rocío
 Jamás en tu cáliz entra.
 Te ocultas entre el follaje

Porque tibia luz deseas; 10
 Hasta las aéreas alas
 Del céfiro te amedrentan,
 Y al menor suspiro suyo
 Toda tu existencia tiembla.

Si te punza algún insecto 15
 Se aja tu corola bella;
 La urna de tus perfumes
 Lléñase de masa infecta
 Y a los pies de tu verdugo

Caes en polvo deshecha. 20
 Huye, niña, del vicioso
 Que como el insecto atenta
 Contra la cándida flor
 De tu virginal pureza;

Sino servirás de alfombra 25
 Del que, impura, te desprecia,
 Y correrás a la tumba
 Cuando más brillar debieras.

Al Excmo. Sr. D. José María Abella, Caballero comendador de la Real y distinguida Orden americana de Isabel la Católica, Jefe honorario de Administración civil, ex Gobernador civil, Vicecónsul de ... [sic] y primer Conde del Campamento

Epístola

Entre los mil aplausos afectuosos
 Que el poderoso labio hoy os ofrezca,
 Conde, aceptad los míos respetuosos
 Aunque su forma de interés carezca.
 Díctalos mi amistad agradecida 5
 Que injusta fuera si pasiva y muda
 Mirase a esa corona merecida
 Que hoy vuestra frente de patricio escuda.
 No adulo: soy austero en mis loores;
 Bien conoceis mi lira independiente, 10
 Y cuán extraño vivo a los honores
 Para dar fuego a mi laud valiente.
 Sólo hiere mi alma la injusticia
 Cuando se abate la virtud probada,
 Cuando se envuelve en sombras a Galicia, 15
 O se amengua su gloria inmaculada.
 Mas no cuando se ilustra a quien la adora
 A quien por ella lucha y se desvela,
 A quien, cual vos, la impulsa y la decora,
 A quien de su alto bien es centinela. 20
 Por eso hoy canto a vuestro armiño honroso,
 Y a sus nacientes timbres duraderos,
 Flores criadas bajo un cielo hermoso
 Que a honrar quisisteis ser de los primeros.
 No lo dudeis jamás, hoy me glorío 25
 Mirando en vuestras sienes ilustradas
 La corona condal que dará brío
 Al crédito y las artes apocadas.
 Canto a vuestra feliz iniciativa
 En dar calor y vida y movimiento 30
 A cuanto es noble y grande y fuerza viva
 Para eruir de este pueblo el valimiento.
 Díganlo sus paseos y sus fuentes,
 Su Instituto, su teatro y sus escuelas,
 Sus muelles y sus fiestas permanentes, 35
 Que son de vuestro afán vivas estelas,

Y el Monte de Piedad benéfico,
 Y la Caja de Ahorros protectora,
 Que al pobre inspiran previsión prudente
 Y enfrenan a la usura ahogadora. 40

Y mil y mil mejoras innegables
 Que aunque prosaico fuera enumerarlas
 Las registra este pueblo en sus anales
 Para inspirar amor a continuarlas.

Estos son vuestros títulos mejores 45
 A mi amistad y al público respeto:
 Y si otro demostrare ser mayores
 A cantarlos de nuevo me sujeto.

Que mil en sangre tintos y orgullosos
 Muestren al mundo timbres y laureles 50
 Premio de intrigas o hechos oprobiosos
 Que al pueblo cuestan lágrimas crueles:

Los vuestros son de amor. Cívicos hechos
 Abonan su bondad; y siempre animan
 Al orden y al trabajo nuestros pechos, 55
 Porque ni al odio ni al rencor inclinan.

Así guárdelos Dios, y su pureza
 Brille más que el lucero al ver la aurora
 Que el timbre de hacer bien es la nobleza
 Que todo pueblo sin reserva adora. 60

Por eso el regio acto de justicia
 Que hoy deja vuestro mérito premiado
 Hace que el bardo humilde de Galicia
 Goce al ver proclamar vuestro condado.

Que el ángel del honor siempre os inspire 65
 En las lides de paz que tanto adoro,
 Y vuestro nombre el porvenir admire
 En inmortales caracteres de oro.

Que vuestros hijos con erguida frente
 Ilustren como vos vuestra memoria 70
 Hasta ganar un puesto permanente
 Entre las planas de la hispana historia,

Que habrá liras más dulces que la mía
 Para erigir a su vez un monumento
 Que ensalce la virtud y la hidalguía 75
 Del Conde protector del Campamento.

Coruña

POESÍAS DE LA CORUÑA AL FERROCARRIL

Soneto

Llegó el día feliz, llegó el momento
 Del pueblo coruñés tan deseado,
 Que de grato entusiasmo alborozado
 Muestra doquier su afán y su contento.

Hoy trocóse en placer el sufrimiento 5
 De un pueblo que yacía abandonado,
 Y mira el porvenir realizado
 Ilusión de su grande pensamiento.

Hoy por eso Galicia en los anales
 De su brillante y veneranda historia 10
 Grabará con recuerdos inmortales

Esta página más de eterna gloria,
 Honrando como buenos y leales
 De sus dignos patricios la memoria.

EL VAPOR

¡Pueblos! Yo soy la paz; el Dios del cielo,
 Al ligar al trabajo mi existencia,
 Rindió las fuerzas de mi raudo vuelo
 A las plantas del Arte y de la Ciencia;

Señor de la materia, cruzo el suelo 5
 Hermanando la humana inteligencia,
 Y extendiendo la luz de polo a polo
 De una lengua, una ley y un Dios tan sólo.

¡No hay valle, precipicio, ni aun altura 10
 Que no salve mi planta prepotente!
 El progreso, la paz y la ventura

Lanza en su curso mi encendida mente;
 Doy nombre eterno a la región oscura;
 Redimo con el arte al indigente,
 Y ¡guay del pueblo sordo a mi silbido! 15
 Jamás será envidiado ni temido.

A GALICIA

Triste, abatido el espíritu,
 pobre y demacrado el cuerpo
 de una matrona bellísima,
 y el seno turgente seco,

5

lloraba su desventura
 como quien llora en desierto,
 desdeñada de sus hijos,
 pero amparada del cielo.
 Bajo sus pies brotan flores,
 suaves aromas su aliento,

10

y siembran doquier sus manos
 de riqueza un semillero.
 Mas, impía la fortuna
 le cierra su lado bueno,
 y sólo miseria y luto

15

le da en cambio el hado adverso.
 De su lado huyen sus hijos,
 buscando en otro hemisferio
 el pan, que siempre es amargo
 lejos del hogar paterno.

20

Y llora la desdichada
 por no poder socorrerlos,
 que en vez de buscar la vida
 muere de la patria lejos.

25

¿Qué hicisteis, bella matrona,
 la de los puertos inmensos,
 la de los fértiles prados,
 la señora del océano,
 la de los ricos productos

30

envidia del universo,
 para que sufráis desdichas
 y dolores tan acerbos?
 –Sufro, porque desdeñada
 y sufrida me entretengo

35

exhalando noche y día
mis quejas en un desierto.
 Sufro paciente mis males,
 sin usar de mis derechos,
 y sólo consigo en cambio

40

que me miren con desprecio.

–Pues no lloreis, madre amada,
 porque de hoy más lucharemos
 para teneros contenta
 volviendo por vuestros fueros.

¿Qué necesitais? ¿Valor? 45
 Valor hay; en tales términos,
 que luchando, la victoria
 será nuestra sin esfuerzo.
 Descuidad, que con constancia
 con patriotismo y fe ciegos, 50
 hemos de alcanzar la meta
 de vuestros justos deseos.–
 Y luchamos y ¡vencimos!
 y en prueba del vencimiento,
 mira a tus hijos gozando 55
 con ruidosos festejos.
 Para asistir al convite
 que a las artes, al comercio,
 la industria, y todas las ciencias,
 da el continente europeo 60
 es preciso abrirse paso
 trepando montes y cerros,
 allanando los obstáculos,
 y construyendo trayectos,
 por los cuales el silbido 65
 del vapor, cual ángel nuevo
 nos transporte a todos lados
 de placer y dicha llenos.
 Para que al solo contacto
 de tus hijos, con el resto 70
 de los hombres, vea el mundo
 lo que valen los gallegos.
 Y cuando a Galicia vengan
 de otras partes para vernos,
 sepan tambien lo que valen 75
 estos mares y este suelo.
 ¡Para que queden absortos
 al ver lo que nunca vieron:
 que en paisajes y productos
 somos, sin par, los primeros! 80

¡Eterna gratitud al eminente patricio gallego y distinguido repúblico, el Ilmo. Sr. D. Frutos Saavedra Meneses, por su poderosa influencia en el feliz resultado de la subasta de la vía férrea del Príncipe D. Alfonso!

Oda

Juguete del rigor de impía suerte,
Y atada al rudo potro del quebranto,
Yacías ¡oh Galicia! muda, inerte,
Sin otro porvenir que mengua y llanto.
Tus mejores proyectos fracasaran,
Cien empíricos medios sucumbieran, 5
Y el frío desaliento

De aquellos que por ti mejor lidiaran
Era el cruel tormento
De un pueblo que en seis años de esperanza
No abrió su noble pecho a la mudanza. 10

Mas al fin, hijos leales,
Siempre dispuestos a aliviar tus males
En la región do luchan
El poder y la ciencia, 15

Apenas de dolor tu voz escuchan,
La luminosa espada de justicia
Que impone a la conciencia,
Rauda y potente esgrimen,

Y nuevo rumbo a tu carroza imprimen.
Y cambian tu destino 20

Abriendo por doquier amplio camino
Para que más no seas vil juguete
Y en el común banquete,
Do elevan cien pigmeos la cabeza,
Luzca tu majestad y tu grandeza. 25

Baste, pues, de llorar. Su faz hermosa
Descubra para ti siquiera un día
Esa insensible diosa
Que tanto se burló de tu agonía. 30

Luzca el sol de bonanza,
Y el comercio, y las artes,
Alcen su caduceo en todas partes
Dando al gallego crédito confianza:

Que ya los sacros manes de Picabia,
Desde el Nerium al Navia, 35
Y de Hércules al Miño en aguas de oro
Franquean de Amaltea el gran tesoro.

II

La voz del herculino consistorio
En nombre de esta perla a quien preveo
Ser de riqueza emporio, 40
Sobre las alas de inmortal deseo
Cruzó la estancia regia;
Y allí ganó en su apoyo el alma egregia
De la Reina querida,
Siempre por su almo esfuerzo esclarecida. 45

Y esa voz bienhadada,
Por tus *dos hijos* hacia el bien guiada,
Bajo el manto de amor de los auspicios
De gallegos patricios
Siempre dignos de loa y de alto ejemplo, 50
De las leyes entró en el sacro templo;
Y noble, ante el sitial de la justicia,
Tu suerte aseguró ¡oh fiel Galicia!
Y en el instante, tu guardian divino
Tendió sus alas de zafir y rosa; 55
Y al lúgubre destino
Que antes nublara tu mirada hermosa,
Enfrenó poderoso
Allá en los antros del Atlante undoso.

Y resonó el clarín de la victoria, 60
Y tu afán y tus penas se tornaron
Cantos sublimes de expansión y gloria,
Y los sagrados bronces resonaron
Elevando a los cielos prez bendita,
Que en bien de los que el lauro conquistaron 65
A los pies del Eterno quedó escrita.

Y ardió cual ara santa el ancho cielo,
Y el pueblo arrebatado, enloquecido,
Soñando ya un edén el rudo suelo,
Dio riendas a su espíritu abatido. 70
Y derramando llanto de consuelo
En medio del placer y la armonía

Improvisó este canto:
¡Gloria a quien nos abrió este gran día!
¡Gloria a quien nos cobija con su manto!

75

III

¡Goza, pues, patria mía! No tus ojos
Ha tanto tiempo en el empíreo fijos
De tu amargo llorar se tornen rojos!
Pues ya levantan tus preclaros hijos
Hercúleos monumentos a tu gloria,
Contra quienes el tiempo despiadado
No alcanzará victoria:
Porque no han sido erguidos
Al grito bullidor de los partidos,
Sino al compás de la apacible lira
Que por la dicha del mortal suspira.

80
85

Abre, pues, madre patria, abre tu seno
Al hijo venturoso,
Que consagró su calma y su reposo
A mejorar tu suerte como bueno;
Al ilustre Saavedra
Del templo de tu bien, sólida piedra;
Al ínclito guerrero,
Que en el bravío suelo mauritano
Vengó el honor hispano,
Dando aliento a los bronces y al acero,
Y entre fatigas crueles
Tu frente sublimó con cien laureles.

90
95

¿No le viste en jornadas memorandas
Con bizarra altivez lanzar el rayo
Allá en la villa del sangriento mayo,
En defensa de ideas venerandas?
¿Y al satélite audaz del dios sañudo,
Trocar el yelmo rudo
Por la sagrada toga tribunicia,
Y encumbrarse en el solio de la ciencia,
Y en tu favor, Galicia,
Mandar al corazón con su elocuencia?

100
105

Pero ¿a qué proseguir, patria querida?
Tú le diste la vida,
El nombre, la altivez y la templanza;

110

Él fue digno de ti. Su honor es tuyo;
Como el mérito suyo
Es digno de tu amor y tu privanza.
¡Cuántos has enviado a la tribuna 115
Que sin piedad alguna,
Tu dolor y tus penas olvidaron,
Y hasta de tus lamentos se mofaron!
¡Y cuando dueños del poder se vieron,
Con desdén maldecido, 120
Ni un solo día de placer te dieron
Por más que avaros de tal puesto han sido!
¡Oh, no le olvides, no, patria querida!
Con el que te sirvió, sé agradecida.

¡OUH ILUSTRE SAAVEDRA!
¡BON VIAXE!

¡Adios, bon fillo desta linda terra!
¡Ó teu porvir a sorte dea xeitos!
Nunca che poñan guerra
Os que agora procraman os teus feitos;
Feitos amantes que a mamoria encerra. 5

Decote o ceo te verá gustoso:
Feitos de tanta pro, tantas virtudes,
Dios xusto e xeneroso,
Ilustre Saavedriña ¡non-o dudes!
Garda e lê no seu libro misterioso. 10

Hoxe que a gratitude te despide
E, envolta nos erguidos pensamentos,
Fertuna nos preside;
¡Fixa da tua patria os sentimentos!
¡Altas virtudes do seu peito mide! 15

E cando ela te erguere hastra o escano
Do que con maxestá baixaches onte,
¡Dá luz ó pobo hispano,
E ser o sol sin mácula, proponte,
Que agrande o nobre sprito galiciano! 20

¡Adios! A Cruña toda reloucando
Dun contento dos poucos desta vida,
Ó mar que está bruando,
Pide aosegue a forza adoecida
Levándote en sutil sospiro brando. 25

Goza tua nai, do ceo na delicia;
Mais aquí nesta Cruña que te adora
E en toda a gran Galicia
Tès outra penla nai, nai que en xusticia
Hastra ós seus detrautores enamora. 30

Non tème que te esquezas xamais dela,
Porque a tua mirada naltecida

É firme centinela
Que en van-a queren ambiciós dormida ...
¡Es tí da nai Galicia crara estrela!

35

Cruña 12 de Outubro de 1864

LAS DELICIAS DEL RÍO MERO

Barcarola

Paseo del 6 de Setiembre de 1863

Mirad niñas donosas
 Que vais cruzando el Mero
 Cuán rubio y lisonjero
 Allá se oculta el sol,
 Y cuál en vuestra frente, 5
 Con mágicos fulgores,
 La luz de los amores
 Inflama el arbol

Coro

¡Remad compañeros
 Que encantos y amor 10
 Esparce en el Mero
 La puesta del sol!

Mirad cual se recrean
 Las linfas diamantinas,
 Cual juegan las ondinas 15
 En cándido solaz,
 Y en el cristal pulido
 De su morada undosa
 Veréis aún más hermosa
 Pintarse vuestra faz. 20

Cantad niñas bellas,
 Dejadme el timón
 Que es brújula exacta
 Mi fiel corazón.

¿No veis cual esos sauces 25
 Cubiertos de topacios
 Seméjanse a palacios
 O templos del Señor?
 ¡Ay cómo sus penachos
 Besando vuestra frente, 30

E hiriendo la corriente
Extienden su rumor!

Remeros galanes,
Los remos alzas,
Y en esa encantada
Pradera saltad. 35

Aquí guirnalda bellas
De hiedras y lianas
Enlázanse galanas
En fresco pabellón, 40
Y arcadas mil levantan
De madre selva orladas
Allí las diestras hadas
Do enredan la razón.

Extienda la lira 45
Su plácida voz
Y empiece la danza
Su giro veloz.

Jugad sobre esta alfombra
Mullida y perfumada 50
Que aquí reparte un hada
La esencia del vivir,
Y apaga las ideas
Fatídicas, mortales,
Que agravan nuestros males 55
Con negro presentir.

Mas ¡ay! ya se empaña
La bóveda azul
Ya tiende la noche
Su místico tul. 60

¡Al río, al río, niñas,
Boguemos con premura
Que si es la noche oscura
Es fácil zozobrar!
Mas no que ya la esfera 65
Se torna luminosa,
Y en él Venus hermosa
Comienza a rielar.

<p>¡Oh caras amigas Cantad por favor Que esparce sus rayos La diosa de amor!</p>	70
<p>¡Ay cómo hiende el agua La alígera barquilla! ¡Ay cuán preciosa brilla La estrella del Pastor! ¡Y cuánto al escucharos Suspira enamorada El ave en la enramada Que se alza en derredor!</p>	75
<p>¡Arriba muchachos Los remos prended Y a nuestras cantoras El brazo tended!</p>	80
<p>¡Adios márgenes bellas Del Mero perfumado! ¡Adios bosque encantado Morada del placer! Corrientes cristalinas Do estático me pierdo ... De vos llevo un recuerdo De inolvidable ser!</p>	85
<p>¡Oh rauda barquilla Consérvate en paz! ¡También en mi alma Grabada estarás!</p>	90
<p>¡Oh rauda barquilla Consérvate en paz! ¡También en mi alma Grabada estarás!</p>	95

A SOLAS

¿Quén, cando solo s'atopa
 Nas calmas do pensamento
 Que fan esquencel-a copa
 Do acedil sufrimento
 Que a testa en sudor ensopa, 5
 Non vola tras da armonía,
 E sin pensar non s'esperta
 Nos mundos da poesía,
 Nesa rexión sempre aberta
 Ós soños da fantasía? ... 10
 ¡Ninguén! Porque raios d'ouro
 Cruzan estonces a mente,
 E rómpes'o carcer louro
 Onde fai triste e dormente
 Das creaciós o tesouro! 15
 E canto s'ergue sorrindo
 Das iluseós na marea,
 Ou ven a brisa ludrindo
 Q'erbas e frondas outea,
 Todo nos fala do Pindo, 20
 Nos presta artístecos ollos
 Cos que nos ergue hastr'ós ceos
 Fuxindo espiñas e escollos,
 Ou ben nos torna ós mareos
 Dos amorentos embrollos.

REISIÑOL

No medio das oliñas prateadas
 Que mornas dend'a lua hastra min chegan
 Mándame, reisiñol, diluidiño
 O mel amainador das miñas penas.

Ti sabes canto gusto dos teus xiros 5
 Dispidos d'arteficios embrollados,
 Sinxela traduceón dos sentimentos
 Que aniñan no teu seo namorado.

Dichoso ti, q'atopas na frondía 10
 O prémeo natural das tuas trovas,
 Sin medo ós mordisquentos cabildeios
 De quen, sin t'imitar, teus sons escoita.

Ca tua inspiración non asoballas
 A cantos donos s'erguen na comarca,
 Ti cantas pra saúde do teu niño 15
 Sin deputar riquezas nin privanzas.

Nos misterios da noite nas frondías,
 Co lume das estrelas t'entusiasmas,
 E ca tua adorada, fiel decote,
 Cos meles d'armonías t'emborrachas. 20

Sin cubizal-os ricos atavíos
 Das mais prezadas paxariles pompas,
 Anque t'agaches no fondal espeso,
 Gózas'o aire en estender tua sona.

Os argalleos da tua lingoa douta, 25
 Ceiba das trabas do triar medido,
 Silencio impón ás arpas alauradas
 Que mais delirian por seguir teus xiros.

¿Qué dis, qué cantas do cheiror das frores,
 Q'o musgo embebe do teu brando niño? 30
 Prádech'o ledo gurgullar da fonte
 ¿Ou gustas mais do rexoubar dos pinos?

OS AIS DUN SCRAVO

Ó meu amigo D. Enrique López Vidal

¿Cándo se roierán miñas cadeias
De loura scravitude
De tantas bágoas e sospiros cheias
Q'así roendo van miña saúde,
Nas longas horas d'esperanza alleias? 5

¿Qué adiant'eu con erguer meu pensamento
Ó scano do infinito?
¿De qué me val ser home e non xumento
E darlle en oración a Dios meu grito
S'El non responde á voz do meu tromento? 10

Penso, sinto, descurro, o tempo mido,
Miñas aucíos arreglo,
Siguind'a luz do ben; amo seguido;
Pro ... irado caporal chámame ¡negro!
E gózas'en ollarme escarnecido. 15

De cote apouvirar os meus deseios
Conseg'a mau d'un branco,
Que vist'o corpo meu con baqueteios:
Xamais o sentir meu debe ser franco,
S'ha de fuxir os ¡ais! de tantos freios. 20

En van o ledó sol da pirmaveira
Dourando os maniguaes,
O bando dos paxaros lisonxeira,
Ven a fartar d'amor; a min fataes
Faíscas ven xuntarme na moleira. 25

Eu non debo vivir do brando alento,
D'aquel afeuto santo
Do que peito ningún quedou esento:
Pedra teño que ser diant'ese encanto
Que rexe dend'a frol ó pensamento! ... 30

¿Pola preteira cor q'en min natura
Rebasou da medida,

Non podo ser xa libre criatura? ... ¿Hastra cando, cubiza adocida, Me has de dar a beber dest'amargura? ...	35
¡Maldizón! ¡Maldizón! Iniquidade, ¿Quién teu folgo alimenta? ¿En qué fundar se pode a autoridade Q'os cimentos do ben di que sustenta, E coida timón ser da humanidade?	40
¡Desaforo brutal, abusamento D'autoridá furtada, ¿Qué fas do teu cantado igualamento Que a Cruz sobr'o Calvario ensanguentada Deu, co sprito de Dios, ó entendimento? ...	45
¡Ouh espírito de raza esprotadora, Entrañas de serpente, S'eres sensibre aind'á voz da honore, Ergu'un tempo á razón, pensa e detente, Q'ese inxemplo que das chama o terrore!	50
España liberal, ergue o estandarte Da redención do scravo: Que os sigros gozarán en alaudarte Do teu rexo poder sin menoscabo: Da dinidade humán ¡sé ti baluarte!	55

EL AMIGO DEL LABRADOR

Pronósticos agrícolas para los diversos meses del año

Enero

Si enero es frío y sereno
 Puede el labrador ufano
 Prometer a su granero
 Que no se construyó en vano.

Así como, si lodoso 5
 El terreno se mostrare,
 Es indicio peligroso
 Si Dios no lo remediare.

Febrero

Si febrero es generoso 10
 En cubrir de aguas el suelo,
 Seguro ten que en un vuelo
 Pasará el tiempo invernos.

Mas no estimes victorioso
 Ver lucir fruto pujante,
 Que hay peligros por delante 15
 Y este orgullo es sospechoso.

Marzo

Dicen que marzo ventoso
 Y frío que no hará daño
 Da un abril franco, aromoso,
 Frutas mil y buen rebaño. 20

Pero será más fecundo
 Si al último cuarto truena;
 Y en la experiencia me fundo
 En dar tal señal por buena.

Abril

Como empiece abril nublado, 5
 Y al medio a torrentes llueva,
 No hay práctico que se atreva
 A llamarle desgraciado.

Pero quien escarde poco,
 Dejando a Dios el cuidado 30

En este mes, será loco,
O labrador no aplicado.

Mayo

No por flores, mayo es bueno
Si empieza con gran calor
Y sigue siendo sereno: 35
Que llueva al fin, es favor;
Que no hay año generoso
De estío madrugador
Pues quema el campo mimoso
Y el fruto perece en flor. 40

Junio

Al empezar junio, es buena
La lluvia madrugadora,
Si es poca y cae serena:
Mas si a turbión destructora.
Viva alerta el labrador, 45
No se entregue al desengaño,
Tercie y rastroje avizor
Que es tal mes llave del año.

Julio

A julio persigue el trueno
Mas el diestro labrador 50
No dé reposo a su seno
Y no le tema al calor.
Ojo al cielo y al sembrado
Y al brazo la segadera
Que al labrador descansado 55
Poco descanso le espera.

Agosto

La frescura en el agosto
Avisa a los viñadores
Agua y si aprecian el mosto
Den a las viñas tutores. 60
Siémbrense los semilleros
Que el frío es de agua razón
Y ésta en los días postreros
Es de viñas bendición.

Septiembre

Quien a cosechar no es listo 65
Pida tregua a la tormenta,
No espere invierno provisto:
Frutas, vinos, cuanto aumenta
El agrícola tesoro
Deja el turbión asolado 70
Sin que los recobre el lloro
Del labrador descuidado.

Octubre

En tanto clarea octubre
No des descanso al arado
Y los barbechos descubre 75
Que el agua ven con agrado;
Y el barbecho bien labrado
Diónos la prenda segura
De que con trigo preciado
Paga la remojadura. 80

Noviembre

Si noviembre es apacible
Y a su final trae helada
Promete año bonancible
Que es joya buena otoñada.
Que no pase el San Martín 85
Sin que la siembra se acabe,
Mátese el cerdo y, en fin,
Bueno es que el mosto se alabe.

Diciembre

Siendo diciembre mimoso,
Hay casi convencimiento 90
De un invierno desastroso;
Mas no si llueve en Adviento.
Pase la rastra el sembrado
Si el fruto en salir es grave
Por cubrirse en *destemplado* 95
Y no hay más en lo que cabe.

Noviembre 23 de 1868

Es de noche: las estrellas Se ocultan tras de las sombras Y como el Orzán rugiente Zumba el aire entre las hojas. Melancólicas ideas	
Como nubes se amontonan Sobre el solio de mi mente Que me abruma y sofocan. El alma pliega sus alas Cual dormida mariposa	5
O como antes del chubasco El lirio arruga sus hojas. Sobre mi mente agitada Las ideas se amontonan Cual tempestuosas nubes	10
Que huyen a región remota. Una sola permanece Diáfana, fúlgida, hermosa La memoria de mis hijos Que embarga mi alma toda, Y la tuya siempre dulce	15
Que me atrae cariñosa. Mis hijos ¡ay! quién pudiera De la suerte la carroza Fijar en su raudo vuelo ... Aquí los tuviera ahora, Yo disfrutara a su lado Y ellos fueran mi gloria Como los pétalos bellos Que dan perfume a la rosa. Tendríamos nuestra quinta Y en ella las dichas todas Por que suspira mi alma Muchas veces cada hora. Los regalos del jardín Y sus galas seductoras De mis futuros afanes Encerrarían la historia Y despreiciaría el mundo ... Mas ¡ay! ¡mi esperanza es loca! Vamos luchando valientes Que hay quienes más tristes lloran.	20
	25
	30
	35
	40

Volvamos a mi casita
Que allí está mi amada tropa,
Mi asendereada vieja,
Y mi tiernísima esposa,
Esperando las finezas
Posibles a mi alma toda,
Que el amor vence imposibles
Y sin él todo nos sobra.

45

ABRIDE AS VENTANAS

Serenata

Abrid'as ventanas	
Viventes estrelas,	
Gallegas roxelas,	
Albor d'este chan;	
Oíd'os cantares	5
D'amor rebosantes,	
Dos vosos amantes	
Que as noites vos dan.	
¿Da lúa non vedes	
A luz que desata	10
Anacres de prata	
Na fonte e no mar?	
Pois é pra vosoutras	
Sua dádiva hermosa,	
Que é rica esa diosa	15
Pra quen sabe amar.	
Si brandos suspiros	
Aquí trague a brisa,	
Por vosa sonrisa	
Se deixan sentir	20
Leales queixidos,	
Doentes resollos,	
Q'erguedes cos ollos	
D'amante ferir.	
Da brisa da noite	25
Nos lánquedos xiros,	
Oíde os suspiros	
D'amante fervor,	
Que dan nosos peitos	
Por vos tan feridos,	30
De cote acendidos	
No lume d'amor.	
Imáns atraguentes	
Das nosas miradas,	
Xogando fiadas	35
No voso poder,	
Nas redes frofidas	
Da vosa hermosura	

Inxenio e bravura
Facedes caer. 40
 Pois xa que en nosoutros
Mandás soberanas,
Non mais inhumanas
Xoguedes con nos;
Guindáños das vosas 45
Apertas amantes,
Y-a vida constantes
Daremos por vos.

¡VEN TI, SANTA ESPERANZA!

Santa, dulce esperanza,
 Vivir sin teu amor
 E irse co a mudanza
 Ós mares do delor.

Fuxir das tuas sendas, 5
 Perder á tua luz
 Vivir é nas contendas
 De matadora cruz;
 E dar no chan ingrato

Cos trunfos da razón, 10
 Xogando a malbarato
 A paz do corazón.
 Sin ti n'hai obra grande,
 Nin hai loitar feliz;

Onde a tua luz non ande, 15
 Lugar é do deslíz.
 Con ela, ven o alento
 Que enxendra todo ben;
 Sin ela, n'hai contento,
 Feliz non hai ninguén. 20

Ti que a trñaca eres
 Da triste humanidade,
 E o ánxel dos deberes
 E a nai da caridad;

Ven destruír axiña 25
 A negra duda, infiel,
 Que afoga ... miña almiña
 Entre amargosa fel.
 ¡Ai! ven, sagra esperanza,
 Por Dios, ó peito meu, 30
 E n'el habrei bonanza
 Hastra chegar ó ceu.

Mayo de 1868

EL VAPOR

Mensajero, ¿dó vienes
 Así noble y así fiero?
 Misterioso poder
 ¿Dónde escondes tu ser?
 Yo vengo de Germania 5
 Que es mi lírica patria
 Y al francés traigo audaz
 Los cantares de paz.

¡Oh, tú que el primero
 Conduces medianero 10
 Al pueblo universal
 El beso fraternal!
 Revela de la Francia
 Sus votos y esperanza:
 Paz a la humanidad, 15
 Justicia y libertad.

Tú, cuya blanca nube
 Se eleva en espiral
 Cruzando cual querube
 El espacio eternal, 20
 Y así bella aureola
 Radiante de esplendor
 La humanidad circundas
 Cual símbolo de amor.

Marcha, rápido cruza 25
 Una y otra región,
 Y si la guerra anuncia
 Muerte y destrucción,
 Tu voz en el espacio
 Con grave entonación 30
 Proclame sin cesar
 El progreso y la unión.

VILLANCICO

Coro

Garridos pastores,
 Con peito d'amor,
 Botádelle froes
 Ó Dios salvador.

¡Ai qué bonitiño! 5
 ¡Ai qué lindo é!
 ¡Déall'un biquiño
 Quen arda co a fe!

I

Cal brillan as estrelas,
 Como alborexa o sol, 10
 Seus ollos dan esperas,
 Seus labios dan amor.
 Pastor, corre, non temas,
 Ten fe, non fuxas dél;
 Que él salva a quen o busca 15
 Porque é feitor do ben.

II

Desnudo das grandezas,
 Mais manso que un pichon,
 Nunhas palliñas frias
 Deitado estás, meu Dios! 20
 En tanto que na terra
 Escravo das pasións,
 Te ofende entr'as riquezas
 O ingrato pecador.

III

Miña amantiña Virxen, 25
 Que fondo é o teu delor
 Mirando tan probiño
 O fillo do teu Dios!

Unhas penedas bravas
Le sirven de colchon, 30
De cobertor o alento
Dese mansiño boi!

IV

Pastores adoremos
De Dios tanta humildá,
Seu nome bendigamos 35
Pois que entre nos está.
Pidamos seu amparo
Que el nos escoitará,
E salvarase España
Das potestás do mal. 40

Coruña 21 de Dbre. de 1870

EL GRITO DE LAS TUMBAS

I

Patria mía ¡tus timbres rodaron!
 ¡Te abandona el destino cruel!
 Ya los genios que un día te honraron
 Te devuelven su amado laurel.

II

¡Ya no honra la hispánica aureola! 5
 Dice el eco en sus tumbas ¡No! ¡No!
 ¡Lodo vil a la frente española
 Una turba de espúreos lanzó! ...

III

¡Y no se alza ni un pecho valiente
 Tal afrenta en su sangre a lavar! 10
 ¿Y sois vos de la raza potente
 Cuyo ceño hizo al orbe temblar?

IV

¿De qué sirve enseñar al infante
 Nuestras glorias? ... Decidme ¿de qué,
 Si le dais un legado humillante, 15
 Si su patria no es lo que fue?

V

Venga pronto el verdugo extranjero
 Nuestra débil cerviz a sellar,
 Que el honor del raquíptico ibero
 Ya no tiene ni patria ni hogar. 20

VI

Desde un ámbito a otro del mundo
 Para España no habrá compasión,
 Pues que así consentís el inmundo,
 El servil, extranjero baldón.

VII

Maldición ¡oh decrepita raza! 25
¡Maldición si no vuelves por ti!
Si hoy tu dedo el sendero no traza
¡Nuestras tumbas no están bien aquí! ...

VIII

Mas ven tú, juventud generosa, 30
Tan infame traición a vengar.
Tú no aceptas la vida afrentosa ...
¡Libre España! ¡Morir o triunfar!

IX

Purifica la atmósfera impura, 35
Salva a España, viril juventud,
Virgen eres, el siglo inaugura
De pudor, de pujanza y virtud.

X

Broten llamas los montes iberos, 40
Cruce el rayo su límpida mar,
Y al sonar el ¡Atrás extranjeros!
Rompa a un tiempo el tremendo lidiar.

XI

¡Sus! ¡A ellos! ¡Jóvenes hispanos,
No es honroso gemir ni llorar!
¡Para un pueblo de honor no hay tiranos!
¡Que es tu gloria morir o triunfar!

María Pita

Enero de 72

Abonda de dormir, ña nai Galicia,
 Q'hai sonos que da Morte son obreiros:
 Ou súbet'ó teu carro a fãr das tuas
 Ou non pases por Nai do hispano Reino

Pois quen tan grande foi, quen leis ditara 5
 Con nobre e trunfador brazo de ferro,
 Deberes que cumprir ten no' escusabres
 Nos campeos da lus dos novos tempos.

Sai do fondal dos bosques, ergu'a testa,
 Ceiba a idea ca luz dos teus cabelos, 10
 Quen mestra e reina foi nos tempos vellos.
 ¡Aquel q'hestorial foi rico luceiro!

¡Adiante, adiante
 Nobre Madroa,
 Teus fillos somos, 15
 Volve por nos.
 Cingue de novo
 Fresca coroa,
 Di como o arcanxo:
 "¡Quén coma Dios!" ... 20

Gloria, virtude, honor, arte e puxanza
 Acoten vosos feitos, caros fillos,
 E ceibos vivirés da malandanza
 Pro ¡ai dos q'a loita van desunidos!

¿En qué pensas, alma miña,
Dempois da loita pasada?
Que Galicia non val nada
Cando se rend'á morriña.

BRILLE LA CIENCIA

Himno infantil dedicado a la Comisión de Instrucción del seno del Ayuntamiento coruñés, en los exámenes ordinarios de junio de 1873

Coro

Al estudio compañeros,
Nuestro bien se cifra en él.
Él da bienes duraderos,
Prez y límpido laurel.

I		IV	
Brille la ciencia,	5	Vengan los libros	
conságrese a la infancia		corramos al estudio	30
que son potentes		ya que la ciencia	
las armas del saber;		dilata la razón,	
pues si elevamos		y si es la infancia	
triumfante la ignorancia	10	del porvenir preludeo,	
es triste fuerza		conságrese ella	35
llorar y padecer.		al bien de la nación.	
II		V	
Es de la ciencia		No haya más sombras	
el porvenir hermoso,		que humillen a Galicia,	
es del que estudia	15	que hoy se distinga	40
seguro el bienestar;		su activa juventud;	
mientras odiado		sirva su nombre	
será el que viva ocioso,		de histórica delicia	
mengua y oprobio		por su civismo,	
y ruina de su hogar.	20	su aliento y su virtud.	
III		VI	
Bendito sea		Que los blasones	45
quien la instrucción difunde		que más nos enaltecen	
brille la gloria		son el trabajo,	
sobre su augusta sien,		la ciencia y la honradez;	
que ante las luces	25	y si estos faltan	
el crimen se confunde,		los pueblos se estremecen	50
huye el tirano		y el negro cáliz	
y se aclimata el bien.		se apura hasta la hez.	

LOOR Y GRATITUD A LOS PROTECTORES DE LA POPULAR INSTRUCCIÓN

¡Cuán dulce es aplaudir lo que es honroso
 para el pueblo que adora su renombre!
 ¡Cuán grato y deleitoso
 Es ensalzar al hombre
 Que a su patria legó timbre glorioso! 5
 Cuánto gusta cantar los nobles hechos
 De inmarcesible gloria,
 Los generosos pechos
 Que enaltecieron la galaica historia
 Y dieron a las ciencias y a las artes 10
 Ancho horizonte y vida en todas partes.
 ¡Oh! despierta mi lira,
 Templa tu acorde son, canta y respira,
 No la sangre te aliente, ni el pillaje,
 Ni nada inicuo que a mi patria ultraje. 15
 Los frutos de la paz te infundan vida,
 Sea la ciencia tu divino aliento,
 Y la infancia querida
 El cándido elemento
 Que te inspiren ternura y sentimiento. 20
 Mientras ruge Belona envuelta en saña
 Y en lucha maldecida
 En la oriental España
 Sonríe la discordia fratricida
 En el templo del arte do reviven 25
 Los laureles del vate,
 Derrama el fuego que en tu seno late.
 Canta a la hermosa perla de Brigancia,
 Saluda al herculino municipio
 Que hoy la instrucción fomenta, 30
 Y previsor sustenta
 El bienhechor principio
 De salvar a la infancia
 De la miseria vil y la ignorancia.
 ¡Oh niñez adorada! si supieras, 35
 Del padecer que el hombre se liberta
 Con la instrucción amiga,
 Entusiasmada tanto amor le dieras
 Cual en tu tierno corazón se abriga.

Sin su luz muere el arte bienhechora, 40
 No hay comercio pujante ni riqueza;
 Y a pesar de su fuerza y altiveza
 Rudo el pueblo infeliz, cautivo llora.
 La paz del patrio hogar huye asustada,
 Los dolores del cuerpo se acrecientan, 45
 No hay virtud que no sea atropellada,
 Y los furores del terror revientan;
 Impera el vicio con cinismo loco
 Y cuanto hay grande se le estima en poco.
 El genio como sombra fugitiva 50
 Huye al furor de la ambición insana;
 Y solamente priva
 En los consejos de un poder odioso
 El yugo de la fuerza ignominioso.
 ¡Oh bendita instrucción! que tu lumbrera 55
 Jamás oculte su destello amado.
 Ensancha tu horizonte,
 Y desde el valle al monte,
 Mi corazón espera
 Que hallar podrá tu fruto sazonado. 56
 Que Galicia disfrute sus favores
 Animando las artes
 Como salud, amor y hermosas flores
 Su sol hace surgir por todas partes.
 Y cuando aquesta infancia que hoy me escucha 60
 Suba a los puestos a que está llamada,
 Que bendiga al patricio que ahora lucha
 Por alcanzar la suerte bienhadada.

Coruña 2 de julio de 1873

Ó MEU AMIGO O DEREUTOR DO DIARIO "O TELEGRAMA" DA CRUÑA

Carta primeira

1º de agosto de 1875

Soupen meu amigo caro
 Que estabas en Compostela
 Esamiando e describindo
 As obras da intelixencia
 Que en méreto competindo 5
 Por unha medalla asperan.

E que alí representante
 D'un diario d'esta terra,
 Tomaches nota de todo,
 E deches largo a pibela 10
 En pro do enxenio gallego,
 E das galaicas riquezas,
 Que son tantas e tan boas
 Porque aquí a natureza
 Non ten que facer esförzos 15
 Para dálas a maus cheas.

Fólgome d'eso, amiguiño;
 Págoche a sagrada déboda
 De dar honra á nosa patria
 Salindo n'a sua defensa 20
 Co calor con que outros días
 Tamen eu salín á brecha.

Siga cada cal seu turno
 Para que os nenos deprendan
 A volver por sua nai: 25
 Que n'é sonroxo ser vella
 Cando loureiros tan nidios
 Honran a sua gadella,
 Sostén d'asombros os feitos
 Dinos de loanza eterna. 30

O mundo de cote é novo
 Somente é vella a esperencia
 E fai falla darll'alento
 A quen teña falta d'ela
 Porque se non ha de ter 35
 Que rañar moito a cabeza.

Tan certo é esto, meu rulo,
 Que se ahí désen d'espera
 Un ano enteiro ós artistas
 Esa nobre competencia 40
 En obras de perfeición
 Sería mais farturenta.

Pro por eso coído eu
 Que a ela acudir deberan
 As cousas de mais consumo 45
 Que as maus gallegas enxergan
 Para ver s'en baratura
 E en méreto a naida cexan.

Agora s'a mirar vamos
 Os traballos de pacencia 50
 E de prezo moi costoso
 Pol o raro, esa contenda
 Non será tan porveitosa
 Para a xeneral riqueza.

¿Que hai gallegos hablidosos 55
 Quen o duda? Se s'empañan
 En facer co un penedo
 Filigrana cordobesa,
 Dou a Xudas se non fan
 Cen milagros n'esa pedra. 60

Pro n'é eso o que se busca
 Para a galician albenda
 Se non deixan aquí os cartos
 Que levan maus estranxeiras,
 Axuntando aquelas obras 65
 Que non s'atopan na feira.

Moito vale a esposision;
 Pero mais valer poidera
 Se se emitase o sistema
 Que usado no Norte levan: 70
 Así na agrícola industria
 Moito que esperar nos queda.

Bós métodos de labranza,
 As prantaciós mais estensas,
 As nóvas esprotacións, 75
 A millora da facenda,
 A reforma dos apeiros
 Que tróquen prácticadas vellas:
 Non se apañan en tres meses,
 Nin aquí, nin n'outra terra. 80

Ó MEU ESTIMADO AMIGO, MAESTRO DE LENGUAS E INSPIRADO POETA
CASTELLANO E FRANCÉS, D. MANUEL SALA E BARBA

Carta 1ª

Meu moi estimado amigo:
 Ó teu poético rechamo
 En donde se deixa ver
 Teu sprito levantado
 Disposto a loitar con honra 5
 Contra os vicios dos paganos
 Entr'as virtudes cristianas
 Por desgracia misturados.
 Sólo podó responderche
 Que nunca hei de ser ingrato 10
 Con quen ven a defender
 As grorias do chan galaico;
 Pois non sendo nin gallego
 Defendes o que mais amo.
 Pero escoita, meu amigo: 15
 Contigo debo ser franco.
 Hoxe seguirte non podó,
 Cautivo teño o meu ánimo,
 Pois de miña nai querida
 Sigo a memoria chorando, 20
 E mal pode facer trovas
 Quen sofre tanto crebanto.
 ¡Miña nai! ... ¡Miña naiciña,
 Ti que moras alá no alto,
 Porque compriches decote 25
 De Dios cos preceutos santos;
 Ti que foches un modelo
 De fe e d'amor cristiano;
 Acolle os nosos sospiros,
 Vela pol os que t'amamos, 30
 E guíanos pola senda
 Desta vida de traballos,
 ¡Onde tanto hai que temer! ...
 ¡Onde o ser bo ... é un milagro!!!
 ¡Ai! perdona, meu amigo, 35
 Este desafogo sagro.
 Ti tamén perdiche aquela

Que te criou ¡Meu Dios santo!
 Co sangue das suas venas,
 Cos seus amantiños labios. 40
 Que cando ti padecías,
 Ó pé do teu berce brando,
 Cal ánxel da caridade
 Sempre velando ó teu lado,
 Rogaba por seu filliño 45
 Hastra velo san e salvo.
 Non hai mais que unha naiciña,
 Nin hai quen nos queira tanto,
 Nin quen mais sufra por nos ...
 ¡Ai! ¡qué amor! ¡qué amor tan caro! ... 50
 ¡Ai! perdóname outra vez
 Se che non respondo ó caso,
 E non de *Xogos Frorás*
 Nin de *pan e touros* falo,
 Nin da probe educación 55
 Chea de tantos resabios;
 Nin che falo d'esa guerra
 D'esa guerra do pecado
 Que vai crubindo de loito
 Vilas, aldeas e campos, 60
 Segando as preciosas vidas
 De tantos fillos percraros,
 Xoias de valor e inxenio
 Dos españoles estados
 Tan dinos de millor sorte 65
 E de destinos mais altos.
 ¡Cómo ha de ser! Meu amigo:
 Sempre no mundo houbo malos
 E por moito que pedriques,
 N'has de poder evitalo, 70
 Pois canto ti decir poidas
 Dito xa foi hai mil anos
 Por Cristo ¡santo modelo!
 Fillo do tres veces santo,
 Divina hostia por todos 75
 Ofrecida no Calvario
 Para dar ó mundo paz
 E hastra ó empirio levantarnos.
 E dime ti, meu ruliño,
 ¿Non ves a qué altura estamos? 80
 ¡Probe pobo! ¡Probe pobo!
 ¡Sabe Dios cánto te amo!

Pro pol os feitos vou vendo
 Que sempre serás cabalo
 Das infernás ambiciós 85
 Que tan só viven de engaños
 E saben levarte á cegas
 Do vicio pol os barrancos.
 ¡Ai cántas bágoas che costan
 Desengaños tan amargos! ... 90
 Con virtude e con saber
 Ben poideras evitalos.
 Pero ¡adiante! Dios é pai
 E confío que ha de darnos
 Algún medio de salir 95
 Do grande aperto en que estamos.
 Sin embargo, amigo meu,
 Sigue os teus consellos dando
 Que a luz sempre esparce luz
 E cando se ve ben craro, 100
 A virtú pillá raíces,
 E foxe o error do campo,
 E torna a lucir o día
 Dos pacíficos adiantos.
 Quedo teu coma de cote 105
 Co mais cariñoso abrazo,
 Ensamiando os teus cantares
 E deseando imitalos.

Coruña, 17 de setembro de 1875

Ó MEU AMIGO D. MANUEL SALA E BARBA

Carta segunda

Meu amigo poeta Salas:
 Pídesme que torne a erguerme
 Da poesía entr'as alas.
 ¡Ai! ¡Non debes conocerme! ...
 ¿Queres verme desfolado? 5
 ¿Queres, coitado, perderme?
 Dime: ¿qué poeta honrado
 Pode hoxe tocar sua lira
 Que non se sinta ultraxado,
 Se non se rinde á mentira 10
 Ou non transixe oprimido
 Co vicio que entorno xira? ...
 Déixame, deixa, querido,
 Bebendo trago tras trago
 Das negras augas do olvido. 15
 Non queiras ver mais estrago,
 Que sólo trunfe o egoísmo,
 Das bágoas, neste gran lago.
 Deixa afondar mais o abismo
 Onde a trobons van caendo 20
 Os fillos do cristianismo.
 Déixame vivir morrendo;
 Pois de ver tanta inxusticia
 ¡Xa nada sei, nada entendo!
 ¡Cantar gorrias de Galicia 25
 Cando todo está olvidado
 Por inorancia ou malicia! ...
 ¿Queres ti que entusiasmado
 Novamente hoxe repita
 O tema pra min sagrado: 30
¡Honra e groria a María Pita!
 Cando o seu nome grorioso
 Hastra a unha calle se quita? ...
 ¿Queres un canto meloso
 Que faga eterna a memoria 35
 De Méndez, d'ese coloso
 Que sólo cabe na Historia
 Anque en tomba tan pequena

Queren afogar sua gloria? ...
 ¡Non fales que me das pena! 40
 Déixame estar caladiño
 Que a tal o ceu me condena.
 Segue ti por teu camiño
 Ganando o loureiro santo
 Por medio de tanto espiño; 45
 Anque te envolvas no manto
 Do redentor Nazareno
 Q'eu non podoo sufrir tanto.
 Porque, ou hai que poñer freno
 Á lengüiña, ou ser un Dante, 50
 E tragar moito veneno.
 Eu ben sei que hai un instante
 En q'a ialma s'eleutriza
 E vola libre arrogante
 Pero ou vola con tal prisa 55
 Que s'esconde alá no ceo,
 Ou cai nos dentes da triza.
 ¡Cantas veces meu deseo
 D'honrar un feito grorioso
 Tuvén q'agachar no seo! 60
 Pro este n'é curso honroso:
 Trazado ll'está ó poeta
 Camiño mais lumioso.
 E se o temor o asuxeta
 Traición lle fará ó seu sino 65
 Sagrado cal dun porfeta.
 Xusto, severo, e devino,
 Con sua lingua de saeta,
 ¡Debe ferir canto é indino!!!

II

 Onte había na Cruña un baluarte 70
 Onde María Pita batallara
 Como altiva Belona ou fero Marte.
 A nosa independencia alí trunfara
 A historia xeneral o dí orgullosa
 Pro veu quen o guindou ... ¡quén o pensara! 75
 Ante o baluarte aquel, xoia preciosa
 A miña altiva testa, reverente,
 Rindeuse a esa gallega valerosa.
 Houbo, sí, quen coa furia dun demente
 Dirixindo a piqueta maldecida, 80

Nos privou d'aquel Arco inutilmente.
¡Por él dera a mitá da miña vida!
Do feito protestei con homes sabios ...
Pro guindouse con él. ¡Xoia querida!
Doce anos van alá: tales agravios 85
Quedaron para todos esquecidos,
Cal se mordaza houbese par'os labios.
Mais ó ver que o recordo, esgradecidos,
D'esa calle ó seu nome consagrada
Novos homes arrancan atrevidos, 90
¿Ti qué queres que faga a miña lira? ...
¡Quedar muda ..., estalar ..., ou dar xemidos!!!

Cor^a 20 de 7bre de 1875

O ORFO

Ó meu eselente amigo don José Lourenzo, modelo d'amor filial
por D. Manuel S. e Barba

Tradución do castellano por Don Francisco Maria da Iglesia

I

A ti que tua nai adoras;
A ti que a estás coidando
Con afán,
Hoxe estes versos che adico,
Pois sei que á tua ialma
Gustarán. 5

Pouco valen, pro son tenros;
Son eco do delorido
Corazón
D'un orfño abandonado
Sumido nas fondas augas
Da africción. 10

Non hai moito q'os seus aies,
Seu profundo amargo choro
Triste oín ...
N'olvidou miña memoria
D'ese infeliz os lamentos,
Q'así din: 15

II

Cada vez mais sin ventura,
Na fría orfandá vivindo
E no dor,
Errante vou pol'o mundo,
Que ledo bulle e se axita
Con ardor. 20

Errante vou solitario,
Cada vez mais sin consolo
E sin luz ... 25

Sin esperar a que a noite
Erga seu frío e loitoso
Caperuz. 30

Do sol do amor materno
Sólo alomeou a aurora
Miña faz.
Noite das miñas angustias,
¿Cando, di, d'atormentarme
Deixarás? 35

¿Por qué se vivir debía
Cautivo de tantos dores,
Eu nacín?
¿Por qué o perder para sempre
Da miña nai as dozuras,
Non morrín? 40

Cando vexo q'ós seus fillos
Unha nai lle fai caricias
Con pracer, 45
Mais e mais suspira o peito
Por aquel tempo que ¡ai triste!
N'hei de ver.

Recordos d'un ben perdido
Dan de súpito os contentos 50
Cruel pesar! ...
Recordos d'amor de madre
¿Qué darán a quen non para
De chorar?

Como quen crama de cote 55
Entre xotas soledades
Sin confín,
Plañindo estou sin q'espere
Que na terra os meus crebantos
Teñan fin. 60

Non dan eco os meus lamentos,
Non n'os da cos seus cramores
Miña voz! ...
¿Cómo han de dar se no mundo
Hoxe reina un egoísmo 65
Tan atroz?

Reina, sí, tan torpe monstro,
Ese monstro sin entrañas,
O mais cruel;
Bruta negación atea,
Base do trono horroroso 70
De Luzbel.

¡Ai miña nai! ... dend'o ceo
Mándam'un ánxel q'alivie
Meu delor!
¡Que tan sólo un ánxel pode 75
Suprir das nais adoradas
O amor!

Ese amor tan fondo e puro
Que nunca pode agotarse,
¡Non, xamais!
Ante quen son charamuscas
E as veces sanguenta mofa 80
Os demais.

III

Tornou en noites de pranto
E de soledade ó ceo
Meu vivir ...
Pro ledos días m'agardan, 85
Mais ¡ai! ... sólo cando acabe
D'existir.

Cruña, 25 de setembro de 1875

MARGARIDIÑA BAIXO O CASTAÑO DO AMOR

Mais branca q'a branca neve Que en Nadal vist'a montaña, Baixo do frondo cogollo Dun castaño porteur; Dos seus azules olliños Vertendo bágoas ardentes, Vese unha triste meniña Com'a Virxe do delor.	5
D'aqueles vivos luceiros A doce luz vai morrendo; D'aquela sedosa crencha As trenzas pendendo están; E c'as mauciñas cruzadas A rodilliña apertando, Muda, xordiña e parada, Fixa a mirada no chan.	10
Com'as olas da marea Vésell'upar ó seu seo; O nacre da testa sua Triste anubrándose vai; E da boquiña entraberta, Cal caravel refendido, Coma son d'harpa dorida Solta un tristísimo ¡ai!!! ...	15
De cando en cando na fraga Quéixase a triste ruliña, De vez en cando no souto Óise a ovelliña balar; E da pradeira entr'as froes, Dimpois d'amantes rodeos, Vese ó pichón nemorado Sua pombiña bicar.	20
Pero a triste Margarida Cadros tan doces non ve, Que do pesar ós rigores Suxeita, cautiva está; E cal si no chan tivese O pensamento encravado, Sigue os queridos recordos Dun bén que mais non verá ...	25
	30
	35
	40

¡Por qué choras! ¿Por qué choras,
 Nena da crencha de seda,
 Nena da frente nevada
 E labios de caravel?
 ¿Qué negro dor t'atormenta? 45
 ¿Q'amarga pena te mata?
 ¿Adoras a un imposible,
 Ou é teu amor infiel? ...
 –¡Meu amor! ... ¡Meu amoriño!
 Meu tenro e cándido amor ... 50
 ¡Vivíras tí, meu filliño!
 ¡Tí nunca foras treidor! ...
 ¡Infel tí! ... ¡miña xoiña!
 ¡Infel tí? ... ¡feitizo meu!
 Vivíras tí ... miña almiña ... 55
 Vivirás ... ¡morrera eu!!!
 Cánto amor, cánta ventura
 Eu nos teus ollos bebín;
 Cánta amarga desventura
 Caeu ¡ai Dios! sobre min. 60
 ¿Onde estás prenda da ialma?
 ¿Onde estás ti, onde estás?
 Fonte e sol da miña calma,
 ¡Ven ós meus brazos! ... ¿qué fas? ...
 ¡Ai, non vés!... Maldita guerra ... 65
 Malhaya quen te acesou.
 ¡Non haxa perdón na terra ...
 Para o vil que t'ensexendrou!
 ¡Ai meu anxo da esperanza ...
 Xa nunca ti mais virás, 70
 Nin cal onte á semellanza
 Sol d'estes campos serás!
 Aquí ... ó pé d'este muro
 Cuberto d'hedras ... aquí ...
 Teu abrazo eterno e puro 75
 Me deches decindo así:
 –“¡Adios! ¡Adios ... queridiña!
 ¡Non m'olvides ... tenme lei!
 Enxuga as bágoas, ruliña,
 Non chores, que hei de vir, hei! ...” 80
 Mais si fore desgraciado ...
 Testigo será ese ceu
 De q'o teu Sidre adorado
 Espirará sendo teu”–.

Doume dimpois un biquiño, 85
 E outro, e outro, e marchou;
 E dend'alá do camiño
 Outro c'a mau me botou ...
 E foi bicando os cantíños
 Onde naceu noso amor; 90
 Deixando alí cruzadiños
 Un ramalliño e unha fror ...
 E com'o sol tras do monte
 ¡Ai Dios! galán se perdeu:
 Mais aquel volve ó hourizonte, 95
 Pro él non, porque morreu!!! ...

.....

E ésta é, ésta a cartiña
 Que escribeu chea d'amor ...
 ¡Ai! ¡ven ti, compañeiriña,
 Miña amiguiña millor! 100
 De cote vas no meu seio:
 E tanto ó lerte sufrín,
 Que ó cabo as portas do ceio
 A forza de lerte abrín.
 ¡Toma aínda dous biquiños! ... 105
 –Dixo, a testiña incrinou;
 E fechando os seus olliños
 Cal mansa rula espirou.

Desd'ese día na aldea
 Non hai nena nin pastor 110
 Que frescas frores non dea
 Par'o *Castaño do Amor*.

Coruña 13 de outubro de 1875

Ó ESCELENTE LITERATO E BON FILLO DE GALICIA,
TEODOSIO VESTEIRO TORRES

¡ADIOS!!

Carta de Sidre a Margarita

Querida Margaridiña,
Miña ruliña adorada,
Estrela de cote viva
Da miña amante esperanza:
 Baixo a gadaña da morte, 5
Enriba d'estas montañas
Cheas d'axufrento fume
De cote en sangue molladas;
 Ferido, mui feridiño,
Á vez no corpo e na ialma; 10
 Quéroche decir ¡adios! ...
Quero escribirche esta carta.
 Cando comenzo unha liña
Coido que n'hei d'acabala ...
¡Tanto tremba a miña man 15
Que xa no lápiz non manda!
 ¡Ai! sobr'a copa do ros,
Cuberto de roxas manchas,
Vou poñendo estas letriñas
Que se me borran co as bágoas. 20
 ¡Queira a Santa Pelingrina
Que as pille unha mau cristiana
E as faga chegar a ti
Topándote san e salva!
 Quero que vexas meu bèn, 25
Que d'agonía entr'as ansias,
A tua imaxen de min
Nin un momento s'aparta ...
 ¡Caridoso pasaxeiro!
S'a este barranco baixas, 30
Por Dios, pol a cara prenda
Que mais o teu peito ama,
 Che rógo que este papel
Fagas que ó dereito vaia
A levar a despedida 35
D'unha vítima da patria,

Ó seu amor ... ó seu bèn ... Ó luceiro que o guiara Entr'as angustias da guerra ... Entr'a rabia da metralla.	40
A despedida d'un triste Traspasado pol'as balas E que non pode moverse Porque a vida se l'acaba ...	45
En pago, gárdete Dios E vivas en paz e en gracia, Sin que chorar nunca teñas Novas desgracias d'España. Est'é sua guía: "Cruña.– A Margaridiña Cándida.– Lugar de Home.– En Almeiras.– Portalón das boas fadas".	50
¡Ai cruceiriño d'Almeiras Quén ó teu souto chegara E so o <i>Castaño do Amor</i> Dése a última boqueada! ...	55
Debaixo das suas pólas Frente d'aquela Cruz santa, Quedaches dos teus olliños Vertendo bágoa tras bágoa.	60
Mentres q'eu vin par'a guerra Cheo d'ilusiós bizarras, Coidando ganar valente A licencia antes que nada.	65
Para volver ó teu lado, E tua crencha dourada Ceñir co xasmín da nóvia Que as nosas cebes enlaza.	70
Por eso loitei valente Por estas sèrras tan bravas Hastra crubir o meu peito De cruces roxas e brancas. Que coidei cando tornase Á nosa terriña sagra, Velas pendendo ó teu còlo Pois por ti soupen ganalas.	80
Por ti loitei, non por òdio Contra Navarra e Vizcaya, Nin por arrancarll'a vida A tantos fillos d'España,	85

¡Tan sufridos! ... ¡tan valentes! ...
 ¡Ai! millor os abrazara
 Que atravesarlle'o peito
 Nas suas tristes xornadas.
 ¡Ai Dios! Cántos coma min 90
 Entraron nesta batalla
 Que nunca mais han de verse
 No leito en que se criaran! ...
 ¡Dend'aquí sinto os seus ais! ...
 ¡N'hai mais que Dios que lles vala! ... 95
 ¡Eles e eu morreremos
 Nesta escabrosa barranca! ...
 Aquí serán nosos corpos
 Cebo de lobos e d'águas,
 Inda mais brandos que os homes 100
 Causa das nosas desgracias ...
 ¡Ahí! ... nese simiterio ...
 Ó pé d'unha verde acacia,
 Cochadas están as cinzas
 Dos meus paiciños da ialma! ... 105
 As miñas ... ¡d'ahí tan lonxe!
 ¡Guindadas n'esta barranca! ...
 Sólo dará conta d'elas
 O triste Ánxel das batallas.
 ¡Ai de min! ... ¡Pol'as feridas 110
 Sinto fuxir a esperanza
 De vivir e de pisar
 Aquelas benditas praias!
 ¡Morrer aquí sin consolo! ...
 ¡Ai! ésta é a sorte que alcanza 115
 Pol'as contendas civís
 Ós nobres fillos d'España!
 ¡Ai! ... ¡miña vista s'anubra! ...
 ¡Miña vidiña s'escapa!
 Dios mío ... préstame alento ... 120
 ¡Deixa que acabe esta carta!! ...
 ¡Margarida! ... ¡Margarida!
 Compañeiriña da infancia ...
 Único ser que no mundo
 Do meu sufrir t'apenabas ... 125
 ¡Queda con Dios! ... Xa da mòrte
 Sinto o latido das alas
 Azoutar nas miñas siens
 Co frío sopro da xiada! ...

¡Ai! ¡decir q'hei de morrer 130
 Q'hei de dar as boqueadas ...
 Sin bicar a tua testa ...
 Pura com'a fonte crara!
 ¡Ah! ¡meu Dios! ¿en donde vai
 O ánxel da miña garda 135
 Que as negras sombras da môrte
 Dos ollos meus non aparta?
 ¡Vexa eu un solo día
 A miña pombiña branca,
 Mais doce que a luz da lua, 140
 Mimosa como a da ialba!
 ¡Que oia eu sua voz
 De que tanto se celaran
 Os brandos celmeiros trinos
 Dos paxariños da fraga! 145
 ¡Que sinta o suave calor
 Da sua amorosa cara,
 Da sua mau caridosa,
 Dos seus labios de granada!
 ¡Que bique eu ... mais ¿qué digo? ... 150
 ¡Delirio ... imposible! ... Fallan ...
 As forzas ó meu peitiño! ...
 ¡Ardente sede m'abresa!
 ¡Ai! ... adios... Margaridiña ...
 A morte ... xa ... m'atraganta! 155
 Hastra o ceu ... que alí ... alí ...
 S'han d'axuntar ... nosas almas! ...
 ¡Ai! ... ròga ... ròga por min ...
 Meu ... sol ... meu ben ... miña amada ...
 Teu Sidre ... teu probe Sidre ... 160
 Morre ... bicando ... esta car ... ta!

¡Ó NÒRTE!

Ino guerreiro

Coro

Ya la lála, ya la lála,
 Ya la lála, ya la lá,
 En España xa non mòrre
 A estrela da libertà.
 ¡Xa non morre, xa non morre
 A strela da libertáaa!

5

I

¡Ó Nòrte! A loitar, rapaces,
 Pois n'aguantan os gallegos
 Q'un rei ll'impoñan á forza
 Navarros nin vasconcellos.

10

Coro

II

Os vascóns non quèren reis
 Anque lles baixen do ceo,
 Quèren siñor e mais foros;
 E pra nos grillos de ferro.

Coro

III

¡Ó Nòrte, volemós todos,
 Que nunca soupo ter medo
 Quen naceu entr'as bisarmas
 E sabe o que son penedos.

15

Coro

IV

Anque chore o noso amor
Xa nos abrirá seu peito 20
En canto nos vexa vir
Todos de gloria cubertos.

Coro

V

Adios Galicia adorada,
D'amor freecido tempo,
Non t'esquenzas de nosoutros 25
S'é que no Nòrte morremos.

Coro

VI

¡Ó Nòrte! ¡Ó Nòrte, rapaces!
¡Ó Nòrte! ¡Pillade alento!
¡Ó Nòrte! A librar a España,
¡Ó Nòrte! ¡Ó Nòrte! ¡Marchemos! 30

A MUIÑEIRA DA PAZ

I

Rapaciños, sosegade, 5
 Que ese negro pelear
 Fai verter bágoas de lume
 As meniñas do lugar.

II

Se morrédeses vosoutros
 Vai a morrer voso pai, 10
 Vosos tenros hirmanciños,
 Vosa desvalida nai.

III

D'estas feiticeiras terras,
 Rapaciños, ¿qué será,
 Se faltádeses vosoutros, 15
 Se quedádeses alá? ...

IV

¡Tristes horas, tristes horas,
 Acabade de pasar,
 Que non teñen nosos ollos
 Mais que sangue que chorar! ... 20

V

Como espirou Margarida,
 A strela d'este lugar,
 Iremos unhas tras outras
 Par'o adro a descansar.

VI

Ti tamen, probe Sidriño, 25
 Amabal-a libertá,
 E amabas a Margarida,
 E teu corpiño ¿ond'está?

VII

Navarros e vizcaíños,
Decraravos pol a paz. 30
Tornad'á vosa casiña
Que fame tèn de solaz.

VIII

Adios, quintiños gallegos,
Vaia a Virxiña con vos,
A paz volva con vosoutros, 35
Ide e volvede con Dios.

Coro

A la lala, ya la lala,
Dios defenda o meu rapaz,
Viva España honrada e libre,
Viva o reinado da paz. 40

Ó PÉ DO LAR

–Cómo ha de ser, meu fillo, a negra sòrte
 Como arrabiada leona t'arrebata
 Do chan que te criou par'o do Nòrte
 En donde o rei da premio a quen mais mata.
 ¡Ai Dios! qué desconcerto tan odioso! ... 5
 Qué triste alternativa aló ch'espèra! ...
 Morrer, ou do teu peito xeneroso
 As entrañas trocar co-as dunha fera.
 ¿E dounos Dios pra esto, meu filliño? ...
 ¿Pra tanta perdición veu El á terra? ... 10
 ¡Non e non! Ben o sabes: no camiño
 Da sua lei d'amor non cabe a guerra.
 A causa d'ela é, fillo querido,
 A fame nunca farta de comando
 Das xentes en que o reino está partido 15
 Querendo solo reis de banda, ou bando.
 As causas dela son as negras artes
 Con que sabe aguillarse ós cegos pobos
 Apurrándoos á loita en moitas partes
 Pra que morran matando com'os lobos. 20
 Así decote en Roma ou Grecia, xeito
 Se atopou d'afogar o xenio altivo
 Do pobo que afincado en seu direito
 Nin quixo cègo ser, nin ser cautivo.
 Este o misterio é que 'sta na copa 25
 De tanto sofrimento e desventura:
 Ese é o vorcán que vai da vella Europa
 Cèn pobos a crubir con cinza escura.
 Mais tanta destrucción, pena tamaña
 Eu n'hei de contemplar, que a cova miña 30
 Despois que ti te fores pr'a campaña,
 Coa terra ha de cochar miña testiña.
 Bástame bèn chorar esta tristicia,
 Esta leva sin fin que así arrebata
 Os brazos ó traballo acá en Galicia 35
 E que a fillos e pais a un tempo mata.
 Dime ¿qué foi dos homes como arreo
 Levaron a ese Nòrte esfertunado? ...
 ¿Cántos viches volver a este tarreo
 De bágoas e de loito tan colmado? ... 40

¡Que espèren nosos amos pola renda ...
 D'uns bèns que coidan nenos e mulleres!
 ¿Cómo ha de arrequentar, cómo, a facenda
 Rexida por ancians e diebles seres? ...
 S'eles a paz non lògran, sempre a menos 45
 Verán ir os seus bens e seus regalos,
 Que un vello con mulleres e con nenos
 Pouco pòde adiantar. ¡Tèn que deixalos! ...
 – Meu pai, tende valor. ¿Por qué matarvos?
 ¡Tamén ha de quedar algunha xente! 50
 Cando menos coidés veño a abrazarvos
 De cabo, de sarxento ¡ou de tiniente!
 –¡Sí, meu filliño, sí! ... Tamen Sidriño
 Así dixo a seus pais que xa morreron! ...
 ¿Non liches ti sua carta, meu Pepiño? ... 55
 ¿Teus probes compañeiros non-a leron? ...
 ¿Non fuches ti levando por un lado
 Da probe Margarida a triste tomba? ...
 Ela morreu de pena ... ¡malpocado!
 Eu morrerei tamen como esa pòmba ... 60

O EMBARQUE DE PEPIÑO

¡Adios meu fillo, adios! El te defenda
 De tantos traballiños, malpocado.
 El te saque con ben d'esta contenda
 Q'o chau español tèn tan enloitado.

Escribirás decôte, meu filliño ... 5
 Darás razón de ti cando poideres,
 Que Dios de salir bèn ch'abra o camiño
 E t'axude a cumprir cos teus deberes.

¡Eu te bendigo! ... ¡Adios! ... s'é que salires
 Vencedor no combate ¡ai! nunca seas 10
 Cruel para os vencidos; e non mires
 As terras á onde fores como alleas.

¡Adios, meu fillo, adios! ...– ¡Adios meu padre!
 Xamais olvidarei vòsos consellos,
 Nin as doces licións de miña madre! ... 15
 – Non, meu ratiño, non, que son dos vellos.

Adios, meu corazón ... se no nos vemos ...
 (Garde ben canto digo a tua memoria:)
 ¡Ó pé d'ese gran Dios en quen creemos ...
 –¡Alí vos toparei! – ¡Sí! ... ¡Sí! ¡na gloria! ... 20

O CRUCEIRO DO LUGAR

Rogo d'amor

<p> ¡Vou para a guerra, Cruceiro santo! Xa q'hoxe a sorte M'encadeou, Baixo o musgoso Pé da tua ara Os meus tesouros A gardar vou. </p>	5
<p> ¡Aquí che quedan! Tèn conta d'eles, Que é canto garda Meu corazón ... Meus suspiriños ... Miña esperanza ... Miñas promèsas ... Meu amor son! Van molladiños Con moitas bágoas Ti bèn conoces Con canto dor Aquí chos deixo Ás tuas prantas, Como nacidos Ó teu redor ... </p>	10
<p> Cando con fiuncho E con rosiñas, A tua vara Vin a vestir, Estes sospiros Na luz da alba ¿Non-os sintiches Ó ceu subir? ... </p>	20
<p> Ela aquí estaba Dándome lilas, Tecendo croas Cos dedos seus. Ti ben oíches Como hastra a groria </p>	25
	30
	35

Os dos seus labios Iban cos meus.	40
¡Cantas promesas D'amor eterno Encademos Xuntos aquí! ...	
Aqueles votos Que ó ceu fixemos, Aquí che quedan Xuntiños ¡sí!	45
Que os anxeliños Que de ti curan Da miña prenda Coiden tamen. Sé, cruz sagrada, Sua madriña, ¡Oí os meus rogos! ... ¡Gárdama bên! ...	50
¡Ai! ... ben m'acordo Que ela escoitando Choral'a rula Por seu amor; Dixo: "¡Quén sabe Se coma ela, A min m'esperan Días de dor!"	55
¡Ai! e que logo Un d'eses días Nosos peitiño Veu a maguar! ... ¡Sólo Dios sabe Se terá fondo A negra fonte Do seu chorar! ...	60
¡Adios, Cruciña! A ti cha deixo, Crúbea decote Co teu albor; E cando eu cruce Por entr'as balas, Vállame un raio Do teu favor.	65
Vou co a 'speranza De q'algún día A frorearte	70
	75
	80

Viremos nòs,
Pero entrementre
D'alá non volvo,
Meu Cruceiriño ...
¡Adios! ¡Adios!! ...

85

A TORRE DE FIGUEROA OU O TREBUTO DAS CEN DONCELLAS
 Episodio histórico das guerras da reconquista
 Sigro VIII

I

A duas leguas da Cruña, E a unha de Betanzos, No ano noventa e un, Ó finar o sigro outavo:	
Xunt'o río Sarandóns	5
De saeteiras cercado, Levántase poderoso De Ferran Perez o pazo.	
Ten moitos apartamentos E grandes salós de estrado, E longas cabaleirizas Torreóns e soterráneos,	10
Con camiños encubertos Por onde sin ser notado Se pode salir a lonxe Ora a pé, ora a cabalo.	15
Estes camiños parecen Coma dunha estrèla os raios Samente que uns son pequenos, E outros moito mais largos.	20
Todos eles á salida Solen ter algún atranco, Unha caseta, ou un muiño, Ou un hortelo cercado,	
Unha canteira do monte Ou un mesón solitario, Un corruncho da devesa Ou a tomba d'algún adro.	25
De sòrte que se Ferrán Quer grande xunta no pazo, Pode atraer das Mariñas Os homes coma un encanto	30
Sin que eles acertar poidan Como alí foron levados Nin en que punto s'atopan Aqueles salons dourados,	35

Pois se entraron pol o norte
 Salirán pol o solano;
 Como irán dar ó poente
 Os que pol o nõrte entraron. 40

Non porque tema a traizón
 D'aqueles viciños bravos
 Senon para recollelos
 Nas algeiradas e asaltos
 Cando asoman pol'as còstas 45
 Aqueles malditos cárabos
 Dos rabiosos berberiscos
 Ou dos crueles normandos.
 Como Ferrán é tan nobre
 Todos buscan seu amparo, 50
 E fian no seu esforzo
 E quèren o seu comando.
 Pois corre nas suas venas
 O sangue de moitos santos ¹;
 E quen lle conta as suas penas 55
 Tõpa favor nos seus brazos.
 N'hai un solo da familia
 Que naide teña por malo;
 Por eso todos son seus,
 Como el é d'Alonso o Casto. 60
 ¡Alí reina a providencia,
 Alí o valor mais alto,
 O amor á independència
 Do dominio mauritano!
 Alí sólo se respetan 65
 As virtudes dos cristianos:
 Todos por hirmaus se teñen
 Sean pions ou fidalgos,
 Pois saben que a fidalguía
 Hase de ganar no campo 70
 Escarmentando a mourisma
 Que pretende cautivalos.

II

Era do trinta d'abril
 A media noite; e no estrado
 Do pazo do bon Ferrán 75
 Cèn mozos co a arma ó lado,
 Escoitaban dos petrucios
 Os nunca oídos estragos

Causados polas furiosas Algueiradas dos mouramios.	80
Hastra trinta e tres doncellas Pedían ó noso chao, E tiñan xa trinta e unha Cautivas aquí no Faro.	
Sólo Sancha e Memorana	85
Fillas do nobre Ferrando Esperaban neste porto Para compretar o fato. Chegaron éstas ó fin Gardadas por Pero e Sancho ² ,	90
Que era preciso finxire Que llas daban de bon grado; Pois por seren das mais nõbres, Dispuxera Hisem Içaco ³ Que aquí viñese por elas	95
O seu capitán Mugayo. D'aquí debía salire Das pombas o triste bando Para as torres de Burdelo ⁴ Por moitas forzas gardado,	100
E cortar pol as Mariñas Das Figueiras polo campo, Que está xunto ó Sarandoes, A unha legoa de Betanzos, Onde estaban os petrucios	105
Que comandaba Ferrando, Todos da gallega tèrra Os xefes mais renomados.	

III

Pero tornemos á xunta De tantos gallegos bravos	110
Á hora en que Memorana Iba a deixar o seu pazo. Vertendo bágoas a mares, Cos ollos no ceu cravados E buscando de Don Nuño	115
Algun amoroso amparo, Dixo: – ¡Adios ... adios, Don Nuño! Adios, fillos destes campos; Xa nunca mais vos veremos Desd'a tèrra dos alarbios.	120

¡Adios miña nai querida!
 ¡Adios meu hirmán Ferrando!
 Meu querido hirmán Afons,
 Meus hirmáns Sueiro e Sancho ...
 ¡Quedade todos con Deus 125
 Mentres nos cautivas vamos
 A morrer cheas de abèfas
 Alá no arabesco pazo! ...
 ¡Ai meu hirmán, bravo Pero!
 ¿Cómo aguantas que luxado 130
 Se vexa o sangue dos Temes
 Sendo ti neto d'un santo?
 Bravo Ferrando, meu padre,
 Da honor o espello mais craro,
 ¿Cómo a Memorana e Sancha 135
 Non defendés con mais ánimo? ...
 San Segundo e Primitiva
 Que estades de Dios gozando,
 ¿Cómo non baixás dos ceos
 Do mouro infiel a librnos? 140
 Vinde a quitarnos a vida
 Fillos do campo cristiano,
 Antes que escravas quedemos
 Entr'os eunucos infamios ...
 – Basta de chorar, filliñas, 145
 Non firás mais nosa alma;
 Valor nos temos dabondo
 Para rescatarvos. ¡Basta!
 Marchade, marchade ó Faro
 A levarll'unha esperanza: 150
 Ás tristes alí cautivas
 Delles valor Memorana.
 Armas con vosco levade
 Das que usar poden as damas,
 E repartideas entre elas 155
 Que quizais lles fagan falla.
 Dilles que aquí, nestes campos
 Esperan seus pais da ialma
 Antes que o sol se recolla
 Para sempre libertalas. 160
 Pero encárgalles sagredo,
 ¡Gran prudencia, Memorana!
 Ti serás a guía delas
 Cando escomence a batalla.

Que do teu lado nin unha 165
 Se separe unha miáxa,
 E no mais rudo da loita
 Percura ganar a estrada
 Que encamiña ós soterraños.
 Que deles ningunha salla, 170
 Pois nos faremos de xeito
 Que todas sean salvadas.
 –¡Gracias, meu pai! Obedezo
 Como cumpre á tua casta
 ¡Que Dios sea con vosoutros, 175
 E con nósco a Virxen santa!

IV

Chegou o mes mais garrido
 Dos doce que ten o ano,
 O mèsmo día da festa
 De San Felipe e Santiago. 180
 N'ese mes en que pelean
 Hortas, roleiros e campos
 A quen mais amores cocha
 Nos seus ramalletes gaios.
 N'ese mes en que gorentan 185
 As cántigas dos paxaros
 Cando aparellan nos niños
 Nas crucetas dos ramallos,
 Cando árbres, herbas e froes
 Arden e arrecenden tanto, 190
 Que trocan o mundo enteiro
 No saudoso encensario
 Que entre albóres maxestosos
 A vida vai renovando
 O mesmo tempo que abala 195
 Pol o camiño dos astros.
 No mes que Galicia toda
 Tórnase o chau dos encantos,
 E desengrúñase o peito,
 E ardendo estrícase o ánimo, 200
 E pol os crutos dos montes
 E pol as canles dos prados,
 Non se oien mais que aturuxos
 Fillos d'amante rechamo.

Do día que levo dito Foi salindo o albor craro E tras del tan linda aurora Como non viran os nados.	205
No campo das Figueiriñas Todo era amor, todo encanto, Sólo no peito dos homes Ardía outro amor mais sagro.	210
Todo se hacha disposto Pol as tropas de Ferrando. Os vixías nos petoutos Tras das silveiras ou valos, Ou cochados nas devesas Os mariñans apostados, Os domais polas congostras, Ó pé do río os cabalos,	215
E pol as canles do trigo Tan calados coma ratos Os que primeiro debían Guindarse sobre os alarbios.	220
Por fin un longo asobío Avisou q'iba chegando A familia do Profeta, E todos se prepararon.	225
¡Ánimo, fèros gallegos Ou todos aquí quedamos, E nosos queridos fillos Quedan por decote escravos!	230
Hai que quedar vencedores Para sempre: ¡ánimo! ¡ánimo! En canto sone un atruxo ¡Firámoslos coma un raio!	235
Por fin chegaron os mouros O gran tesouro gardando Cando de Ferrán e os fillos, E mais infanzós rodeados Se viron supitamente, E cen atruxos soaron.	240
¿De qué sirviron suas lanzas Nin seus ardentes cabalos, Nin as còrvas cimitarras Contra as cardañas e mallos?	245

Alí foi unha estragueira
 De cabezas. Aquel campo
 D'arcos, frechas e gomías
 Todo quedou sementado. 250
 As mozas quedaron libres,
 Os mouros descamallados
 Que desta loita fuxiron
 Hastra Córdoba volaron;
 Levando por todas partes 255
 Cheos de rabia e d'espanto,
 A sinal nos seus pelexos
 Do fero valor galaico,
 Sin que mais acó volvesen
 Por aquel trabuco infamio, 260
 Que nunca aguantou Galicia
 O xugo d'outros estados.

VI

¡Alímpate, musulmán,
 Que mentres dure este mallo
 N'han de lucir no serrallo 265
 As froes do noso chan!
 Pillade en b'hora en Castèla
 Cen sultanas si queredes,
 Que por acó non podeades
 Luxar a gallega estrela. 270
 Se tan minguado tributo
 Escravo do Califato
 Vos concedeu Mauregato,
 ¿Qué temos nos co ese bruto?
 Mugayo ¿quères doncelas 275
 Do chan mais indepindente?
 ¡Moi bravo é o mar do poente!
 Aquí as tès: ¡ven por elas!
 Aquí viñeron suas teifas
 Como a borrasca bruando 280
 E as mozas foron xuntando
 Pro caeron cal regueifas.
 Que os infanzós galicianos,
 No campo das Figueiriñas,
 Libraron as galleguiñas 285
 Sin axuda d'asturianos.
 Galicia pra eterna loa
 De Ferrán ós cinco mozos

Deu en premio ós seus estrozos
 As follas dos Figueroas. 290
 Sí, fillos de Ferrán Pérez,
 Do xeneral de Fruela
 Herdeiros de San Marcelo
 Que alumades como estrelas,
 Gomos do sangue precioso 295
 D'aquela santa relea
 De Segundo e Primitiva⁵
 Régulos da nosa terra,
 Vós fostes en Sarandoes
 Os capitáns da pelea 300
 Que cincoenta anos despois
 Dou alento ós de Castela;
 Cando Ramiro s'opuxo
 A o trabuco das doncellas
 Deixando alí d'Abderrahman 305
 A media luna desfeita.
 Galicia non foi escrava
 Que foi de cote a primeira
 En desfacerse de cantos
 Quixeron vela suxeta. 310
 Figueroas, Figueroas,
 A vòsa groria d'aquela
 Deixou monumento eterno
 Da indepindencia gallega.
 ¡Cale Santisteban! ¡cale! 315
 Teña a sua lingua queda
 Que a honra das nosas fillas
 Hoxe mancillar se empeña.
 Estudie millor a Historia,
 Fala e costumes gallegas; 320
 E xusto será decote
 Así que ilustrado sea.

Coruña, 13 de novembro de 1875

A escena pasa na cámara da Torre de Sarandóns desde donde se domina o mais da comarca. Na parte mais alta un soldado con traxe do pais apoiado na bisarma e coa vista fixa na carreteira da Cruña

Escena I

Paio, Nuño e soldados

- Paio – Bos días amigo Nuño
 Nuño – Santol os teñas, bo Paio.
 Paio – ¿Qué tal, tráes boas novas
 Do noso Ferrán o bravo? ...
 Nuño – Millores tragner quixera 5
 Paio – E logo? ...
 Nuño – Déixame, Paio.
 Que che xuro a fe de Nuño
 Que n'hai valor pra contalo.
 Paio – Tan negras son as que corren? 10
 Nuño – Podes supoñelo Paio.
 Mugayo con suas teifas
 Ocupa os gallegos campos
 Demandando o comprimento
 Do feudo de Mauregato. 15
 Paio – ¡Por Xesucristo! ¿É posible?
 (Portando a man a bisarma)
 Nuño – Tan certo é que no Faro
 Xa teñen vinte doncellas
 Das mais nobres d'este chao,
 E según teño entendido 20
 D'ese exército d'alarbios
 É que virán catrocentos
 A recramar de Ferrando
 A Sancha e a Memorana
 Para xuntalas ó fato. 25
 Paio – Aquí dices? Por San Pedro!
 ¡Non queda d'eles peñasco!
 ¡Dend'aquí irán ó inferno
 Q' é o praíso mahometano.
 Nuño – Así o maxino eu ... Pero 30
 Paio – ¡Qué pero, nin que diablo!
 Nuño – Son moitos ...

- Paio – Anque viñeran
Cantos hai circuncidados!
- Nuño – A fermosa Memorana 35
Que é dos ollos meus regalo ...
Pra Hisem Ineca Osmen
É o lote destinado ...
Par o fillo de Abderrámen,
Que en Córdoba ten seu pazo. 40
- Paio – Por San Fagundo ¿e soltaches
Tal abefa dos teus labios? ...
E consintirás tal mingua ...
- Nuño – Ten a lingua, amigo Paio. 45
Ti sábes bèn como eu loito.
- Paio – Cónstame q'eres fidalgo
E que non val cimitarra
Diante ó poder do teu brazo.
Pero ¿a qué ese abatemento? ...
- Nuño – Escoita por Cristo, Paio: 50
Iñoro cal sea a idea
De Ferrán Pérez neste auto,
Na honra das suas fillas
Mais que eu interesado ...
- Paio – E dudar pòdes do esforzo 55
Da puxanza d'ese brazo
Que foi terror do mourisco
E de Fruela o vivo raio?
- Nuño – Gárdeme Santa María 60
D'esa duda, amigo Paio.
Pero eres meu amigo
E contigo vou ser franco:
Cando hoxe á miña vista
O prigo abriu de Mugayo
Que conduce as duas fillas 65
Como trabuco cristiano,
Primeiro púxose roxo
Lume dos ollos botando,
Logo ollou para o armeiro,
Dimpois foise pondo pálido 70
E coma un corpo sin alma
Deixouse caer no escano.
- Alí estuvo largo tempo
Con ambos ollos fechados
Coma quèn sofre unha loita 75
Ou medita un pran moi vasto.
Pro cando coidei que iba

Romper o papiro infamio Mandoume ir por sua dona E polas fillas: Ai Paio, O meu triste corazón Debo de ter en anacos!	80
Chegadas a cabo del Xa sentadas ó seu lado Mandoume que en alto lese Aquel mouramio mandato	85
Así que acabei de lelo, Ai Paio, querido Paio, D'aquela terrible escena Non podo pintarche o cadro ..	.90
A probe de Memorana Caeu o longo do estrado, Sancha nos brazos de nai Caeu con igual desmaio.	95
Sua nai cramaba o ceo, Solo Ferrán tiña ánimo. Direito, grave, ceñudo, Como se fose de barro.	
Sua nai vertendo bágoas Foi d'unha e d'outra coidando Hastra que pillando alento Foron repoñéndo's'algo.	100
Eu termei de Memorana. A nai ós ceos cramando: Ferrán, direito, ceñudo, Coma de ferro forxado.	105
Cativo d'un pensamento, Indifrente a tanto pranto, Mais que de pai somella Ter o peito de penasco.	110
Por fin rompendo as cadeas D'aquel profundo letargo, Víndome termar da filla Miroume d'arriba a baixo.	
Dimpois ollando suas fillas Díxolles con voz de mando: – É perciso porpararse Para camiñar ó Faro,	115
A xuntarse co as doncellas Que alí recolleu Mugayo; Todas fillas d'infanzós Donos dos gallegos pazos ...	120

	E ti, Nuño, nun momento	
	Manda se dispoña Paio	
	Para que parta con elas	125
	E vèle sempre ó seu lado ...	
Paio	– ¡Bèn por Ferrán! Bravo, Nuño,	
	Xa que eres gallego ¡ánimo!	
	Que n'è Ferrán un carneiro	
	Para rindir-se tan manso.	130
	Ánimo, e refolgo, Nuño,	
	Aquí medítase algo,	
	Canto é mais fôrte o enemigo,	
	Mais forte hai que ter o brazo.	
	¡Ai, sí! puxanza, refolgo,	135
	Vendo ó meu amor escravo ...	

No album da señoritas D^a Matilde e D^a Rosario G. Pertierra

A CAÍDA DAS FOLLAS

por D. Manuel S. y Barba. Traducida por Francisco M^a de la Iglesia

I

As follas secas crubindo
Van xa co seu triste manto
Os vales, xardín e hortas,
Os bosques, soutos e campos.

Son as verdellas folliñas 5
Que onte tremían nos tallos,
Que hoxe se pudren no limo
Ou lévaas o sul arrastro.

Son folliñas que de amores 10
Tantos segredos cocharon
Nos seus prigos d'esmeralda,
Hoxe desfeitos, muchados.

¡Follas tristes, follas tristes,
Nas q'apenas reparamos ...!
¡Folliñas, imaxen sodes 15
Do nòso vivir tan caro! ...

¡Qué desnudez a das fragas!
¡Qué palidez a dos campos!
Qué soledade onde ¡ai! antes ...
Todo era rumore e encantos. 20

¿Onde van, onde, os entoxos
Das anduriñas de maio? ...
O zume doce das frores
¿A ond'irían a levalo?

Xa non se ven donairosas 25
Sin acougar coqueteando
Por medio dos caraveles,
Dos alélises e nardos.

Xa non-as pillan as nenas
Nin no xardín nin nos agros, 30
Para aprender seus rodeos,
Para mais tarde empregalos.

Non hai na selva armonías,
Nin no verxel recendado,
Nin niños na ramallada 35
Nin galán primor nos campos.

A aurora é menos lumiosa,
O sol menos quente e craro,
E mais desvaída a lua
E o tul do ceo apromado. 40

Xa non é tan nidio o spello
Das fontañas nin tan grato,
Nin tan apacible o arroio,
O mar tan azur nin maino.

Por entre a miúda herba 45
Do silveiral e dos valos,
Non reluma tanto o verme
Da noite amoroso faro.

A ruliña que arrulaba
Entre os pinos e castaños, 50
Mudiña fuxeu en busca
D'outro crima mais temprado.

¡A cántas o cazadore
Cos seus tiros desalmados
Viudas deixou, enchendo 55
Seu peito de eterno pranto!

¡Ai ruliña solitaria!
Quizais a bosque iñorado
Teu profundo desconsolo
Hoxe contas revolando! ... 60

Emigrano as anduriñas ...
Seu volar seguido e rápido
Levounas lexos, mui lexos,
Dos seus niños adorados.

Foise o brando reiseñore 65
Que con trino doce e vario
Enchía días e noites
D'armonías e d'encantos.

¿Quén agora escoitará 70
O mais doce dos paxaros
Mentres que a ialba peneira
Fresco axofre pol'os campos? ...

¿Quén o oíra agora 75
Preto do regueiro craro
Mentres q'ó dourado peixe
Brinca airoso relumando?

¡Quén o oíra, quen o oíra 80
A veira do xordo lago
Mentres nél a crara lua
Molla os cabelos prateados!

¡Quen o oíra, quen o oíra,
Na ramalleira cantando
Mentres preto dél s'acoita
Algún peito namorado!

II

Fuxindo do sol non buscan 85
A fresca sombríña os gandos,
Nin os tenros cabirtiños
Xogan cos añiños mansos.

Non é tan sostido e forte 90
O relinchar dos cabalos
Coma cando co as eguadas
Pacían aló nos prados.

Non canta xa tan veloso 95
O ardente pintado galo;
Nin celosos os carneiros
Dan trucadas sin descanso.

Nin cantan as pastoriñas
Tan alegres, nin tan alto,
Nin prenden frores na crencha
Nin no seu seo axitado. 100

Vede aquèla, pesarosa
Cabe aquel penedo calvo
Pensando nos xuramentos,
Nos xuramentos sagrados

Que o seu desleal pastore
Fixéall'ó pé do valo; 105
Q'èla creeu verdadeiros
Pro que van sendo falsarios.

Suas rosadas fazulas,
Os caravés dos seus labios 110
Ó brancor das azucenas
Van pouco a pouco tornando.

O mirar dos seus olliños
É cada día mais lánguido;
O seu corazón palpita 115
Cada vez con mais traballo.

Xa non vai non tantas veces
Pieitarse con cuidado
No craro espello das fontes,
Nin nos regueiros froleados. 120

Porque van fuxindo d'ela
As esperanzas de maio;
Como os ventos do outono
Van as folliñas guindando.

¡Ai! d'ilusiós engañosas, 125
D'esperanzas que mucharon,
Imaxes tristes ofrece
A tercia estación do ano! ...

Cruña, 11 de decembre de 1875

O INVERNO

Co as gadella ruzas
 Pol a montaña abaixo
 Xa vèn o frío inverno
 Os membros engruñando.

As amarèlas follas 5
 Caeron dos ramallos;
 Xiáronse as fontellas
 Co sopro dos seus labios;
 E pol'o chan das leiras
 E soedosos campos 10
 Fundírons'as froliñas
 Ó peso dos seus zancos.
 Tocando vèn coa tèsta
 Nos prigos apromados
 Das rastrexeiras nubes 15
 Que verten os orballos.
 Os tristes paxariños
 Agáchanse ó seu paso,
 E esfúndense os seus berros
 Os cómaros e valos. 20
 Parece que do outono
 O enterro van cantando
 Os irtos asobíos
 Do cirzo pol os agros.
 Por él parez que chòran 25
 Das tellas os carámbanos
 E fanll'as chamineas
 De tristes encensarios.
 Da borèal aurora
 A vecel os penachos 30
 Pregonan a friaxe
 Con que él vai a queimarnos.
 O seu bonito lume,
 Aquel solénio cadro,
 Parece que nos dice: 35
 –“¡Ou probes! ¡preparavos! ...
 O que non teña leña
 Nin leito bèn forrado,
 Que espère pol'a mòrte
 Do invernil gadaño”. 40
 Con pasos de xigante

Ahí vèn o Vello bravo: ¡Mirade cal sacòde O seu guedello branco! ¡Con qué sombrío ceño	45
A todos ven ollando! ... ¡Ai Dios! ¡e como brua O Vello centenario! Tras él tristes oubean	50
Os lobos esfamiados Olindo os burros vellos Que afogan co catarro. ¿N'óis tamen dos corvos O vil carpido aspro Como recrama o dismo	55
Do seu loitoso estrago? ¡Parece que medosos Tórnanse os montes pálidos Ou cóchanse da neve Co funeral sudario!	60
A natureza enteira Trembando coma un año, Incrina seu pescozo Nas aras do tirano. ¡Oíde case brua,	65
Do mar entre os penascos Por afundir nas olas Os barcos desvelados! ¡Mirade cómo apeita Rabioso cos carballos Tronzandoll'as raíces Que os sigros respetaron!	70
Do cèo as cataratas, Ceibando ardentes raios, Embórcanse na terra Crubindoa d'espanto.	75
Reventan as represas Barrendo pol'os cauzos No seu caudal revolto Muiños, albres e gandos.	80
¡Qué tristes armonías, Qué penas e qué prantos Non ergue o aletexo Do xenio dos estragos! ¡Qué hòras tan penosas,	85
Qué días tan amargos,	

Ó corazón dos pròbes
 Desnudos e descalzos!
 Mirade esa naiciña
 Ós seus filliños caros 90
 Quentándoll'as mauciñas
 Co alento dos seus labios ...
 Tan sólo catro pallas
 Cochadas con farrapos
 Compoñen o leiteño 95
 Dos seus corpiños fracos.
 ¡Ai Dios, sin cousa quènte,
 Coma pitiños pianxos
 Catando van frangullas
 Do pan que xa acabaron! ... 100
 En cambio ¡qué bo tempo
 Para os que habitan pazos
 E en quentes contradanzas
 Tolean nos estrados!
 ¡Brincando nas alfombras, 105
 Gozando mil regalos,
 ¡Que chova e sarabee! ...
 ¡Que caia a nève a carros! ...
 E mentres que mil pròbes
 Non queiman un billardo 110
 Derrámanse os licores
 Entre o sorbete helado ...
 ¡Ou Dios, do crudo inverno
 Detén o fèro brazo!
 ¡Apiádate dos pròbes 115
 Pois que eres pai sobrano!
 E vos, siñores ricos,
 Baixade dos estrados
 Que hai vellos e meniños
 Que morren tiritando. 120
 ¡Probá que sodes nobres,
 Que é hora de probalo
 En canto azouta o inverno
 Os tristes sin amparo!
 E toparel o premio 125
 Na terra e mais no alto,
 Que Dios cos caridosos
 ¡Non ha de ser ingrato!

Coruña, 17 de diciembre de 1875

AS DOZURAS DO CAMPO

¡Ai Dios cánto gustan do campo as dozuras!
 ¡Q'olvido das penas nos dá seu amor!
 Dichoso quen poida fuxir das feiturás
 Do pobo esixente, cobil pro traidor.

¡Dichoso quen vive ó pe da froresta! 5
 ¡Feliz quen respira seu aire sotil!
 ¡Qué ben unha cunca de leite alí presta!
 Dios bendiga ó campo mil veces e mil.

¡Ai! n'él vese a ialma, nobre, franca e lisa.
 Alí poucos choran pol'o q'outro ten; 10
 E nunca se arrella nos labios a risa,
 Nin seña cos vicios da córte ninguén.

Alí cando as neves branquexan a sèrra
 As xentes s'adormen nos brazos de Dios;
 E todos maldicen adoito da guerra, 15
 E todos traballan, e todos son bos.

De día ou de noite, a vinga minguada
 Q'a honra esnaquiza do peito millor,
 Alí non aniña, q'alí non val nada
 A cencia da intriga, nin campa o treidor. 20

Alí pol-as noites debaixo das tellas
 Se gorda sarabia sacude o invernál,
 Ó pé da lareira contando consellas
 As almas sinxelas renegan do mal.

Mentres q'a maldade no mundo trunfea, 25
 Mentres que asolaga nas bágoas o chan,
 Traballo e virtudes gardarán a aldea:
 Dios será decote seu fòrte gardián.

Fría noite estende seu manto leitoso,
 Azouta nas portas soprón furacán; 30
 Pro nada estremece seu doce reposo,
 Q'a paz da concencia non gardan en van.

¡Ai case escabulla cas maus nas espigas!
¡Ai como restrela no liño a muller
Mentres chega a cea!... ¡Qué horas amigas! ... 35
¡Ai Dios, quén me dera podel'as coller! ...

Inda o seranciño non foi descuberto,
Xa todos no ourente alertan o albor,
Que nadie so as mantas acouga despèrto:
A vida nas vilas n'è vida, é supor. 40

Os homes recollen as pòlas caídas,
Ou érguen as álbres q'o vento guindou,
Ou prantan estacas, ou atan as bridas;
Enxertan ou podan s'o vento acougou.

Muxe a nena ás vacas o leite azucrado; 45
Ésta leva ó gando calmoso a beber;
Outra vaise á fonte; aqueloutra ó prado;
Estoutra peneira: ninguén ten leer.

Pro ¡ai! cando a ialba viste o chau de frores
E crube os outeiros de vida e solaz, 50
Todo mundo rende a Dios seus luores
E entrégase as ceifas da vida e da paz.

¡Qué gusto é ir vendo se prènden as pugas,
S'os chícharos furan a tona do chan!
¡Cánto o peito goza atando as leitugas 55
Ou vendo as fruteiras q'abrochos nos dan!

Cantan as galiñas sua poñedura
Na mentres q'os galos d'aquí e d'alá
Finchados, lerteiros, fartos de bravura,
Os mais desafían co ¡ca-cara-cá! 60

Zoan as abellas zugando nas frores,
Grilean os grilos, e no silveiral
Argallan os mèlros seus cantos millores
Mofando dos cucos que están no pinal.

Incensan os pinos, finxindo a marea, 65
Ruxen coma escumas os agros de pan,
As froitas nas pòlas co vento randean,
E as pòmbas nos áres mil círcolos fan.

Gorgulla a fontaña, a lesta arrecende,
Lèdo pifanea na fraga o pastor, 70
E con tantas frores a ialma se acende
E nadie está ceibo do xugo do amor.

Luz, vida e cores, e paz e ventura,
Desfrutan os ollos sin chisca de mal ...
¡Ai vida do campo! ¡vida de dozura! 75
Ti serás decote meu soño ideal.

Fartura sin fondo, da vida inocente
Imán invencible do meu vivo afán,
¿Por qué dos teus goces así vivo ausente?
¿Por qué as miñas alas cautivas están? 80

Aquí vil pezoña, e viláns enredos,
Solfida mintira, finxido pudor,
Orgullo e cobiza xamais terán quedos,
Serán sempre fontes de loito e de dor.

En van é q'un viva ca vida da cencia, 85
En van é q'un quira da intriga fuxir;
Ou hai que darll'òpio decote á concencia
Ou loitar na brecha hastra secumbir.

¡Ai vida do campo! ¡vida independente,
Vida inseparable do millor pracer! 90
¡Que Dios me franquée teu seo inocente!
¡Que en paz nél o mundo me deixe morrer!

Coruña 11 de outubro de 1875

A DANZA DAS CANDEAS

Ás Srtas. D^a Matilde e D^a Eladia Luard e Vilela

Nenas d'estas aldeas Tragué candeas A bendicir, Que a Virxen Candeloria Vos brinda goría Co seu sorrir.	5
Traguell'unha ruliña Da sua almiña Remedo fiel, Do seu amor semello, Decote espello Do candor dél.	10
Con pôlas de romeiro Sempre olideiro Ramos facé, E con bendito inxemplo Seu sagro temprou Arrecendé.	15
Q'ós pés da Nai mais pura Reina d'altura Sò debe arder A luz que nas estrèlas, Eternas vèlas Vemos tremer.	20
Diant'èla voso labio Sin vil resabio Brote á oración, Q'èla fonte sana Do ben que mana Do corazón.	25 30
E baixará do cèo Un río cheo	

D'eterna luz,
Q'afogue a crua guèrra
Que fai da terra 35
Sanguenta Cruz.

Vinde que casadiños
Os paxariños
Reviven xa,
E Nai de tal Neniño 40
Compañeiriño
Fiel vos dará.

Cruña 30 de xaneiro de 1876

GRATITUDE PRA OS HÉROES DE ARRATSAIN E MENDIZORROTZ

Preciso é non ser pai nin ter entrañas
 E de pedra ou d'aceiro tel'o sprito
 Pra non verter bágoas de tristura
 Ó ver chegar así tantos feridos.

Maldita sea a guerra e quen a alarga, 5
 Malhayan para sempre os vizcaínos
 Que a paz non acetan orgullosos
 Q'España ll'ofreceu sin abatilos.

Non quede pra contala un solo d'eles
 E pérdas'a memoria d'ese impío 10
 Que quere só ser rei, coma unha fera,
 Facer do noso chau cera e pabío.

Que Dios lle pida conta d'ese estrago,
 E morra cal Caín sin ser sintido,
 Q'amor non debe haber un ambizoso 15
 Que quer seu trono erguer en sangue tinto.

España, nobre España ¡erte axiña!
 Q'asombre o teu coraxe ós novos sigros,
 Q'acabe esa langosta desalmada
 Sin que a semente deixe entr'os meniños. 20

Eu dos primeiros fun a pedir gracia
 Par'os seus tristes erros e stravíos ...
 Pro xa q'a paz non queren testarudos
 ¡Que sufran guerra e morte e destermiño! ...

Calquera tras das pedras é valente. 25
 O conto é peito a peito e sin abrigo,
 Como loitastes vos ganando as brechas:
 A honra vosa foi ... q'eles fuxiron.

A groria que vos crube non ten prezo:
 Seguistel'a ordenanza hast'o martirio; 30
 A vosa nidia croa, é croa eterna:
 Galicia bica xa seu verdor vivo.

A Cruña vos saluda cariñosa
 Co peito palpitando de cariño
 ¡Groria ós feridos héroes d'Arratsain! 35
 ¡E ós de Mendizorrotz bravos e invitos!

¡Ai, sí! ¡correde vos, nobres matronas!
 ¡Tendell'os vosos brazos compasivos!
 ¡Enxugalle o suor da sua testa!
 ¡Calmall'a frebe así dos seus labiños! 40

¡Así, pobo cruñés! Ti nobre en todo,
Pois sempre q'o delor dou un láido
Volaches providente a secorrelo
Impóndot'os mais grandes sacrificios.

Hoxe q'os héroes chegan ós teus muros
¿N'habías d'acollelos compasivo?
O teu sprito é grande, e non s'esquene
Que Dios por él espera aló no empirio.

45

Coruña, 8 de frebeiro de 1876

N'afogues, Norte, n'afogues
 Ca tua inmensa mantela
 Os mil sospiros q'arrincan
 Os malfeitores da terra.

Chámat'o mundo embuido 5
 Nai d'arriscadas empresas
 Madriña dos galanteos ...
 ¿E por qué non das afrentas? ...
 ¿Quén de traiciós ou de furtos

Fiou a loura madeixa 10
 Que non contase contigo
 Pra entramallar sua teia?
 ¡Ai Norte, chuiva de doores,
 Forno das almas enfermas
 Cas tuas áas loitosas 15
 N'azoutes tanto sua testa.

Deixa paso á luz da ialba
 Enlanguacente febea
 [...]

Al Sr. D. Ramón Pérez Costales, fundador de la escuela de párvulos de su nombre, en el acto solemne de su inauguración ocurrido en el local del Campo de Carballo de esta Ciudad, el día 11 del presente julio de 1878

Fiat lux

Soneto

Si estéril para el bien es la ignorancia,
Fecunda es para el crimen despiadado,
Germen de servidumbre infortunado,
Fuente de amargo duelo e intemperancia.

La paz, la vida, el genio y la abundancia 5
Sufren su asedio pertinaz y odiado,
Y huye el pensamiento máspreciado
Al soplo deletéreo de su estancia ...

Para triunfar del monstruo ignominioso 10
Que nuestra dicha por doquier debela
Hoy se eleva este faro esplendoroso.

Prez a su fundador, que es centinela,
Por nuestro bien se agita generoso
Y ejemplo al mundo ofrece en esta escuela.

Coruña 11 de julio de 1876

A MUIÑEIRA

Ó SON DO PANDEIRO

Muiñiño de meus pais,
 Tesme cativiña aquí,
 Bota que bota no grau
 Pra que non roias en ti.

Estribillo

Alalala, alalala, 5
 Pra que non roias en ti.

Mentres meu corazón bate
 Para diante e para trás
 Ti xordo, ronxe que ronxe,
 Baila que te bailarás. 10

As augas que te menean
 Tamén ¡ai! fuxindo van,
 Soando como suspiros
 Que do mais fondo me sán.

Erel-o vivo semello 15
 Do tempo consumidor,
 A vida cargand'a tolva,
 E el roiendo treidor.

Tamén coma ti, tolviña, 20
 Meus pensamentos dan gran;
 Pro cân no muiño do mundo
 E com'a foula s'esfan.

Rola, rola, non te pares,
 Muiñiño de meus pais,
 Mentras ti rolas eu penso 25
 Pra meu tormento nomais.

Bota fariña mais munda,
Non m'a deas viva, non,
Que a forneira esbarafunda
Porque da moito relón. 30

N'andes penzo e voandeiro
Mira que vaste empegar
E virán pico e canteiro
Tuas lombas caroar.

As penas do teu rodicio 35
Hoxe fan mofa de min,
Pro voull'acurtal-o vicio:
Quen mal anda ten mal fin.

Abramos mail-a represa,
Que pod'a canl'entoar 40
E non hai paus na devesa
Pra podelo esvaleurar.

Tanxe, tanxe, tanxedeiro,
Canliña deita ti ben,
Mentras q'a roupa deloiro, 45
Mentras meu amor non ven.

Xa teño o muiño corrente:
Ven moer ti, meu amor,
Que n'hai mozo mais valente
Que seipa moer millor. 50

A fervellar con soaces
Q'ehí ven o craro luar
Vinde mozas e rapaces
A moer e xoldear.

Calou o son da muiñeira, 55
Esmoreceu o arrebol,
E do día na cerdeira
Despediuse o verderol.

<p>Miña hirmanciña querida Desde que salín da España Paseiche tantas peniñas Que non ch'acerto a contalas.</p>	
<p>Tan negras son e tan fondas Que n'abondan as palabras Pra mostrarch'o seu acedo Déixollo pintar ás bagoas.</p>	5
<p>Cantos viñemos d'ahí Com'as rosiñas da Pascua Hoxe témosch'o pelico Tan torto com'o das pasas.</p>	10
<p>Os ollos vanse ensumindo Nas suas tristes fochancas Cansados de ver uns feitos ... De mortos homes sin alma.</p>	15
<p>Miña hirmán, ésta n'é guerra Que a sela xa s'acabara Con aquel tan bravo empuxe Con que libramos a España.</p>	
<p>Aquí non nos matan nonhe Nin baionetas nin balas Que os treidores insurgentes Son mais cobardes q'as ratas.</p>	20
<p>S'algún día nos fan frente É só detrás d'unha trampa, Ou vindo dez contra unhe Para trocalo en talladas.</p>	25
<p>¡Estonces son moi valentes ... Para amañar bullangada, E scarnecer a un ferido ... Ou a un enfermo e sin armas!</p>	30
<p>Pois se as tivera, d'estonces Ninguén a el se chegara Que o spañol cando ferido Sinte mais lume na ialma</p>	35
[...]	

AL TÍO JARINA

I

Zeñó Jarina ¡cudiao! ¿no vusté que eze camelo con que ha querío adulá ar pueblo der Sebedeo le va a costar mu carito ar bolso gasetiyero?	5
Si ar fin quedó su mersé confirmao e maulero ¿a qué con risaz e pega viene osté, y con chicoleos, jasiendo tanto ruío como enjaesao diestro para quear como un mandria del novillo entre loj cuernos?	10
Sonsoniche, y fuera plática de escrebior gayinero, o andará el diablo en Triana. ¿A qué andar jerre que jerre con ese cursi trasteo? No zancandile, chavó, que zi le endiño un boleó ze va quedá como gaita el armasén de su estruégamo, zin que le valgan <i>mea culpas</i> ni le zalve el jubileo.	15 20 25
Zi osté no diqueló naa destos variles festejos ¿a qué venil embroyando con mujeriles enreoz?	
¿Vio osté la funsión de iglesia, ni el certamen de loz verzos, ni el musical, ni los toro, ni er bullisio deste puerto, ni laz enluminaciones? ...	30
¡Puz no jilvane maj cuentos! ¿No ha querío usté lusirse garlando como un tudezco? ...	35

¡Zi jeñó! ... puz no eche curpa,
 compare, ¡ezo ez mu feo!
 a quien no laz ha tenío, 40
 e que osté se hunda en er cieno.
 ¡Jozú qué corresponsá
 tiene el “Diario” santiagueso!!!
 por salario no merese
 ni er rodiyo maz añejo. 45
 Vamo, zeñó Directó,
 que er peje ha salío escuerso.
 Zea osté maz avizao:
 no ze junda en embelecocos,
 zinó jabrá palinodia 50
 con ezquila a cuatro vientos,
 y más silba y tropesones
 quen corriáz e jamelgos.
 No fie maz en Jarina:
 retírele el sebaero, 55
 no ze olvíe que el mosito
 ez un serrano manchego
 que zin zalir e Zan Roque
 le ha chorao loz dinero.
 Que ze loz güerva, Bibiano; 60
 entre en razón, no sea memo,
 pue zon e loz zucritorez,
 y zegún resan loz clérigos
 el que da gato por liebre
 ze irá cual chivo al infierno. 65
 Dios se olvíe de miz culpas
 como su percanse sientio,
 zeñó Jarina: zon malos,
 mu malos zus pezpunteoz.
 No ezpante azí la parroquia 70
 e su Directó: o prezto
 no tendrá maz que aleluyas
 de entrambos el despensero.
 Ya que por farta de ... vamo ...
 osté no ha podido vernoz 75
 y describí cual debía
 los coruñezez feztejioz,
 con un poquito e calma
 pudo jilvanar al menos
 media gruesa e librillos 80
 copiando a los revisteros

que imparsiales han pintao
lo más buchí deste pueblo.

Asina, sin compromisio
saliera osté de su empeño 85
cuar testigo presenciá
sin enseñá el orejero.

Pero ¡quíá! tú te has jechao
de Úbeda por loz cerros
y has hecho zorta los piños 90
ar Directó de contento,
obligándole a esir
que fue guasa too aquello
que ha disío se cantara
elante el Zacramento; 95

¡por Crizto que yo me jundo
antes que isí too ezto!
¡Que no se cumplió er programa?
¡sobre que sí, y con aumento!

Ezto ha zío un ascua de oro, 100
la mezmíta entrá der sielo,
una Venesia pintáa
en laz aguas dezte puerto.
Ozté no pué ecir na
ni formá juisio sierto, 105
ni jablá cosa denguna
porque no merese afleuto
quien por selos o malisia
cambia así lo blanco en negro.

¿Qué pudiera usted esí
destos sircoz e recreo 110
abiertos a tóo er mundo,
y en espesie al forastero,
brindándole a su servisio
lusío, briyante, espléndido
en medio de esa cultura 115
que resarta en tóoz eyoz?

Si usted se hubiese venío
jabría dicho a su tiempo
que la funsión religiosa
fue el día *ocho* en el tempro 120
e Zan Jorge, y los Florales
er *nueve* en el Coliseo,
y el día *dié* el Sertamen
musical, y el Hino mezmo

que usté afirmó cantado 125
elante el Sacramento ...
Vamo, Jarina, merese
que te peinen contra pelo;
yo que zoy mu imparciá,
que zoy españó compreto,
que me gusta la verdá, 130
que rindo curto a lo güeno,
que aborresco la injustisia,
que no nasí en ezte zuelo ...
pueo esí mu crarito
que aquí fue tóo ¡retebueno! 135
Con que asina, comparito,
sonsoniche y menos cuentos,
que como jaga más ruio
con un zoplo le isuelvo
como un globo de jabón 140
e loz que hasen loz chicuelos.

El Tío Atiza

GRATITUD AL AMOR PATRIO

A la Sociedad de Beneficencia de los naturales de Galicia en la Habana, por su
patriótica función del 25 de julio de 1877
Galicia reconocida

I

Sobre las ondas que a Galicia vuelven Sonoras a besar la egregia planta De sus floridas perfumadas costas, Siempre orladas de nácar;	
Sobre esas ondas que partir os vieron	5
Entre suspiros de tristura amarga Tras aquel astro que apellida el vate El sol de la esperanza;	
Vino la Fama pregonando el hecho De vuestra culta fraternal velada,	10
Que dio lauros al arte y para el pobre Con que calmar sus ansias.	
Bastara por sí sólo a enalteceros El acto de acorrer a la desgracia; Pero encender quisisteis con su influjo	15
El amor a la patria.	
Y altivos sobre célticas colinas Que inmensos triunfos legendarios guardan Cual si allí se meciera nuestra brisa Que la salud restaura,	20
Bajo el noble pendón del grande Apóstol De esa bandera augusta y veneranda Emblema de mil ínclitas proezas Que nuestro pecho inflaman,	
Hicisteis renacer el caballero	25
De inquebrantable fe y acción bizarra Y oír bajo el torreón de las leyendas Su lira enamorada.	
Y con cantos y danzas y guerreros De estos druídicos bosques y estas playas	30
Sublimasteis el arte y la poesía De nuestra invicta raza.	
¡Oh! ¡cuánto os agradece, hermanos míos, Nuestra digna de amor Galicia cara Que así mostreis, de Cuba entre las bellas,	35
Nuestras glorias preciadas!	

¡Que esos vivos recuerdos venerandos,
Como lluvia fecunda y suspirada,
Supieseis derramar sobre el que llora
Bajo ese sol que abrasa! 40

Yo en su nombre os envío entusiasmado
Los afectos más dulces de mi alma,
Mientras ella os bendice agradecida
Ante el pie de sus aras ...

II

Una vez más cumplisteis como buenos. 45
¡Así se enseña a venerar la patria
Cantando a vuestra cuna esclarecida
Llenos de fe magnánima!

¡Así responde siempre el pecho noble
Cuando la suerte caprichosa y varia 50
Le aleja un día del nativo suelo
A regiones extrañas!

¡Así se robustecen las virtudes
Que aliento infunden en las tibias almas,
La santa caridad ejercitando 55
Que enjuga tantas lágrimas!

¡Así se prueba que la Erin florida,
La invicta Suevia, la región galaica,
Inocula en el pecho de sus hijos
Las virtudes más altas! 60

Fraternizando así, decid ¿quién teme
Del envidioso aspid la vil punzada,
O al desdorante labio del que nunca
Vio de Galicia el alba?

El alba, que si nace refulgente 65
Entre cambiantes de zafir y grana,
Muere a la tarde prisionera en tules
De tinta y luz fantásticas?

El que no abriera su brillante historia
Que al cielo encumbra la nobleza hispana, 70
Venga aquí por laureles inmortales,
Dignos de eólicas arpas.

Venga, que de Galicia en los vergeles
Vibra del genio la divina llama,
Y las ciencias acrecen cual violeta 75
Sin arrogancia fatua.

Vengan los que son pobres en civismo,
En prudencia, honradez, genio y pujanza,

Y fuentes mil habrá donde recojan Renombre en abundancia	80
Cuando la impía guerra fratricida Sembraba división, odio y matanza, ¿A quiénes por modelo de heroísmo El honor laureaba?	
El vigor de los celtas no se extingue En nuestra tierra de viril prosapia, Donde altiva Ifigenia y madre Ceres Frutos del bien derraman.	85
Honor, pues, a vosotros que en la perla Que hoy con empeño más defiende España El pendón sosteneis que triunfar supo En Clavijo y las Navas.	,90
¡Santiago y cierra Cuba! en vuestros labios Sea el potente grito de batalla; Y el Viejo y Nuevo Mundo reconozcan Que es justa nuestra fama.	95
Pues quien en las batallas y en el arte Tan diestro supo conquistar la palma, La joya guardará que impías cercan De la traición las armas.	100

III

¡Oh patria! ¡santo amor! ¡imán querido! ¡Cuánto lejos de ti tu nombre embriaga! ¡Cuánto el alma padece al verte lejos! ... ¡Cuánto al verte ultrajada!	
¡Cuánto nos place el eco de tus glorias, Y el relato escuchar de tus hazañas, Y el nombre oír del hijo esclarecido Que se inmoló en tus aras!	110
¡Qué gozo inextinguible se apodera Del que los timbres de su madre ensancha Y puede brillantar más su diadema, Aunque sea con lágrimas!	115
¡Qué inefable placer soñar con ella Tras el frío cendal de la distancia, Y ver el nido que la diera el cielo, Sus mares ... sus cañadas ...	120
E ir atropellando el pensamiento Por ferias, romerías ... y entre danzas Oír la expresión viva de su pueblo Por su dicha o desgracias!...	125

Tal ha debido ser el sentimiento
 Que con sagrado fuego y pías ansias
 Dio vida el festival con que obsequiasteis
 Al Protector de España,
 Y os hizo enardecer sobre la escena 130
 Al son de las panderas y las gaitas,
 Usando el dulce ritmo de Macías
 Y de alfonsinas cántigas,
 Y en curva y actitudes belicosas,
 Seguir de la *muíneira* o *ribeirana* 135
 En torno de esas *bijas de la aurora*
 Los giros de las auras;
 Y envueltos en el grato magnetismo
 De nuestros *aturuxos* y *alboradas*,
 Lanzar como el pastor de soto a soto, 140
 El doliente *ala lala*.
 Curando las heridas más profundas
 Del dardo matador de la nostalgia
 A cuantos, aun mimados por la suerte,
 Suspiran por la patria, 145
 Decidnos: a no ser vuestro amor patrio,
 ¿Qué agente misterioso, o fuerza rauda,
 Pudiera trasladar cuadros tan bellos
 Al centro de la Habana,
 Y dar idea clara e intuitiva 150
 Del grado de cultura que hoy alcanza
 El pueblo que indomable ha destruido
 Al héroe de las Galias? ...
 Preciso es lo confiese, amigos míos,
 Mi lira conmovida y entusiasta, 155
 Que el nombre mereceis de buenos hijos
 De este florón de España.
 Por eso gracias mil hoy os envío
 En nombre de estos castros y estas playas,
 De nuestros frescos bosques y praderas, 160
 Do el rui señor os llama;
 Y en nombre de sus hijas, cuyos ojos
 Llenos de gratitud y amor disparan
 Más diamantinos rayos que la aurora
 Que mi laúd inflama. 165

Coruña, 30 de agosto de 1877

AL SR. D. EDUARDO DÍAZ DE CABRIA EN CELEBRIDAD DE LOS DÍAS DE SU
SANTO, SUS CONSTANTES Y FIELES AMIGOS

Pasó un año desde el día
 Que alegre te he saludado
 Haciendo votos fervientes
 Por disfrutar otro año
 Del amistoso placer 5
 De darte otro nuevo abrazo,
 Y verte recibir mil
 De estos amigos que tanto
 Se interesan por tu dicha
 Y te ofrecen animados 10
 La expresión de un sentimiento
 Que nunca verás trocado.
 Y hoy, con igual empeño,
 Tales votos renovamos
 Al son de la anciana gaita 15
 Y entre los fúlgidos rayos
 Del límpido sol de otoño
 Que así se digna obsequiarnos
 Esparciendo la alegría
 Donde reinó el *cordónazo*. 20
 Para que el alma se espacie
 Y se recreen los ánimos
 Entre muiñeiras y danzas
 Y voladores y aplausos;
 Y puedas decir, Señor, 25
 Gracias porque te has dignado
 En el libro de mi vida
 Añadir tan feliz año.
 Dígnate, pues, buen amigo,
 Aceptar mi nuevo abrazo 30
 Y el brindis que a tu salud
 En coro te dedicamos
 Diciendo: ¡suenen las copas
 Por la dicha de Eduardo!
 ¡Por la de su noble esposa 35
 De cuyos ojos estamos
 Y de sus labios pendientes
 Siempre la dicha buscando

Los que tanto la queremos
Con sus obsequios honrándonos! 40
 Brindis por todo el cortejo,
Por las perlas del Portazgo
Que esparcen aroma y vida
Cual búcaro perfumado.
 Y que el cielo nuestros votos 45
Sobre el éter de estos campos,
Conceda que se repitan
Entre vítores otro año.

Portazgo 13 de Octubre de 1877

LA SALIDA DEL SOL

Soneto

Al inspirado pintor y mi querido amigo D. Leopoldo Varela

Muestra Febo gentil sus rizos de oro
 Y tras rosado tul huye la Aurora,
 En tanto en el pensil reparte Flora
 De aromas y carmín rico tesoro.

Riza el ala del aura el sicomoro 5
 Que cubre la fontana bullidora,
 Do esconde sus secretos la pastora,
 Y embriaga al cazador plácido coro.

Inspírase el pastor en la encañada;
 Su vida el pescador al mar confía; 10
 Anuncia el sacro bronce la alborada;

La alondra entre celajes se extravía;
 Y mi arpa encuentra a Dios sobre la nada
 Al ver surgir el sol y abrirse el día.

Coruña, 18 de noviembre de 1877

EL PRESUNTUOSO

Soneto

Derraman la lisonja mil juglares
 Que hidrópico se bebe el pretencioso
 Sin sospechar que el virus ponzoñoso
 Que apura, le ha de hacer llorar a mares.

Con ella vanse hinchando sus ijares: 5
 ¡Ya cree ser verdad que es un coloso!
 El humo del beleño soporoso
 Le erige en sus ensueños mil altares.

Escucha la verdad indiferente, 10
 Y entrégase al capricho embravecido,
 Sin más pauta ni norte que un demente.

Humilla a la razón. Da un estampido.
 Mil carcajadas suenan de repente,
 ¡Y él muere entre el baldón escarnecido!!!

Coruña 23 de noviembre de 1877

¡VENGA MI LIRA!

Soneto

¡Libre es el aire! Virginal aurora
 De amor inunda mi jardín florido,
 Y en él, arpegios al oculto nido
 Rinde el jilguero por el bien que adora;

Suelta la rosa, del pensil señora, 5
 Libre la esencia que mi pecho inflama,
 Y entre arreboles de carmines llamas
 Por verse libre, mil brillantes llora.

En gayas copas de amatista y oro, 10
 Zumbando libre con creciente anhelo,
 Liba la abeja su especial tesoro.

Y libres auras fecundando el suelo
 Entre las quimas del laurel sonoro
 Entonan ¡Libertad! ¡Guárdete el cielo!

Coruña 25 de noviembre de 1877

¡POBRE PASTORA!

Soneto

Yo vivía feliz en mi cabaña:
 Mis placeres constantes, mis dolores,
 Eran coger los pájaros cantores,
 Y el no trepar cual corzo a la montaña.

Pero ¡ay! ¡cuánto lo bello nos engaña! 5
 Un día que olvidando caprichosa
 Mi choza, mi vergel, la vega hermosa,
 A la cumbre subí con ansia extraña,

Vi desde allí la mar resplandeciente,
 Y el puerto, y la ciudad ... y sus torreones 10
 Y a ellos descendí. Mi virgen mente

Admirada quedó de sus creaciones,
 Mas ¡ay! noté del vicio la corriente,
 Y allí muertas dejé mis ilusiones.

Coruña 27 de noviembre de 1877

EL SABER ES LUZ

Soneto

A mi querido amigo el laureado poeta Don Manuel Sala y Barba

Quien sigue de los necios la corriente
 Por simple y momentánea vana gloria,
 No espere de su patria en la memoria
 Un lugar distinguido y permanente.

Que sólo a erguida cumbre y refulgente 5
 Centro en la tierra de justicia y gloria,
 Tiende sus alas la imparcial Historia
 Para orlar del saber la augusta frente.

Sigamos, pues, la luz de esos varones 10
 Que altivos arrostrando el menosprecio
 Y estridente crujir de las pasiones,

Supieron prescindir del vulgo necio
 Y firmes en el bien, por sus acciones,
 Del tiempo han conquistado el alto aprecio.

Coruña 27 de noviembre de 1877

EPIGRAMA

Negaba cierto letrado,
En una rural defensa,
La importancia de la prensa ...
Y acertaba esa eminencia
Pues de sus bellos *conceutos*
Nunca notó los *efeutos*
Ergo, es nula su potencia.

5

Non fagas mais versos, Xan,
Dúrmete, non seas bruto,
Pois xa sabes d'antemán
Que sólo te premiarán
Si tes mérito ausoluto.

5

Eso ben poidera ser
Que é comun facer agravio;
Pero eu non xogo a perder
¿Cómo se han de someter
As odas a un astrolabio?

10

HIJA DEL CIELO

Soneto

¡Libre es el aire! Virginal aurora
 De amor inunda mi jardín florido,
 Do libre entretejiendo amante nido
 Trina el jilguero por el bien que adora.

Suelta la rosa, del edén señora, 5
 Libre la esencia que mi pecho inflama,
 Y entre arreboles de purpúrea llama
 De sus capullos la prisión deplora.

En gayas copas de amatista y oro
 Zumbando libre con creciente anhelo 10
 Liba la abeja su especial tesoro;

Y libres auras fecundando el suelo
 Entre las quimas del laurel sonoro,
 Repiten: ¡Libertad! ...;guárdete el cielo! ...

Coruña 28 de noviembre de 1877

¡DESPIERTA GALICIA!

Soneto

¿Cómo no he de inflamarme, patria mía,
Y con tu insignia no rasgar el viento,
Siendo prenda de gloria y de ardimiento
Dignos de un pueblo de inmortal valía?

¿No eres tú, acaso, la que hiciste un día 5
Temblar del César el poder sangriento,
La en mil jornadas, de valor portento,
La que en Medulio por ser libre ardía ...

¡Oh, madre excelsa! la profunda huella 10
De tus proezas la pasión no empaña,
Porque tu historia como el sol destella.

Y aunque hoy te abatan como frágil caña ...
Es tu pujanza la polar estrella ...
¡Y el brazo hercúleo salvador de España!

Coruña 1º de diciembre de 1877

LUCHA CIVIL

Soneto

Odio, llanto, exterminio, hórrido espanto,
 Gérmenes de opresión siembra la guerra:
 Aliento sepulcral su tea encierra
 Contra cuanto hay de bello, augusto y santo.

Por ella, Caridad pierde su manto; 5
 Las alas del dolor nublan la tierra;
 El laúd del perdón su voz destierra;
 Para el ara del bien non hay libre canto;

Contra el vil agresor la virgen clama. 10
 Girando su puñal triunfa el más fuerte,
 Y el solio del deber rueda o se inflama.

Cubre Temis su rostro ¡oh impía suerte!
 Entre hambre y desnudez el pueblo brama ...
 Truena el cañón fatal ... ¡triunfa la Muerte!

Coruña, 2 de diciembre de 1877

¡HE AQUÍ LO QUE ES EL MUNDO!

Soneto

A mi sincera amiga D^a María del Rosario Sanjurjo de la Encina

Dicen que el mundo ingrato, amiga mía,
A quien más debe amor, hiere inhumano:
Dicen que da cadenas al tirano
Cuando más cree ahogar la tiranía;

También dicen que va con ufanía
De hinojos a besar la diestra mano,
Que vende por virtud su hipocresía;
Y hasta suelen decir que aquél que mira

5

Con ojo escrutador sus decisiones
Juguete le halla al fin de vil mentira.

10

En vista de tan firmes convicciones
¿No es cuerdo quien del mundo se retira
Y olvida sin dolor sus ovaciones? ...

¡ESPERAD ...!

Soneto

Que alce la aurora surtidores de oro
 Entre irisadas lluvias de diamantes;
 Que al verlos, en la selva, palpitanes,
 El ave acorde su inocente coro.

Luzca el espacio sideral tesoro, 5
 Y el prado sus corolas perfumantes,
 Cuanto de tierno embargue a los amantes,
 Cuanto natura ostente en su decoro;

Suenen las armonías melodiosas
 Que el genio musical vertió en el suelo ... 10
 Tienda la ciencia, en fin, sus alas pías

Premiando nuestro afán, nuestro desvelo;
 ¡Todo será ilusión: cenizas frías ...
 Ante el bien que nos brinda el almo cielo!

Coruña, 4 de diciembre de 1877

¡PROTECCIÓN!

Soneto

A mi querido e ilustrado amigo D. E. U.

Sin protector timón, rota la quilla,
Sin viento amigo, por camino incierto,
Como niño extraviado en el desierto
Flotando va del pueblo la barquilla.

Cuanto más lucha por llegar al puerto 5
Más se le oculta de su bien la orilla.
Pide amparo al bajel ... y éste le humilla
Con el furor de su hélice revuelto.

Y triste, y destrozado su aparejo,
Sin más potencia que su afán doliente, 10
Sin brújula quizás, y sin consejo,

Entrégase del noto a la corriente;
Y ¡ay! entre sirtes de fatal reflejo ...
Sucumbe ante el bajel duro y potente.

Coruña 6 de diciembre de 1877

Al correr de diez lustros, complacida
 Urania, presidiendo su ara de oro,
 Del galaico Liceo para decoro,
 Vio del hijo del Cabe arder la vida.

Y cuando de la masa desleída 5
 Se ha visto ir los misterios descifrando
 Fue su frente iniciada nimblando
 Por ser del arte protector regida.

Pero ¡ay! rindióle al fin tanto desvelo. 10
 Hoy el polvo le abraza mudo, absorto ...
 Llorando de Minerva los pesares.

Mas cese nuestro llanto. Va en el cielo;
 Y la fama se eleva sobre el orto
 Cantando ¡gloria, gloria al gran Casares!

LA LEY ¿ES LEY?

Soneto

No te duermas, Galicia. Los blasones
 Con que cubres aún tu noble pecho
 Débil égida son de tu derecho:
 Ya el siglo exige algo más que tradiciones.

Apóyate en buen hora en tus pendones, 5
 Mas procura romper el lazo estrecho
 Que te largó ambición puesta en acecho
 Si has de eclipsar la luz de otras regiones.

Si a España perteneces ... ¡ve a su trono!
 A él guía tu voz en son valiente, 10
 Que amparo y prez merece, y no abandono,

Expónle tus razones reverente:
 Y si la ley no impera, y si el encono ...
 Inspírate en tu ayer ... y alza tu frente.

Coruña 19 de diciembre de 1877

A LA DIVINA PASTORA

Plegaria y ex voto

Santa y divina Pastora, Bello y purísimo ser, Nuestra dulce mediadora Ante el eterno poder.	
Defiende, madre adorada, Con tu manto protector, Sobre esta tierra abrasada, Los hijos de nuestro amor.	5
Guía tú su noble empresa Con tu celeste virtud, Y conserva su honra ilesa, Su santa fe y su salud.	10
Y tráelos victoriosos A nuestro querido hogar Y a nuestros campos hermosos Tus grandezas a ensalzar;	15
Que en su nombre, si lo aceptas, Te ofrece nuestra alma fiel Siempre un ramo de violetas Y de glorioso laurel.	20

En nombre de su reconocida familia a vuestro amparo bendito

Francisco M^a de la Iglesia

Coruña, 1^o de enero de 1878

¿ES LIBRE LA VERDAD?

Soneto

Oigo decir que la verdad es santa;
 Que más que el núcleo de los astros brilla;
 Que sobre el éter flota y no se humilla,
 Ni ante el cadalso que el terror levanta;

Dicen que el vate sus virtudes canta, 5
 Que el débil en sus fueros se encastilla,
 Que es del mundo moral la maravilla,
 Que besa la razón su augusta planta;

Que es imagen de Dios; y que constante 10
 Siendo numen creador de toda ciencia,
 Generosa, imparcial y madre amante,

Sólo tiende a guiar nuestra conciencia.
 Es cierto: no lo dudo ni un instante;
 Pero al rendirla culto ... ¡no hay prudencia!

Coruña 10 de febrero de 1877

IMPOTENCIA DEL ORO

Soneto

Con el oro se compra al judaísmo,
 Al cínico, al traidor, al miserable,
 A los seides de idea detestable;
 No a la fe, ni al valor del heroísmo.

No a las almas henchidas de civismo 5
 Que anhelan un laurel inmarchitable.
 Ni a la casta hermosura incontrastable
 Al poder corruptor del nepotismo.

A Sócrates no ciega la abundancia
 De ese metal que el tiempo desmenuza 10
 Despreciado en Medulio y en Numancia.

No a un Guzmán se soborna ni a un Lanuza,
 Sino a la impudencia e intemperancia
 Del que huye de la luz cual vil lechuza.

Coruña 19 de febrero de 1878

¡VIRILIDAD!

Soneto

No deje entrar el ánimo valiente
 Bajo el dosel de la razón serena
 El vil temor que al pundonor enfrena
 Con yugo innoble y porvenir gimiente.

Fija la vista en la región luciente 5
 Cruce del mundo la candente arena
 Que el cielo ampara al héroe en su faena.
 Cuando excelsa virtud guía su mente.

¿No es la fama inmortal la que pregona 10
 Del ánimo viril los nobles hechos
 Mostrándolos por luz de zona en zona?

No, callando se apoyan los derechos
 Cuando es justo el deber que los abona ...
 ¡Siempre el valor nutrió los nobles pechos!

Coruña 25 de febrero de 1878

¿POR QUÉ LUCHAR?

Imitación

¿Dónde va la paz querida Barquilla de mis ensueños adorados?	
¿Dónde aquella edad florida De pensamientos risueños bienhadados? ...	5
¿Cómo aquel espejo hermoso Que la senda de la gloria me ha mostrado, Se quebró tan presuroso Que hasta el sol de mi memoria me ha eclipsado?	10
¿Dónde va el valor pujante Que de mi patria en el ara se ofreciera?	15
Y esa esperanza brillante Que tanto bien me augurara lisonjera?	
Los colosales proyectos De renacimiento hispano ¿qué se hicieron?	20
Y esos genios circunspectos Honra del género humano ¿A dó huyeron?	
¡Oh tiempo! ¿dónde atesoras Las de tu triunfante acero nobles galas?	25
¡Por doquier el alma llora Ante el giro helado y fiero de tus alas!	30
¿A qué, pues, nos agitamos Volando en pos de la dicha con empeño Si al fin nos desengañamos De que el alma se encapricha por un sueño?	35
El poder y la grandeza Que más al mundo rindieron y turbaron,	

Vieron polvo su grandeza	40
Al primer soplo cayeron ...	
¡se apagaron!	
Cual las varas de una rueda	
Se levantan y se abaten	
presurosas	s45
Nada inmovible queda	
¡Por renovarse combaten	
las mil cosas!	
Ninguno espere que el duelo	
En hollar nuestra morada	50
sea tardo,	
Ni se prometa el consuelo	
De huir la acción despiadada	
de su dardo.	
Goce y penas reinarán	55
Como siempre en forma extraña	
misturados	
Y a su ley sucumbirán	
Los que habiten la cabaña	
y los estrados.	60
Así pues, todos boguemos	
En este mar de dolor	
adunados,	
Que pronto pronto seremos	
A otra esfera mejor	65
trasplantados.	

Coruña, 22 de febrero de 1878

LA PAZ, BIEN SUPREMO

A los diversos partidos militantes españoles

Soneto

¿Cuándo se extinguirán tantas querellas
 Como ha engendrado nuestro aciago encono?
 ¡Oh! ¡dichoso el poder, feliz el trono
 Que hoy borrar sepa sus profundas huellas!

5

Que no las presten luz ni sol ni estrellas,
 Que el brillo nacional no habla en su abono.
 De ellas surge en tropel nuestro abandono,
 Y el lauro secular no brota en ellas.

¿Quereis prosperidad, quereis cultura
 Y cegar el raudal de nuestro llanto
 Con lucha tan tenaz, con tal locura?

10

Pues ¡cejad, por piedad! ¡cese el espanto!
 Sin amor fraternal no habrá ventura,
 Ni Dios reparará nuestro quebranto.

15

Coruña 2 de marzo de 1878

HONOR A LA ANCIANIDAD

Soneto

No olvideis, ¡oh mis jóvenes amigos!
 Que un anciano es la luz de la experiencia:
 En la historia, en las artes y en la ciencia,
 De este aserto hallareis fieles testigos.

¿En qué nave, en qué brecha o en qué abrigos 5
 Buscareis más fructífera prudencia
 Que en los fallos del tiempo ... en la conciencia
 Trabajada por tantos enemigos?

No los surcos augustos de su frente,
 Que el cincel del dolor abrió inhumano, 10
 Labre más vuestro orgullo adolescente.

Su madura razón no lidió en vano
 Yo la otorgo mi afecto reverente ...,
 Que después del Eterno, es el anciano.

Coruña 12 de marzo de 1878

¡DIOS T'ACOMPAÑE, RULIÑO!

Vaite con Dios, meu filliño,
 Contigo levasm'a ialma
 E o calor do meu peitiño.
 Mentres ti por eses mares
 Catando val'a fertuna, 5
 Nòs choraremos a mares,
 Sofrindo o dor sin entrañas
 De verte así tan noviño
 Voando a terras estrañas,
 Fuxindo da crua guerra, 10
 Q'é o pan q'a mocidade
 Ll'ofrece a spañola tèrra ...
 Meu ruliño ¡quén pensara
 Que xa na ialba da vida
 O teu desterro chegara! 15
 ¡Que tantas bágoas verteses,
 E a pesar do q'elas pèlan,
 Fuxir do teu lar quixeses! ...
 Destas vistas que criaron
 Aqueles garridos soños 20
 Q'a tua testa mimaron ...
 ¿Cómo abandonal'o niño
 Que cos seus labios quentaron
 Tua madre e teu paiciño?
 ¡Ai! volv'en ti, miña xoia, 30
 Que n'has d'atopar naiciña
 Que tanto de ti se doia ...
 Antes de ver Novo-Mundo
 Tès q'arrostrar mil perigos
 Q'acocha ese mar profundo ... 35
 ¿E así deixas teus contentos
 Por ir tras dun ben incèrto
 Contr'a carraxe dos ventos? ...
 ¡Ai! q'esas olas bruando
 Contr'as dovelas do barco 40
 Van día e noite azoutando;
 E erguendo dia tras dia
 Mil ameazas de morte,
 Mil congoxas d'agonia.

Vólvet, volve, filliño, 45
 Que non tèn ouro esa terra
 Que pague o nòso cariño.
 Non che son ouro purgado
 Esas nubes que te engañan
 Cheas de lume axufrado. 50
 Vólvet'acá, meu querido,
 Que sólo así xuntar podes
 Noso curazon partido.
 Ven ... escoita ... ¿xa olvidaches
 Estes campiños froleados 55
 Onde tanto rebuldaches?
 ¿Xa esquenceches seu recordo? ...
 ¡Ben se ve q'eres moi neno,
 Onde non, foras mais cordo!
 ¿Non ves Santa Margarida? ... 60
 ¿Non vel'a verdella costa
 Tan vizosa, tan garrida? ...
 ¿Non ves este chan d'amores
 Onde louquiños correron
 Os teus infantís albores? ... 65
 Coma en Galicia n'hai souto
 De sanidosas dozuras
 Por mais q'o busques afouto.
 Non ch'hai Cruñiña coma esta,
 Nin xentes mais amorosas 70
 Q'as da gallega frolesta ...
 ¿Pro qué digo? ... mal pecado! ...
 Se xa non podes óirme
 Nin ver meu rostro engustiado!
 ¡Meu fillo! ¡Adios! ¡El te leve 75
 En paz ó lonxeiro porto
 Que no Pacífico bebe!
 E ti, Virxiña da Strela,
 Polo meu fillo da ialma,
 Xa q'eres nai, ¡vèla! ¡vèla! 80
 Garda o seu peitiño cheo
 D'aquel lumiño bendito
 Q'axunta a terra co cèo
 Pois co teu amparo santo
 Penso velo inda dichoso 85
 Baixo a freixa do teu manto.

HIMNO EN LA INAUGURACIÓN DE LA EXPOSICIÓN LOCAL
DE LA CORUÑA. 1878

AL TRABAJO

Coro

Lució por fin la aurora
Que anuncia gloria y paz;
Hoy vemos del trabajo
La lucha comenzar.
Galicia entusiasmada 5
La lid presenciará ...
Felices los que sepan
Laureles conquistar.

I

Desde el Lérez que en ondas de plata
Lleva envueltas mil quejas de amor 10
Hasta el Sil, que en sus áureas arenas
La riqueza del suelo copió
Suenan un eco de plácida dicha
Repitiendo la patria canción
Con que el pueblo gallego se muestra 15
Del trabajo en la lid vencedor.

Coro

Lució por fin la aurora, etc.

II

Levantando la pálida frente,
Ya ceñida de verde laurel,
Sus derechos Galicia reclama
A la luz, al progreso y al bien. 20
Del trabajo en la lucha gloriosa
Su esperanza se siente crecer;
Y transforma sus rudas cadenas
En arado martillo y cincel.

Coro

Lució por fin la aurora, etc.

III

Todo pueblo que aspire a ser grande 25
Y a ser libre pretenda llegar
Del trabajo requiera las armas
Y con ellas el bien hallará.
Trabajando, los pueblos redimen
Del pasado la austera señal, 30
Que en sudor y no en sangre se lavan
Cuantas manchas se quieran borrar.

Coro

Lució por fin la aurora, etc.

IV

Sí, venid: el trabajo os espera
Ya la aurora de paz va a lucir;
Estas lides la patria anhelaba 35
Y sus voces se oyeron al fin.
Coronad de Galicia las sienes
Por la gloria que sabe adquirir;
Saludad al trabajo que logra
Tal victoria otorgar en la lid. 40

Coro

Lució por fin la aurora, etc.

DE LA EXPOSICIÓN EN LA CORUÑA

Por más que nos combata
 Cierta elemento
 Marchamos con la historia
 De los progresos.
 Y los desdenes 5
 ¿Qué son para el que lucha
 Por sus laureles?

La patria es nuestro norte,
 La gloria es todo: 10
 (Los celosos son humo
 Para nosotros).
 Y lucharemos
 Por encumbrar sus timbres
 Hasta los cielos. 15

A nadie desechamos
 Para esta empresa:
 Venid si amais el arte,
 Ella os espera.
 Que es harto grande 20
 Para llenar de gloria
 Tierras y mares.

Eleva tu estandarte
 Noble Galicia,
 Coruña, abre tus brazos 25
 Y al arte anima,
 Y al mundo muestra
 Los gérmenes de vida
 De nuestra tierra.

Si aún hay quien te desaira 30
 Con loco empeño
 Y para no ampararte
 Busca pretextos,
 Tanta miseria
 Disipa con el brillo 35
 De tu diadema.

Galaicos industriales,
Pueblos hermanos,
Venid, aquí os esperan
Nobles aplausos.

40

Con vuestras obras
Corred a la Coruña
Si amais la gloria.

LA CRUZ REDENTORA

Soneto

A mi ilustrado amigo D. Manuel Calderón, Marqués de Algara de Gres

¡Abre tus brazos, venturoso leño!
 Muestra a los siglos al *tres veces Santo*,
 Que al alma brinda con su augusto manto
 De eterno y puro paternal beleño.

Ara del justo, de los orbes dueño, 5
 Álzate y sirve a la maldad de espanto;
 Baste tu Hostia al general quebranto
 Ya consumado el redentor empeño.

Que el huérfano, el esclavo, el oprimido, 10
 Al amor de tus frondas inmortales,
 No enfríen más con lágrimas su nido.

Así podrán los coros celestiales
 Cantar ante las plantas del Ungido:
Los hijos de tu Cruz ... ¡ya son iguales!

Coruña 11 de abril de 1879

DEL ENEMIGO EL CONSEJO
A UN COMERCIANTE REPOLLERO

Soneto

A juzgar por tus bríos, vate amigo, 5
¡Y cuento que no son bríos de pollo!
Creí que se ensanchase tu meollo
Hasta llegar de Apolo al alto abrigo.

¡Engañosa ilusión ...! Pero hoy contigo 10
Ingrato no he de ser armando embrollo:
¿Pretendes comerciar con el repollo ...?
Derrota sufrirás: te lo predigo.

Mas alce su pendón la Agricultura:
Virgilio y Columela, ¡al abordaje!
A cultivar repollos y verdura, 15

Que el buey cría sin ellos mal pelaje,
Y al ver una demanda tan segura,
Es mejor que sonetos ... ¡dar forraje!

Coruña 17 de abril de 1879

EL SABIO

A LA JUVENTUD ESTUDIOSA

Soneto

El *qué dirán* no preocupa al sabio
 Que vuela en pos de la razón de un hecho:
 La vieja afirmación no es nudo estrecho
 Que limite la acción de su astrolabio.

Su ley es la verdad. Nunca el resabio 5
 De egoísmo fatal manda en su pecho,
 Ni el jazmín ni las rosas forman lecho
 De su gran sacrificio en desagravio.

Del Bien universal por la corriente,
 Repartiendo su amor inagotable, 10
 Flota sin miedo a sirte ni rompiente;

Y hasta el escaño del poder inestable
 Olvida por seguir la luz fulgente
 Del vívido saber, del Bien durable.

Coruña, 23 de abril de 1879

DESCÓCHESE. ZANFONEIRO DO REPOLO

¡Que che vaia ben!!
 ¡Que che vaia ben!!
 ¿E como che vai?
 ¿E como che vai?

(Estribillo de los niños de Osedo, admirando las armonías de un zanfonista)

¡Secórame San Millán!
 Pois d'esta vez, por ser bolo,
 C'un resoprado de Eolo,
 Coma un manelo de lan
 Vou mais aló do Pautolo. 5

Dend'o Toural hastra Navia
 En canto naza o repolo
 Todos han d'ir hastra Babia:
 Que o tordo de Rivadavia
 Ou governa, ou morre tolo. 10

Pro ¡non t'arrites, meu vello! ...
 Vai roendo mais gramática,
 E para urdir tua premática
 Pídelle a Muruais consello,
 Que che ten pruma fremática. 15

E déixate de froeos
 Pra aló cando a miña chola,
 Con xustiza, e sin rodeos,
 O xénero da zarzola
 L'arrombe catro maneos. 20

Eu non xogo a cara ou cruz
 C'unha idea levantada,
 Coma calquer avestruz
 Que quer facer empanada
 Pra manducala sin luz. 25

Polo demais, meu velliño,
 Eu sonche mouro de paz
 Que sigue por seu camiño
 Sin cravar o ferretiño.
 Agachando a sua faz. 30

Cruña, 23 d'abril de 1879

Postdata

No “Candil” non teño parte;
Pro se a quixese ter,
Xa había vosté de ver
S’eu tiña ou non tiña arte
Pra darl’algo que facer
O dito.

¡NON AXEITAS!

Soneto

Farás moi ben, se cumpres teu intento:
 Pois sendo un Juvenal ... ¡de tanta talla! ...
 ¿A quén no'ha d'asombrar tua pantalla?
 ¡Quen n'ha de pillar medo ó teu talento?

Eu, heiche de dar tea e mais formento; 5
 Agora de ti pende o roer palla,
 Ou dar con tan bon xeito esa batalla
 Que as Musas por ti esbirren de contento.

Pro, n'has de raspiñar meus consoantes,
 Nin somellar á pulga nin ó sapo, 10
 Tan froxo e tan cativo coma iantes

Q'estonces a carroña do teu papo,
 En vez de causar mellas vixigantes,
 Esfaceráse á voz de *¡trapo! ¡trapo!*

Cruña, 26 d'abril de 1879

¡MAL POCADO!

FROLEOS

Un roiedor do Parnaso,
 Amañador de sonetos
 De calceta,
 Sigue creéndose un Tasso;
 Sendo samente un trompeta. 5

De sel-o mestre das Musas
 Deixouse levar do entoxo ...
 ¡Ai, coitadas!
 Así que soltou dúas fusas 10
 Quedastes estrilizadas.

¿Pro non sabíades vos,
 ¡Miñas xoias!
 Que para cantar non son bos
 Os abellós nin as choias? ... 15

Non mais pidás armonías
 Ó vate das corredoiras,
 Quiridiñas,
 Pois deprende as folías
 Acarón das manxadoiras, 20
 Entre spiñas.

Cruña, 26 d'abril de 1879

¡PASO AL COMERCIO ENMASCARADO!

A PEPE

I

¡Quién lo diría
 Del trovador
 Que al sol freía
 Con su calor!
 ¡Cómo se amosca! 5
 No quiere agraz,
 Chilla y se enrosca
 Tras su antifaz.
 -¿Picóle un tábano?
 -Tu ya lo ves; 10
 Siempre del rábano
 Tira al revés.
 -¿Pues él no ha erguido
 En son fatal
 Aquel mugido 15
 Que oyó Carral?
 ¿Con su repollo
 No ha sido él
 Quien dio al escollo
 Con su bajel? 20
 Pide hoy cultura
 Y ameno son;
 ¿Quién de verdura
 Llenó el serón?

II

¡Oh! ¡Mano oculta! 25
 Triunfaste ya ...
 Mi sol se oculta,
 Mi luz se va.
 Mis producciones
 Mueren aquí: 30
 ¡Las ovaciones
 Son para ti!

Mas ... nadie vea
Que un trovador
Hiere o pelea 35
Como un traidor.
Con esa lira
Quedaos vos.
La mía expira ...
¡Adios! ¡adios! 40

Coruña, 29 de abril de 1879

Por él, la Castalia fuente
Se ha agotado;
¡Temblad, pues, que ya su lente
se ha enfilado! ...

30

Coruña, 30 de abril de 1879

¿A QUÉ VIN EU A CASTILLA?

Carta de Pepe a Rosiña

I

Aquí me tes, cal frol do simiteiro
 Que logo terra e cinzas cocharán,
 Vertendo de bagullas un regueiro
 Filliñas do meu dor, dun dor tirán.

¡Ai Dios! ¿quén m'alonxou da terra miña? 5
 ¿Quén antes no meu lar non me matou?
 ¿Quén me privou do sol da miña almiña?
 ¿Qué sorte d'aquel chau me desterrou? ...
 ¿Qué foi da veira-mar, do ceu imaxe,
 De tanto souto e prado incensador, 10
 De tanto foliar, tanta romaxe ...
 Que foi, meu Dios, de tanto amor? ...
 Desde q'aquí resurxe a luz do día
 Eu mido cos suspiros meu pesar
 Sin xeito de calmar miña agonía 15
 Nin con canto pracer poida un soñar.
 Praíso foras ti de grorias cheo,
 S'as xerpas non houber que vendo estou;
 Pro así cal Dios criou anxos no ceo
 Tamen dèmos na terra sementou. 20
 Por elas fuxín eu do meu berciño,
 Por elas choro eu lonxe de tí,
 Sin sombra, sin amparo, e sin cariño ...
 ¡Pro siquera s'eu for morrer ahí!!!
 Aquí nin chisca topo de recordo 25
 Do amor q'ahí me inzou co seu sonrir,
 Nas olas do pracer vívoche xordo,
 Q'o fío se rompiu do meu vivir.
 Nin topo as frebas d'ouro d'aquel millo
 Co-as q'eu tecía croas pra meu mal, 30
 Con lirios, margaridas e tomillos
 Pra por na tua crencha virxinal.
 Nin castros con ramallos de loureiro,
 Nin fontes de dormente gurgullar,
 Nin o cocho da rula, un castiñeiro, 35
 De folludo e verdello boligar.
 ¡Ai Dios! ¡qué soedá tan mordiscante!
 ¡Qué louco ir e vir de desazón

A encher veñen de cote, a cada istante,
 De fel o meu maguado corazón! ... 40
 Aquí nadie se doi das miñas queixas,
 E rin do meu falar arrolador,
 Celmeiro, e mais duzoso que as cereixas,
 Se ti cantas co-el copras d'amor.
 D'aquí fuxeu o amor pra os nosos souts 45
 Deixando miudas froes e sin cor,
 Fundíronse na terra hastra os petoutos,
 E supre o grilo triste ó reisiñor.
 Aquí todo é cansanzo e caemento,
 Aquí todo é calor e mais calor, 50
 E o ar con ser tan quente, xordo, e lento;
 Hastra beber non sabe o meu suor.
 S'algunha vez s'erguiu medio animado
 Co as frescas recordanzas d'ese mar,
 O pé d'este trigal tan estricado 55
 Morriu com'as escumas no areal.
 N'hai terra coma a nosa, queridiña,
 Que guinda froita e froes ós teus pes,
 E cocha as nosas casas e igrexiaña
 Con parras, e loureiros e alciprés. 60
 Por eso n'este mar de desconsolo,
 Despois que me alonxei de tanto amor,
 Ando triste, abatido, fraco e solo,
 Entregado sin rella 'o meu delor.
 Morrendo estou, Rosiña, non'o dudes, 65
 Mil mortes sufro eu vivindo aquí,
 Se sabes que espirei ... non mais pescudes,
 Morrín por suspirar lonxe de ti.
 ¡Adios! terra do encanto e das romaxes!
 ¡Altar do sufrimento e do valor! 70
 ¡Fruteiro sin igual de personaxes
 A quen tanto aporveita o teu duzor!
 Non pôdo comprendel-o teu destino,
 Teus fillos de ti lonxe ves morrer,
 E triste escrava ti de louro sino 75
 Colonia dos estraños vès a ser.
 ¡Adios! ¡adios, Galicia esfertunada!
 Xa q'hoxe así me ves morrendo aquí,
 escoita a miña última boqueada:
 ¡Secorre os fillos teus! ¡Volve por tí! 80

Cruña, 6 de mayo de 1879

A LOS HÉROES CORUÑESES DE 1589

Envueltos por la indómita corriente,
 Hacia el mar del no ser indefinido
 Marchan los siglos con hirviente ruido
 Para ocultar su faz eternamente.

Mas, bendito ideal, faro esplendente
 Siempre el que norma de virtud ha sido
 Los lazos de la muerte ha destruido
 Para ver de la gloria el sol naciente.

5

Por eso cual eterna primavera
 La noble imagen de los héroes brota,
 Sobre esta tierra en proezas la primera,

10

Y aunque lira tras lira caiga rota,
 Primero estalla y muere nuestra esfera
 Que falte aquí al honor vívida nota.

DESENGAÑO E SOEDADES

Ó meu estimado colega Valentín Lamas Carvajal

¡Galicia, e deixeite
 Por Cuba! ... ¿e pra qué?
 ¿Pra vivir morrendo?
 ¿Pra mais te non ver? ...
 F. M. I.

Meu fillo no chan da Cruña
 Naciu coma un lirio branco,
 Pro baixo o ceo da Habana
 Quedou muchiño e tisdado. 5
 Aquí víaselle a vida
 Nos seus ollos rebuldando,
 Nos seus labios de cereixa,
 Nos seus cabelos rizados.
 Aló, pálido e tristoño, 10
 Fraquiño e desmadeixado
 Parece albre das tombas
 Co' seus pingantes ramallos.
 Corría aquí coma un corzo
 Por praias, montes e campos,
 Farto de alento e de forzas, 15
 Sin fatiga e sin traballo.
 Aló, suando decote
 Hastra sentado nun tallo,
 Acora coma se fose
 Tenro e sedento paxaro. 20
 Aquí soñaba en ser home,
 En saber, en valer algo;
 Alá soña ¡miña xoia!
 Co as frores dos nosos prados.
 Oíde a voz dos seus dores, 25
 Que van sobre o ar voando
 Cal balar da ovella triste
 Cando non ve seu rebaño:
 –“¿Onde estás, querida terra,
 Onde estás que non te hacho 30
 Senon nas áas dos soños
 Que van roendo os meus ánemos? ...

Xa non irei mais ¡ai triste!
 Por teus roleiros brincando,
 Pillando moras e grilos 35
 Nin seus paxariños gaios.
 Non patuxarei na fonte,
 Nin pol o regueiro manso,
 Nin mais arredor das albres
 Bailarei o contrapaso. 40
 Non irei mais con Rosiña
 Pol as veiriñas dos agros
 Catar herbas de San Xoan,
 Merendeiriñas e estralos.
 Aquí quedarei, que a vida 45
 Aquí váiseme acabando,
 A por de pensar nas cousas
 D'ese chaudiño d'encantos.
 Aquí non hai romarías
 Que sparzan o noso ánimo 50
 Con *alalalas* e bailes
 Arredor dos santuarios.
 Nin alegres merendiñas
 Sobre o chan margaritado,
 Á sombra dos castiñeiros 55
 Ou bidueiros do prado.
 Aquí con peras e roscas
 Non se adornan os ramallos
 Nin co as faixas da *Serrina*
 Vas os romeiros ó paso. 60
 Nin as nenas co as pandeiras
 Van tras das frutas tocando,
 Facendo cos seus cantares
 Do noso peito fiaños.
 Aquí ¡ai Dios! nunca vemos 65
 Ir a ría atravesando
 Un bote co a Virxen dentro
 Baixo os pendós de damasco.
 E tras dél botes e botes,
 Múseca e gaitas por largo, 70
 E botando tantas bombas
 Coma un combate de naos.
 Aquí non vos hai as feiras
 Do Santo Patrón Santiago,
 De Padrón, da Pelingrina, 75
 De San Froilán e de Pazos.

Aquí somente hai quentura,
 Auga e aire empezoñados,
 Cólera, frebe marela,
 Moita morte e poucos cartos. 80
 Se Dios no-o remedia logo
 Todos nós aquí deixamos
 Enterrado o noso corpo,
 Hastra pol os desengaños.
 ¡Adios! ¡adios, Galiciña! 85
 ¡Adios, garridiños campos!
 Recollede, compasivos,
 Estes sospiros magoados.
 Durman eles tansiquera
 Debaixo deses ramallos, 90
 Xa que nas terras de Cuba
 Quedamos nós espirando”.
 – Mociños, ¡ivos a Cuba!
 ¡Ivos a Cuba, mochachos! ...
 Se querés en tal espello 95
 Dentro de pouco mirarvos.

Cruña, mes de Santiago de mil oitocentos setenta e nove

LOS HIJOS DE ORFEO

Himno

Al Sr. D. Pascual Veiga, inspirado Director y fundador del laureado Orfeón
Coruñés, por sus triunfos alcanzados en el certamen musical del Dique de la
Campana celebrado el 19 de agosto de 1879

Coro

Padre de la Armonía
Préstanos tu favor
Y el fuego y melodía
Que diste al ruiseñor.

I

Da a nuestros labios – la imperiosa corriente 5
Que presta vida – al dorado laúd
Y de la tarde – a la aurora luciente
Perciba el alma – tu divina virtud.

II

Hijos de Orfeo – el registro laureado
De vuestro aliento – al placer franquead 10
Y con el fuego – del empíreo enviado
Pueblos y mares – de armonía llenad.

III

Sí, compañeros – imitemos del aura
El cadencioso – mecedor murmurar.
Y con el genio – que a Galicia restaura 15
Cual trueno ergamos – los bramidos del mar.

IV

Himnos de gloria – a la patria cantemos,
Gratos loores – al ingenio creador,
Triunfos y lauros – al trabajo brindemos
Y melodías – a la paz y al amor. 20

V

Y así calmando – del vivir los rigores
Que el pecho inundan – con torrentes de hiel,
Demos al Arte – prez y eternos fulgores
Y a nuestras sienas – inmarchito laurel.

Coruña 30 de Agtº de 1879

DELIRIO DUNHA NAI

- E logo, seña Antona: ¿Non ven a vel'a feira?
 – ¡A feira! ... ¡Quen tal pide non ten pesar ningún!
 – E estonces ¿quén a fire con pena morticeira?
 – A sorte, q' o meu fillo caill' o número un ...
 – ¡Xesús! ¡ai malpocado! ¡qué pouca sorte tivo! 5
 Pro cale, non s'afrixa, q' aínda poida dar
 Que pol'a esecución libre ...
 – ¡Xamais enfermo estivo! ...
 ¡Decote o seu corpiño curtiuse a traballar!
 El q' era a miña albenda ... O sol do meu amparo, 10
 ¡Decir a Dios q' á forza o Rei mo ha de levar
 Pra ser quizais o branco d'algun treidor disparo!
 ¡Pra ir morrer tan lonxe do seu querido lar! ...
 Ou ter que ser verdugo de nais esconsoladas
 Q' aló por outros pobos saloucan coma eu, 15
 ¡Ou verse enredadiño nas régoas desalmadas
 D'unha Ordenanza crúa que seiq' o demo a urdeu!
 ¡Ai Dios! tórnome louca. ¿Qué der'eu por ceibarte?
 O alento, o sangue todo ¡sí, sí! meu corazón.
 ¡Q' eu ouro non topase bastante pra mercarte! ... 20
 En van traballadiña pasei a vida inteira;
 En van, miña xoiña, xa ves ¡nada xuntei!
 Pro xúroche dend' hoxe por ti ser tranfulleira ...
 ¿Pro cómo, meu Chintiño, s'eu facer mal non sei? ...
 ¡Xesús! ¡Xesús! ¡Non podo co peso d' esta sorte! 25
 Marchándose meu fillo a terra xa non ten
 Remedio que m' arrinque das frías maus da morte;
 Pra min o mundo inteiro n' arromba ningún ben.
 ¡Qué leis, os bens inteiros, a naide ll' arrebatan
 ¡Pois unha lei, meu todo, en tí me ven quitar! 30
 Ven tí, ven ¡miña ialma! ... ¡pirmeiro aquí me matan
 Antes q' á forza naide t' arrinque do meu lar!
 ¡Levarm' o meu filliño cal boi ó matadeiro!
 ¿O meu filliño amado? ¿O fillo qu' eu parín? ...
 ¡Qué veñan a catarte! ¡Qué veña o mundo inteiro! 35
 ¡O inferno! ¡O mesmo inferno non pode contra min!
 ¿O fillo que co sangue criei dos meus peitiños?
 ¿Levarme esta preñdiña que tanto me costou?
 ¿O fillo qu' eu coidara con tantos aloumiños?
 ¡Vaia! ¡que non se maten! ¡s'ó fin non lle lo dou!!! 40

¿E logo non son nada aqueles traballiños
Que para alimentalo chorando pasei eu?
¿E logo xa non manda a nai nos seus filliños?
¿E vos pra que m-o destes, estonces Dios do ceu? ...
¡Malhaya sea a guerra! ¡Malhaya quen acende! 45
Malhaya quen d'as probes non cura mais millor,
E quen seus fillos òrfos, podendo, non defende,
Dimpois d'abandonadas dun vil finxido amor.

.....
.....

– Acougue, seña Antona, que Dios é pai. Sosegue,
Que moitos mais da guerra voltaron ende ben, 50
E poida dar que Chinto, cando ó seu campo chegue
Q'atope ...

– ¡Entr'os mortiños o número un tamén!

A sorte par'os probes non ten mais que un camiño
Regado pol'as bágoas, cochado pol'o door,
Pra un que n'el atope guindado un aloumiño
Millenta topan loito, espiñas e suor! 55

Déixademe, ruliñas. Estimo o voso alento,
Pra min xa n-hai consolo. Razós pra min non hai.
Deixádeme bebendo meu longo sufrimento,
Pois solo pra esquencelo ¡fai falla non ser nai!

SOÑO E DESVELOS

Paxariños q' o prado alegrades,
 Da gorxa soltando tesouros d'amor,
 Do meu ben o soniño arrolade
 Cos mainos trinares d'amante duzor.

Q'eses soños que goza antr'as frores 5
 Das cándidas almas espello eles son ...
 ¡Ai! cochade cas vosas aliñas
 A paz que rebulda no seu corazon.

Vinde vos, mareiros airiños,
 Seus beizos de rosa bicade por min, 10
 E xogá no seu seio de neve
 Mais puro e mais nidio q'un albo xasmin.

Repousá n'esa testa de virxe
 Q'os lumes d'aurora seus vóos detén
 Nas perfebas e crencha sedosas, 15
 Acochos do encanto q'escravo me ten.

Mais ¡ai Dios! que seus mélicos labios
 Meu nome pernuncian: ¡Deixádem'oir! ...
 ¿Ti que dis, q'hastr'as frores s'entrabren?
 ¡Ruliña! ... ¡Desperta! ... ¡Bastou de dormir! 20
 Pro non ... ¡ai! ¡durme ti, miña xoia! ...

Quediño ó teu lado por ti velarei;
 E se durmo ó beber teu alento,
 C'un mundo de dichas cal ti soñarei.

¡Soña, sí!, que n'amentres soñamos 25
 Suspéndes'o pranto i-alónxas'o dor,
 Q'end'abondo pesares ll'agardan
 A cantos s'arrolan nun soño d'amor.

Octubre 3 de 1880

¡Ai, q'afiadas!
 ¡Qué cruas son
 As guilloadas
 Do meu corazón!

Cando ¡ai! ti fas queixumal o piano 5
 Cos dedos teus de rosado marfil
 Por ch'espresal os meus dores m'afano
 Pro no acerto meniña xentil.
 ¡Ai, q'afiadas ...

Quero deter teu firente soído;
 Pro nunca dou con recursos ningus, 10
 Por q'ó entrabrir'o teu labio dorido
 Sempre m'atopo sin rumbo e sin lus.
 ¡Ai, q'afiadas ...

Ceib'un suspiro q'o ar n'apadriña,
 Un ¡ai! cobarde q'o labio detén,
 E com'as follas q'o aire arremuiña 15
 Meu corazón hastra ti vai e vén.
 ¡Ai, q'afiadas ...

Así se van miñas horas pasando.
 Presas no imán do teu doce tocar,
 Así estou eu ó teu pé sospirando ...
 ¡Ai! esperando ... e sin mais q'esperar! 20
 Ai, q'afiadas
 Qué cruas son
 As guilloadas
 Do meu corazón.

¡Ó GRAU! ¡Ó GRAU!

Por moi garridas que foren
As follas do pensamento,
Pra non deixar de sí rastro
Van caendo, ai, van caendo.

Cand'a verdade n'oureira 5
Entr'o frondal da palabra,
Son os folludos conceitos
Polvo que barre a xurrada.

Com'os remuíños d'outono 10
Barren os pasos da vreda,
Así se barren as copras
Que da verdá non naceran.

Cantá, poetas, cantade,
Erguend'a santa bandeira
Do batallón da verdade, 20
Pra darlle cor a esta era.

Non copiedes uns dos outros,
Pintad'as vosas ideias:
Cada frol ten o seu cheiro,
Seu criar cada moleira. 25

O que non seipa cantare
Canto sinta e canto pensa,
É millor que fech'os beizos,
Vale mais que dé ás orellas.

A verdade é ouro puro,
A falsedá lama infesta, 30
O adular traidor é fume,
O vil mentir vilipendia.

Poetas, fillos do ceo,
Non torzás voso camiño;
Lucifer tamen foi ánxel; 35
Sócrates, home, ¡pro dino!

COPRAS

As grandezas d'hoxe en día
 Son binchas de xabronada,
 Así q' o sopro arrecía
 Alá van, tórnanse en nada.

¡Quén coidaría, señor, 5
 Q'os que no ceo se vían
 Dend'aquel baño d'albor
 Ó lamugal baixarían!

¡É mundo! N'hai que faguerlle:
 El ten que dar suas voltas; 10
 Tolo é quen queira porlle
 Freos, atrancos ou soltas.

Dios q'a intención sondexea
 Pagoulles co merescido,
 Quen na traición se bandea 15
 Será no lazo prendido.

EL COLUMPIO

Vals

Entre la enramada
 Flotando te vi
 Hermosa Georgina
 Cual mágica hurí
 Llevando en tu vuelo 5
 De casta ilusión
 Cautivas las alas
 De mi corazón.

Coro

Colúmpiate, niña,
 Colúmpiate, sí, 10
 En tanto que el alma
 Suspira por ti
 Esparce en los aires
 Tu aliento de amor
 ¡Oh tú! de estos bosques 15
 Bellísima flor.
 Que en medio del éter
 Tu célica faz
 Parécese al ángel
 De amor y de paz. 20
 No escapes al cielo
 No me dejes, no,
 Ninfa de estos valles
 Sino muero yo.
 Vuélvete a mis brazos 25
 Tórnanse a inflamar
 Que mi amante lira
 Sin ti va a expirar
 ¿No ves a tu vuelo
 Cual se cierne aquí 30
 La lumbre que Febo
 Renueva por ti?
 Cual trinan las aves
 Querellas de amor
 Murmura la fuente 35
 Perfuma la flor.

Coro

A ESTRELA CRUÑESA

Alborada.
Adicada ás garridas nenas d'a Cruña

Música de D. Pascual Veiga

I

Arriba q'a aurora
Comenz'a pintar
A luz que namora
Na terra e no mar.
Deixad'os leitiños, 5
Meniñas, deixá,
Q'os vosos olliños
Dan mais craridá.

II

Como ese sol q'alomea
Tan galán e spellador, 10
Vinde vos, soles d'aldea,
Avival'o noso amor,
Que si con lumes e froes
Sab'a aurora rebuldar,
Vosos cándidos amores 15
Sabén millor feitizar.

III

Vinde, fillas d'alborada,
Vinde a ver nacel o sol,
Cos labiños de granada
Que dan celos ó arrebol.
E ó remanso dos airiños, 20
Da fontaña ó gorgullar,
Bailaremos en remuiños
De duzoso suspirar.

IV

Alá ven xa, raparigos,
Meu amor, miña ilusión 25
Cochando entre brancos prigos
Seu ferido corazón.

N'hai aurora coma ela
Nin mais fresco caravel ...
¡Miña rula! ¡Miña estrela! 30
¡Morrerei por serche fiel!

V

¿Non ves, miña prenda,
Aquel sol n'ourente?
Seu lume crecente
É neve pra min. 35

Ven ti ós meus brazos,
¡O mundo olvidemos!
E amantes seremos
Da vida hastr'ó fin.

Cruña 1879

COITAS D'ANDRUCO

Ó NOITECERE

Eu non sei se m'abanque, ou se m'erga,
 Se ría, ou se chore,
 S'os meus brazos che tend'amoroso,
 T'atraía, ou desbote ...

Dos teus ollos, non sei s'o q'embebo 5
 É lus, vida ou morte;
 Se me das libertade, ou con xotas
 Cadeas m'envolves.

Non son dono dos meus pensamentos
 Ó verte, meu sole, 10
 Non afito s'o peito me tornas
 De éter ou bronce.

Tua faz, a brondil cabeleira
 Que o cólo ch'envolve,
 Coma outra firente Medusa 15
 De pedra me volve.

Pero logo teu vívedo alento
 Descocha o meu norte,
 Y os teus ollos me animan, me acenden,
 Ós ceos me sóben; 20
 Sin q'acerte a decir canto sinto
 Co teu brando roce,
 Pois xiando nos meus pensamentos
 A mente m'encolle,
 Reducindo a un punto miudo 25
 De vida tan probe,
 Q'a concencia decirme non sabe
 Si loito ca morte.

Nese mar abalante e crecente
 De tércos delores, 30
 Déixom'ir coma folla q'arrastran
 Os ventos da noite;
 Esperando entre bágoas ardentes
 Que a sorte millore,
 E s'abranden da tua crueza 35
 Os duros resortes,
 Asustados do fondo martirio
 Q'así me retorce.

¡Baste, baste de probas, Pepiña!
De min, dóite ...¡dóite!
Non me mostrel'os ollos arisca:
¡Por Dios non afogues
Os tesouros d'amante dozura
Que neles s'esconden!

40

¡HASTR'Ó FIN!

Serenata

Mentres ti dormes, meu caro ben,
 ¿Quén a espertarte s'astreve, quén?
 Pero ¡ai! a espiña d'o meu penar
 Inda morrendo fame cantar.

¡Sai, miña reina, non durmas, non, 5
 Que mais non pode meu corazón!
 Vans'as estrelas, o serán ven,
 E miña engustia termo non ten ...

¡Ai do que espera cal eu aquí 10
 Pol as palabras de *non* ou *sí* ...
 ¡Canto supricio sente n'o ar!
 ¡Qué incertidumes! ¡qué suspirar!
 D'amor s'acenden prado e pinal,
 Pra min samente hai dor mortal.

Non me respondes ... ¡Ai, ai de min, 15
 Que da esperanza cheguei ó fin!
 Mais ¿por qué inxurio sua bondá
 Cando conmigo soñando está? ...

¡Ai, tente! ¡tente, meu corazón! ... 20
 Será con outro: contigo non.
 Crúo silencio, duda infernal,
 Cravad'axiña voso puñal ...

Quisais a tomba terá pra min 25
 Sofrir eterno menos ruin.
 Adios, ingrata: vou a espirar
 Pra mais teu soño non estorbar.

Mais en t'erguendo non chores, non,
 Ó ver sin vida meu corazón.
 ¡Adios pra sempre! ¡Adios, cruel!
 Non m'arrepinto de serche fiel: 30
 S'alguén mordazas puxo a tua voz
 Por min non chores. ¡Adios! ¡Adios!

Coruña enero 8 de 1881

¡TEN DOR DE MIN!

Serenata

I

Ond'estás, meu vivir, meu alento,
 Do meu pensamento
 Calor e sostén,
 Que non ves a endolzar meu tormento? ...
 Por qué tal crueza, meu ánxel do ben 5
 Dóite de min,
 Meu serafín!
 Que afundido por tantos rigores
 No mar dos amores
 Xa baixo hastr'ó fin. 10

II

Fonda pena m'agobía
 Noite e día,
 Os meus ollos fontes son,
 Meus praceres morte fría,
 Só teu *sí* tragnerme pode a salvazón. 15

III

Sin mais compañeiros
 Que os tristes sospiros,
 Sofrindo os deliros
 De tanta pasión,
 Cal frol do deserto 20
 Guindada no olvido
 Me tes abatido,
 Garrida visión.

IV

Ouh sol da Esperanza,
 Ven hoxe a min, ven, 25
 Coa luz da boanza
 Meu pranto detén.

Ai se ti eres	
Anxel d'amor,	
Por qué así queres	30
Meu fin treidor? ...	
Non me cochel a tua mirada	
Ou fíreme airada ...	
Morrer é millor!	
Ou fíreme airada	35
Morrer é millor!!! ...	

Coruña Enº 10 de 1881

O CAZADOR

Ó meu amigo Pascual Veiga

I

Co meu can, miña escopeta,
 Miña bota e meu morral,
 N'hai no val quen comprometa
 Miña pasión sin rival.

Pois dende'a alba 5
 Hastr'o luar,
 Son meus praceres
 Cazar ¡cazar!

II

Erguido ó monte empinado 10
 Salvo d'amargo revés
 ¿Quén quer do pobo coitado
 Q'os grandes fai d'entremés? ...

Pois dende'a alba
 Hastr'o luar,
 Son meus praceres 15
 Cazar ¡cazar!

III

Antr'as verdellas grinaldas
 Do ruxidor carballal
 Amor me sobra nas faldras
 Dos montes, que non fan mal. 20

Pro dende'a alba
 Hastr'o luar,
 Son meus praceres
 Cazar ¡cazar!

IV

S'algunha fera imprudente 25
Quer meu poder atallar
Meus raios dinlle – ¡Detente!
E fanll'a terra bicar.

¡Ai dende'a alba
Hastr'o luar, 30
Son meus praceres
Cazar ¡cazar!

V

Ora suspiren as brisas,
Ora zoe o vendaval
Xamais me fallan sorrisas 35
Antr'os feitizos do val.

Pro dende a alba
Hastr'ó luar,
Son meus praceres
Cazar ¡cazar! 40

Coruña 1881

Á FADA DOS CAMPOS

Fada xentil das Mariñas
 Nos campos de Miraflores
 D'invexa mat'ás meniñas
 Consume ó doncel d'amores.

Cantiga

I

Eu te vin, fada hermosa dos campos,
 O teu pé, nevadiño e lixeiro,
 Teus ollíños de craro luceiro,
 Mais risoña q'aurora d'abril.

Eu oín teu cantar regalado 5
 Q'ó fender os teus labios de rosa
 Penetróu miña entraña dorosa,
 Con ferretes d'aceiro sutil.

II

Dend'estonces, sin sombra vivindo,
 Vou teu rostro de virxe catando, 10
 Mil sospiros ós ares ceibando,
 Sin da ialma tua imaxe borrar.

E cruzando pradeiras e montes,
 Com'a folla q'arrastran os ventos, 15
 Fervoado cos meus pensamentos
 Vou tras ti com'os rios ó mar.

III

Cand'as nubes de prata camiñan
 Esparxendo seu ledó alborexó,
 N'unha d'elas, meu anxel, te vexo 20
 Espallando raiolas d'amor.

E cativo d'un subitío pasmo,
 Perseguido tua casta figura,
 Miña vista te perde n'altura
 Méntras morre o meu peito de dor. 25

IV

Na fontella que rifa cos ventos,
 Nos ramallos q'ó norte remuiña,
 Entr'as canas da verde cortiña
 Amorosa tua voz penso oír,

E roando afanoso e sen siso, 30
A onde soa tua voz armoniosa
Sol'atopo a soedade espantosa,
Que m'agoira un eterno sufrir.

V

¿Por qué, ai, vin os teus ollos meigueiros?
¿Por qué, ai, vin tua amante figura, 35
Se solagos de tanta amargura
Sólo habían de ter para min? ...

¡Ai! ¡Malhaxa aquel prácido instante
En q'óin teus cantares grorentos,
Aquel ar de escondidos tormentos 40
Q'eu no prado sedento bebín!

VI

Separados cal van luz e sombra,
Como van vida e morte encontrados,
Teu pracer e meus ais alonxados,
Día e noite ... de cote así van. 45

Teu candor só naceu pra ferirme,
Tua voz pr'atraguerm'e esbotarme,
Teus feitizos co a vida matarme,
¿Podo eu ter un pesar mais tirán? ...

VII

¡Ai! ¡ten dor do meu fero crebanto! 50
¿Qué mais probas llequés ó meu peito?
¿A quén podes ti ver mais suxeito?
¡Mais escravo ninguen pode ser!

So as áas do meu pensamento
Ves ardente d'amor o teu trono, 55
Presos tés miña vida e meu sono,
Sólo podo ofrecerch'¡ai! ¡morrer!

Coruña, 1881

A SEGA

I

Canto mais ardo
 Dando ó fouciño
 Mais miña prenda
 Venm'apurar,
 – Chinto – decindo – 5
 Non t'acobardes,
 ¡Aire, meu rulo!
 ¡Aire a segar!

Eu degolando
 Monllos a eito 10
 Sigo ó pé d'ela,
 Dalle que das,
 Sin deixar palla
 Por tod'a veiga
 Pra que gavilen 15
 Outros detrás.

¡Ai! Antoniña,
 Case ti súas ...
 Hoxe teu pelo
 Tén que beber ... 20
 ¿Qué que cho enxugue?
 – Non eres lenzo ...
 ¡Quédo ... meu Chinto!
 Vamos a erguer.

II

Veñan os monllos, 25
 Érgas'a meda:
 Ou Antoniña
 Di, ¿cómo a qué?
 – Moi feituquiña ...
 – ¿Com'o teu seio? ... 30
 – Cónta, non caias,
 Tento nos pés.

¡Vaia! Acabouse.
– Diol o arrequite –
Heida, rapaces, 35
Volta ó lugar,
– Vamol andando
Q'esto arrofía.
– Olo, meniñas,
Non tropezar. 40

III

Queda con Dios, miña meda,
Quen te poidese velare,
Tend'ó seu lado unha nena
Con quen poder parolare.
A la lala, a la lala, 50
Con quen poder parolare.

Vale mais q'así non seia
Q'é millor irse a deitare
Q'o relente ó pé da meda
Podíate costipare. 55
A la lala, a la lala,
Podíate costipare.

POIS XA Q'O DIXO BRAS ...

Bras di que ten conciencia do que fala
 Pro vai sempre ó rivés do seu xuicio,
 Severo cos demais bate no vicio,
 Non desterrand'o seu, do que fai gala.

En canto mana del ... ¡n'hai cousa mala! 5
 ¿Quén soña en correxir seu mal servicio
 Que louco entrar non queira en exercicio
 Co seu linguaxe ruín, q'a peste exhala?

– ¡Todos treidores son! ¡Todos farsantes!
 Non vexo homes de lei – dí carraxento – 10
 No mundo n'hai virtú nin patriotismo.

¡Tod'é hipocritada ... en fin, bergantes,
 Dinos do pau da forza e do tormento! –
 ¿Pro quén badúa así? ... ¡O Egoísmo!

Préstall'as conchas
 Carrapuceira,
 Préstall'as, presta,
 Xa ti verás,
 Como ese chusco 5
 Preto da leira,
 Sabe decirche
 Chas-carras-chás.

Estrebillo

Préstall'as conchas, 10
 Carrapuceira,
 Préstall'as, bule!
 Xa ti verás,
 Case t'engada,
 Case t'enverba, 15
 C'o pillastreiro
 ¡Chascarraschás!

Pranxideira é a gaita
Pranxideiro o alalá
Pranxideira a miña vida
¿Cando Dios me levará?

Cando ti soltas da tua gorxiña Esas correntes de mérido sôn Aló no fondo da verde cortiña Ai! sinto, sinto que morro d'amor.	
Hastr'as froriñas recollen suas follas Cal si intentasen prender tua voz E nas ramallas do fresco ameneiro Fanch'os alegos seríns e pinzóns.	5
Cando ti fas Lamentar o piano Cos dedos teus De rosado marfil Por espricarche Meu spirto m'afano; Pro m'estravio Meniña xentil.	10 15
Quero seguir Teu acento querido Pero ai! n'atopo Recursos ningús: Porque ó entrabrirse Co labio dorido Triste m'encontro Sin rumbo e sin lus,	20 25
Ceibo un suspiro Q'o ár n'apadriña Un ai! cobarde Que o labio detén. E como a folla Que o vento arremuiña Meu corazón Hastra ti vai e ven.	30
Así se van Miñas horas pasando, Morrendo ó sôn Do teu doce tocar Así estou eu O teu pé suspirando Sempre adorando E sin mais q'esperar.	35 40

LAZOS D'AMORE

Serenata a voces solas

Adicada ó Liceu Brigantino

Música do Mestre Pascual Veiga

Prendéndome os teus brazos No baile, casta rula, ¡Qué dichas acugula O teu candor en min!	
Alí non hai recordos Que veñan a magoarme, Alí con só mirarme Amor me das sin fin.	5
Cos teus compases Y o teu dolzor Pra ti – me dicen – ¡Amor, amor!	10
Alí me dan teus ollos Tesouros de ventura, Arroyos de luz pura Que trocan o ser meu.	15
E das sonoras voltas Na vaporosa nube, Soñándote querube, Erguernos sinto ó ceu.	20
Y ó ir voando Naquel albor Ti vas decindo: – ¡Amor, amor!	
Finou o son do baile, ¡Oh, reina da pradeira! Con tua voz celmeira Fas dormecel o ar, E co latir constante Do teu amante seo	25 30

Sair de amores cheo
Meu tenro sospirar.

Mais ó pintarche
Él seu ardor
As auras vólan
Cantando – ¡Amor!

35

Cruña 1881

¡GALLEGOS Á NOSA TERRA!

Cantata a voces solas

Letra de Francisco M^a de la Iglesia. Música de Pascual Veiga

Primeiro grupo de licenciados (No alto da serra)

Introducción. Aire de alborada

Arriba camaradas
 Q'ós lumes da mañán
 As enloitadas nubes
 Fuxindo todas van
 Sí, sí, fuxindo todas van. 5

Baixando pola serra

Os paxaros xa pían alerta
 Os luceiros xa tembran d'amor
 Vendo erguer esa aurora q'esperta
 Entr'encaixes de máxico albor.
 As enloitadas nubes etc. 10
 Sí, sí, as nubes fuxindo todas van.

Ese ariño que bate lixeiro
 Suas alas contr'a nosa sien
 Dend'os leitos do noso rueiro
 Mil biquiños traguendo nos ven.
 Arriba camaradas 15
 Q'ós lumes da mañán
 As enloitadas nubes
 Fuxindo todas van.

Alborada

Renace lixeira,
 Garrida e xentil 20
 Aurora mimeira
 Dos días d'abril;
 Peneira diamantes
 E déixanos ver
 Os niños amantes 25

Do noso querer.
 Correr, correr,
 A Galicia voar
 A Galicia chegar
 A beber os airiños 30
 Da beira do mar
 Co mar
 Ala la lalala.

Segundo grupo (saíndo do souto)

Viva, bravo, camaradas,
 Noraboa a todo aquel 35
 Q'a este chau ven con mais gloria
 Que pesar ó saír d'el.
 Esa man, esa man,
 Veña un abrazo.

Primeiro grupo

¡Viva, viva 40
 Viva quen saíu con ben!
 Pro ¿ónde están os que marran
 Mortos nas terras d'alén?
 Un suspiro para todos
 E mais un rogo tamén. 45
 ¡Xusto é! ¡xusto é!
 Ou Dios, ou Dios, suas almas gocen
 No teu seio amen.

Fuxan agora os pesares
 Q'hai que botar a mañán. 50
 Que nos praxe e mais un brindis
 Pola nosa libertá
 Pola nosa libertá.

Desafogue o noso peito
 Nestas horas de pracer 55
 Que val mais un día ceibos
 Que catorce no cuartel.

Corran as copas, patrona
 Hala chicos, a brindar
 Hala, Baltasar, 60
 Deixa en paz tua estrela.

Brindis

Seas por todos querida
Ou bendita libertá
Q'ó home que non t'estima
Non ten xuício cabal. 65

¡Ah!

Brindemos, brindemos por ti
Pois q'esta licencia
Por libres nos da.

Pastora cantando en la pradera

Oíde a nosa alerta, rapaces 70
Atención a nosa alalala
Escoitade o son.

Meu amor foi pr'á guerra
Eu non sei si volverá
Que moitos foron a ela 75
Para quedar por alá
Ala la la

Coro de licenciados

Miña rula xa sin guerra
Quen t'amou tanto aquí está
Ala la la 80
O teu dor acabous'hoxe
O seu hoxe acabará
Ala la la.

Algunha vez unha gota
Cai de fel no corazón 85
Antes que cheguen amargas
As tristes horas do dor
Ai ala la la tristoño
Ese teu dorido son
Eu non sei que mal anuncia 90
Queira Dios sea ilusión.

Non fagades caso d'ese agoiro
Non que encher ven de loito noso corazón
Perparade as botas todos a unha man
Q'os parentes nosos xa chegando están. 95

Aire de alborada

A nai cariñosa
Que vida lle dou
Feliz e valente
Que a tope tamén
Cos brazos amantes 100
Do seu corazón.

Nosa nai amante
Noso tenro amor
Vos fostel a espora
Do noso valor. 105

Vind'ós nosos brazos
Vind'acó
Porque si vos faltades
Que será de nos.

Coro de mozos

Viva quen vertiu seu sangue 110
Por salvar o patrio lar
Conquerindo eterna gloria
Volv'á terra e sobr'o mar.

A patria loureiro
Dea a vosa sien 115
Que ben o merece
Quen loitou tan ben.

Licenciados

Gracias mil, amigos, libres somos.

Patrucios e mozos (recitativo)

Moitas mais a vos
Pois por voso esforzo 120
Libres somos nos.

Coro de patrucios

Que vivan os licenciados
Que vivan os caporás,
Vivan, vivan as rapazas 125
Enfeitizo deste val.

Mozos

Viva o espírito independente
Do praíso galician
Por quen inda loitaremos
Si fai falla hastr'espírar. 130

Patrucios

Rapaces bizarros
Bendito sea Dios
Que vevos podemos
Garridos e bos.
Gracias á Virxiña 135
Que vos trai con ben,
Vind'ó noso seio.

Mozos

Cen apertas, cen.
Agora filliños
Que estades aquí 140
Contádenos algo
Do voso sufrir.

Ai nosas nenas
Gracias a Dios
Que xa non hai penas 145
Preto de vos.

Por entr'os raios da guerra
Que sementaba o cañón
Non coidamos desta terra
Volver ó seu seo, non. 150
Non, non, non,

Mais entre tantos terrores
Morte, sangue, destruzón
Viviron nosos amores
No fondo do corazón 155

Patrucios (recitativo)

Pro decí ¿deixastes
Noso honor prantado?

Licenciados

Comprimos de cote
Co noso deber.

Patrucios

Oh eso xa o saben 160
Os homes d'estado,
Galicia non vence
Se non cando quer.

Licenciados (tempo di marcia)

A nosa bandeira
Da cruz bermellada 165
Voaba trunfante
Fendendo no ar
Levando a vitoria
Nos prigos fincada
Cal levan os astros 170
Seu rico alumar.

Adiante Galicia,
Os xefes decían,
Envitos gallegos
Morrer ou trunfar 175
E chuvia de balas
E lume caían
E nunca os gallegos
Se viu un ciar

Cal raios ardentes 180
Sin q'ímpeto afroxé
Levando a carraxe
Pintada na faz
Ganaban trincheiras
Coma un mar que roxe 185
Prantando sobr'elas
As froitas de paz

Cal raios da paz
Da paz, da paz.

Ai que por prendas de tanta vitoria 190
Os peitos mais bravos deixamos aló
Sagrados momentos d'eterna memoria
Lumentos das grorias d'acó.

Patrucios e mozos

Loados sean eles
Benditos seais vos
Q'o sangue gardaches
De nosos abós. 195

Licenciados

A pesar da neve e lume
Que azoutaron nosa faz
Das montañas polo cume
Mentres non sonriu a paz
Persiguiendo a vosa gloria
De San Paio e San Marcial
Voso alento hastr'á vitoria
Nos levou con brío igual. 200
205

Patrucios, mozos

Loitar pola patria
N'hai gloria millor,
Queremos pra ela
Loureiros d'honor

Licenciados

A vosa voz, amigos, 210
E non a dos cañós
Ven a ferir as cordas
Do noso corazón
Que síntese nadando
No mar das ilusiós 215
Mirand'hox'a discordia
Cravad'antr'os terrós ...
Dichosa España enteira
Se xa non s'ergue mais
Tal mostr'inzand'os peitos 220
Co fel dos tristes ais.
E libres de penurias
Na terra ond'un naceu
Deitar pode os osiños
E erguel o sprito ó ceu. 225
Ou patria, ou patria,
Ou sagro temprou

Xamais prezado ben
Pra quen non tes ti goces,
Quen n'ha d'amarte, quen. 230

Patrucios

Neses virís sentimentos
Queiravos Dios conservar
Pois de quen ama á sua patria
Moito ben hai q'esperar ...
Pro canto dor, cantas penas 235
Cruben de loito este chau
Por esas prendas queridas
Q'ó seu lar mais non virán.

Licenciados

Non remexan os pesares
Antr'os praceres da paz 240
O carón destas pradeiras
Onde troulou de rapaz.

Mozos

Veña o pito traveseiro,
Toque a fruta de Colás,
Que repinique o pandeiro 245

Coro de rapazas

Muiñeira

Toca ti, toca, regalo d'aldea
Farta d'alento, d'amor e leser,
Trague a este campo outra vez a marea
Das horas idas d'amor e pracer.
Vamos rapazas q'o lume da vida 250
Nos nosos peitos xa volv'a nacer.
Toca ti, toca, gaitiña querida
Recramos novos ó voso querer.
Ay nena, nena, qué ben te maneas
Case brimbeas o eixe do ban 255
Nos teus olliños acesas candeas
Q'as nosas penas en cinzas desfán.

Baltasar

¡Chégate, nena! ¡Cando ti queiras!

Estrela

¡Tente rapaz! Non hai chego
S'á ilesia non vas. 260

Baltasar

¡Ai miña rula que perdo o compás!

Estrela

¡Ti o dirás!

Coro

Troupela trou tras
Ai miña rula que perdo o compás
Viva Galicia, siga o solaz 265
E non se acaben os días de paz.

O MANCO DA PATRIA

*Arriba, canes, arriba,
Que mala rabia vos mate,
En jueves matais el puerco
Y en viernes comeis la carne.*

Romance

I

Pol a patria quedei coxo e manco
E cando da guerra voltei ó lugar,
Ó alcalde pidinll'un estanco
E él e seus fillos guindáronm'un tranco,
Escarno facendo do meu lamentar. 5

Dend'estonces, por medo ás pancadas,
Eu digo ás caladas:
¡Mala rabia te mate, meu can,
Cáse agradecel o ben que che fan!
¡Ai! decí, ¿nosas leis ónde ván? ... 10
¡Quêda manco, que xa cho dirán!!

II

Eu cramaba: Son manco da guerra,
E dino é d'amparo quen compre o deber;
Pro él dicía ca sorna mais perra:
Meu Coxilitranco, quedaras na terra, 15
Que garda seus nembros quen ten que perder ...

Dend'estonces, por medo ás pancadas,
Eu digo ás caladas:
¡Mala rabia te mate, meu can,
Cáse agradecel o ben que che fan! 20
¡Ai! decí, ¿nosas leis ónde van? ...
¡Quêda manco, que xa cho dirán!!

III

Pois, señor, s'eu non fóra, sospeito
Que a poucos quedara quesais que xantar.
Todiños lle temos á vida dereito ... 25

¡E estas cruciñas que trago no peito
Vosté ... – ¡Cala, Coxo, que as hai sin loitar!
Dend'estonces, por medo ás pancadas,
Eu digo ás caladas:
¡Mala rabia te mate, meu can,
Cáse agradecel o ben que che fan!
¡Ai! decí, ¿nosas leis ónde van? ...
¡Quêda manco, que xa cho dirán!!

30

1881

¡VÉN E NON TARDES!

Vénte, meu *Chautas*, xa basta de pranto,
 Sáí d'esa gruta de sombras e dor:
 Mira q'as aves xa tornan ó canto,
 Mira q'os campos fervellan d'amor.
 Mira que neles, garridas zagalas 5
 De cen invernos sospiran por ti,
 Quita do fondo do cofre tuas galas,
 Ríte das méigas ¡non seas así!
 Mancha de moras ¡con moras se quita!
 Esto xa o sabe hastra un Matusalén, 10
 Tórna, que temos nós auga bendita,
 ¡E moitas ganas d'erguer un belen!
 Des que ti andas cal cruxa noiteira,
 Nós, vixiando teus andorriás,
 Dimos ca fonte que cura a moleira 15
 E fai ás bagoas ciar par'atrás.
 ¡Sáí do teu cocho, meu vello, q'é hora,
 Que maxinaria faga outro por ti;
 Vén, e verás cómo as cousas d'agora
 Com'as d'antano non rólan así. 20
 Bén sabes ti cómo bén che queremos
 E q'arde viva por ti nosa fé ...
 Vén, que pra ti perparados xa temos
 Dos da *Revolta*, cun pote de té ...
 ¡Sáe, cos demos! e non nos latriques, 25
 Que xa nos cansa teu *crieleison*:
 Sé oubedente, por Dios non bochiques;
 Ou pon o lombo q'ahí vai un trebon.
 Móve, *Chautiñas*, teus zancos lixeiros
 Q'estamos cansos de tanto agardar, 30
 Ou vás oír cen mil tamborileiros
 Con tres mil cóntos de bombos tronar.
 Mira q'en sério falamos: n'é chanza.
 Sigue o consello: ¡ó pasado perdón! 35
 Ou vas beilar tan ruin contradanza
 Q'han d'estralarch'os betós do calzon.

CANTIGA

A D. Pedro Calderón da Barca, no seu centenario 2º. Galicia reconocida

I

Sobr' o cumo do Pindo frorido¹
 Aviadas ca vèste das festas,
 Ó rumor das verdellas freostas
 Nosas musas adoza o son
 Para honrar na Retonda dourada 5
 Co-a prez da coroa verdella
 O contorno da cana guedella
 Do viril cantador Calderón.

II

Alí soben de lume cercados
 De Galicia os varós da sabencia, 10
 Eses astros viventes da ciencia
 De Talía o facheiro acender,
 Apreixand'os trofeos das letras
 Bandeirolas do sprito adoradas,
 Alí xúntan'as célticas fadas 15
 Pé das aras d'eterno esprender.

III

Ó soar dos carballos do Druída
 Tend'o ceo por pálio alborante,
 Frent'ó spello dun mar de diamante
 Remüiñado nun coro d'amor, 20
 Comandado por casta Minerva
 Q'o pindárico lenzo levanta,
 “¡Gloria! – O pobo gallego así canta –
 ¡Gloria! ¡Gloria ó divino cantor!”

IV

“Gloria ó sol da dramática scena 25
 De ideás de virtudes tesouro,
 Que ser deu ó gran Sigro de Ouro

Y a Comedia do berce sacou.
A ese xénio q'Europa ademira,
A esa strela de lumes crecentes, 30
Q'inframando as artístecas mentes
Nosos nome nos céos cravou”.

V

Y o fechars'o nimbeiro grorioso
Ond'a imaxen do héroe campea,
Volv'a erguerse o coréo da idea, 35
Volv'a Fama a sparguer o seu son.
E seguindo a madroa Galicia
Armoniando seus cantos millores
Din os vales, as fontes, as frores:
“¡Gloria a ti, inmortal Calderón!!!” 40

AL INSIGNE DRAMATURGO ESPAÑOL D. PEDRO CALDERÓN DE LA BARCA

Himno

Coro

III

Son tus obras preciados brillantes
Fundamentos de un Siglo de Oro,
De prodigios de ingenio tesoro,
Manantial de saber y virtud

A su influjo los vates exclaman 5
Contemplando tus páginas bellas:
¡Salve, oh cielo bordado de estrellas!
¡Gloria y prez a tu excelso laud!

IV

Si por sueño tuviste la vida 10
Y soñando a la gloria aspiraste
Como premio la clave encontraste
De otros sueños de vida real.
Siempre el genio que el lauro persigue
El honor de su patria ilustrando,
Va la estela de lumbre trazando 15
Que conduce a la cumbre inmortal.

V

Mientras arda el altar de la mente
De la idea esparciendo la llama
Templarás el clarín de la fama
Con tu nombre, inmortal Calderón. 20
Y la sacra y dramática escena
De tu numen la luz renovando
Nuevos triunfos irá conquistando
Que sublimen tu egregia nación.

Coro

Gloria y lauros al rey de la escena,
De las musas clarísimo sol,
Cuyo fuego y dulcísima vena
Son orgullo del pueblo español.

25

Xogando as musas pé do altar un día
 Aló no cume do inmortal Parnaso,
 Co lume que dá vida ó pensamento
 (Moito máis puro q'ó q' enxendra o día)
 A llápara tomou tal crecemento
 Q'anq'a chau raso ardía 5
 Apolo receando algún fracaso,
 Sobr'o corro inmortal tendendo o [sic]
 – Alto! (dixo) detédevos, rapazas,
 Q'arder o Tempro vai con tantas brasas.
 Mais elas sin perder d'ollo ó Poente 10
 E pol o son do Eco alporizadas
 Máis o lume ateando
 Co seu inspirador alento brando
 Repricaron ó dios da melodía
 Con irto espírito e armonía estraña: 15
 – Anq'os lauros queimemos
 Que para honrar ós xénios aquí temos
 Cos enfitos que teu lume baña,
 Y a gran Minerva no seu reino abarca,
 O craror non faremos 20
 Q'ergue na Hesperia Calderón da Barca!

A S. M. DON ALFONSO XII EL ORFEÓN CORUÑÉS

Himno

Coro

Rey Alfonso extiende tu manto
De las liras galaicas al son,
Ya que es el nuestro símbolo santo
De esperanzas que engendran la unión.

I

Surjan rayos de tu alma diadema,	5
En tu mente arda el fuego sagrado	
Que el terror difundió en el Salado	
Y las Navas de gloria inundó	
Y a la voz del clarín de Lepanto	
De la España el espíritu ingente	10
Cobrará la aureola fulgente	
De aquel César que al orbe asombró.	

II

De la España el celeste destino	
Hoy franquea el palenque a tu gloria.	
Ya se apresta el buril de la Historia	15
Tus grandezas propicio a esculpir.	
No desoigas la voz de tu pueblo	
Que prefiere la tumba a humillarse,	
Oye, escucha y veráslo agitarse	
Contra el germen de abyecto existir.	20

III

No es la España quien sigue la estela	
Que le trace el orgullo extranjero,	
Su decoro descansa en su acero,	
En su sangre su heroico valor.	
Y si allende el Pirene, ofuscado,	25
Hay quien vano a su pueblo extravía,	
¡Que hubo un tiempo un desastre en Pavía	
Ni se olvide su oculto rencor!	

IV

Vos, Señor, que al compás de estas auras
Apreciáis nuestro noble ardimiento, 30
Al subir del Consejo al asiento,
Nuestros votos leales llevad.

Y una vez que sin nubes se ostenta
Vuestra frente, de España resumen,
Acordaos que sois nuestro numen, 35
Y en la lid con nosotros contad.

Coro

Rey Alfonso ...

Señor: ben vido seades
 Á terra da fidalguía,
 Pois nela en todas edades
 Viron nos as Maxestades
 Cencia, honore e valentía. 5

N'è novo que os campos nosos
 No inverno e no vran froridos
 Se críen reis animosos;
 Ganen loureiros groriosos
 E sean farto queridos. 10

N'è novo que altivos peitos
 Contra ambizones feudales,
 Confíen santos direitos
 A reises de cote afeitos
 A remediar nosos males. 15

N'è novo ver lume santo
 Nos nosos castros envitos
 Fontes de terrore e spanto,
 Nin que o redor do real manto
 Canten valentes spritos. 20

Q'è moi vello, e moi gallego
 Decir moi craro as verdades
 Sin ter á vivir apego;
 E verter o sangue a rego
 Por gardar as libertades. 25

Lei e xustiza, Señor,
 Son pra nos culto devino
 Imposto polo Criador;
 E persiguir o treidor
 É pra nos eterno sino. 30

N'hai pobo na España inteira
 Que nos gane a ser sufridos,
 E en querer a quen nos queira;
 Pro n'hai xente mais guerreira
 Contr'os tiráns maldicidos. 35

Por un rei xusto daremos
 Nosa sangue xenerosa
 Sempre por el ergueremos
 A bandeira vitoriosa
 Que ó mundo impoñer soupemos. 40

Estes montes, estes mares,
 Decote en bravo exercicio,

Que defenden nosos lares,
Vos dirán nos seus cantares
Que están ó voso servicio. 45
 Pro recordá que sintimos
Vernos por nadie maguados
Cando xustiza pedimos:
Pois cando ó trono acudimos
Somente na lei fincamos. 50
 Non pidimos privilexos
Senon paridá, Señor,
Cos de preto ou de mais lexos:
¿Por qué mais probes reflexos
Pra quen probou seu valor? 55

SANTIAGO D'ACABALO
(Iconografía d'unha vella)

Histórico

Debaixo das catro patas Do non vencido cabalo Sobre quén trunfante vola O Santo patron Santiago Defendend'a Cruz bermella	5
Co sabre seu ondeado, E na Catedral s'aloxa Pé das relicas dos santos Por que non intente náide Tal xoia d'arte furtarnos (Como s'intentara un día Por un camarista infámio), Antr'as congoxas da morte Vese un fato de mourámios Recordand'ó mundo inteiro	10
De Cravijo aquel destrago Q'as crónicas de Ramirio Pra <i>insecula</i> rexistrano.	15
Mesmo debaixo da cola Do branco dito cabalo (Que do valente Altamira Tamen nos recorda algo), A cabeza dun muslimio, Quizais raio de Damasco, Atópase separada	20
Por Mahoma inda berrando; Pro con cariz tan tristoño, Tan contraguido, e tan cárdeno, Que movendo á compasión O cego fervor cristiano	25
Dunha vella labradora Que contempraba tal cadro Na festa de <i>Corpus-Christi</i> A precesion esperando, Escramou bágoas vertendo Chea de grima e de pasmo, As imaxes confundindo	30
	35

E dando inxurias ó Santo,
 Coidando ver naquel mouro
 Noso-Siñor do Calvario: 40
 “–¡Ai meu amoriño
 Que tal te puñeron
 As máus dese Xudas
 Sahído do inferno–“.

 O dito fíxome rire: 45
 Sei q’hastra reu o cabalo;
 E se non se reu o mouro ...
 Foi por estar degolado.
 Chegous’a ela unha nena
 Coma d’uns dazaseis anos 50
 Co desexo d’espricarlle
 O noso histórico cadro,
 E díxolle: “–Seña Juana,
 Veña acá, fágase cargo:
 Todos éstos, sonlle mouros 55
 Que viñan contr’os cristianos;
 O Santo Apóstol bendito
 Ell’o q’está d’acabalo,
 Cal s’apareceu en soños
 O bo Ramirio, anunciando 60
 Q’ó outro día serían
 Os cristiáns donos do campo;
 Como así foi ...”–. Mail a vella
 Sempre cos ollos cravados
 Na degolada cabeza 65
 Repricou: “–¡Quén che fai caso!
 ¡Est’é Noso-Siñoriño! ...”–.

 E sigueu triste rezando,
 E hasta pousou un bico
 No trubante ensanguentado, 70
 Improperand’o xinete
 Dino dos cristiás aprausos.
 Non entendía a velliña
 Que Cristo (el sea loado)
 Non veu ó mundo con sabres 75
 Nin con cañós, nin petardos
 A xuntal os corazóns
 E hastr’ó ceu a guiarnos;
 Nin vía o corpo do mouro
 Q’inda sostiña na máo 80
 O sabre do fanatismo
 Dos Califas de Damasco.

Ó ver tal fuxin d'alíe
Dicindo para meu ánimo:
Miña vella, ¡a fe te salve! 85
Coma vós ¡haivos mil páparos
Que s'a verdá lle decimos
Pra d'algun error quitálos,
Son capaces de collernos ...
E nun carballo enforcarnos! ... 90

APOTEOSIS DE CALDERÓN

Seguir á luz dos sabios
 É don das nobres almas;
 Honrar a súa memoria
 É déboda da patria

O Autor

¿Qué festa, qué calor, qué mor crecente,
 Qué frebe d'entusiasmo e q'alegría
 Embarga os peitos da española gente
 Baijo ¹ a bandeira que voóu c-o día?
 ¿Todo s'agita baijo o ceu hispano 5
 Dend'o manto real hastra as monteiras,
 Dend'a rizada crencha ó pelo cano,
 Dend'as armas de paz hastr'as guerreiras!
 Emprensas, prumas, liras e trompetas,
 Carros trunfás, bandeiras e cortiñas, 10
 Mantos, birretes, bandas e mucetas,
 E ledos coros d'infantís meniñas ...
 ¿Q'ocurre, qué nos pasa, q'acontece,
 Que non se rompe pol'as anchas prazas,
 E ceu e chau a pólvora estremece, 15
 E cruzan cartelós de cen mil trazas?
 ¿Por q'así soan as marciáes trompas,
 Y os campanarios con pracer vocean,
 E s'atropelan do saber as pompas,
 Y os corazós y as mentes s'enredean? ... 20
 ¿Pra quién é tanto honor, tamaña gloria?
 ¿Quién o feliz mortal q'así meresce
 Con tal brillo ocupar a nosa Historia?
 ¿A quién o pobo hispán así naltece? ... 25
 Tantos foguetes com'o ceu inframan,
 As brancas pombas que no espazo ondean
 ¿Qué nome augusto con amor procraman
 Nas gaias cintas q'ó voar ourean?
 Esas coroas d'inmortal loureiro
 Por virgináes maus entretecidas 30
 E consagradas por un reino inteiro,
 Decime: ¿a qué virtú son ofrescidas?

¡Á virtú do saber! ¡Á fe cristiana!
 ¡Ó crisolado honor do cabaleiro!
 ¡Á sagra inspirazon da Musa hispana! 35
 ¡Ó íncrito valor do bon guerreiro!
 ¡Ó sabio dramaturgo d'alto mote
 Q'os ideáes do progreso abarca!
 ¡Á santa caridá do sacerdote!
 ¡Ó ilustre Pedro Calderón da Barca! 40
 A quén un día coma sol ardente
 Amplo vieiro abríu ó noso sprito,
 Probando co seu estro reverente
 Que sin libre albedrio n'hai delito,
 Nin auto de virtú, si for forzado, 45
 Que premio hachar consiga no infinito;
 Deixando así, pra ben de toda gente,
 Ó escravo fataísmo debruzado.
 Ó q'á ferir tirou á liviandade
 Co seu depurador raio certo, 50
 Sin deixar condizon nin dinidade
 A quén non igoalar co seu raseiro;
 Ó q'erguer soupo un héroe en Zalamea
 Os trunfos dando ós foros da justiza,
 Sostendo generoso a santa idea 55
 D'opôrse, coma Dios, á forza bruta,
 Cando os frutos do ben estereliza
 Dand'ás vilás pasiós trocada ruta.
 A quén do Teatro fixo entre mil frores
 Escola de virtude e sans costumes, 60
 Erguendo da Moral os esprendores
 Sin miramentos a fidalgos fumes;
 E sobrimado ó cume do Parnaso,
 Dispindo as galas do marcial arreo,
 Dos goces materiás non fândo caso, 65
 Ca stola da pureza erguíus'ó ceo,
 Coidando ser un soño a su historia
 Hox'engarzada cal padrón de gloria.
 S'a vida soño é, do que maquina
 Contra seu pobo para human desdouro, 70
 Teu soño vida foi de luz divina
 Q'á nosa patria deu un *Sigro d'ouro*.
 Sí, mestre Calderon, varon precraro,
 Sin ese chorrear da tua vena,
 Fonte criadora d'un ingenio raro, 75
 Vacío e loito inzáran hoxe á scena.

Mais teu circio voar hastr'o Parnaso,
 Co máxico bater das tuas alas,
 Ó grémio de Talía abriches paso
 Enchendo seu altar d'albor e galas. 80

A ti, pois, dramaturgo, a ti che debe,
 Non España samente, a vella Europa
 Dos trunfos teatrás a luz q'embebe
 Da ialbre do bon gusto a fronda copa.

¿Q'estraño é q'hoxe España agradescida 85
 Te erga hastr'o inmortal tempro dos dioses,
 E cántigas che mande enlouquecida,
 Moxenas d'ese albor con que reloses?

¿Q'estraño é que Minerva te coroe
 Ó frente dos consellos da sabencia, 90
 E que no altar da patria hoxe resoe
 En teu honor a voz da gaia scencia? ...

Todos cantos falagos máis lucidos
 Che adiquen os artistas españoles
 ¡Todos, todol os tés ti merescidos 95
 Por fâz vivir seu arte antr'arreboles!

Co manto con q'honrach'ó Zebedeio,
 Con tua spada q'a razón sostivo,
 Ca fe de Cristo que t'erguíu ó ceio,
 Do sprito nacional decote vivo; 100

¡Baija, baija do scano en que descansas,
 Nese nimbeiro ós génios destinado;
 Vén a darnos de novo horas espansas
 Entrando no teu busto alaureado!

Vén a ofrenda catar, que n'é da intriga 105
 Nin de lurca ambizon nojosa froita,
 Senon de quén pr'o Arte amor abriga,
 De quén ó nome honrar do sabio adoita.

E logo q'ó bater d'ilustres palmas,
 Antre loanzas, armonia e froes, 110
 Te fartes co fervor das nosas almas;
 Sub'a gozar do ceu honras millores

Sobr'ó carro inmortal do pensamento,
 Imáge do gran Dios justo e cremente,
 Ó son q'as artes dín cheas d'alento: 115
 ¡Ah! ¡pr'o Sol do Saber non hai pöente!

A D. CALISTRO BALLESTEROS

Escribidor do "Paréntesis" ilustrado periódico de Madrid

N'hai q'alporisarse Mau ó dicionáreo! Outra volta ó dengue Que no chau hispano Sabios hai d'abondo Para centanáreos!	5
O q'ardiu queimouse! ... Siñor lite-rato. Qué soldado vello Quer volver ó paso? A qué abrir as fridas Que de seu curano?	10
S'eu n'invento a polvra Sei erguer rescoldo Pra empolarll'o coiro Ó guineu mais bravo.	15
Vaia co Sarmiento Q'atopei no atallo! E quén é vostede Meu carrizo pianxo? ... Por qué antr'os poetas Nunca o vi beilando?	20
E vosté qué sabe De gallego, raxos? Diga cántos puntos Hai no contrapaso? Sabe o q'en gallego Quer decir mocazos? Non lle quer dir <i>mocos</i> Eso do q'eu falo!	25 30
Sonlle moitos cróques Par'os mal falados Q'os sabidos homes Tratan como a parvos Porque non urdiron Mal fazudos fallos. ¡Ai malpocadiño! ¿Quén lle dixo ó trasno	35

Qué liciós podía	
Darl'l'o tal Xurado ...	40
Douto nos segretos	
Dos decires patrios?	
¡Vaia un perceutista	
Correitor de Craustros!	
Coido q'hasta a Sófocles	45
Ponll'alcume d'asno.	
Non s'afinche, amigo,	
N'espaxote tanto,	
Lémbrese das formas	
Q'usan os letrados	50
Cando a defendere	
Érguense no strado.	
¡Sempre a urbanidade	
Arma foi de sabios!	
¡E falar á toas	55
Non lle val dous chavos!	
Diga ¿qué pedía	
Ese ilustre Craustro	
Para outar ó premio	
Do cantar galaico? ...	60
Unh' <i>Apoteosis</i>	
¡Non samente <i>alaudos</i>	
Como os que Losada	
Verteu no seu Canto!	
Nunh'Apoteosis	65
Hai q'erguers'ó alto	
Ó través do rico	
Mundo maxinario.	
¡Hai que soñar moito ...	
E con lume sagro	70
Amparar ó héroe	
Coma o sol no spazo!	
¡N'hai q'erguer a outros	
Dinos d'alto aprauso	
Q'asombrar poideran	75
O craror do cadro	
Que pintar nos mandan	
S'ha de valler algo.	
Diga, D. Calistro,	
Xa que sabe tanto:	80
¿Cabe a quinta octava	
Dese alaureado	
(Que quer ser primeiro)	

Sin raer o cadro? ...	
¿Cabe a sesta mesma? ..	.85
Vamos, sea franco:	
Esquencil o héroe	
Que endiosando estamos	
Por dar luz de nosco	
Antre literatos	90
É romper sin seso	
A unidá do cadro.	
Eso fai Losada	
(Q'è por certo estraño	
Pois non hai licencia	95
Q'apadriñe tanto).	
Morra pois o conto.	
Estudie o caso.	
Vexa o q'è poesía,	
Q'hai razós d'arraigo	100
Por decir que xustos	
Foron os xurados	
E se disputare	
O falar do Craustro	
A quen deu Galicia	105
Merecido aprauso,	
Móstrese mais culto	
Se s'apreza en algo.	
Mida o pensamento	
Mais q'o vistuario,	110
Que o decir poético	
N'ha d'andar arrastro	
Como vosté anda	
A carón do estabro	
Ó falar das <i>patas</i> ...	115
De vosté, no estraño	
Pois quen firma o dito	
Ese, está xulgado.	

¡VEN, FEITICEIRA!...

Serenata

Música do laureado compositor D. José Brañas Muiños
Premiada con primer premio pol o Liceo Brigantino

Nena, sái do leito, Brinca del, meu ben, Q'amorosa Vénus Alborando ven.	
Xa sin fin d'amores	5
Voan co luar Suspiriños dando Q'armoniza o mar.	
Vén a ver bulindo	
Peixes de marfil	10
Recamados d'ouro E brilantes mil,	
Q'esta branda noite, Farta d'ilusios, Vai encher de gloria	15
Nosos corazos.	
Neste mar dormido D'arxentada cor, O mariño entoa Seu lair d'amor.	20
Chéгат'a escoitalo, Para de soñar, Teus garridos soños Vén realizar.	
Pudorosa frore	25
Do verxel d'amor Non t'engruñes tanto Que me causas dor.	
Bica os cefiriños, De sinxel voar	30
Q'esas crenchas d'ouro Véñench'a enrizar.	

Coro

Vén feiticeira Ninfa do mar, Téndem'as áas De par en par.	35
Co dulce encanto Do teu sorrir ... Farásm'os goces Do ceu sentir.	40

A CRIS D'AMOR

Serenata

Premiada coa primeira mención honorífica pol o xurado do Liceu Brigantino da Cruña. Música de D. José Areal

I

Luceiro fermoso q'estás na solana
 Servind'ós meus ollos d'amante fanal,
 Che rogo n'acrisel a vista galana
 Meu ser envolvendo na tréboa mortal.

II

Ti, ánxel da vida, na fresca alborada
 Meu ser depuraches con lumes d'amor.
 Non queiras agora crubir de xiada
 Un peito q'inzaras de máxico ardor.

5

III

Sonríme de novo, docísimá aurora
 Con esas miradas de amor virxinal,
 E cantos delores meu peito devora
 Virán a trocarse nun soño ideal.

10

IV

Descorre ese velo q'ó ceu agravía
 Cochand'entr'os prigos teu vivo craror;
 Sin luz criadora só hai agonía,
 Con luz todo é vida, correntes d'amor.

15

V

Teus labros de rosa tan fartos d'esenzas,
 Teu son regalado non queiras prender,
 Descóchat'e móstram'o ouro das trenzas,
 Sin verte, meu sole, prefiro morrer.

20

VI

¡Así, miña xoia, tan branca, tan pura!
Así alborando sin velo traidor,
Desfans'os nubeiros da miña tristura ...
¡Así quero verte! ... así ¡meu amor!

Coro

¡Sai, miña reína,
Dor de min ten,
Sai d'entr'a néboa,
Ven a min, ven!

25

1881

A GALICIA

Himno

Salus, honor, lausque Gallaecii
virtute atque pulchritudine sua.

Coro

¡Salve, ou patria! fecunda Galicia,
Xardín dos encantos, lumeira da Fe,
Por teus héroes, da Hestoria delicia,
Sobindo hastr'os céos tua groria se ve.

I

Rindámoll'a pátreia	5
Gallegos cantores,	
De xustos louores	
Lumioso caudal;	
Co éco das harpas	
Renóves'a vida	10
Na terra frorida	
Do noso nadal.	

Do teu fôlgo terrible e cantado	
En tantas loitanzas d'honor sin rival	
Sea nóрте ese <i>Victor</i> cravado	15
Da Ponte San Paio, na veira inmortal.	

II

¡Ou temprou brandido	
D'estrelas e frores,	
De castos amores	
E fróitas da paz,	20
Xamáis ti consintas	
Que turbas allêas	
Con viles cadêas	
Fostreguen tua faz!	

Dend'o spazo dos astros profundo 25
O Ánxel da Hestoria co libro ós seus pés,
Mostra ledo tuas cróas ó mundo
Pregoándo q'ensexebres de mingua te vês.

III

Varós sobrimados
Ó trono da cencia, 30
Da pátria existencia
Guiade o latir;
Curade do berce
Da hispaña grandeza
Q'é prenda da alteza 35
Dun rico porvir.

Revoándo teu albo estandarte
Q'a Hóstia dos libres nos prigos cochou
Coma raio escollido por Marte
Cadéa de trunfos eternos che dou. 40

IV

Sigamos nosoutros
A ruta lucente
Do sprito fervênte
Que loita por nos,
Probando q'os fillos 45
Da celta froresta
Non renden sua testa
Non sendo ante Dios.

¡Nai Galicia, s'aínda fai falla
Co sangue das venas teu bén requeantar, 50
Anque chóivan trebós de metralla
Teu nome ergueremos na terra e no mar!

V

Xuremos, galaicos,
Sin tirria nin saña
Os lindes d'España 55
Ca spada soster;
Pro cando alguén queira
Coutar nosa terra

¡Fundilo na serra!
¡Trunfar ou morrer!

60

Coro

¡Salve, ou pátreia .. etc etc.

Tanto hai que cantar de Galicia,
Q'un non sabe por onde empezar.

ARREBOLEIRA GALLEGA

Sentado no vixía de San Pedro,
 Nas outonadas tardes
 Esquecendo os pesares desta vida
 M'enredo do arrebol nos lumes suaves;
 N'esas ledas visióis arreboleiras 5
 Non copiádas por náide
 Que coma grorías do inmortal Murillo
 Soio en Galicia poden atoparse.
 ¡Ai! ¿Qué riquezas algun trono acochan
 A elas comparabres? 10
 ¿Quén por Señor de tantas galanuras
 Pode escrusivo posesór gabarse?
 ¡Cantos cotôs de neve e d'escalrata!
 ¡Qué ricos cortinaxes!
 ¡Qué diamantís zurrichos trimbadores! 15
 ¡Qué caéiras de encaixe!
 ¿Qué viaxeiro véu tan ricos lumes
 Drento dos marcos dos galás *mirages*?
 ¿En qué parte do mundo hai tal enredo
 Ás caídas da tarde, 20
 Nin qué festa de pólvora poidera
 Os ollos cautivar con millor arte?
 ¡Cánto sinfín d'azur! ¡Qué cambeamentos!
 ¡Qué poder alborante!
 ¡Qué fontes de carmís e violetas! 25
 ¡Qué fondos d'ouro ardente e quente anacre!
 Vide, pintores, vide a riquecervos
 As veiras d'estes mares,
 Vide a pillar corôas lumiosas
 E lôas inmortáes, 30
 A encher vosas paletas de pinturas
 Das con que o noso ceu pintan os ánxeles.
 ¿Non védes naquel coto avorcanado
 Unha águia xigante
 Botar dos ollos lume espelladora 35
 Q'arisca intenta sobre nós guindarse?
 ¿Non védes, non, o Anxo apocalíteco
 Riba de todo uparse,
 Co sabre da xustiza do Eterno,
 Como hácia ourente vivo lume spargue? 40

¡Véde aló enriba das nacradas cepas,
 O arco rodiciante
 D'aquel *Prus-ultra* de española goria
 Q'as portas d'ouro de Colombia entrabre!
 ¡Ollá por ond'o círculo manético 45
 D'unha aurora boreal a viva imáxe
 Como descocha o tempro dos misterios
 Ond'a Leutricidade
 Forzas, luz, vida, e tempo, e armonías
 Como alento de Dios brinda ós mortaes! 50
 Alí é ver cen fortes artillados
 E navíos puxantes
 Cruzando balas mil q'a morte guindan
 Entre chorros de luz a todas partes.
 ¿Non vedes aquel mar encabuxado 55
 Cal remexido Atlante? ...
 Parez q'envolve nas crechadas olas
 Barcos, castelos, campos e cibdades?
 Alí salós de baile nunca vistos
 Nos mais ricos arcázares ... 60
 ¡Ollá cómo se perden as parellas
 Para non verse mais sobre estes mares!
 Alifantes aló, liós e tigres,
 Ardendo por trabarse,
 E águias de gadoupas acendidas 65
 Erguendo xerpas q'en frangullas câen.
 Pro ¡ai! que xa s'esconde o Rei dos astros
 Na inmensidá dos mares
 Cochándose no tul dos rosicreres
 Adios decind'ós sombricentos vales. 70

Xa s'acerca o serán da moura noite
 Correndo o lenzo d'outra maxestade,
 E tantos cádros de galán visura,
 Q'en longas bárras de crespón desfanse.
 Sopr'a brisa do mar na ramalleira. 75
 Lánguedas queixas polo chau espargue,
 E recólles'o sprito no seu leito
 Loitando por fixar cádros tan grandes.
 ¡Felís quen o consiga: venturosos
 Os pinsés que lográren copiare 80
 As, tan dinas de verse, arreboleiras,
 Con q'o ceo coróa os nosos vales
 D'amor e de feitizos sempre ricos,
 Fontes d'inspirazón nunca agotabres!

LUZ DE LUZ

Luz do día, luz do día
 ¿quén te non ha d'estimar?
 pro ¡ai! non te mercaría
 co'a q'anima o meu pensar.

Mais se tanto vales tí
 por ser saude do chan
 ¿qué n'acrararías, dí,
 indo as duas á unha man? ...

F. M. de la I.

I

Alma miña, meu Fenis, n'arrufíes,
 Upa tuas áas do purgante lume,
 Da liña da razón non te desvíes,
 Pro non catel o altor só por custume. 5

Non te degaren gorrias pasaxeiras,
 Teu sagro e patreo amor nunca se crebe;
 Sigue, sigue as bandeiras
 Da luz nonnata que tua testa embebe;
 E voando con fé aló no cume, 10
 De seguro darás ca luz serea.

Por medo ás frías letras dun alcume
 Non deixes de dar corpo á tua idea,
 Sigue a ruta do ben; libre campea,
 Q'un día de viaxe deleitoso 15
 Pol os campos da cencia
 Sempre foi proveitoso
 Pra quen do humán valer tiver concencia.

II

Pois que Dios me criou co necesario
 Pra sentir e pensar, e no' estar quedo 20
 Gobernado á maneira dun horareo
 Encravado no chan com'un laredo;
 Pois q'aínda dormindo
 A mente c'un later admirable
 M'enreda cal esperto descurrindo; 25

Maxino q'en min fora imperdoable
 Ó ver q'esperto estou, no' erguerme ós ceos
 Com'as aguias na aurora
 A vixiar con ansia esculcadora
 Eses campos de luz á intriga alleos 30
 Guiado polas leis q'a mente rexen
 E os mundos da razón tanto esclarexen.
 Recorrámoslos pois, que luz non falla
 Cand'as cegas pasiós non son pantalla
 Pra fâr do branco negro, 35
 E sin raer a liña
 Q'a erguel o ben xeral nos encamiña
 Esculquemol o arrego
 Que a loucas se quer dar á humanidade
 Torcéndoll'os vieiros da verdade 40
 Opóndos'ó mandato
 Do Espirito criador q'eternamente
 Condanará o maltrato
 Que soporta no chau tanto inocente
 Por deixars arrastrar da torrentía 45
 Filla das neboas da iñoranza impía.
 Pois q'a Cencia é pra todos nai bondosa
 E do seo de Dios sall'a verdade
 Q'o ben nos asegura, 50
 Abramos o gran libro da Natura
 Sin perda dun istante,
 Q'El pío irá metendo a craridade
 No noso entendemento
 E noso amant'afán sairá trunfante 55
 Cal non deses rüins argallamentos
 Cos que nas tréboas fundan seus aumentos.
 Tréboas ¡atrás, atrás! q'o Pai de todo
 Vos negou dend o empezo a primacía
 Sin darvos acomodo 60
 En canto da razón fôr norte e guía.
 Tréboas ¡ciá, ciá! ... paso á luz santa
 Q'anima canto é grand'e vida enfonde;
 ¡Paso! q'ela querbanta
 As malloas do mal, e xenerosa 65
 Vosas neboas espanta
 Campo abrindo á concencea
 Fonte d'aitividá d'alta existencea.

III

¡Sexa a luz! – dixo Dios –, e de repente	
Pol o infinito espazo	70
Antes de todo sol, lua e luceiro,	
Á sua voz podente	
S'encheu do Criador o imenso pazo	
Da cósmica matéria, antes valeiro;	
D'esa que corpo deu á criatura	75
Obra maíesa do Señor da altura;	
E a todo bruto ser, a toda esfera;	
E aquel q'ench'o infinito,	
Pr'á vida material e pr'á do espírito,	
Veu q'o favor da luz preciso era.	80
Pro non a luz somente	
Que descomposta en sete cores vemos,	
E q'acend'o diamante	
Con lume refleixante	85
Nin a do sol criante,	
Sinon a q'embebemos	
Nesa imaxe de Dios, d'eterno alento,	
Fonte do pensamento,	
Que tanto ben encerra,	90
Que nos fai donos do longor da terra.	
¡Ah! n'abondara, non, esa onda pura	
Dos ollos mimadora,	
Sin esa frama interna eixaltadora	
Da humana criatura;	95
Non a q'enxerga o éter pelegrino	
Que fai sorril a Aurora;	
Sinon a que lembrou noso destino	
Pintándose no espello da conciencia	
Antes que do Sináico ardent'empino	100
Nas Táboas se pintar da infusa cencia!	
Percisa era esa luz do pensamento	
Que nos porqués do mundo nos abisma,	
E hastra no mesmo poldro do tromento,	
Como devino crisma,	105
Nos da baril alento	
Para poder vivir co pan da idea,	
Adozando as tristuras	
Entramentres campea	
Sobre de nós a mau das esventuras.	110

Sí, compría esa luz, sagra, inmorrente
 Que repartiu con nos o Omnipotente,
 Pra domiar con ela á Natureza
 E dar con esas leis tan misteriosas
 Que descochando vai nosa fraqueza 115
 Pra dar feliz arrombo ás cousas nosas;
 Pois, ó fechalas El ó entendimento,
 Vallera, mais que humán, nacer xumento!
 Pro non, non é así: o home é grande
 Por canto leva en sí d'intelixente, 120
 Inda que pr'acertar ande e desande;
 E pra trunfar do mal caia impodente.
 Un nobre, un sagro arder sénte na testa.
 Fita cos ollos no longor do ceo;
 Non ser tripado quer por ningún xeito, 125
 De quen non fôr como el á morte alleo;
 E nunca do esculcado é satisfeito,
 Q'en van non foi, por Dios, pra erguerse eleito.
 Camiña á perfeición, n'hai que dudalo;
 Quer saber pra q'é bóo canto o arrodea, 130
 E non por eso é malo,
 Porq'as cousas, que son, tanto cachea.
 Honor a quen s'esvive pra estudialas,
 Que non as fixo Dios para esquencelas
 Senon para apricalas; 135
 E así que todos logren conocelas,
 Mais loas ll'han d'erguer ó Feitor delas
 Que cando só servían pra miralas.

IV

¡Ah! qué gromía é seguir por ese ceo
 De líquedo diamante avaporado 140
 Eses astros galáns de que está cheo ...
 E nos menos erguidos
 Anq'eso a negar cheguen os sentidos
 Topar nos seus costantes xiramentos
 As mensuras do tempo galopante 145
 Q'ha de fixal os feitos mais ruidentos
 Da probe humanidá pelingrinante
 Dando a certeza á Historia
 Que darlle non poider nosa mamoria.
 Pro mais admirable, mais pasmoso, 150
 É prisoar cun vrido inxenicado
 Seu raio lumioso

E cal si fôr metal, descompoñelo
 No later dun momento,
 E obrigalo a pintar con mau segura, 155
 Sin lápiz nin pincés, canto ha figura,
 Ou xerme for da luz do pensamento.
 ¿Cómo non subrimar o noso espírito
 Cando dimpois d'ar no tempo santo
 Que s'ergu'hastr'ó infinito ,160
 O hardeiro do Eterno
 Como cousa d'encanto,
 Vemos mandar na forza misteriosa
 Dita eleutricidade,
 Q'a pesar de nacer no albor do mundo 165
 Tantos seclos vivéu sin utlidade?
 ¡Ah! ¡forza prodixiosa,
 Por mor dun esculcar nobr'e profundo,
 Xunguido touro és ti pr'á humanidade!
 ¡Védea, védea, trocada en fiel correo 170
 Deixar do sprit'humán'est orbe cheio
 E presa, como xerpa domeada
 Dimpois de ser centella
 Do cruxol da troada
 Baixar ó para-raios cal ovella 175
 Para dormitar no chan neutraizada!
 Vede aló dand'ó beo
 Da maquia podente,
 Trocada nun Proteo
 Pol o aguillón da mente, 180
 Correl o aramio da acedada pía,
 E com'en contos dun soñar d'Ourente
 A noite trastocar en craro día;
 Y en prancha de metal repetidora
 Fixar de toda voz o sôn variado, 185
 Para que no porvir consoladora
 Restaur'a imaxen fiel dun ser amado.
 ¡Ouh reina dos encantos, prodixiosa,
 Por tantos seclos endemal cochada!
 ¿Cómo tardaches tanto 190
 En vir prestar alento
 Ás filas do saber ricas de pranto?
 ¿Onde teu trono tiñas
 Mentras seu alimento
 Eran só bágoas e tripar d'espíñas ...? 195
 E xulgar do presente e do pasado
 Laborando as venturas

De que nos privan as tiráns feitas.
 Precisa era esa luz que, providente,
 Dios trasladou a nós da sua mente 200
 Pra domear co-ela a Natureza,
 Co engarce desas leis tan misteriosas
 Que descochando vai nosa fraqueza.
 E dend'este tarreo
 Por favor sin segundo 205
 Nos erguen a ese ceo de mundos cheo
 Dinos das loas dun cantor facundo.

No misterioso pran do Ser eterno
 Q'a mais da terra tales mundos quixo,
 Entrou sí, pra goberno 210
 Da debr'humanidad, cal punto fixo
 Ás tréboas desterrar en todo canto
 Seu amor sempiterno
 Crióu pra conservar so do seu manto.

A mais dos que criou sua largueza, 215
 Mais cría e criará hastr'ó infinito;
 Dando a mai Natureza
 Vivir de mais longor do q'está dito;
 Pois como abril e maio sfans'en rosas
 Y o sol os graus condensa, 220
 Así das nebulosas
 Mundos condensará d'edad'imensa;
 Parellas dese sol volumioso
 Vosas nubes espanta
 Subrimando esa esenza 225
 Da humana condizón da especie nosa
 De sagra autividá, no br'existenza.

Naid'é capaz de pôr lindeiro ó mundo
 Nin darlle fond'ás leis que o gobernan 230
 Soment'os sabios con afan profundo
 Nos golfos do pensar onde s'internan
 As van no espello da razón trazando
 Sin deixars'arrastrar do louro bando
 Q'embolicado na frusleira leria
 Sóo rende pranteal culto á materia 235
 Loas buxans cantando
 A esta lagumenta crua terra,
 Do dôr aloxamento,
 Impasibre, fatal, q'a morte encerra
 Cando no' anima a luz do pensamento. 240

Nada criado hai que fôr estraño
 Ó nobre investigar do entendimento
 Outra cousa creer sería engaño
 Fatal á humanidade:
 O mal está en non ter sinceiridade 245
 E circios non pensar con reutitude
 Q'ampare da razón a ecelsitude
 Hastra topar co trono da verdade.
 No' eras ti inda do saber axente,
 D'atraución luz, calor e movemento, 250
 E palanca podente
 Pra erguer o sagro altar do pensamento,
 E guiar a hirmandá de xent'en xente? ...
 ¡Ai, eras, eras, sí! pro o mundo, cego,
 Fuxía das conquistas da sabencia 255
 Borracho co trafego
 Das armas do terror adoecido;
 Amouraba a concencia,
 Sin ver que teu chamar hoxe querido
 Era fillo da luz da Providencia. 260
 ¡Bendita sexas ti! Teu carro d'ouro
 Ont'azoute dun Dios, dis q'indinado,
 A ser d'amor tesouro
 Por degredos do ceo está chamado.
 De total as naciós nos montes outos 265
 Ti quês que che levanten unha vara ...
 ¡Pobos, facédeo afoutos
 Y os raios dormirán pe desa iara!
 E nesa lei terrible cal preceosa
 Q'anima a Natureza, 270
 De cote misteriosa
 Como alento do Ser q'eu mais alabo
 Esparguendo saú, paz e riqueza,
 Terés un brazo mais, un fiel escravo
 Disposto a remediar vosa fraqueza 275
 Sin mantenza pedir, nin ter acabo!!!

Na Cruña
 4 de Agtº de 1881

AS HORAS DO DÍA

Pintan as horas do día Como virxes candorosas, Con crechos cabelos d'ouro E alas de mariposa, Con cofia e tûneca aireiras	5
De gasas de côr d'aurora Brazos e colo de neve, Labros de roxa mapola, C'unha strela sobr'a testa Q'espargue lumes de gloria;	10
E na destra un ramallete D'espigas, frores e froitas, Coma sinal da saude, E dos bes que nos da Frora.	15
Así pintan, así pintan Con olladas que namoran, Antre recendoso alento, Esas armonientas horas, Que con tanta calma veñen Cando algún dôr nos afoga ...	20
E cando algún bèn nos bica Foxen ¡ai! tan presurosas.	

¡VAITE CON TENTO!

¡Alerta! ¡alerta!
 Miña meniña,
 S'ó baile fores
 Ten conta, ten,
 Pois nel s'agacha 5
 Certa rapiña
 Q'anda azorando
 Contra teu ben.

Luces e flores,
 Labia e sonrisa, 10
 Redes treidoras
 Abren pra ti,
 ¡Vaite con tento!
 ¡Non caías n'elas,
 Q'un mar de bágoas 15
 Cóchans'alí!

N'as doces voltas
 D'esa marea
 Por confiada
 Perdínchem'eu ... 20
 ¡Ai! Dend'aquela
 Meus tristes ollos
 D'erguer non paro
 Do chan ó ceu.

Así cantando 25
 Con voz tristoña
 A Rosalía
 N'outronte oín:
 S'ó baile fores
 Non te marees 30
 Q'os descuidados
 Teñen mal fin.

A SERPENTE ATRAGUEDORA

Fábula

Dí, Lión, rei virtuoso,
 Dime (pregunta a Serpente):
 – ¿Por qué sendo ti valente
 De min t'alonxas veloso? –
 E repricall'el xuicioso: 5
 – ¡Porque compre ser prudente
 Con quen só acultamente
 Crava o dente pezoñoso! –

Deprendamos no Lion 10
 A deter a correntía
 Da meleira adulación
 Con q'a Xerpe o traguía
 Para espetarl'lo aguillón.

A SS. MM. D. ALFONSO XII E SUA AUGUSTA E RAIAL FAMILIA
NA SUA VISITA Á CRUÑA

Himno

Coro

¡Viva Alfonso, esperanza d'España!
¡Garde Dios sua estirpe e bondá!
¡Sub'ó ceu a spañola ouriframa!
¡Viva! ¡viva sua Rial Maxestá!

I

Entoná, mariñás, entoade,	5
Cantarelas a Alfonso e Cristiña,	
Que hoxe a sorte a Galicia encamiña	
A gozar d'estes aires d'amôr,	
Nestes portos, e vales, e frores,	
Neste mar ond'o ceu se recrêa	10
Tópen Eles frorida cadêa,	
Tópen Eles o leito millôr.	

II

Aquí têdes, Siñore, aquí têdes,	
De fieldade o modelo dos pobos,	15
Sentimentos fidalgos, renovos	
Da semente de longo valer.	
Enfinitos recordos de esforzo	
Que grioraron a Reis españoles,	
Y están dando inmortás arreboles	20
Nos que Vos vós podés acendêr.	

III

Aquí nunca traizón topou berce:	
Sempre fontes de límpeda honore	
Dend'o grande ó frugal labradore	
Non agachan do sol sua faz	25
Y arredor da española bandeira	
Murallós de feróico ardemento,	

Manter sáben seu fiel juramento¹
Sobr'os campos da guerra ou da paz.

IV

Vínd'a nós, vínd'a nós, Señor Reie, 30
Repousá neste chau a mirada,
Pazo erguê nesta terra sagrada
Y a justiza con vósco virá.
Sobr'a pátria do sétimo Alfonso
Vivas aras d'amor restaurade, 35
Y ela en premio da vosa bondade
Gloria, paz e saú vós dará.

Coro

¡Viva Alfonso, esperanza d'España!
¡Garde Dios sua estirpe e bondá!
¡Sub'ó ceu a spañola ouriframa! 40
¡Viva! ¡viva sua Rial Maxestá!

¡FÍATE, XAN!

Epigramas

– Rapaces, ¡viva a igoaldade!
 Rídevos dos destintivos,
 Cencerros de vanidade:
 ¿Coidás q'hoxe din verdade
 Eses lalálos cativos? – 5

Así berraba Patricio
 Alô na Revolución:
 Mais logo ... na porcesión
 Do vencedor San Mauricio,
 Colgou a Cruz no beton 10
 Por môr do mêdo a un feiticio.
 ¡Canto val têr convinción! ...
 ¡Quen baila ó sôn ten xoicio!!

¡Dende Mercurio hastra Vénus
 Hai nove millôs de léguas! ... 15
 Pedro, se tal fôre certo
 Non tanta reuma tiveras.

Xan dí que canta moi bén
 Cando pon a mau na orella.
 Tamen canta a miña ovella 20
 E non dí mais que ¡Beleeen!!!

ÁS ARTES

Cántiga

Ó Liceu Brigantino da Cruña

Música do Mestre D. Pascual Veiga

Coro

¡Gloria ás Artes, do mundo luceiros!
¡Gloria á Cencia d' alento fartil!
¡Láuros mil ós honrados Obreiros!
¡Guerr'e morte á ñoranza servil!

I

Sol do Xénio que a vida repartes 5
 Sobr'o carro do tempo voador,
 De Galicia redíme hox'as Artes
 C-a virtú do teu nume creador.

II

Déstros fillos da Arte gallega 10
 Que soñás con dourado porvir,
 Quén c-os fallos da cencia trafega
 Lauros pode na tésta lucir.

III

A favor do traballo constante
 Vida cobra o mais duro metal, 15
 Vence un lénzo ó valor dun brillante,
 E conquíres'un nom'inmortal.

IV

Brincan xoias da zafra aceirada,
 Sáí d'un torno riquênto fión,
 Dunha pruma grinalda invexada,
 Dunha gaita, docísimo sôn. 20

V

N'hai materia inservibre pr'a iarte,
Tod'é ouro pr'o xénio inventor,
O traballo é cal sol que reparte
Libertade, riqueza, esprendor.

VI

O traballo dá forzas xigantes, 25
Cruza o mundo cal raio sutil,
Ench'os mares de pôbos frotantes,
E fai línguas da emprenta e buril.

Coro

¡Gloria ás Artes, do mundo luceiros!
¡Gloria á Cencia d'alento fartil! 30
¡Láuros mil ós honrados Obreiros!
¡Guerr'e morte á ñoranza servil!

A STRELA DA FARTURA¹

Strela pelengrina Q'asomas no Poente, O teu lucir crecente ¿Qué busca pol'o ceu? ¿Qué ideas redentoras	5
Boligan no teu seio? Nos mares do deseio ¿Qué pid'o vivir teu? Cos miles d'arcos d'ouro	10
Que pol'o spazo trazas, Dí, ¿qué virtús enlazas Q'honrar poida un altar? ¿Q'imperios en tí s'erguen? ¿Qué leis en tí s'amparan?	15
¿Hai almas q'en tí paran Tamen para chorar? ... O teu galán relume De lixeirez protento, ¿Qué nobre pensamento	20
Mantén ant'as edás? ¿Cal é tua bandeira No exército dos seres? Si tí boia non eres Do sprito ¿qué béns dás?	25
¿Será posibre, strela, Que roles no vacío Coma un topacio frío Sin brio criador, E sigros, tras de sigros	30
Camiñes indifrente Sin aire, mar, nin xente, Sin frores, sin amor? ... ¡Ah, non! ¡Non é posibel	35
Q'o Pai da Natureza Doutar desa estrienza Ó mundo sideral; En tanto que no póo Q'aventa un vil mosquito	40
Formento haxa infinito De xerazón vidal!	

Strela, nos teus raios
Que son do ceo gala
¡Quén entendera a fala
Q'o Criador che deu!
Quén descansar poidera
Á sombra dos teus vales ...
Pro ¡ai! delicias tales
En van as soño eu.

45

SIÑOR XUES DA PENABOI

Súprica

<p>Siñor Xues municipal: Ca forza de set'almallos, Seu fillo tripoum'os callos Con sañamento bestal.</p>	
<p>Para sosego do Val Apríquell'as léis mais duras: Arrínquelle as ferraduras, E chántell'un acial.</p>	5
<p>Non sea o demo e sua nai Q'o día méenos pensado ... A couces guind'o Xulgado Se caso de nós non fai;</p>	10
<p>Ou and'o mundo ó rivés Por n'haber callo seguro A caron do casco duro Do fillo do Siñor Xues.</p>	15
<p>Xa q'o remedio na man Tén pra cantos callos têmos, Autúe ¡ou apelaremos Ó Trebunal catalan!</p>	20
<p>Pois, anq'el, nesta ocasión, Hache xuicios de balde, N'ha d'andar hastr'un Alcalde Con zocas de fundicion.</p>	
<p>Siñor, é gracia cumprida Que de vostê supricamos, Os <i>callentos</i>, que rogamos Pol'os seus pés e sua vida.</p>	25
<p>Cruña, agosto, vint'e seis Do ano d'oitenta e un, Ou sigro das moitas leis Cumpridas a bultuntún.</p>	30
<p>A rôgo do supricante Ca ubidencia merescida Outra vítima ferida,</p>	35
<p>Fuco da Igrexa (firmante).</p>	

¡EN LIBERTADE!

A M. H. BENIGNO

Lamento

Morrendo estás ¡Ai Dios! Xa non se sente
 O teu afervoado hipante alento:
 O mundo é xa pra tí mísera stanza,
 Afrixente desterro ...
 ¡Coitado corazón! En van lidando 5
 Por lauros apañar con farto empeño,
 Xamais calmar lograch'as tuas ánsias,
 Nada topar compreto.
 Trás da imáxe do ben, manetizado,
 Ibas de sol a sol tolo correndo, 10
 As áas alongando no vacío
 Sin chegar a prendelo.
 Cada trunfo dourado que loqrabas
 Nova strela mostraba ós teus anhelos,
 Cal imán atraguéndot'amorosa 15
 Pra cebar teus desexos.
 Querías arrombar as cousas todas
 Que o mundo camiñar vê sin arregro;
 E caíche rendido maldizuando
 Teu poder incompreto ... 20
 ¡Ilusiôs, ilusiôs! ... Samente viches
 A fría estrilidá d'es'alto empeño
 Cochand'o gran carril da vanidade,
 Cal da morte os trofeos.
 Suspiros engarzados n'alegría, 25
 Nubeiros de temor n'un día ledó,
 Mortal esconfianza, amargas dudas,
 Maxinarios enredos ...
 Por cima dos pasales inseguros
 Do teu curto, voraz, vivir sedento, 30
 Dicíanche de cote: – ¡Adiante! ... ¡Adiante! –
 Levándot'ó deserto ...
 Cando mais alta erguías tua testa,
 Cando mais lumes daba teu inxénio,
 Mais perdido de vista t'atopabas 35

Neste mundo pequeno.
 Unha lus che quedou tan solasmente,
 O nunca de perder vivo luceiro
 Pendon do Gardían que vai guiando
 O sprito a porto certo. 40
 ¡Ai d'aquel que refugue seus albores
 E cego s'encomende viaxeiro
 Ós mares troboados d'esta vida
 Preñados de tormentos!! ...

II

Finóu a compitenza da materia; 45
 Raieuse do porvir o mouro lenzo;
 A ialbre das pasiós caéu tronzada
 Diante do eterno cetro.
 O cárcer corporal abre suas portas:
 Talla os grillôs tiráns o pensamento: 50
 E renovado o sprito a terra deixa
 Liberto dos deseios ...
 Xa non hai maus no chau que o scravicen:
 Non prenden a razón encantamentos:
 Os vóxos dos suspiros depurados 55
 Ó empíreo van direitos.
 Muchous'a fror da carne degoante;
 E coma frecha d'ouro, á voz do Eterno,
 Do fondo do seu cális trasformante
 Círcio traspón os céos. 60
 A esenza da virtú caritabile
 Y os ais do purgador repentimento
 As alas son q'o erguen redemido
 Da venturanza ó termo.
 En van a sin piedá, reina das tombas, 65
 Estende o gadañón para detelo:
 O Año do Calvario co seu sangue
 Ll'abre inmortal carreiro.
 Vivir pois, é penar: morrer de cote.
 Morrer c-a luz da fe, é vivir certo. 70
 Voar á eternidade á pôr de loitas ...
 E trunfar por compreto.

Setiembre de 1881.

A ARTE ENNOBRECE

Á estudiosa sociedade "Obreiro lucense"

Academia de Calderón. Velada literaria de 15 de abril de 1882

I

Son fume os imperios
 Ca Arte abatida,
 ¿Qué fora esta vida
 Sin artes? ¡decí!
 Suario de morte 5
 O mundo envolvera:
 ¡Non cencias houbera,
 Obreiro, sin ti!

II

Fuxiron dos sigros
 As louras ideas 10
 Barrendo as cadeas
 Do cego pensar;
 Os destros obreiros,
 Antr'himnos e loas,
 Xa pillan coroas, 15
 D'ardent'alumar.

III

Os pobos ilustres
 Que ós xenios subriman,
 As artes animan,
 As loitas d'honor, 20
 E quen alma nobre
 Na testa cobixa,
 A vista pon fixa
 Do premio no albor.

IV

Do estrado da scena 25
 Á forxa acendida,

Da horta frorida
Ó chau do taller,
Despois dun estudio
Medido n'hai home 30
Que albenda e renome
Non logre coller.

V

¡Ai Dios! ¡cánto praxe
Despois do desvelo,
Glorioso cerquelo 35
Cenguir contr'a sén!
O tempo abrumante
Que un nome eternice,
¿Quén non-o bendice?
Decídeme ¿quén?

VI

Obreiros lucenses: 40
S'un día na historia
Recordos de gloria
Punás por deixar,
Fuxí sempr'as filas
Que ós vicios se deron; 45
Pois nunca acenderon
Ó xenio un altar.

VII

E vos, luguesiñas,
Docísimas fadas,
Que a estas veladas 50
Fartades d'amor,
A quen s'estimule
Cas cantigas miñas,
Botall'amantiñas
Decote unha fror. 55

A VIRXEN DO VAL

Oración do serán

Ó son da campana Xa ven o serán Co manto d'estrelas Crubind'este chan.	
As auras sospiran En torno de nos: Paxaros e frores Nos dicen ¡adios!! ...	5
A santa esperanza Xa volv'a pousar Na nosa testiña Seu dulce alumar.	10
Co-el oubedentes Á voz do metal, Ós rogos ergamos Á Virxen do Val.	15

I

Ave María Astro dos mares, Antr'os pesares Consolo fiel. Hox'e no trance Da crúa morte, Sé noso forte Contra Luzbel.	20
---	----

II

Esa lua q'así ergue Nosos ollos hastr'o ceu, N'é tan doce, Virxen santa, Com'a luz do candor teu.	25
--	----

III

Nesta vida treizoada
Noso scudo ven a ser, 30
E si ves que debres somos,
Nai d'amor, vennos erguer.

IV

¡Coitadiñas de nosoutras
Se nos falla teu sostén! ...
Líbranos, libra, Señora, 40
D'este mundo inxusto ¡Amen!

Coro

Gozo dos ceos,
Vela por nos,
Sé nosa ancra,
¡Adios! ¡Adios! 45

PRIMEIRA CARTA DE CHRISTUS Á MADRILEIRA FACHENDA

Gatomaquia madrileña,
 Moito me facedes rire! ...
 Nunc'habés de desmentire
 Que un oso levás por seña? ...
 A spirencia nos enseña 5
 Que eses pobres animás,
 Nunca fartos de panás,
 S'adoman con fame ... e leña!

Botádela de prancheta
 Non tendo nada por voso! ... 10
 ¿Por qué ofendés o chau noso
 Dando sin tóa á lengüeta?
 Cando un home non respeta
 A quen lle da de comere,
 É de caixón supoñere 15
 Q'ese perdiu a chaveta.

¿Quén vos doutou d'art'e cencia
 Sobr'ese chau cascalheiro?
 ¿Quén librou voso poleiro
 D'estraxeira dependencia? 20
 Gardá vosa sabidencia,
 Pois xuro a Dios non val nada!
 A vosa luz é emprestada;
 Vivís pola Porvidencia.

¿Cal sería a vosa sorte 25
 Sin gallegos e sturianos?
 ¿A quen, fachendas e vanos,
 A quen debés esa Corte? ...
 Ai de vos s'esperta o Norte
 E nos en Madril brincamos ... 30
 Os que vos tedes por amos
 N'habés de ladrar tan forte!

Cantas folganzas ahí tedes
 Por nol as gozás, larpeiros;
 Os grandes d'estes roeiros
 Non c-a virtude entretedes!

De música ¿qué diredes,
Probes abellós da Alcarria? ...
Tocad'a báu na fanfarria,
Xa que outro son non sabedes.

Falades da nosa terra
Cal se non fose española,
Porque da vosa cachola
O vicio a razón desterra.
Pois non lle fagás tal guerra,
Q'o día q'independente
Queira facerse esta xente
Vosa sorte ¡ha de ser perra!

Quen non ollou vosa cova,
De falsidá sempre chea,
Poida que creto vos dea
Sin botar a man á scoba;
Mais quen ver vosa xoroba,
Sea astur, ou galiciano,
Facendo de saboiano
Diráll'ó oso esta trova:

“Papelistas insolventes
D'artística autoridade,
Séde mais cordos, calade,
Non mordás, fechad'os dentes;
Pois si forás compitentes
E non sacos de malicia
Soupérades que en Galicia
Sobran sabios ... e prudentes.

¡Que lembrarvos non queredes
D'estes pobos! ... ¡Miñas xoias!
Así que sintal as choias
Con bágoas nos chamaredes.
O que decís mal sabedes ...
Mala burra nos rabea!
Vosa tripa ha de'andar chea ...
Se nosa axuda n'habedes!

Sabemos cantas intrigas
Ferven antr'os bastidores:
As artistas mais millores
Cando os Tenorios dan figas

Para pousar catro espigas
Nos polimnicos altares
Teñen q'ir suando a mares
Baixo tramantes fatigas!

Neste porto galiciano
Q'á Romeldi dou coroas
Por cada trinta persoas
Hai sin folgar un piano,
E tense por liso e prano
Que os Orfeons dos millores
E os mestres compoñedores
S'alaureen cada ano.

Aquí a xent'é disposta,
As artes voan soíñas,
Non com'ahí, lambe espiñas!
Que campan a nosa costa”.

Ted'esta, pois, en resposta;
E xa que mais non sabedes,
Na mentres n'adeprendedes ...
Metede a lingua na ...

Cruña, marzo de 1882

MI GALICIA

I

Galicia, son tus murmurios,
Tus dulces sonos,
Las cuerdas del harpa, el numen
De mis canciones.

Sin ellos, sin tus campiñas, 5
Sin tu verdor,
Es lúgubre queja el trino
Del ruseñor.

II

Si escucho el rumor lejano 10
De tus riberas,
Y el ritmo de sus pintadas
Aves parleras,
Al punto que el alba asoma
Por tu confín
Comprendo el arrobamiento 15
Del querubín.

III

El cierzo no ejerce imperio
Sobre tus flores.
Tú eres la estrella fija
De mis amores. 20
Aun cuando sin ti me dieran
Todo el Ofir
Prefiero entre tu seno
Pobre morir.

El día que de tus valles 25
Me vi alejado
Negóse a gozar del mundo
Mi pecho helado.
¡Ay! lejos de tus celajes,
Lejos de ti, 30
Ni numen, ni melodías
Hay para mí.

Sept.bre de 1882

Brañas e Montes queridos
 Que á nosa bandeira erguedes,
 Un saúdo (si o queredes)
 Do meu homilde trovar,

5

Pol as lumentes coroas
 Q en compitencia loitando
 Is día e noite arrombando
 Da patrea no sagro altar
 Benía vós q'así vostedes
 O voso artístico nome

10

Do lume que vos consome
 Eterno fénix sairá
 Que cant'ós vindeiros sigros
 A ruta que hoxe levamos
 Os que á patria consagramos
 Nosa ardent'actividá

15

Vosoutros os guindo diante
 Do armonial renacemento
 Serés os pais do fomento
 Dun gran porvir maxistral

20

Evitando q o estranxeiro
 Veña a faguer rico esplote
 Do que debera ser dote
 Do compoñer rexional

25

Por eso eu vexo en vosoutros
 Os primeiros segadores
 D'esa colleita de frores
 De tan lírico valler;

30

Por eso vos rindo culto
 Por non ir descamiñados
 Contra moitos que ¡coitados!
 Non saben gallegos ser.

SOIDÁS DA VELLA RUFA

Zoupa que zoupa no lavadoiro
 Nossos trapiños hoxe han quedar
 Tan carrapechos q'á mesma neve
 Han de decirlle ¡céat'alá!

N'hai com'os liños da terra nósa 5
 ¿Quén ll'as apósta na duracion?
 Os lenzos d'hoxe son podricallos ...
 Son tearañas os algodós.

Cargad'os cerros na vosa roca:
 Co'eses dediños ¡volt'a fiar! 10
 Serán de ferro nosas cirolas
 Vosos cósíños rendirán máis.

Pano ferrudo era o d'antano
 Era unha capa cousa d'herdar
 Nossos praiaugas ¿canto duraban? ... 15
 ¡D'aquelas sedas xa non se fan!

Hastr'hoxe as casas fanse de barro
 ¡Moitos vridiños! ¡Moita iluseon!
 ¿Qué val o pino xunt'o castaño?
 ¡Cánta pantalla! ¡Vaia por Dios! 20

Aqueles tempos, aqueles pazos,
 Aqueles hórreos cheios de pan
 ¿Quén os fai hoxe, meus deputados?
 E anq'os fagades ¿n'hai q'emigrar? ...

Xa n'hai labregos de pan e porco. 25
 Xa n'hai carautre en todos nós
 Con tantas leises *manda quen manda*,
 Hoxe xa o pobo, n'é pobo, é un boi.

Barcos de ferro hai, e telégrafos,
 Carrís de ferro e sposions 30
 E nunc'a España foi mais felpeta
 Nin mais o mundo se reu de nos.

¿Q' é o q' aforramos nos con todo eso?
¿Qué mais albendas ten noso chan?
¿Qué temos voto? ... ¡Pois xa comemos!
– Pro comen outros je o mesmo da!

35

POR UN CARAVEL DA ONZA

Antona - Mingos

I

¡Velo alá ven! ¡N' é posible
 Sallir ben d'est'enfeitizo!
 ¡Qué ben lle cai a monteira
 Riba dos cabelos rizos! ...
 Cando me mid'ó pasare 5
 Ca vara dos seus olliños
 Teño que baixal os meus
 Por n'amostrarll'o que sinto.
 ¡Qué diaño d'embeleso! ...
 ¡Vaia, non sei o que digo! 10
 Se me fala, dame frebe,
 E se me sorrí ... ¡ai Mingos!
 Ben se ve que n'eres forte
 No arte dos adeviños;
 Pois d'outro xeito, aforraras 15
 Mais da mitá do camiño.
 ¡Ai, qué engrillada me tragues ...
 Se ti o soupeses, Mingos! ...
 Así suspira Antoniña
 Sobr'ó portelo da horta 20
 Unha rosiña prendendo
 Antr'ó copete da cofia;
 Chamand'atención de Mingos
 Que chega pola revolta
 Lucindo calzón de rizo, 25
 Chaleque de raso mosca,
 Chaqueta de pano grana,
 Xustos botís de Segovia,
 Betós de prata nas fitas
 E faixa de seda roxa; 30
 Co cigarro tras da orella
 E na destra rexa moca,
 Capaz de tumbar c'un touro
 Ou de fender cen cacholas.
 Abofellas, non é straño 35
 Que por el suspire Antona,

Afitando nel seus ollos
 De namoradiña pomba.
 ¡Védeo con qué gallardía
 Corcil ven ganand'a costa 40
 Asoballando coa pranta
 Cardos, e silvas e ponlas,
 Sostendo sobr'a monteira
 Roxo caravel da onza!
 Aposto como un xentil 45
 Chegando vai ond'Antona,
 Q'afervoadá se ergue
 Mais bermella que mapola,
 Arrecadando meigueira
 No dengue, faldras e cofia 50
 Cas suas tremantes mause
 Que hastra non sab'onde as poña.
 Xa s'acercan, xa s'acercan:
 Suas olladas s'alcontran ...
 Ela sta enriba do valo 55
 Coma unha imaxe d'aurora.
 El coma Caupolicán
 Disposto a emprender a loita.

II

– ¡Moita presa levas, Mingos!
 ¿Sei que camiñas a forza? 60
 – Muller, non; camiño libre,
 Pro xa ves, vai sendo hora
 D'irse chegando á ruada.
 E ti ¿cómo stas tan soía
 Apañand'este resole? ... 65
 ¿Sei que che non gusta a sombra?
 – Según e conforme, Mingos:
 As veces o sol ... consola.
 – Pro eso será no inverno,
 Porq'ó d'hoxe érguech'empolas: 70
 Senon dígano esas pelras
 De suor que te coroan.
 Ben ch'o pode agradescere
 Quen así teus rizos molla.
 – ¿Meus rizos ti dis? ¡Ai Mingos! 75
 D'eles ninguén che s'acorda.
 – E logo ¿pra quén prendiche
 Esa rosiña na cofia?

– Pra ... mais ela nada dice Dos teus xuicios en proba: Pois si d'amor seña fore Tamén eu coidara agora Q'ese caravel que levas Debe ser prend'amorosa.	80
– Pois Antoníña t'engañas: Tráioo porque me consola Seu recendor nada maise ... – Eso, é falar: ¿cant'apostas A que non queres trocarmo Agora por esta rosa? ...	85
– Porque xa moitas m'o viron ... E, posto na tua cofia Moito que falar daría ... – ¡E reñeríanche, poña! – Tanto coma eso, non. Pro non marrarían bromas E correría teu nome Sin ton nin son na parroquia. – Eso pouco importaría Si mais n'había na historia.	90
– O mais xa s'escribiría Q'a marmulación n'é toca Par'alongar suas liñas ... – Pois eu nin manca nin coxa Para chambar si quixeres Por teu cravel miña rosa. Agora, s'hai compromisos ... – ¡Ningún! – Pois chégat'a sombra E poreicha na monteira Coma scarapela d'honra; E ieu co teu caravel Engalarei miña cofia. ¿Ti ques ou non? – ¡Por querere! ... – Visto sta q'hai quen se doia Do troque. – Xuncras me leve S'hai quen del me pida contas. – ¡Veña, pois, esa monteira! ... – ¡Moi meiga eres, Antona! Eres capaz de queimarme Coma un lambizo d'estopa.	95
– N'é así. Debe ter neve Un labio que tanto roga. Se ti fores mais galante ...	100
	105
	110
	115
	120

– Muller, pídem'outra cousa,
 E verás si te comprazo. 125
 – ¡Mingos, cas tuas revoltas
 Das a entender q'hai misterio
 N'ese caravel!– ¡Antona!
 ¡Non hai ningún! – ¡Mintreiro!
 Pillad'estás. Non hai volta 130
 ¡Xúguémolo á palla perra!
 – ¡Ah, xa xa! N'é mala cousa.
 ¿E se gano? ... Vast'en paz
 Co caravel e coa rosa.
 – ¿E si perdo? ... – Quédom'eu 135
 Desfrutando dun e doutra.
 – Non conveño n'ese trato.
 – Pois propon ti. – Mir'Antona:
 Perdendo eu ... dasm'un bico
 Con esa boca de gloria. 140
 ¿E ganando? – Un par d'apertas.
 – ¡Xa! eso pra facer boca
 Malo barrizo te erga
 ¡Botádell'ó zorro pombas! ...
 – Eso falalo, Antoniña, 145
 As contas craras e prontas.
 E non me marees tanto,
 Pois anque, aquí n'esta sombra
 Mirándome nos teus ollos
 Gastaría millós d'horas, 150
 A gaita estáme chamando
 E quero campar na rolda.
 – E dime: ¿s'o que ti pides
 Che concedese outra moza
 Casaríaste con ela? ... 155
 – Sendo ti ... ¡poida que poida!
 Pois temo n'hachar ningunha
 Tan querente, tan francota,
 Tan cuca, tan falangueira
 Tan atraguento e celmosa. 160
 – ¿Palabra de ben? – ¡Cumprida!
 – ¿Serás discreto? – ¡De sobra!
 – ¿Maldecirás da promesa?
 – Antes ¡q'as pedras me corran!
 – ¡Corra, pois, a palla perra! ... 165
 Tira ... ¡Tocouch'a mais longa!
 ¡Probe de min! – ¡O tratado! ...
 A eso s'espon quen xoga.

– ¡Mingos! ¡ai! ¡qué tirán eres!
 Nunca coidei q'así foras ... 170
 – Non suspires que son firme:
 Eu ch'o traguerei á volta.
 – ¿De verdá? – O dito, nena,
 Pois levo tua mamoria
 Gardada no recendore 175
 Da tua cofi'á rosa.
 ¡Adios, roxela! – ¡Adios Mingos!
 ¿Esquenceraste d'Antona? ...
 – Bobiña, non penses n'eso,
 Sinon en ter moita conta 180
 De non xogar mais biquiños
 Contra un caravel da onza.

Cruña, 1882

Nenas d'aldea, cargad'a roca.
 Non-a guindedes que facés mal.
 Pouquiño a pouco porés a teía,
 Poil a brancura de perda vai.

Volved'á cofia, volved'á cenlla, 5
 Volved'ó dengue q'è moi galán,
 E feiticeiro vóso palmiño,
 No contrapaso ganará máis.

Volved'ás noites do fiadeiro 10
 Que non hai outras de máis solaz
 E aqueles contos alma da aldeia
 Lembranza e sprito dos nósos pais.

Colled'as conchas, pillá o pandeiro
 Que fan ós mortos resucitar
 E dad'ó trasno co agarradiño 15
 Que perdurentas pendenzas trai.

Nosa xentiña, noso alalála
 Da nósa fala son os gardiás
 S'elas nos fallan ¡adios Galicia!
 ¡Fágas'o mouro co noso lar! 20

MELPÓMENE

A las señoritas de la Sección de declamación del Liceo Brigantino de La Coruña

Con la frente nublada por el duelo
 Voz oprimida y labio tembloroso,
 Como el ¡ay! del dolor, siempre angustioso,
 Sus ojos la tragedia eleva al cielo.

Si la divina musa cruza el suelo 5
 Ora al pie del cadalso o de la tumba
 En torno suyo la tormenta zumba,
 Huellas trazando al mortal desvelo.

Si homicida puñal arma su mano,
 Si la copa fatal sus labios toca, 10
 O la calumnia vil rasga su seno;

La conciencia estremece del tirano
 Las iras del mortal justo provoca;
 Y luz de eterna paz légame al bueno.

A MATILDE DÍEZ HERMIDA

Homenaje de admiración e cariño que O Liceo Brigantiño da Cruña rende á imperecedeira memoria da grande artista española na velada literaria que lle consagrou na noite do 25 de febreiro de 1883, dous días antes do aniversario do seu nacemento

¿Qué tragués aquí, decime,
 Enfeitizantas cruñesas?
 ¿Q'esperanzas, qué pormesas,
 Qué sentimento subprime
 Tanto movemento imprime 5
 Ó voso peito leial? ...
 ¡Ah!¹ ¡Ja o entendo! ... ¡É natural!
 Vindes trager, como bôas,
 Conmemorantes coroas
 Á nosa autriz inmortal. 10

¡Matilde! ¡ah! n'é posibre
 Esquencer tua memoria:
 Tua gloria é nosa gloria;
 Teu valler n'é definibre.
 Namentres ó son revibre 15
 Do justo crarín da fama
 ¡Íráte, crama que crama,
 Riba do altar de Talía,
 Chamando luceiro e guía
 Nas exposicións do drama! 20

Por antr'a mar tormentosa
 Dos batallares da ialma,
 Erguend'os lauros de Talma,
 Vinte flotar magestosa.
 Tenra nai, maguada esposa, 25
 Reina do scénico gremio,
 Decote dina do premio
 Fuches amostrand'ó mundo
 Que teu talento facundo
 Naceu ca strela do xenio. 30

Aquí, neste mesmo estrado,
 Baijo d'estas bambolinas,

Vertendo bágoas devinas
Vinte un día afervoado.
Co' aquel són inspirado 35
Que dos teus labios sallía
¿Qué corazón non tremía?
¿Q'empedernido juicio
Ó verte trunfar do vicio
Teu nome ó ceu non erguía? 40

De inmensas forzas señora
Igual q'a ave de Jove,
Que apenas suas áas move
Racha a nube afogadora,
E mundos de luz esprora 45
Sin fechar sua pestana;
Así, autriz soberana,
Da iarte os ceos cruzando
Fuches o mundo ilustrando
Coa luz que d'Apolo mana. 50

Pra ti non houbo heroína
Deficil de comprendere:
Fondas pasiós, gran debere,
Célos, virtú pelengrina,
Todo secumbe e s'incrina 55
Ó teu artísteco infruxo.
Non houbo moral debuxo,
Luz da femenina ialma,
A quen non désel a palma,
Co' istinto que Dios ch'impuxo. 60

Non en van tipos che deron
Da escena as rivás escolas:
Cal joga o ar cas mapolas,
Tuas facultás venceron;
Drama e comedia praceron 65
Cando de ti s'ampararon;
¡Do Letexo se libraron!
E os vates do *raialismo*
Igual q'os do *crasicismo*
Por tí laureiros peinaron. 70

Filla da nai galiciana²
Q'alentó celta embebiches,
Como outro sol recorriches

Dende Lutecia hastr'a Habana.
 Sobr'a scena americana, 75
 Sobr'a da nubosa Albión,
 O sprito desta nación,
 Onte de tantas temido,
 Lograches ver apraudido
 Chea de patrio fervón. 80

.....

Pro ¡ai! Maestra, luceiro
 Do noso Conservatóreo,
 Princesa do Consistóreo,
 Das artes do chau ibeiro,
 Deixando inmenso vieiro 85
 De luz á teatral historia,
 Libre da mordente escoria
 Fuxindo o mundo barrento,
 ¡Fuche a gardar teu talento
 Ó tempo da eterna groria! 90

¡Bendito sea teu ser,
 Matilde! Pois que loitando
 Viviches dinificando
 O corazón da muller,
 Dínat'hoxe recoller 95
 Dend'as alturas do ceu,
 O par do respeto meu,
 Estas coroas tecidas
 Pol'as maus agradescidas
 Das fillas d'este Liceu. 100

E vos ¡ouh socias! ¿queredes,
 Seguindo este patrio inxemplo
 Honrar mañán d'este tempo
 C'o voso nome as paredes? ...
 Pois ¡a estudar! ¡non cansedes! 105
 ¡Costancia! ¡non deixar tilde!
 Con moita fe, sprito humilde
 Ouvindo a voz da sperencia
 Decote madre da ciencia,
 ¡S'inmortalizou Matilde! ... 110

Cruña, 23 de frebeiro de 1883

O PROBLEMA DE ZORRILLA ESTÁ RESOLTO

Soneto

Bardos: a lei dos adiantos
 Que Dios providente guía,
 Trai hoxe á nosa poesía
 Un novo mundo d'encantos.

Certo é que o *tanto por tantos* 5
 Nas mesmas horas da calma
 Verte a envolver nosa ialma
 Frío, desvelo e qrebantos;

Debo creer que os que alentan 10
 Caron da fror dos amores
 Q'en todos tempos afilla,

Ant'a impiedade presenta ...
 ¡Ha de manter os fulgores
 Do estandarte de Zorrilla!

Cruña, 27 de junio de 1883

O MAR

¡Zóa, mar, fúnga, balbordéa, brúa,
 N'arrelles teu furor, érguet'ás nubes,
 Fáí a terra tremer, barcos e penas
 C-as tuas goxas de demonio engule!
 C-a rabia q'aferventas no teu seo 5
 Érgue esas mangas d'asalgados fumes,
 Tua íria sin par non teña termo,
 Cos teus tronidos ceu e chau aturde.
 Decrárate martelo soberano
 Contra canto duréz teña e valume. 10
 C-o teu constante dente ¡roe, roe! ...
 Canto enriba de ti a endustria xunte ...
 Cañós, balas, madeiras, hosos, teas ...
 Nada teu ventre comellon repune.
 Enfónchate, orgulécete, arroállate; 15
 Pro cantas máis areas en ti xuntes
 Máis material serán con que dar corpo
 Ás veiras que desfás c-os teus rempuxes.
 Dentro do corpo teu vai outra forza
 Xuntand'o que ti mós – pro non destrues. 20
 Ela refreará tua puxanza
 Pra q'a soberba contr'o ceu n'atufes.
 Ela c-o limo e sal das venas tuas
 Os corpos xuntará q'irado tundes,
 Facendo novos seres, terras novas 25
 Da masa levedada no teu buche.
 Da Terra n'has de fár cera e pabío:
 Erguela ti verás vales e cumes;
 Q'a madre Naturaleza farturabre
 Só vive pra criar: e hastra do fume 30
 E dos seres manidos e invisibres
 Fai os menistros do seu trono ilustre.
 Ti non eres nomáis que forza bruta,
 Palanca remexente que rexurdes
 Por q'o ár te manea atropelante 35
 Ó son d'ese calor que baixa ou sube.
 Ti eres un cabalo sin concenza,
 Touro que forzas misteriosas xunguen,
 Fera doente q'arroutada trabas
 Cando ch'atizan os centráes lumes, 40

Pro suxeita ó poder da intelixenza,
 De Dios semello d'inmortal relume
 Q'irá brillando sobre ti decote
 Por que a verdade pol'o mundo cruce.

Non t'envanezas pois, mar, para quedo, 45
 Non loites briarial nin testarrudes.
 Pois nunca has de ter máis soia unha gota
 Ora t'abales, ergas ou debruces;
 E por guindar n-a terra outro deluvio
 O brillo das estrelas hoxe enfusques. 50
 Canto lles dás, che dan sin perder solbo
 Ríos e fontes, brétemas e nubes
 Sin minuir a vida ese tesouro
 Con que dotado dend'o empezo fuches.

As perlas e diamantes do teu seo, 55
 A prata e ouro que nas penas luces,
 As vidas dos mortás que cego solbes,
 Por bén que te retorzas e marmules
 E raches tua língua contr'as pedras,
 E máis ventosas contr'o chau apuntes, 60
 Non ch'han de dar un grau de máis potenza
 Anq'os sigros pra tí suas horas xunten.
 Cálmate, calma pois, non sexas tolo,
 Vist'o teu manto d'anacrado azure,
 Non adiques máis túmbalos á morte 65
 Nin t'asolace lostregar d'axufre;
 Pois abundan no chau os simiterios
 Sin que fallen as bágoas en ningures.

Non sexas estrumento da disgracia;
 Door no noso peito n'acugules: 70
 Déixa paso ós mortás. Calma tuas írias,
 Fúnda tua groria en ver que contribues
 Ó pran do Dios criador que se comprace
 En xuntar teus confís c-as suas luces.

¿Das edás que ti viches ir rolando 75
 N'esa liña spiral q'o ceu ensume
 Lograches ti matar o pensamento
 Por máis que baduóu teu ruxe-ruxe? ...
 ¿Poideches ti arredar q'o Vello Mundo
 Ó Novo dese cencias e costumes? ... 80
 ¿Consignich'afogar o sagro alento
 Dos inmortás Colón, Gama e Vespuce,
 E q'a ialbre da Cruz verta esperanzas
 Do alto Chimborazo aló no cume,
 Nin que Garay e Fulton t'enfreasen, 85

Nin q'as ideas por teu seo crucen,
Coma por antr'as venas do cerebro
Q'altos imperios érguen e confunden
E fan q'o chau hispán e filipiño
Antre duas auroras se saúden, 90
E sintan as Antillas seus sospiros
E n'unha mesma aspirazon se xunten? ...
¡Non e non, longo mar! De cote escravo
Serás do sprito human; sí, ¡non-o dudes!
Méntres q'o sprito mande na materia 95
Ora durmas en paz, ora t'atufes;
Franco paso darás á humanidade:
Con q'así ¡pára quedo, e dúrme, dúrme!

CONTRAPASO

I

Sopra, gaiteiro co as tuas froyiñas,
Bule cos dedos, gorenta este val,
Cata no' esquezas que as nosas meniñas
Teñen na gaita seu moelle raial.

Sigan, rapaces, do baile as cadeas; 5
Nenas pr'adiante, e candongas pr'atrás.
Puntos ben feitos apráudens'as cheias,
¡Tiro-lorírolo! ¡ter-que-las tras!

II

¡Hala gaitiña! Sostén teu alento.
Fai que n'acore o pibel do roncón: 10
Deixa q'estriquen os rizos do vento
Polas caeiras teu mérido son.

Cando ti argallas cas tuas palletas,
O paxariño do inverno fai vran;
Guindan os coxos ó aire as muletas, 15
E hastra fan lumes os seixos no chan.

III

¡Ei! ¡Roxeliña! ... ¡qué ben fal os puntos!
¡Case t'amañas co este compás!
¡Os desveliños ... pasémolos xuntos,
Anque d'envexa rabeen os cás! 20

¡Cómo ch'está ese pano do colo!
¡Moito ch'acai ese dengue galán!
¡Ai! non me figues, sinon posme tolo:
¡Coida que podo rolar polo chan!

IV

¡Basta, ruliña, q'o teu contrapaso 25
Lévache xeito de non s'acabar;
Si che parece, botamos un vaso;
Compre ter forzas pra logo ruar.

Xa ven a noite c'o manto d'estrelas ...
¡Vaia, non olles con tanto desdén!
Dí, diamantiño, ¿non gustas de velas? ...
- Ó pé da fraga, meu rulo, ¡no'é ben!

30

AS SOMBRAS DE CARNOEDO. LEMBRANZA DO SIGRO VI ANTES DE CRISTO

Balada fantástica

Así, nas mámoas
 De Carnoedo,
 Ó erguers'a luna
 Prateand'o mar,
 O druida Osedo 5
 D'albo roupaxe
 Chama suas tribus
 Tendend'as mas:

I

–“Virxes de Droño,
 Sad'e Samoedo, 10
 Bertín e Broño,
 Dexo e Meirás,
 Cinguid'os velos
 Que a Lun'asoma;
 O sagro visgo 15
 Vind'apañar.

II

¡Circias as picas,
 Celtas gallegos,
 Que ard'o Breamo!
 ¡Ó mar corré! 20
 ¡Os Kimros chegan!
 ¡Theute terrible,
 Que as nosas piras
 Veñan a arder!” –

Cóchas'o ceo, 25
 Sopra o Sisarga,
 Fránguens'os barcos
 Pé de Fontán;
 E ó son do rexo
 Bater das armas, 30
 Das fordas cimbras
 Síntens'os ais.

Xa de Carnoedo
Ant'as medoñas
Os prisoeiros 35
Chegando van;
Suben á pira;
Fire a druidesa,
E o druida esparxe
Sangue lustral. 40

Cantan os galos
En son de trunfo:
Todol'os cimbros
Arderon xa.
Bailan as sombras 45
Da pira en torno;
Y o chau das mámoas
Volv'a enxordar.

Coruña, julio 1883

UNHA BÁGOA POR MEU HIRMÁN MURUAIS

¡Tent'Andrés! ¿a onde vas? ¿Por qué t'aleixas
 D'esta Erin, alma e luz dos teus cantares?
 ¿Des cando acá non curas dos teus lares? ...
 ¡Ah! vas spór ó ceo nosas mil queixas! ...

¿Xa non queres tallar grillóns e reixas 5
 Pra que Xusticia e Lei, céibas de trabas,
 Acaben co chorar que ti enxugabas
 N'estes probes hirmans q'órfanos deixas?

¡Ai! ... ¡foxes do fangal! ... ¡fas ben! ... ¡arriba!
 Un cantor, como ti, n'and'á rastreiro ... 10
 Mais pra quen nos honrou en corpo e sprito,

¡Sempre Suevia erguerá lámpara viva!
 Foi "Patria, Fides, Amor" teu letreiro ...
 Morres bicand'a Cruz ... ¡durme bendito!!!

Coruña, 1883

Á CRUÑA. MIMIÑO ¡CADA DÍA MAIS FERMOZA!

Dende Oleiros

Baixo destes castañaes,	
Cruñaña, estoume gozando	
Ó vel a aurora brillando	
No teu sinfín de cristales ...	
No mar que t'está bicando.	5
As brisas que rebuldando	
Van a ti destes pinales	
Fartas de xermes vidales	
Parez q'así van cantando:	
– Porto herculán ... ¡moito vales!	10

¡TEMPO ERA!

Arreboleiras

I

Ruliñas gallegas
 D'amor foliá
 Q'o fado malino
 Coutado xa está. 5
 O fillo do Newa
 Xa pode escoitar
 Tras duas auroras
 O terno alalá.

II

¡Adiante, Galicia,
 Q'a strela d'honor 10
 Aluma os teus campos
 D'eterno verdor.
 Derruba ese muro
 Tirán e fatal
 Q'así t'alonxaba 15
 Da mesa social.

III

Amóstra, terriña,
 Amóstra hoxe, sí,
 As vellas grandezas
 Que fechas en ti; 20
 Descocha tuas galas
 Da serra hastr'ó mar
 Q'o sol dos teus trunfos
 Erguéndos'está.

IV

Talleres e forxas, 25
 Bastou de dormir:
 O día escomenza

Da indústrea fartil;
Pois tempo é que fuxan
Ó son do vapor
Dos campos gallegos
As horas de dor.

30

O SPRITO D'AURELIO

Balada

Carón das ruínas do vello castelo
 Da Fonte da Serpe que deita no mar,
 Na posta da lua, da espuma antr'o velo,
 Así xeme o sprito do cisne do Sar:

¡Ouh bardos galaicos! Saúde e boanza: 5
 A vos miña lira, meu patreo ideal.
 Loitá con esforzo, xa q'eu malandanza
 Topei destas augas no peso brutal.

E as augas responden 10
 Con férvedo son:
 ¡Mais pesan as ondas
 Do mar da ambición!

¡Ouh terra froлива, progresá, deprende,
 Q'o sabio, sin lanzas, ós tronos s'impón:
 Anima tuas artes, teus fornos acende ... 15
 Destonces temido será teu pendón.

Y as olas responden
 Con mais rexo ton:
 ¡Podencia con vicios
 Non ten duración! 20

13 de enero de 1884

O ZANFONISTA MANDUCA NA FESTA DE SAN BASTIAN

– ¿Nesta casa hai lume?
– N'aquela, q'hai fume.

Fói ben curt'a festa,
Miña Maruxiña.
A xentiña é bòa
Pro ¡xa che non guísa!...
Xa non hai compango, 5
Acabous'a chicha,
A sartén non roxe,
O barril non pinga,
E d'aquel molete
Que tan ben sabía 10
Non quedou frangulla
Nin pra unha galiña.
Pilla a pandeireta:
Vamos, miña filla,
Ó lugar d'enfrente 15
Q'hoxe alí dan vivas
Ós q'aquí moulaban
Onte nas tortillas.
Dame esa zanfona,
Vámonos axiña, 20
Pois ... pr'os q'andan tardos
N'hai xamón nin misa.
– Pro, señor, ¿vôstede
Onte, non dicía
Que no'había xente 25
Como esta xentiña?
¿Cómo así deixála?
Eu agradescida ...
– ¡Déixate de léria!
¡Anda, miña filla! 30
¡Tod'o mundo foxe
Da lareira fría!
– Pro, meu pai, escóite,:
¿Qué dirá a familia?
¿Qué dirán as mozas 35
Q'amañado tiñan

Pra sta noite o baile? ...	
– ¡Digan canto quiran ...!	
Quen propón non manda	
Com'as miñas tripas;	40
¡Nunca tuas contas	
Han de dar coas miñas ...?	
Estes festexeiros	
Poucas forzas tiñan:	
Ti xa o vês, rapaza,	45
¡No' has de ser bobiña ...!	
Q'os d'aló pormeten	
Festa pra mais días.	
¿Séntanch'as filloas?	
¿Próbanch'as morcillas?	50
¿Queres tér d'abondo	
Vaca e mais chacina,	
E botar un gróulo	
Trás da longaniza? ...	
– Vaia ¡non tolee!	55
– ¿Gústanch'ou non, xílgara?	
– Todas esas cousas,	
Diga canto quira,	
Pr'os que dan ó bêo ...	
N'han d'andar tan listas.	60
– ¡Val quen tén, rapaza!	
¡Val quen tén, <i>chiquilla!</i>	
– ¿E a palabra nosa?	
– ¡Tantarula! Mira:	
¡Quen non tén pra lenzo ...	65
N'ha de dar camisas!	
– ¡Elle ben aceda	
Toda esa doutrina!	
– ¡Pois pr'ó mais do mundo	
Serve de cartilla!	70
– Dios llo pague estonces;	
Pro ¿vostê maxina	
Q'ha de durar tanto	
Esa festa?	
– Chica,	
Ende s'acabando,	75
Nosa orella fina	
Nos dirá onde bôtan	
Novas dinamitas.	
– Pro ¿cómo esculpamos	
Nosa despedida ...?	80

– As esculpas, nena,
 Tráguenche cotifas:
 Por moi ben q'a doures
 Ech'o mesmo ¡Arriba!
 ¡Non perdamos tempo! 85
 ¡Vamos a onde guisan!
 O que queira noces
 Que as merque, filla.
 Ti enxerga copras.
 ¡Moita encensaría!
 Q'eu direi contigo 90
 Dand'á zanfoniña:
¡Que por moitos anos
Viva o funcionista!
 Xa verás, na mesa,
 Cantos dicen: ¡¡Viva!! 100
 E dimpois ...: – ¡Ahí quêdas!
 Así ch'é a vida.

29 de enero de 1884

A ÚLTIMA QUEIXA

Balada

Delor sinto n'a alma,
amada miña;
de loito está cochado
meu corazón;

en min toda esperanza 5
quedou mortiña
o lume non deixando
d'unha ilusión.

¡Ai do que vive 10
sabendo amar,
soio e revoltó
co seu penar!

LA ÚLTIMA QUEJA

Balada

Dolor siento en el alma,
amada mía,
de luto está cubierto
mi corazón;

en mí toda esperanza 5
quedó perdida
el resplandor llevando
de una ilusión.

¡Ay del que vive 10
sabiendo amar
solo, abrumado
por su penar!

A SANTIAGO APÓSTOLO NO XIBALEU EXTRAORDINARIO DO
SEU DESCUBREMENTO SEGUNDO

Ano de MDCCCLXXXV

Videtur quoniam ex operibus
justificatur homo et non ex
fide tantum.

Apost. Sant.-Ep. Catol., II, v. 26.

I

Himno santo de gozo e speranzas
Hastr'o ceu ergan Sar e Sarela,
Alomíe cal sol Compostela,
Vista Hispania seu manto millor,
E coreen na gloria os anxeiros 5
Gardadores da Igrexa bendita
Dand'ó Eterno loanza en finita
Pol o hachazgo do envito Xacob.

II

Grandes feitos o ceu pernostica:
Galiciáns, homildemol-a testa, 10
De Solovio na sagra frolesta
Volv'a vers'o Adalid'español.
D'algún mal ven amant'a librnos,
A pesar do increíble trafego,
Cand'así do esquencido sartego¹ 15
Nova fonte de vida brotou.

III

Ñiñor Dios dos exércitos pío,
Q'a neviña do ben sementando
Is as duras cadeas tronzando
Pra faguer dos alleos hirmáns: 20
Gracias mil porq'a darnos volvedes
Capitán de guiar tan seguro,
De comando tan maino e tan puro
Como hai sigros catamos en van.

IV

Santa Fe, redentora dos pobos, 25
Forza e guía do gran Zebedeo,
Baixa, baix'a inframar noso seo,
Noso spirto do erro a limpar;
Vennos dar o alimento dos fortes
Pois sin él morr'o xerme da vida, 30
E fallando tua mística exida
Invencibre é pra nós tanto mal.

V

Cando España caíeu debruzada
Por dous grandes treidores ferida,
Ti lle deches, Xacob, luz e vida, 35
Cal amant'avanxélico pai,
E xuntando seus fillos esparsos,
A partir d'estas serras benditas,
Enrolláchel'as teifas malditas
Com'arroll'as areas o mar. 40

VI

N'hai outeiro nin veiga n-a España,
Q'ó falarse das nosas mamóreas,
Se non troque en crarín das victóreas
Conqueridas sô voso perdón,
Nin bon xefe das hostes de Cristo, 45
Qu ó sentir dos alarbios o strago,
Si dixer: – ¡Zarra España, Santiago!!!
N'alcanzar voso erguido favor.

VII

Cantos reis e encumadas princesas
Sô a cruz do poder dobregados 50
Acudino ós teus pés espregados
De bagullas por auga lustral;
Se purgaron do acedo da culpa,
E cal águas erguidas na serra,
Xa no trono, ou nos campos da guerra, 55
Foron astros de rico alumar.

VIII

Anq'ó d'hoxe non hai berberiscos
Nin normáns que nos causen pavura,
¡Reinan causas de tanta tristura
Nos consellos dos pobos hispáns! ... 60
Que fai falla que Vós vos ergades
A soster da Xustiz'a balanza
Pra esbotar d'antre nos a loitanza
Qu'encirrou a cubiza tirán.

IX

¡Ai! con Vós volv'a erguers'a Esperanza 65
Q'adormenta os pesares loitosos:
Ires son vosos restos grroriosos,
Farturentos cal chuvia d'abril ...
Pelengríns, acudamos ó Mestre
Q'él romedia o mais fondo querbanto, 70
Pois xa estrica de luz o seu manto
Pra facer nosa pátreia feliz.

X

Santo arcánxel do ceu de Cravixo,
Do das Navas, de Braga e o Salado,
Conservad'ó leal Purpurado 75
Que non dorme por darvos honor,
E q'albore por sigros de sigros
A bandeira da España creente
Sendo Vos do Salem do poente
Sempr'imán de saúd'e perdón. 80

Et qui vicerit, et custodierit usque in finem
opera mea, dabo illi potestatem super gentes.

Joan. Apocal., II, v. 26.

A GALLEGUIÑA

Alborada

Música do Mestre Castro

<p>Arpas dos nosos pinos, Liras do carballal, Gaita do verde outeiro, Os vosos dozores Xuntá cos do mar:</p>	5
<p>Un himno de fe, Un himno de paz, Un himno de amor Cantá, cantá.</p>	
<p>Queden por hoxe mudos Loitos e suspirar, Dádenos voso arrollo: Co son da esperanza Que falla nos fai,</p>	10
<p>Un himno de fe, Un himno de paz, Un himno d'amor Cantá, cantá.</p>	15
<p>Cos lánquedos rumores Q'erguedes no serán, Guiando noso espírito, Presa das vaguedás, Ó altar misterioso Do campo estrelar,</p>	20
<p>Un himno de fe, Un himno de paz, Un himno d'amor Cantá, cantá.</p>	25
<p>Mentres q'a noite cocha Do sol a testa oural Y-o paxaril gorxeo Seu triste adios lle da, Co brando riseo</p>	30

Da fonte e rial,
Un himno de fe, 35
Un himno de paz,
Un himno d'amor
Cantá, cantá.

Do sospiroso peito
Apaciguand'os ¡ais! 40
Espertand'a speranza
Co seu amor de nai,
E co voso arrollo
Q'as penas estrai,
Un himno de fe, 45
Un himno de paz,
Un himno d'amor
Cantá, cantá.

DESAPARECIMENTO D'OUTRA ESTRELA

A última hora da céltiga ovatesa Rosalía Castro de Murguía

I

Nai Galicia, teu ceo s'anubra;
 Tuas Musas tremelan;
 Podes hoxe rodeal a coroa
 D'acianos e xesta,
 Pois morréndos'está Rosalía, 5
 Tua dulce poetesa,
 A que tanto cas augas da vida
 Regou tuas letras.
 Sí, aquela q'orlou teus *Cantares*
 Con fíos de pelras, 10
 Cos que poucos, moi poucos, pintaran
 Teus gozos e penas;
 Abandona o seu niño d'amores ...
 Pra sempre te deixa.

II

Beira-Ulla ... ¡qué mal respondiches 15
 Ás miñas esperas! ...
 Eu coidei q'o teu río d'anacres,
 Cas suas ribeiras,
 Quiñón ¡ai! do Praíso perdido,
 Das Fadas vivenda, 20
 Cos airiños e sôn regalado
 Que mainos te beixan
 A saú restaurases da nosa
 Cantora primeira ...
 E topei que ca Morte non podes, 25
 Q'o cetro lle deixas,
 Q'antr'os lirios tamen s'abr'a tomba
 Pr'os cisnes e estrelas
 E q'os aros da lira dourada
 Tamen ahí se creban. 30
 ¡Ai! Cantora das *Beiras do Sare*,
 Mal sabel a perda

Que nos causas fuxindo da vida ... ¡Pensalo m'aterra!	
¡Quén poidera soste teu alento ... Calmar tuas queixas, Afogar as queixas do leito Q'ensumen tuas venas;	35
Quen, co a vida q'espert'a alborada Cruzando as robredas Camiñar ó teu son regalado Por vilas e aldeas, Por mercados, romaxes e troulas, Fións e espadelas! ...	40
¡Qué de cousas de novo cantarás! Pro ¡ai! xa non termas.	45
¿Quén diría, ouh regalo das Musas, Que tal s'abateran Teus olliños, tua testa, teu todo, Agora, cando eran	50
Mais adoitos a erguel os diamantes Das nosas lexendas? ... S'hastr'o d'hoxe as gallegas baladas Tornach'en estrelas, Nos cantares de novo colleitos	55
¿Qué soles n'houberas? ... ¡Mali-ás penas q'así t'acabaron! Nunca elas naceran, Q'así furtan á pátreas os tesouros Da tua esperéncea,	60
Ese numen q'a Osian te farían Da Celtia gallega. Dés que tí – coma Pintos e outros Prezados poetas –	65
Te doíches q'a céltiga lingua, Da aría xemela, Fôr borrada, com'hoxe a polaca, Da Escola e da Eirexa;	70
Xa non houbo poeta galaico Si tér sangu'esgrevia, Da que deu negros días ós fillos De Roma e da Meca, Que ca fala dos bravos Alfonsos N'entras'á palestra	75
A ganar un loureiro lucido Pra honrar as guedellas. Mentras, ti, co civismo q'as altas Vertudes inxempla,	

Gloseando cantares e ditos	
Ca man <i>gutemberga</i>	80
Com'a Aurora os botaches ós mundos	
Da hispánea bandeira.	
E cand'hoxe gozar ti debías	
Da afarta colleita,	
E grioriarte de ver nosa Musa,	85
Honrada e liberta,	
Ir do brazo da Musa do Henares	
En grave conversa,	
E cruzar as cruxías do clastro	
Con lauro na testa	,90
E franquand'as cancelas douradas	
Que guían á escena ...	
¡Qué door, qué penar, qué tristura,	
Q'engustias acedas,	
Sent'a ialma ó pensar que pra sempre	95
Tan orfos nos deixas!	

III

¡Ai, reponte, por Dios, Rosalía:	
Empina esa testa,	
Rico faro de luz esperante	
Na noite das penas!	100
Volv'a ser rosiñor namorado	
Da verde pradeira,	
Do romedio das nosas penurias	
O Arco da Vella,	
Sigue send'o encantiño das fontes,	105
A gaita das festas,	
O sonrís das xentís alboradas,	
A luz da lareira;	
Juvenal contr'os vicios moinantes	
Q'o sprito encadeian;	110
Coma chuvía de lume purgante	
Pr'ós fillos da Suevia.	
¡Fuxe, fuxe! ¡Abandona ese leito!	
¡Resoll', aletexa!	
A San Lois guías tuas aliñas	115
D'albor tan riqventas;	
Non nos prives dos brandos arrulos	
Das tuas ideias;	
Teu deber é seguir sementándoas	
Por montes e veigas:	120

Cal druidesa dos céltigos castros
 Na sagra cristeira,
 Sinta eu resoar tua lira,
 D'amores tan cheia.
 Volv'a erguer ¡ai! dos nosos decires 125
 A rica bandeira;
 A coroa do sagro carballo
 Non soltes das crenchas;
 Non te rindas, a luz ven agora,
 ¡Corramos á brega! 130
 Coma cimbros, do brazo collidos,
 Loitemos sin tregoa;
 Vive, coid'ós teus fillos, q'è cedo
 Pra erguert'ás estrelas;
 Dios é pai, e pra tí ten decote 135
 Suas portas abertas ...
 Pro ¡coitados de nos! ... ¿Non respondes,
 Non òs nosas queixas?
 ¿Qué batalla sostés no sagráreo
 Da tua cabeza? 140
 ¿Xa non curas da Pátrea? ¡Abandonas
 O chau das miséreas! ...
 ¡Encomendas teus nenos á Virxen! ...
 ¡Es nai ... rezas ... rezas!

IV

 Entrevélas'o sol d'Iria Flavia: 145
 Xa dorm'a laberca,
 Estremécens'os lirios do prado,
 Suspira a milleira;
 O dorido pingón s'arrepía
 Da tomba nas beiras, 150
 E do amargo alciprest'as frondías
 Laíndo brandeian.
 Non hai aire: parou todo xordo
 Debal'a marea:
 Rosalía, os olliños baixando 155
 Do altor das estrelas
 Caer deixa a cabeza esvaída,
 Muchad'azucena,
 Mirradiña d'inzar nosos vales
 De ricas esenzas ... 160
 Negra morte ¡ai! ... arréda ... Cas áas
 N'apagues infesta

Eses ollos q'a luz sementaron
 Do mar hastr'á serra;
 N'iniquiles da Musa das *Follas* 165
 A diáfana vena ...
 D'estes campos, ermidas e portos,
 ¡N'acrísel a estrela!!

.....

V

¿Onde vai o seu sôn amoroso,
 Decí, padronesas, 170
 Q'en dozor os paxaros da fraga
 Vencer non poideran?
 Os diamantes e cores devinos
 Da sua paleta
 ¿Quén, ai Dios, poderá combiñalos 175
 Sin sua destreza? ...

VI

¿Porq'así te magóan tuas fadas,
 Ouh probe Poeta? ...
 ¿Por q'o teu corazón, que pra todos
 É luz, rosa fresca, 180
 Rica fonte de vívedas augas
 Pr'as almas inteiras,
 Ha de vers'hastr'a morte vistindo
 Camisa espiñenta? ...
 ¿Por q'os mesmos q'amantes redimes 185
 Do xugo das tréboas,
 Che se mofan e brindan samente
 Bebid'amarguexa,
 E con catro sospiros forzados
 Morrendo te deixan? ... 190
 ¡Ai! ¡feliz si un aprauso che renden
 Da tomba na beira!! ...
 ¡Chora, chora, Galicia, si podes
 Chorar tanta perda;
 Si traidor, teu seño materno, 195
 Tal dôr n'empedrella!
 Xa espirou tua ilustre cantora ...
 ¡Venceron as penas!

Mais co teu relixoso estandarte
Traspuxo as esferas. 200
O seu corpo deixoull'ó probiño
Suáreo das letras ...
¡Vé si podes tenderll'o teu manto,
Erguela das herbas;
Demostrar q'eres nai sempre dina 205
De fillas como ela,
E d'inxenios q'a vida pospoñen
Ás tuas grandezas!

LAÍDOS

A Rosalía de Castro Murguía

Cando os fillos son grandes
Nunca a pátreá é pequena.

I

Perdona, verde Erín, si n'este día,
Trubado co pesar, coas bágoas cego,
Non sei pintar teu dor por Rosalía.
N'é d'abondo chorar como eu a rego, 5
Trocado nunha fonte d'amargura,
Nin decir q'era un sol do chan gallego.
É perciso encumars'á aquela altura
Da q'ela insiñorada, a todas horas
Ós mundos expandiu tua hermosura. 10
A mais das suas áas subidoras,
Comprirá ter a chave do tesouro
Das suas soidás conmovedoras.
Aquel sentir tan seu, sua gorxa d'ouro
Pra gorgullar tenruras só nacida,
Pra saloucar seu triste penar louro; 15
Aquel penar treidor, q'a sua vida
Foi rilando, rilando sonsamente
As cordas da sua lira tan garrida.
Marrándom'o lucir da sua mente
Non tendo a docedez da lingua sua 20
¿Cóm'habrei de pintar teu dôr mordente?
¡Ai! ¡n'é posibre, non! ... Serán nin lúa
Por ben que nos faturen d'arreboles
Os labres n'abrirán da prenda tua.
Moitas noites virán, soles e soles, 25
E festas, e ruadas como adoito ...
Virán dimpois do inverno as gaias froles;
Pro ¡ai! quen os pintou con tanto froito
Da tomba non sairá ... ¡triste Galicia!
Por ela n'hei de ver teu pranto enxoito. 30
¡Emposibre calmare tal tristicia!
¿Cómo non ser ... morrendo d'estes lares
O reiseñol que foi nosa delicia? ...

Por mais que portos, rías e vilares Correndo vai miña alma sospirosa ...	35
Non topa, antr'o rumor dos castañares Os ecos da sua lira soorosa. ¡Aí! dínos, dínos tí, galaico Pindo, ¿Quén vai ser a vestal da raza nosa?	40
¿Quén polo cume teu pod'ir subindo Aureolada en lume rosicreiro Cal hoxe Rosalía vai sorrindo? Ela q'erguía o voo tan certoiro Sin maxinar q'as áas arrolaba	45
No perdurabre amor dun reino enteiro; Nosos amargos cotián doceficaba: Ela, coutos e chousas recorrendo, Cántigas de vivir filigranaba. Cántigas cas q'o amor pátreo sostendo Ós hirmás d'Ultramar tenra chamaba ...	50
Mentres, cisne d'amor, iba morrendo! ...	

II

Pra xemer e cantar, cal Filomela, Naciche destinada, Rosalía, Ó pé do lexendal Campo da Strela. Bendito o berce teu. Bendito o día	55
En que o sopro feliz do Sar xemente Lume acendeu de céltica poesía No teu espírito d'esprenzor latente Como o luceiro batidor da aurora, Con doce lumiar sempre crecente.	60
A tua ollada fiel, vixiadora, Canto adorna este chan rico d'encantos Veu, e cantou tua lira arroladora. Nin xiados esguellos, nin querbantos, Poideron tafegar seu son devino, Nin cativar os teus arranques santos.	65
Cantar, suévica musa, foi teu sino Co rico son da nosa meiga fala, Que soio os néceos non coidaban dino. ¡Mingoada errore! Mais tiveche a gala, Nas cantarelas da sinxel labrega, Coas tuas glosas deprenderll'a escala.	70
E entrar valente na finchada brega, A causar cos teus sôns longa ferida A cantos néceos a soberbia cega.	75

Pro ¡ai! todo acabou, musa querida,
 Cando a ialba esparxir seus cores ledos,
 Xa ti non pintarás cadros de vida
 Nin co rouco xemer dos arboredos
 Os ais nos lembrarás q'ós nosos lares 80
 Trague a noite invernil, forxa dos medos.
 Nin co incenso queimado ant'os altares
 A voz misturarás das criaturas
 Q'erguen ó Dios de paz tenros pregares ...
 ¡Cumpriche o deber teu! Tuas tenruras, 85
 Endempois d'amainar os nosos dôres,
 Voaron ós mistéreos das alturas.
 Coido q'alí terás horas millores
 Erguendo ó Criador cantar siguido,
 Porq'así ch'aforrou mil sinsabores ... 90
 Namentras o teu pobo, agradescido,
 Non pode botar terra, Rosalía,
 Ó teu pátreo cantar, doce e frofido ...
 Morriches, sí ..., pro ... non ¡hoxe é teu día!
 Tí non podes morrer, celta cantora, 95
 Anq'o teu corpo fai na tomba fría.
 ¡Non morre o bô por quen sua pátreo chora!

AMOR SIN BRÉTEMAS

¡Ven, lume dos meus ollos,
 luceiro d'esperanza,
 da miña venturanza
 no adormecido imán!
 Cas tuas crenchas d'ouro 5
 co teu mirar fulxente,
 farás abril o Ourente,
 refrorecel o chan.

Ven amainar dolzosa
 co teu friril alento 10
 meu tolo pensamento,
 meu triste corazón;
 pois sabes n'onduleia
 na fronda ramacía
 pra min outr'armonía 15
 que teu moliño son.

Do campo da luciña
 que dan teus ollos puros
 alónxans'os conxuros
 da loura impuridá; 20
 e brotan mil imaxes
 d'anxélica risura
 mostrand'a fror, figura
 da tua castidá.

Acércam'esa testa 25
 de maxestade asento,
 cruxol do pensamento
 mais cándido e sutil;
 teus ollos amantiños
 que rindo atornasolas, 30
 soltando mais raiolas
 q'estrela diamantil.

¡Vén! ¡vén! Xuntos cantemos
 na farpa dos amantes
 mais tenros e costantes, 35
 formand'un solo sér.

¡Vén! ¡vén! Sobre'este castro,
de mirto e d'hedras cheo,
xuremos pol-o ceo
¡amor hastra morrer!

40

Así chamaba
pé de Chacín
por doña Branca
bardo xentil,
cando zoando
dardo traidor
fechou os ollos
do trovador.

45

Octubre 1885

AS BÁGOAS D'AURORA

A carón do Agro Santo onde dorme Rosalía

Égloga

- Auroriña, branca rula,
Sai ó romeiral axiña,
Erte, ven vel-a alborada,
Led', armiñenta, garrida ...
 ¿N-a ves, qué rufa, qué fresca 5
 Qué rebuldeira, qué linda? ...
– ¡Ai! ... n'é tan rica en feitizos
Des que morreu Rosalía!! ...
- Fíxate ben, miña prenda,
N'esa pradeira frolida 10
Toda vistida d'alxofres
Q'a respirar nos convida:
 ¿Non sintes seus doces cheiros
Inzarch'o seio, amantiña? ...
– ¡Ai! ... non me chegan tan frescos
Des que non canta a poetisa!! ... 15
- Dí, ¿non ch'apraz'o romore
Que ven bulindo da ría
Co garrular dos paxaros
Chamand'ás portas da vida? ...
 ¿N-o cascabelar da fonte 20
 Das fadas n-oiel-a risa? ...
– ¡Ai! ... pra min sonche saloucos,
Saloucos por Rosalía!! ...
- ¡De cote bágoas por ela!
– Mingos, ¿ves esas meniñas 25
Que com'a noite cochadas
Van so a enloitada mantilla? ...
– ¿E cómo non van de gala
Send'hoxe santa Mariña? ...
– ¡Porque mal sentan as xoias 30
Por ond'as bágoas camiñan!! ...

¿Cómo qués q'esas rapazas,
 Que ves ir tan doloridas,
 Vistan galas cand'a morte 35
 Veunas deixar sin madriña? ...
 ¿Quén vai a cantar dend'hoxe
 Cos trinos das golondriñas,
 Seus amores, as suas coitas,
 Aquela Fe q'as erguía? 40

¡Ás vilas calisquer canta! ...
 Todos ll'adulan ás vilas
 Ond'as pasiós se concertan
 Pra verse d'ouro vistidas ...
 Pro ¿quén s'acupa dos campos? 45
 ¿Quén cura das suas fillas?
 ¿Quén das lareiras d'aldea
 Como non for Rosalía? ...

– Mira, meu ben, sinto moito
 De vert'así tristecida: 50
 Cada bagulla que vertes
 Fíncam'un cento d'espíñas.
 Rosalía xa non sente
 Door ningun, penla miña:
 E nunca chorar debemos 55
 Pol-os q'á groria camiñan.

– ¡Non chorar! ... ¡toleas Mingos! ...
 ¡Vén tí, vén tí, Margarida,
 Vamos rogar por aquela
 Que nosa foi noit'e día! 60
 Vamos nós ó campo santo,
 Recemoll'alí xuntiñas,
 Q'as oraciós que van xuntas
 Tod'o ceo as apadriña.

Mingos ¡mui froxa é a groria 65
 Que bágoas d'amor n-arrinca! ...
 A cantos no mundo vallen
 Xamais lle fallan sorrisas;
 Mais desq'o folgo perderon ...
 – Ós mortos ... ¡terra por riba! – 70
 Asi din os que mal creen;
 Pro ind'hai bôs n'esta vida.

Ind'hai peitos xenerosos,
Ind'hai almas ben nacidas
Que seipan honral-os xenios 75
Dempois q'a tomba os cobixa.

Ind'hai quen doure suas obras,
E píos garden suas cinzas
En monimentos q'amostran
Lauros q'ó ben nos incrinan. 80

Eso fan hoxe os da Cruña,
Porque dianteiros camiñan
A erguer canto de loabel
Produz'o sol de Galicia.

Eso farán nosos pobos, 85
S'ás fillas non desprecían
Porque d'estrelas brodaron
Seus campos, suas frondías.

Dios vol-o pague poetas,
Q'hox'orlás de pedras finas 90
A lira d'esa hirman vosa,
Que dorme nos campos de Iria.

A nós, ás fillas d'aldeia,
Que non soupemos siguila,
Bástenos curbir de frores 95
E bágoas sua tombiña.

Coro

Acudí pelengrinos cristianos
 Cos arranques do voso fervor
 Que se goza Santiago bendito
 Con erguelos ás prantas de Dios.

I

Anque Dios quer no peito dos fieles 5
 Ver erguido de cot'un altar,
 Sobr'a tomba dos mártires sagros
 Abr'as fontes da súa bondá.

II

Cando total'as forzas dos sabios
 Fume son pra podernos valler 10
 ¿Quén non busca, Señor, teu amparo
 Nos divinos recursos da Fe? ...

III

Agotouse o consello dos libros:
 Soio atopo sospiros no chan.
 A razón confesouse vencida. 15
 ¿A quién podo acudir? ... ¡A Dios Pai! ...

IV

¡Ah! ... ¡Perdón, santa Virxe! ¡Naiciña!
 Vos que sodel a Strela do mar ...
 Condoevos das bágoas dun padre ...
 ¡Abogade por nos ... abogá!!! 20

V

Ah Xesús, de favor non son diño:
 Non esculpo meus erros, Señor.
 A maldade aniñou nos meus òsos
 Pro ¿quén xusto é no chau si non Vós? ...

VI

Non por min ¡pol a vosa piedade!
Miña filla morrente acorrê
Novo Lázaro ó mundo confese
As grandezas do voso poder!

25

UN RELUME E UNHA APERTA

Ós meus paisaniños d'ultramare

Vaite, musiña querida
 por eses mundos de Dios
 a darlles consolo e vida,
 com'a luz da amañecida
 ós que naceno antre nos. 5

Con esa doce armuñía
 gurgulladeira das cántigas,
 das q'este chau se groría,
 vaill'a lembrar noite e día
 nosas consellas romántigas. 10

E cand'os vires tristoños
 so d'esa terr'arderosa
 comaurchados retoños ...
 ¡regálalles brandos soños
 no son da faliña nosa! 15

Dilles q'a luz da esperanza
 de cote a pátreá vé neles;
 q'en peitos bos n'hai mudanza;
 e que compre ter puxanza
 pra escorrentar tantas feles ... 20

Da tua testa nidiosa
 nume d'honor non luxado,
 empréstall'a luz perciosa
 con eso non mais chorosa
 verás teu sóleo afrontado. 25

Coste que moito estimamos
 que tanta pruma decente
 na nosa axuda vexamos;
 pro ¡ai! ... xa non pianxamos
 pois quen pianxa é impodente. 30

Os homes q'algo s'estiman
 espoñen o q' é de lei
 e seus homeiros arriman:
 de cote circios camiñan
 diante de roque ou de rei. 35

Así pois, a luz dos feitos
 é a palanca millor
 para manternos dereitos:

si son bos, os nobres peitos
 loar han en seu favor. 40
 Podes dicir, e inda mais,
 q'ê siño dos d'esta terra
 – que tantas grorias encerra –
 ser liós coma seus pais
 nas avanzadas da guerra; 45
 e nas da paz e do arte,
 e do letral movimento
 que tantas croas reparte,
 erguer ó ceu o estandarte
 dun Feixóo e dun Sarmento. 50
 ¡Ai, sí, sí! musa garrida,
 esto, e mais, e millor dito,
 dillo á familia querida
 q'está gastando sua vida
 tras d'ouceán infinito. 55
 Dilles que n'hai pedrería
 baixo as potencias millores,
 q'ofrezan tanta vallía
 como a ribeira e campía
 d'esta vivenda das frores, 60
 Q'ó ir a locomotora
 hoxe estes agros cruzando,
 erguend'as artes d'agora
 coma xentil trovadora
 vai nosas grorias cantando. 65
 Que nos teus pobos lucidos
 artes e letras afillan
 cal nos d'alén mais froridos;
 que teus orfeós lauridos
 ós de Madril maravillan. 70
 Que xa o teléfano fala
 dende Ferrol á Ventoso,
 dos arsenás para gala;
 que canto a cencia regala
 altares ten no chau noso. 75
 Q'hastra no seio do mare
 temos xardís de recreio
 de sanidoso gozare,
 como non pod'amostrare
 Castela en seu fantaseio. 80
 Q'escolas a miles hai
 pra mozos, nenos e nenas,
 q'hastra nas vilas pequenas

a imprensa papés nos fai
q'anuncian horas serenas; 85
 e que porgresando así,
ou miña mente s'engana,
ou vamos a ser aquí
contra do que o vulgo di,
o millor frorón d'España. 90

A INVIDIA

Suando fel ... con ollos remexentes
 Corvand'as unllas e fechand'os dentes,
 ¡Ahí vai! ¡ahí vai o monstro desalmado,
 Sempr'ollando pr'ó lado,
 Sedorento de ver correr as bágoas, 5
 Deseiando pr'alguén perdas e mágoas!

Fuxe, cóbrega ruín, madre dos celos
 Vait'á cova treboal dos teus desvelos,
 Que han de ser para tí menos penosas
 Suas sombras loitosas, 10
 Que o ver sorrir a un labio satisfeito
 Da calma q'en ser bo sente no peito.

¡Fuxe, fuxe, cativa, desmedrada!
 Fuxe e traba tua lingua refollada,
 Que a razón dos mortos no' é tan cega 15
 Que no' entenda tua brega
 E non sinta chegar teu bafo ... lênto,
 Venenoso, treidor ... ¡de cote odiênto!

¡Si tí n'eres capaz de causa bóa! ...
 S'o crarín das virtús pra tí non sóa, 20
 ¿Qué veñen a catar tuas olladas
 Antr'as almas honradas
 S'ó fin has de beber lume d'inferno
 Ó ver que ganar saben laudo eterno ...

Saber, honra, valer, gracias, virtude, 25
 Todo tarreo ben, paz e saúde ...
 Todo, Invidia, é pra tí causa de pena.
 Todo, en fin, t'encangrena
 Canto das almas nobres fôr loado
 Gozaras tí por ver envilanzado. 30

Ant'a furna mortal do teu alênto
 Xamais s'ergueu a fror do entendimento.
 Cantos fieles che son e t'arrodean,
 Probes ou ricos seian,

Terán que renunciar toda loanza,
Toda luz, toda fe, toda esperanza! 35

¡Ouh terrible pasión esfamiante
Non farta de roer un soio istante!
¡Hastra parés que téis dentes nos ollos,
Hurdideiros d'embrollos! 40
¡Fuxe! ¡maldiga o mundo as tuas mañas!
¡Batán do sóno! ... ¡broca das entrañas! ...

Coruña

A LA SEÑORA D^a LUISA AGRA EN SUS DÍAS

Aunque parezca tardía
Esta expresión respetuosa
Tan humilde como mía
Brindo por que seais dichosa
A partir desde este día. 5

Y que en el alba serena
Que aleja la oscuridad
En medio de la amistad
Vivais al dolor ajena
En premio a vuestra bondad. 10

ORACIÓN DOS ROMEIROS DA VIRXE DE PASTORIZA

¡Dios te salve Señora, nai querida, Fonte de todo ben, Dos que veñan a honrar'tá tua ermida Non perez a ninguén!	
¿A quén, Virxe sin lixos de pecado, Acodiremos nos	5
Cand'o spirto decae, trist'apoucado Como non fôr'a Vos?	
¿Quén santa luz e forza salvadora, Pod'ós teus fillos dar	10
Cand'o berrar da culpa abrouxadora Ós ven asoballar?	
Nai e filla de Dios, cheia de gracea A quen t'ador'aquí,	15
Dalle saú, secórreo na disgracea, Consérvao pra ti.	
E nos afrontos que por ti chamare Seu creente fervón,	
Nos perigos da terra ou nos do mare, ¡Non-o abandones, non!	20

Mayo 4 de 1886

A VENDIMA

Bulí, vendimotas
 D'olliños de ceio,
 De cándido seio
 E voz de crarín,
 Q'as uvas na cepa 5
 Ourales e scuras
 Xa soltan maduras
 Almibre sin fin.

Cas vósas manciñas
 Mais doces q'os meles 10
 Bulide os baceles
 Do peso a librar
 Que nos apeitado
 C'o el n-os cueiros
 Iremos corceiros 15
 Fiarll'ó lagar.

Requentes cepiñas
 Q'a vida animades
 Q'en viño trocades
 A raia do sol 20
 Se non vos tollerán
 Gafentas laceiras
 Fórades virteiras
 D'ardente ouramol.

Ó MEU BON AMIGO E BOO PATRICIO GALLEGO
O EXCMO. SR. D. VICENTE CALDERÓN, CONDE DE SAN XOAN

Lin a vosa epistoliña,
Conde cantor, non m'extraña;
Quen tan bos versos amaña
Que mais cantar nos conviña.
Quéda-vos a alma miña 5
Tan ubrigada por ela
Que así q'acabei de lêla
Cal si me baixar da gloria
Deprendina de memoria
Pra nunca máis esquencela. 10

¿Cómo vos hei de pagar
Mimo tan rico d'alento?
*A Fonte do Xuramento*¹
Tecinna só pr'animar
A cantos saben trovar 15
Con estro ó meu superior,
Mais anq'ela fôr pior,
Próbas déra a máis de catro,
Q'é dina d'ir ó Teatro
A nosa lingua d'amor. 20

Estonces, ¿en qué se funda
Ese minguado receo
Q'abafa ó noso terreo
Con ditos que Dios confunda? ...
Si nosa lingua facunda 25
Se ve en Lísipo lucindo
¿Por qué no galáico Pindo
Non esparguer toda ideia? ...
¿Por q'ha d'estar na cadeia
A nai da fabla sufrindo? ... 30

Vergoña enton pra Galicia
Vergoña e mingua sin térmo,
Ela debe ser un érmo
Farto d'amara tristicia.
Ninguén lle faga xosticia 35
A quen á sua nai ofende

Cando seus brazos ll'estende,
Si lle decir, louco e cego:
– Q'el non parola en gallego
Porque o que é *culto* (?) ... ¡nô entende! – 40

Falemos ¡moi noraboa!
En castillán, en francés,
En alemán, si querês:
Pra min é cousa de loa;
Pro que un fachendisco estoa 45
Que vai recendendo á xésta
Sua língoa ofenda ... ¡caresta!
Coidando erguers'ás alturas ...
Debe cargar c'as monturas
Da mais refugada besta. 50

Pois qué, ¡val menos que nos
Esa rexión catalana
Porque adoito s'engalana
Ca lingua de seus abôs?
¡Ah, parviólos! ¡babíós! 55
¡Mal sabês o que faguedes!
Si volver por vós queredes,
Vosas grorias padriñade,
Vos'harencia conservade
E sinon ... ¡non vos queixedes! 60

A LOS ILUSTRES INDIVIDUOS DE LA JUNTA LOCAL DE 1ª ENSEÑANZA
DE LA CORUÑA

La infancia reconocida

Coro

Si nos faltare
Sana instrucción
Muerte es la vida
Hielo es el sol.

I

Honor a los varones 5
Que de la infancia curan
Y el patrio bien procuran
Con diligente afán.

Bendígalos el cielo,
Ensálcelos la Historia 10
Que es digna su memoria
De ofrenda singular.

II

El paternal consejo
Que de su labio emana
La cumbre nos allana 15
Que oculta nuestro bien,

Nos nutre de esperanza,
Nos alza y dignifica,
La fe nos fortifica
Que amengua el padecer. 20

III

Bendito una y mil veces
Quien la instrucción extiende,
Quien a la infancia atiende
Y ampara su orfandad.

El Dios de las virtudes 25
Corone sus desvelos,
Que es obra de los cielos
Su espíritu de paz.

En la Coruña, marzo 6 de 1887

UN BICO

Dasm'un biquiño, Xuana?
– A volta a volta, meu coxo,
Agora non teño ganas,
E a mais deso, dasme noxo.
– Darásmo
– Pola ventana ...
Envolveitiño nun toxo.

OS AIS DO TROVADOR

Eu son da verde Celtia
 O vello trovador
 Que vai con mau piadosa
 tecendo patreos sons
 Pra erguer o ardor bendito 5
 ai, ai!

Do tempo que pasou
 E rescatal a herencia
 ai, ai!
 Dos nosos bisabós. 10

Eu vou de couto en couto,
 da ermida ó carballal
 As cinzas remexendo
 dos nosos capitás
 Pra ver s'ó sprito noso 15
 ai, ai!
 pillando forzas vai
 Pra erguel as bandeirolas
 ai, ai!
 Do musgo ond'hoxe fan. 20

Maduro cos pesares
 de fonte en fonte vou
 Dos virxinás amores
 cantando as iluseós
 E na rural lareira 25
 ai, ai!
 Chamando á santa unión,
 Que ha de salvar a terra
 ai, ai!
 Q'antano reina foi. 30

Ou, xoves d'alma pura
 siguid'ó trovador
 Que d'ambiciós despido
 Coa fala que mamou
 Vos chama a ser groriosos 35
 ai, ai!
 Ó pé d'aquel pendón

Que deu ó mundo enteiro
ai, ai!
De pundonor liciós. 40

Zarra Celtia! Zarra Celtia!
Bravos celtas, non é boo
Quen desfoll'aquel carballo
Q'a mau druídica prantou.
Alalala, alalala! 45
Q'a mau druídica prantou.

A GALICIA

Cantata

I

Chamada xeral

Bravos fillos dos castros e *lucos*
 Batend'as *cardañas*, saíde'ó luar,
 Rualando nas vosas consellas
 Com'ouro gardadas na pedra do lar.

Coro

¡Sí, sí, a cantar 5
 Sí, sí a rüar,
 Q'abondan os días
 D'o pátreo chorar!

Com'a bris q'estremez'os carballos,
 Os pinos da serra i-as crenchas do mar, 10
 Espertemol o céltico espírito
 Q'o bafó alleeiro non poid'afogar.

¡Sí, sí, a cantar,
 Sí, sí, a spertar 15
 Ó Fenis que dorme
 No ollo do lar!

Cantémolle loias á madre Galicia,
 Dozoso regalo dos beizos do mar,
 A strela dos grecos, o imán da Fenicia,
 A Reina dos suevos de folgo sin par. 20

Sí, sí, etc.

Benditas tuas serras, q'a tarde arrebola,
 Tuas gandras e sotos de mérido son;
 Do río da vida ti ês barqueirola,
 Dos trunfos da honra dourado frorón.

Sí, sí, etc.

Xardín chorreante de fillos e frores, 25
Das loitas do sprito calmante beril,
Por xusta compensa d'impostos doores,
Ti das ás tuas fillas pensar varonil.

¡Sí, sí, a cantar
Sí, sí, a spertar 30
Ó Fenis que dorme
N'o ollo do lar!

II

Tristicias

¡Alalala i-alalala!
Tornen os días da luz
Máli-as almas cubiceiras 35
Que labrano a nosa cruz.

¡Ai, alalala!
Quen t'enxergou
Gard'amantiño
Teu brando sôn. 40

Quen te matare
Non diga mais
Qu'el leva sangue
D'íncritos pais
¡Alalaaala!! 45

III

Espertamentos

Esperta, nai Galicia
¡Sai d'es'esbaimento!
Recada teu alento,
Dos héroes xenitor,
E strica o rol bendito 50
Da tua ouril hestoria,
Zodiaco da groria
Das iberiás naciós.

Cimbrand'os catro ventos
Teu álbedo estandarte 55
Ferrudo baloarte

Dos libres volv'a ser,
E no'os verás fuxindo
Cal batallós esfeitos
A dar seus nobres peitos
Os pampeirás crués. 60

IV

Lembranzas

Ti fuches a q'un día
Fincou tremor en Roma,
E hoxe ... nin mordoma
Te deixan ser do teu: 65
¡Non ven que cand'o suevo
Xurou tua bandeira,
Ti fuchel a pirmeira
Q'o cetro erguich'ó ceo! ...

Ó pé d'os teus carballos, 70
Tua vella maxestá,
Lles dera teus Laíños,
Teus bravos capitáns,
Teu Avanzeleo santo,
O ser do seu falar, 75
O amor das nosas liras
Q'hox'¡ai! escravas fan ...

V

Surxe, Fenis

Feixós de loa eterna
Ardentes capitáns,
Artistas e mariños 80
De nomes inmortás,
Sorxí da fría tomba,
As hedras arredá
Q'o sol da vida nova
Xa volv'ó noso chan. 85

VI

Ledo arrebol

¡Ouh virxes galicianas!
As aras acendé,
Q'o vívedo laureiro
Xa volv'a enfroitecer.
A maxestá d'as artes, 90
Co maestril compás,
De grana revistida
Xa sobe ó seu altar.
Alí xa está das Musas
O coro virxinal, 95
Pra darll'o ramo d'ouro
A quen honor lles fai.
¡Triá, céltigas nenas;
Mais lume, galiciáns;
Ergued', ergued'as artes, 100
Que logo Dios dirá!

UN SAÚDO MIMOSO

A Emilia Pardo Bazán de Quiroga, ilustrísima, clásica e farturosa escritora española e fundadora persidenta da sociedade do “Folklore gallego”, no día da sua entrada trunfante na Cruña

En b-hora cheguedes sin mal, Persidenta,
 Coroada co aprauso dos sabios d'alén,
 ¡Bendit'a q'os visos da padre'arrequenta,
 Load'a q'asina nos farta de ben!

A nai que tén fillas de tanta vallía 5
 ¿Com'ha d'engoumarse? ¿Com'ha de morrer?
 O albre das letras que deu tal frondía
 ¿Quén ha de xiálo? ¿Quén o ha de toller? ...

Ben haxa a terriña que así vos recibe:
 – Pardiola q'aínda tén bríos algús – 10
 ¡Ai! fólgame, folgo, de ver cal revive,
 Froleando tua pruma tan rica de lus.

Ai s'eu dispuñera do vóso talento
 ¡Qué triadas vos dera tan ricas de sons ...
 Qué i-ara hox'erguera de longo ardemento ... 15
 Un albre prantara d'eternos raigons!

Pro ¡ai! non falemos de min: paxariño
 Nadiño antr'as frondas pra n'elas cantar,
 Quizais pr'afundirme no amor do meu niño,
 Pra nunc'as aliñas nas sérras upar. 20

Mais tí sí que t'ergues com'o sol n'ourente,
 As nubes rachando com'águia emprial,
 Subind'a bandeira da luz do poënte
 Pra nunca perdela das sérras ó val.

Adiant', Emiliña, axudat'agora 25
 Do albor q'a ti baixa do escano de Dios,
 E non, non reeces de ser mantedora
 Do'esprito celtico que ferv'hox'en nós.

Na Cruña a 5 de junio de 1887

HASTR'Ó CEO

Alborada

<p>¿A quén vés fuxindo Feiticeira Aurora, Q'así vés cenguindo Con mau tremadora Teu roxel brial? ...</p>	5
<p>¿Por q'antre arreboles Inda vés cochando Con sutís liñoles Teu seiño brando Fresco e virxinal?</p>	10
<p>Tente, roxeleira, Tente, por favor, Que lición lixeira Das ó meu amor, Q'aquí ven chegando Coma ti, xentil, Ós airiños dando Seu cabel'ouril.</p>	15
<p>Non cambees veletosa Teu labiño namoral D'afreciña en crara rosa, D'alba cereixa en coral; Pois send'así nas ideas, Send'así teu corazón, De costance'a estas aldeias Nunca sirvas de guión.</p>	20
<p> Miña rula fiel, Ti non mudas non, Nunc'o timonel Do meu corazón!</p>	30
<p>Vinde vós, pombas sinxelas, Que sin vos est'arrebol Fôra noite sin estrelas, Xardín sin ningunha frol. Con vós o mont'é bunito, Con vós hastr'o dôr é mel,</p>	35

Sin vos noso amant'esprito
Non atopa se non fel.

Vên ti, vên,
Miña rula namorada 40
Da serán
O doce cheiro a respirar,
Q'alí están
Os xilgariños na enramada
Remedando 45
Teu meiguiño namorar.
Por aquí
Nos seguiremos soazando
Antramentres
Que durar est'arrebol 50
Nosa dicha
Nesas pingas contemprando
Q'en diamantes
Ven trocar a luz do sol.

¡Ai, sí! ¡ai, sí! 55
Da pradeira
A frol pirmeira
Serás tí.

Aquí xuntos, miña reina, si che praz
Da gaitiña levaremol o compás, 60
E ó morrer dest'alborada, espello teu,
Xuraremos adorarnos hastr'ó ceu.

19 de Julio de 1887

¡VIVA GALICIA!

Ó Liceu Brigantiño, ó por tantas veces alaurado Orfeón Eco Cruñés, á volta da sua groriosa espedición á Corte das Españas onde ganou a medalla d'ouro da sociedade O Gran Pensamento

Corôas pra vós, rapaces, pois s'ó deixar vosa terra levastes un caudal d'honra, moita mais tragués pra ela ...	
Así fan os nobres fillos: antes perden a esistencia que ver amingual-os brillos da sua pátreá bandeira.	5
Os loureiros q'hoxe locen na vos'artística testa probanza deixan na Corte que de Galicia na terra	10
Euterpe non para nunca d'espallar ricas moxenas pra mantimento dos trunfos desta nai, de cot'egrexia.	15
Bénia-vos, mozos garridos, ecos das nosas pradeiras. ¡Así, así se remozan da nosa naiciña as crenchas!	20
O Brigantiño Liceo vos apraude e vos aperta por cantadores d'inxéneo dinos de loanza eterna.	
¡Loados seian os mestres q'a novas grorías vos ergan, e benditol-os podentes q'a tod'orfeón portexan!	25

Na Cruña, 17 xunio de 1887

AS BÁGOAS VOANTES

Romanza

Ó insine literato, alaurado poeta e distinto amigo meu Barcia Caballero

Non vagues, non, pol a altura;
 Meu pelengrín pensamento,
 Catando o rostro amorento
 Do fillo aquel que ¡ai! perdín ...
 Pois anque as alas querbareas 5
 Dos astros sobr'o remuiño,
 N'has de dar co ese anxeliño
 Do acorar meu hastr'ó fin! ...

Deixa q'hosannas entoe
 Ós pés do Ser infinito; 10
 Deixa gozar seu esprito
 Lonxe das bágoas do chan ...
 Por mais q'as bágoas d'amore
 Q'os pais degaxan do seo
 Ó lacremeiro do ceo 15
 Depurgadiñas voarán!

RUMOR D'ABRIL

Balada

I

Mozos

Ós crutos dos nosos montes
 Suben as ninfas do val,
 A darlle riquez'ás fontes
 Co seu pichel de cristal.

Filliñas das fadas nosas, 5
 Ergued'ergué voso son;
 E fartarésnos de rosas
 E froitas de bendición.

II

Mozas

Ninfas do río
 Volá, volá, 10
 As louras nubes,
 Encadeá;
 E polo outono
 Frutecedor,
 Por vos teremos 15
 Sonrir d'amor.

Gaias nubiñas,
 Aire cantor,
 ¡Por vos teremos
 Sonrir d'amor! 20

VIVA A GALIÑA CO A SUA PEPIDA

O meu amigo D. Andrés Martínez Salazar

Esópeca lembranza

Polo penal costento dos Acibros¹
 Cal sin ir calzo, fôr tripando vridos,
 Baixaba un vello co seu feixe ó lombo
 D'arnales toxos de moi mal arrombo,
 Inzo de penas, dos cadrís varado 5
 Süando a pote, froxo e no almorzado;
 Vend'o río ós seus pés ruxento erguerse,
 Esvaído esbarou ... non poido terse.
 Apedando por sorte tan teimuda,
 Sin ver de onde lle vir amante axuda, 10
 – ¡Ai, morte! ... – o triste vello así cramaba
 Apreixando no feixe – ¡Ven ... acaba! –
 E chegádosell'ésta d'arrepente²
 Con mais cara de fel que de cremenente
 – ¿Qué me qués? – lle pregunta.– ¡Acaba axiña!! 15
 – Que me axudes a erguer esta leñiña! ...
 – ¿E por qué así berrar pra tal enredo? ...
 – Porque ... se ti m'ergueres ... x'a n'hai medo.
 – E visto que no hai vello que me queira:
 O que a un soio emboubar ... xa ha ter moleira! 20

O ÚLTEMO ADIOS

Doim'o corpo ... Doim'a alma
 Fóxem'a luz ... váisem'o ar ...
 ¡Ai da que o seu querer puxo
 Nun corazón de metal!
 ¡A la laáa la 15

Mali-a ti, sí, fame d'ouro
 Que tantas vítemas fas;
 De cote ofrescendo albendas
 Q'enterradoiros serán
 ¡A la laáa la! 10

¡Novo Mundo! ... ¡Cuba ... Cuba!
 Arredavos, arredá,
 Co voso saial dourado,
 Cos vosos bicos mortás!
 ¡A la laáa la! 15

Amantiño si te fores
 Coida que m'arrincarás
 Mais bágoas que dan as ondas
 Que teu barco azoutarán.
 ¡A la laáa la! 20

Non te vaias, meu homiño,
 Non t'embarques, non, por Dios,
 Que vas a firir de morte
 Meu orfiño corazón.
 ¡A la laáa la! 25

¿Non ves case ven a noite
 Esparguend'a scuridá?
 Pois así virán as penas
 A desfaguer noso lar.
 ¡A la laáa la! 30

¡Quédate pra defendelo ...
Pra enterrarme si che praz!
Pro n'abandonel o niño
Onde m'insinach'a amar.
¡A la laáa la!

35

¡Ai! ¿e vaste, meu alento? ...
¿Non te detén meu amor? ...
Pois xa q'así m'abandonas,
¡Hastr'a eternidade! ... ¡adios!
¡A la laáa la!

40

O CICLÓN¹

Ciego, ¿es la tierra el centro de las almas? ...

¡Qué noite, Deus santo! ...¡Qué noite bravía!
 O val, coadeiro somella do mar,
 O spazo, refrega d'astril tormentía
 Q'ο mundo en anacos s'empeña en trocar.

A nai natureza rachou sua toca, 5
 Seus ollos amantes son luz de Satán ...,
 ¿Renega dos fillos? ... ¡Quezais parou louca!
 As leis que nos gardan, Señor, ¿onde van?
 ¿Xa o home n'é home? ¡decí, Deus bendito! ...
 ¿Pensar xa non debe? ¿Tua imaxe non é? 10
 ¿Xa sobran as almas no ceo infinito?
 ¿Por q'así tuas obras destrues, por qué? ...
 ¿Qué acurre no pazo do Santo Consello
 Q'irado t'amostras cos debles mortás?
 ¿Xa n'é caridade teu úneco espello? ... 15
 Señor, se destrues ... ¡destrue ós tirás!
 Non querbel os eixes do carro da vida:
 Esfoga en min soio, esfoga, Señor;
 Pro doite das bagoas d'est'alma afrixida
 Q'anhela pra todos teu reino d'amor. 20
 ¿Qué foi das estrelas q'os ceos brodaban,
 Refrexos da tua sorriso? ... ¡Aí, Señor!
 ¿Os tenros paxaros q'amor ch'entoaban
 Tamén delinquino? ¿Por qué tanto horror?
 O niño dos probes xa foi esparxido ... 25
 Nin ais, nin sospiros mais nel s'ouvirán,
 Foi probe trincado nas penas batido,
 Puñiño d'arrestas q'erguiu o solán.
 Señor ...¡terma! ¡terma!... No'esquezas q'un día
 Pra ben, foi a terra píaña da Cruz. 30
 ¡Amostr'os teus fillos tua faz doce e pía,
 Matand'eses fornos de cárdea luz!
 Meu Dios, debres somos ...¿Quén pode contigo?..
 Dempois de ser xusto ¡ai! tenro Pai sé.
 ¡Ah! ¡lémbrete, lembra, q'o ceo é testigo 35
 D'aquela pormesa que dech'a Noé!

Decíme: ¿hastra cando, poder mistereoso,
 Así reservades pra urnia de dôr
 A chousa dun probe, seu niño homildoso,
 Mais ben q'acobixo, barcal de süor? 40

A ialba que s'ergue parez q'asustada
 Seus ollos promizos arreda do chan ...
 Quezais ver non queira frotar na xurrada
 Soment'os probiños sin leito e sin pan.
 ¿E est'é o prémeo gardad'ós creentes? 45
 ¿Así se coroan seus longos afáns?
 Si soio os albergues deixás dos podentes
 ¡Dous padres nos ceos terán os humáns! ...
 ¡Ouh Dios! perdonáme: pro aló dend'altura
 Dos grandes logreiros tollé as ambizós: 50
 Ollá como s'erguen as goupas da osura
 Por antr'o asolago dos nosos terrós ...
 Ollá que namentras os nosos filliños
 Batendo nos dentes, seu niño aquí fan,
 Malvados puxantes, por libres camiños 55
 Liciós, na fartura, de crímio lles dan ...
 ¡Pro vos xa seredes seu Xuez no infinito!
 ¡Ah! ¡Gracias! ... xa o vento rendido se cai:
 De vos n'o arredemol as alas do esprito;
 De nos coidaredes: sí, sí, pois sôs Pai. 60
 Os tronos xa dormen. O día escrarexe:
 As nubes fuxiron cochando sua faz;
 O arco da vella speranza enledece
 Co gaio estandarte das horas da paz.
 Pro mentres q'o río s'encolle bruando, 65
 E as tonas dos montes repousan no val,
 Ergamol a chousa de novo afainando;
 Pois Deus quita sempre tesouros do mal.
 E a quen pola veiga cas bágoas acore
 Prestémolle folgo ..., choremos co el, 70
 En canto a fertuna de novo n'albore
 E corra das penas o rouco tropel.

DOUS CORAZÓS DE MANTEIGA¹

Nunha noite de xaneiro

¡Moito te quero
 Cara de demo! ...
 Eu a ti non,
 Cara de ladrón! ...

(Recrebo garimoso popular)

Ela por dentro, e el por fora

¡Tuntún!!

¿Quién é? ...¡Non hai naide!

¡Todos van na percesión!

– Abra, que choven cantazos ...

– ¡Pois cóchese cos calzós,

Anq'os croques na moleira

5

Din que fan pensar millor! ...

– ¡Miña sogra! ...

– ¡Qué, meu xenro!

– ¡Non oi que chov'a Dios dar! ...

– Pois, meu xenriño, and'a présa

E aporveit'o luar.

10

– (¡Do deño s'aquí n'afogo!)

¿El vosté ten corazón? ...

– Hom', e ti que m'o roeches

¿Non sabes s'o teñ'ou non? ...

– ¡Pro almiña sei q'a tén!

15

– ¡S'hei de quitar de ti raxas

Faime boa falla tamén! ...

– E diga: dos seus cartiños,

¿Non pod'emprestarm'algún?

– Xa sei, xa; dos do meu corpo ...

20

¡Ben t'arregraras con un!

– Gasús ¡cánto s'aquivoca!

¿E por qué me xulg'así?

– ¡Coitadiño! ¿E quén díaños

Ha de pensar mal de tí?

25

– ¡Ábrame! ...

– ¡Ai quén poidese! ...
 – Mesmo por vela m'afogo ...
 – Bot'os ollos por debaixo
 Da porta, meu rulo ...
 – (¡Fogo!) 30
Pelos a la mar, señora,
 Pois veño a darll'un biquiño ...
 – ¡Ai, home, se m'o pousaras
 Na punta d'este fouciño! ...
 – E máis véñoll'a insinar 35
 Contr'o estereco unha guía ...
 – ¿A que ch'o insinou o Zucio?
 ¡Dall'a quen sacou tal cría!
 – ¡Que non dig'a filla vosa
 Q'eu de verdá non vos quero! ... 40
 – ¡Ba! Xa sab'o lugar todo
 Q'o teu querer non tén pero.
 – ¿N'é verda?
 – Sí, meu xenriño,
 Eres un home de ben.
 (¡Cómat'un lobo!)
 – E vostede ... 50
 (¡Ah, lurpia!) coma ninguén ...
 – ¿E logo non abre? ...
 – É cedo.
 – D'estonces hastra mañan.
 – S'algo che s'ofrece ... manda.
 – ¿Ó cura ou ó sancristán? ... 55
 – ¡Ai canté! ¡Eles t'acochen!
 – N'adoecerás!!
 – ¡Larpán!!

PROBLEMA

Meu sogro emprestoum'un ovo
 E pídem'unha galiña;
 S'a galiña m'emprestase
 ¿Cántas que volverlle tiña?

Ti debes sabelo: a vosa.
 Pois pídesll'a tua irmán
 Por un puño de liñaza
 Unhas cirolas de vran.

5

S'un ferrado ll'emprestases
 ¿Qué lle pedirías? ¡di! ...
 ¡Ti queres xulgar dos mais,
 E que non xulguen de ti!

10

DAR, E CALAR

Ind'as palpadelas Muiños
 Á questa pol-o curral
 De Sabela dos Chouchiños,
 Losqueáronll'os fuciños
 Cos cabos d'un adival. 5

E lume cas ferraduras
 Quitand'os croios do chan
 Foi rosmelland'así: – ¡Xan,
 Do deño s'están maduras
 As peras q'aquí che dan! 10

¡Vaia que vou satisfeito!
 ¡N'era müd'a fostrega! ...
 Esto quita de porveito
 Quen foxe do amor do leito
 Por andar á *pita-cega*. 15

Pro ¿cómo faría o Teso
 Par afitarme, retruco? ...
 ¡Ai, xa me fago puñeso!
 Levei o cigarro aceso,
 E sirveulle de fachuco ... 20

Mail o choio é, que, mañán ...
 Todos me preguntarán
 Facendo risa de min:
 – ¿E de onde ves, lampantín,
 Co eses morros de can? ... 25

¡Xúrollas por meu fuciño
 A ese démo d'arroás:
 Ha de probar do meu viño!
 ¡Do seu xord'agarradiño
 Ll'hei de marcal o compás! 30

Eu non sei s'o bon de Xan
 O xuramento compreu
 Pro vin ó Teso en Vidán,

Cangado ... ollando pr'o chan ...
Mais negro que o meu chapeu. 35

E dixen pr'o meu capelo:
¡Andache ben o argadelo!
Deprendamos por se cadra:
¿Ti gámal o trouso, Anxelo?
¡Non da mais o que mais ladra! 40

APOLO E MAIS VENUS

¡Cáta ves? ...¡demo de Xan!
 ¡Case t'apricas carrizo! ...
 – S'esta nena é meu feitizo:
 ¡Mesmo se come sin pan!
 – ¡Vai d'ahí, vai, gardamulan, 5
 Que tí non chantal o dente
 (E eso q'andas doente)
 A tan roxela mazán! ...
 – ¡Non m'a degoxes, Crimente!!
 ¿Ti qués botal a mañan? ... 10
 – Xa que t'empeñas ... – ¡Puñesgo,
 D'algo serv'o ser bon mozo! ...–
 ¡Malpocadiño! Era vesgo,
 Traguía un cadril ó resgo,
 E encunicad'o pescozo. 15
 En cambeo, era tan garrido
 O corpo da sua Baía
 Q'en xamais brincou na praia
 Patexo máis entanguido,
 Nin sapa de pior laia.

UN DE TANTOS

(Andacio cacical)

Fillo do pobo – cal todos –
 Era Perucho Currás;
 Pro dalle que das ós codos ...
 Con catro ruís acomodados
 Pescous'uns bens monacás. 5

“¡O q'é do pobo – decía –
 Debe de voltar ó pobo!”
 Pro ¡mal raxo! n'añadía
 Que c'a trampa q'el facía
 Tronzaba o dereito novo ... 10

Dempois q'a fraga chousou
 Sin darll'aument'ó susideo,
 Ós probes escarmonou;
 E s'algún n'ela esquilmou,
 Botoun'un ano a presideo ... 15

¿Coidás q'algúen lle toseu
 Ó borreante muñidor
 Que gasta pingos d'honor
 Desq'o puceiro verteu
 D'un gran cuneiro en favor? ... 20

O choio ten bo sabor:
 O camelo ... ¡é natural!
 Pra ser bon conservador,
 Meus rulos, non hai millor
 Que antes ser ... ¡gran liberal! 25

¡VOLT'ALÍ!

Pra comer e pra rañar,
Non hai como escomenzar! ...

Refrán do pobo¹

I

Meus rapaces da “Humorística”,
Rídevos canto quixerdes:
Que Deus vos emprest'humore
Xa q'eu vou rinchand'os dentes.
Fólgome do inxenio voso, 5
¡Dades ben ós cascabeles!²
Non vol o nego, amiguiños,
Meus alaudos merescedes.
¡Facedes mais do q'eu fixen
Aló nos meus tempos verdes! 10
Pro a risa non sempr'é boa
Inda que nos seipa a meles;
Porq'hai quen se morre rindo
Co gas *filariante* – ¡Pestes! –
Diredes vos; pro non marra. 15
Que o haber, ben o sabedes
E mais por estes campaiños
Ateigados d'estranece.
“¡Tras das risas, van as choras!”
Di o refrán dos que teñen 20
A virtú de vel os raios
Nas preñas nubes de neve.
Por eso cómpre enxertare
Os chistes, no comenente,
Pra quitar louzo da brega 25
Na q'ende ben vos metestes.
¿Lembrasvos de Rigoletto? ...
Pois non riamos como ele.
As risas 'n un velatoreo
Son com'o bail'entr'a péste. 30
A cada staceon suas frores,
A cada lombo seu feixe,
Ós xóves, ledez e folgo,

Ós véellos luz experente.
 Todo é boo se se tempera: 35
 Todo, meus xóves, creeme;
 ¿Pro 'n é verdade q'a patrea
 Por ninguen deb'esquencerse? ...
 ¡Vosoutros sos ... xenerosos!
 Tendes d'abondo caletre 40
 Pra ll'ir aforrand'as bagoas
 Q'hoxe ¡ai! nos seus ollos ferven.
 Non nos fagamos meniños;
 Dos que felices xa crense
 Porque lles dan un lalalo 45
 Os q'enredalos pretenden ...

II

¿Querés amillorar a triste sorte
 Da vila e da cibdad'onde nacestes?
 ¿Gabasvos de ter pais de nobl'esforzo?
 ¿Ganar querés alaudos com'os deles? 50
 Pois ben: non vos cansés ¡Adiant'adiante!
 Q'os trunfos do porvir sán do presente.
 ¿Quén quer froita millor sin enxertala?
 ¿Cómo saír do grotto sin moverse?
 ¡Os tempos da bartola xa fuxiron 55
 A por de mil e un paus, ben o sabedes!
 Hoxe cada cabez'aloxa un mundo;
 Hoxe cada martelo val por sete,
 As letras xa no' estan avinculadas,
 Aquel q'escravo foi, xa sabe lere; 60
 Y os sagretos q'o sabio ont'agachaba
 Do mundo patrea fan pra non perderse.
 As artes piden campo ¡campo longo!
 Xa os letrados non poden remexerse.
 S'antano eran seu sol as bibleotecas 65
 ¡Hoxe férvenll'os libros 'n os retretes! ...
 Quen hoxe se fiar ó amor das pallas
 Xa verá qué lición lle dan os vermes.
 Agora xa n'hai sopa conventeira,
 O pan do santo hespiceo en pouco tense, 70
 Alònxas'o labrego das cirolas,
 Fan falla pr'as mulleres mil prendengues;
 E pra saber se son ou non pastranas
 As modistas ... xa, xa: ¡hai que facere!

O mundo corre, voa, non se para, 75
E struchado será quen queira terse;
Por eso hai que apertar moi ben as forzas,
Ou sel'o último mono antr'a corrente! ...
Ehi tedes un programa, meus chistosos,
Pra rir e meditar canto quixerdes, 80
Se curto vos parez, ídeo estricando
Ó sôn do birimbao e os cascabeles;
Pro sempre camiñando a erguel a patrea
Q'ê todo canto ben fâr lle podedes,
¡Ai quén poider cal vos desenrollalo! 85
Pro xa estou preto de fechal os dentes.

DOOR E GOZO

Imperecedeira lembranza

Fillos d'Urania, musas do Sarela,
 ¡N'é straño que chorês bágoas a mares!
 ¿Com'ó perderse a voz do gran Casares
 A das pátreas virtús n'andar tras dela?

¡Ouh Dios ... qué dicha fôr ó chau volvela! 5
 Ingrata Natureza, comprendida,
 Tan fielmente por él e esclarecida,
 ¿Cómo así te desprendes d'esa strela?

¿Tanto abundan os xenios redentores 10
 Das ciencias da razón n'aquestes lares
 Q'este nos barras que as salvou do fume?

¡Ah, profanos, calá, que son millores
 De seguir as virtús mais exemprares
 Dun xenio, des que vai do ceo no cume!

TANTO MONTA E MONTA TANTO ...

A o meu chistoso colega Enrique Labarta

Xusticia do chau ... ó verte
 Camiñar sin balancín,
 Ollando pra certo pazo
 Teño q'escramar así:
 – ¡Ai, miña dona Minerva, 5
 Pois que mórre o seu candil,
 Pous'a lanza, feche os libros,
 Solte os nenos e ... a dormir!

Quen ten padriños (ou *chapras*)
 Das leises ben se lle rí 10
 E ca pelica dun probe
 Afórcall'a máis de mil.
 Vostede non tén a culpa
 De que haxa tantos ruíns
 Que digan chuscand'o ollo: 15
 – ¡Valche máis ter, que pedir!

Un peso, de cote pesa
 Menos que dez ochentís;
 E dá máis eira d'agosto
 Que gaio xardín d'abril. 20
 Convén máis un *por si é caso*
 Que un *¡malpocado! ¡infeliz!*
 ¡A groría ... pra quen a queira:
 Pois non hai *dan* se n'hai *din!*

E digan canto quixeren 25
 Dos ideás pelengrís,
 Que a groría d'hoxe ... é de chasco,
 E a patrea escomenza en min.
 S'eu axuntar ouro, e ouro,
 (Ben fór d'aquí ou d'alí), 30
 Espadas, pincés e liras,
 Fraques e damas xentís ...
 (E hastr'as mesmas chaquetas)
 Han de ser meus comodíns!

Nomearanme Mecenas, 35
 César, Lecurgo ... Melrin;
 E desculparán meus erros
 Dinos dun croque baril!

Pro ¡ai se non dou ca mina!	
Eses mesmos ... velahí!	40
Hanme de chimpan na cóva	
¡Sin caixa ... coma un rocín!	
Anq'eu der máis luz ás mentes	
Que do sol nos poida vir. –	
Así pois, santa Xustiza,	45
Vólva, vólva máis por sí:	
Erga un pouquiño as vertudes,	
Non fuxa tanto d'aquí;	
Senon ... ¡no-o dude, ruliña!	
O pior está por vir ...	50

O CERTO POL O DUDOSO

Drama d'aldea

Escena I

Freitoso e Marica

Pill'o neno, Mariquiña,
 E vámonos a embarcar,
 Q'este chau de tantas penas
 Non paga meu traballar.
 – ¡Non te sigo! ...

– ¿Non me sigues? 5

¡Vaia si me seguirás!
 Ora dácam'ese añiño
 ¡A ver quén bala detrás! ...

– Pensa no que dis, Freitoso,
 Tênte ... e non sexas caimán. 10

Millor que ferim'a ialma
 E que m'encrave tua man.
 Así non verán meus ollos
 Este inocent'espírar
 Empezoñado co leite 15

Que mame ó través do mar.
 – N'ha d'haber madía: vénte,
 Q'o neno resiste xa.
 – ¿Resistir o meu filliño
 O dor que mamando está? ... 20

É millor que nos degoles:
 Farás menos mal quizais
 Que alonxándonos da tomba
 Onde descansan meus pais.
 Máli-a quen tal ch'aconsella 25

¿Onde vai o teu cantar
 “Castilla queda na terra
 Para quen quer traballar”? ...
 – ¡Marica, non máis latriques
 Que me volves tolo! 30

– ¡Ai!

¡Quén m'o diría, filliño,
 Q'habías de ter tal pai!

– Eu son o mesmo, Marica ...
 – Serás, Freitaso, serás,
 ¿E logo por qué da aldeia 35
 Esconsellado te vas? ...
 – Quero fuxir das gabelas,
 Quero ser com'o que máis
 Que m'afonden na laceira
 Que se non dón dos teus ais. 40
 – Hai pouco erámos felices
 Nesta lareira de paz
 Co pouquiño que tiñamos,
 Hoxe pon medo a tua faz
 Vèndel'as tuas leiriñas 45
 Pra ir morrer a Ultramar
 Desprezand'un ben seguro
 Por outro que anda no ar.
 – O feito, feito, Marica,
 A casa vendida está, 50
 E xa do noso pasaxe
 Pouco me marra que dar.
 – Freitaso, non m'atormentes,
 Xa que así foi ende mal
 Tua muller e teu fillo 55
 Irán dormir ó curral.
 – ¡Ti seguirás ó teu home!
 – ¿Eu? ¡Non batalles en van!
 Dixen que non, e está dito:
 As leises m'amparán. 60
 – ¡Mira que te fago anacos!
 – Farás, bon home, farás!
 Vaite, que honrada me deixas
 E honrada m'atoparás
 – ¡Pois veña o fillo, carafe, 65
 Que n'el non manda sua nai! ...
 – ¡Agua! ¡socorro! ¡viciños!
 ¡Traidor! ¡verdugo! ¡mal pai!
 Ai meu filliño da ialma,
 ¿Quén de min t'alonxará? ... 70
 Pedáneo
 – ¡Alto! ¡Freitoso! ... arrestado,
 – ¿Por quén? ...
 – O Xuez ch'o dirá.

Fin da escena I

¡MIÑA TERRIÑA! ¡MEU LAR!

Balada gallega

“Tod’o mundo é pátreas” ¡O vento!
 Pátrea común só no ceu:
 No chau ... corpo e pensamento
 Tiran a ond’un naceu.

Por millorar miña sorte
 Da miña terra emigrei,
 Agor’a voltas ca morte
 Hastra queixarme non sei.

¿Quén maxinar, bágoas miñas, 5
 Q’así viríamos dar
 A un fondo leito d’espíñas
 N’estoutra banda do mar! ...

¡Ai, meus galáns arredores 10
 Terriña e ceo do meu lar,
 Olliños dos meus amores
 A ond’eu vin a parar!

O corazón sinto malo:
 ¿Onde consolo hachará?
 Abala se de vos falo: 15
 Se calo suspiros da!

S’eu a ti voltara,
 Meu querido lar ...
 ¡Ai! ... non me fartara,
 Non, de te bicar! 20

7 Sant-Yago 1888

UN OASIS DE MI VIDA

Encorvado en mi cupé Llegué aquí, mis amiguitas, Si olvidar esos valles Por esta costa bravía: Que donde hay mirtos y rosas,	5
Bosques, ríos y armonía, Maravillosas auroras Y embriagadoras brisas, Allí donde trina el ave Y mora la amistad fina	10
Y hay niñas tan adorables Como Eladía y Georgina, Allí fondea la nave De mi fatigada vida, Y se esmaltan los recuerdos	15
Que resucitan mi lira De entre este polvo candente Que la abrasa y aniquila. ¡Ay, Dios mío, y qué distancia Hay de esta vida a esa vida	20
Siempre gruñendo y bufando Con esta salvajería Dentro la cual yo quisiera Ver al héroe Tararira!	25
Pero, en fin, vamos lidiando, Que vienen días tras días, Y el mundo no ha de rodar Mostrando siempre la esquina. Tornando, pues, a mi viaje Y a mis recuerdos del día	30
Me acuerdo que en Palabea Aun dominé la casita Blanca como una paloma Y el sauce que la acaricia Y que ahora mismo diviso	35
Desde aquí de mi bohardilla.	

EN EL CRUCERO DE ALMEIRAS

Cobíjame Cruz bendita Con el amor de tus ramas Que hoy de tu amor más que nunca Huérfana suspira el alma.	
Cobíjame, árbol santo, Cúbreme que ya no hay nada Que no ceda al torbellino De las miserias humanas.	5
Las nubes de la ambición Cubren la bóveda santa De los brillantes cimientos De mi patria idolatrada, Y silba el rudo aquilón Desde el solio a la cabaña Abatiendo contra el polvo La flor de la fe cristiana.	10
Las lumbreras del saber Que nuestra planta guíaran Por entre la oscura selva De la oprobiosa ignorancia Ya apagan sus resplandores Detrás de la bruma opaca Que ha cernido la maldad Sobre las huestes cristianas.	15
Mueren la honra, el pudor Y el valor de la palabra Que antes era un monumento De la dignidad hispana; Ruedan como masa informe, Y ni en losas de Carrara Seguro está el juramento Que el rostro se ha vuelto espalda.	20
Campea la contumelia, Esgrime el odio la espada, Ya no es próximo el hermano, La hipocresía es la carta Que franquea las esferas Donde el imperio se alcanza.	25
	30
	35

Apenas se agita el genio
 Por acercarse a la grada 40
 De la rotonda inmortal
 Que ve entre sueños el alma
 Cuando la envidia maldita,
 La maledicencia insana,
 La asedian y la esclavizan 45
 Con su impúdica algarada.
 No hay cuartel a la virtud:
 O con el vicio se hermana
 O sucumbe entre silbidos
 Del tropel bajo las plantas. 50
 ¿Qué es esto, Señor, qué es esto?
 ¿A dónde guía su planta
 La generación presente?
 ¿Cuál es la ruta que salva? ...
 Yo, cual avecilla triste, 55
 Camino de rama en rama
 Buscando el árbol de vida
 Y sólo encuentro punzadas
 De las venenosas sierpes
 Que creía abejas mansas. 60
 Vuelo a las gradas de Dios
 Y hasta allí ¡quién lo pensara!
 Me sofoca impuro incienso
 Que la vanidad consagra.
 ¡Ay Cruz bendita querida! 65
 Tú con la sangre regada
 Que vino a salvar al mundo
 ¿A defendernos nos bastas? ...
 Con tus brazos sacrosantos
 Que al Eterno levantarán 70
 La víctima expiatoria
 De las flaquezas humanas
 No tendrás bastante fuerza
 Para salvar a mi patria
 De tanta horrible miseria, 75
 De tanta pasión bastarda.
 ¡Oh, sí! en tu fuerza fío
 En medio de esta borrasca:
 Tú serás la salvación
 De las almas esforzadas 80
 Tú has quebrantado la herrumbre
 De las cadenas humanas
 De tus brazos brotará

El bálsamo de mis lágrimas.	
Muchos días hay que pende	85
Mi cítara desolada	
Bajo las ramas gimientes	
Del sauce de la desgracia.	
Ya no cuenta cual solía	
De la colina en las faldas	90
Las bellezas de mi cuna,	
De mi Galicia que varia	
La suerte le ha vuelto el rostro	
Y sus horas tristes pasan.	
Mas hoy que me encuentro al pie	95
De aquesta Cruz solitaria	
Ante la cual se descubre	
La frente que honran las canas	
Bajo el protector influjo	
De la bandera cristiana	100
Torno a recorrer sus cuerdas	
Sobre estas musgosas gradas	
Con la mirada en el cielo	
Y el pensamiento en mi España.	

¡AI QUÉ LÁSTEMA DE BURRA!

Xan Solapa e Bras Cachaza
 Preto do Monte da Fame.

– ¡Fuxamos, Bras, sebo ós pés,
 Q'a *xustiza* nos atrapa! ...
 – Send'a Xustiza, Solapa,
 N'ai que ter medo; ó rivés.
 – Anda ho: dall'os calzos, 5
 ¿Non ves morrend'esa burra? ...
 – ¡Tampouco leva mais zurra!
 Sí; pro levámola nós.
 – ¿E por qué?
 – ¡Cala, papón! ...
 ¡Do demo o que tí adiantaches! ... 10
 Dirán que ti a mataches,
 Anque morrer dun trozón.
 ¿Quén pod'asurar tal cousa! ...
 ¡O qué? ... Se n'houben bribós ...
 Fuxamos, ou xuro a Briós 15
 Que non nos queda unha chousa.
 – Eso farías'antano,
 Pro hox'a cousa ... é difrente!
 Xa o Códego non consente
 Que tanto s'estrique o pano ... 20
 – ¡Non sei inda como falas,
 Sabendo q'as nosas leis
 Van a onde queren os *reis*
 Encargados d'apricalas! ...
 – Eu fuxo: ¡quédát'ahí! 25
 S'o xulgado por min turra
 Direi q'eu non vin mais burra
 Anque m'esfofen ... que tí!

Xa corren nosos cantares Anotados, moi garridos, ¡Merquémoslos! Que non digan ... – ¡Touciño en cas do xudío! – ¡Albizaras! Xa non morren	5
Nosos aires regalados Pois por Romero editados Terras e mares percorren. Os que de prazér inzaron Ermidas e catredales ...	10

¿VOS QUÉ FACÉS, SUBDLEGADOS?

A historea d'unha queixada

- ¡Ou Estebo! ¿ti que tés?
 ¿Sei que che doi unha moa? ...
 – Si fose unha ... nora boa,
 Pro dóenme mais de tres.
- ¿E ti sófrelas, caresta? 5
 ¿Cómo no'as arrincas, Lois?
 – Ja m'arrincou unha Frois
 Co as tanazas da besta.
- ¡Carrizo co a ferramenta! ...
 ¡Douch'ó demo o *desmoante*! 10
 ¿Sei que lle pagaches diante?
 ¡Non ch'arrimou mala tenta!
- O mal é que n'afitou
 Co a moa esfuracada,
 Partium'a san; e a queixada 15
 Fendendo, m'a deslocou.
- ¡Ai, Jesus! ¡q'estragación!
 ¿E non deixach'estendido
 A ese faco adoecido?
 ¡E din que hai leis na nación! 20
- ¡Ai! ¡morro! ...¡Mórroch', Antón,
 Brinco ... relouco ... toleo! ...
 ¡N'almorzo, xanto nin ceo! ...
 ¡Morro! ... ¡N'hai remedeo, non!
- Pois mira, meu amiguiño, 25
 Sin andar con mais razós,
 Nin confiarte a larfós,
 Nin deterte no camiño;
- Bota pr'á Calle Rayal,
 Pregunta por Don Anxelo, 30
 Q'el t'ha de poñer ó pelo
 Curándote dese mal.
- ¿De veras? – ¡O que che digo!
 El é home de carreira,
 E de tan ruin estragueira 35
 Te ha de curar. ¡Ven comigo!

E foi con el ó dentista,
E este, en días – n'è soño –,
Aquí corto, alí compoño,
Deixoull'a queixada lista.

40

– ¡Ai Estebo! ¿qué che resta
Pra Sánchez? – ¡Loias e preces!
Se ll'as non das ¡ben mereces
Outras tanazas da besta!

EN HONOR DE "EL ECO"

Poesías arrojadas por la redacción de "El Anunciador"

Un aloumiño ós reiseñores do "Eco" da Cruña pol'o seu artístico trunfo no
Certame entrenacional barcelonés, outido no seis de Nadal de mil oitocentos
oitenta e oito

... ¡Touperrou tou, alá veñen os nosos,
Nenas garridas da orela do mar!
¡Touperrou tou, pois que tornan goriosos,
Vivas e frores botall'a Dios dar!

Loados sexades, 5
Orfeíós da Cruña,
Q'aló en Cataluña
Ninguén vos venceu;
Alí, nosa Enseña,
Pra honor de Galicia, 10
Por vosa pericia
Cal sol refulxeu.

¿Qué é o que coidaban? ...
¿Q'a lira gallega
Cando entra na brega 15
Non é pra vencer? ...
O arte q'os mestres
Nomean devino,
Aquí de contino
Se fai frolecer! 20

Tras vosa trunfanza
No "Gran Pensamento",
Da Fama o strumento
Soúu maiestral;
Mais hoxe so o tempo 25
Dos xéneos hispanos
Vos di: -¡Galicianos,
Non tedes rival!

Os sons misteriosos
Que foxen da ialma 30
Xa spallen a calma,
Xa striquen o door;

Vosoutros facelos
Correr, pro tan doces,
Que n'hai ... non hai voces 35
Que os pinten millor.

A Musa cantora
Triando no Foro
Vos di que n'hai coro
D'espíñas pra vos: 40
E cántigas novas
No "Eco" pensando,
Vai filigranando ...
¡Qué gloria pra nos! ...

... Chegad'á terriña, 45
Bizarros cantores,
Ó chau dos amores,
Do eterno verdor;
Que nel vos agardan
Coroas enxertas 50
De bicos e apertas
De patreo calor!

Ó BENEMÉRITO ORFEÓN CRUÑÉS Nº 4 E Ó SEU CONSTANTE E INSPIRADO
MAESTRO ALAUREADO EN PARIS D. PASCUAL VEIGA

Galicia reconocida

Dios non me deu calor para
un soilo senon para todos

Farruco

Galicia – debo decilo –
Pra que s'oiá en todas partes,
No tempo d'ouro das artes
Foron premiados teus sons;
E xa non valen parolas 5
Nin o bafo das xiadas
A borrar nosas baladas
Nos concertos das naciós.
Gracias a vos, meus cruñeses,
Galicia viste de frores, 10
Que son os rubís millores
Para quen sabe sentir:
As xoias báixaas o tempo;
As frores criounas Dios
Como eternos galardós 15
Pra en todo tempo lucir.
¡Ai miña musa gallega,
Nese concerto brillante
Fuches a representante
Do nobre pobo español! 20
Xa nadie pode arrincarche
Esa cobizada gloria
Que leda hoxe scribe a Storia
Pra teu galán arrebol!

29 d'agosto de 1889

OS ÁRTABROS

Escena orfeónica

Música do Mestre Pascual Veiga

Druidas

¡Aquí! ¡aquí!
 Artábricos liós,
 ¡Sallí! ¡sallí!
 Q'é hora de loitar ...
 ¡Mirad'alí 5
 De Roma os escadrós!
 ¡Mal haxa, sí,
 Quen tema seus pendós! ...

¡A loitar! ¡a loitar!
 O romano felón estrozar, 10
 Con carraxe a cardaña brandir,
 Dend'o cruto da serra hastr'o castro
 Non quede nin rastro
 Do seu existir.
 ¡A loitar! ¡a loitar! 15
 Co seu sangue fagamos un mar.

Pobo

Y ós que secumban
 Gardand'os nosos lares
 Sirva d'altares
 O noso corazon. 20
 Mentres que brilen
 Do ceu os lumiares
 Terán cantares
 De sagra bendizon.

Druidas

Arredor do dolmen acendido, ant'o sagro carballo

Temprad'as armas 25
 Na lábara sagrada,
 Q'o galo agoira

Vitoria en seu cantar,
E nas entranas
Da vítema inmolada 30
Lése que libre
Veráse o noso lar.

Guerreiros

¡Atrás! ¡atrás!
Idólatras de Roma,
O sol q'asoma 35
N'aluma hoxe pra vos;
Pois xa no cume
Dos ceos esprandece
O sol q'ofrece
Os trunfos para nós. 40

A LOITA

Druidas

Brigantís ¡avanzar!
¡É millor secumbir
Que cadeas levar,
Que cautivos vivir! ...
N'haxa dor, n'haxa paz, 45
Co Senado tirán ...
¡Mórre ti! ... ¡Cea atrás! ...
¡Ouh maldito román! ...

Pobo

Caeron no Letexo,
¡Ouh bravos de Brigancia! 50
Feridos polos raios
Da santa libertá.

Mirade esas escadras
Cochadas de vilanza ...
¿Qué foi do seu empuxe? ... 55
Galaicos ¡atruxá! ...
¡Honor ó celta bravo!
¡Ouh Druida, gloria a ti!
Q'antes que ser escravo
Ó ceo t'erguich'aquí. 60

Druidas

¡Ouh virxes destes vales!
Con mórdago e verbenas
Corré a soldar as venas
De quen por vós loitou ...
Na méntres que no castro 65
As cinzas recollemos
Dos que na gloria temos
Y a pátreas consagrou.

(Anoitecendo)

E tí, piadosa Lua, 70
Q'ateas noso peito,
O seu erguido leito
Non páres d'alumar.

Detén tuas raiolas
No carballal cerqueiro, 75
Q' é sagro compañeiro
Do noso pátreo altar.

Druidas, druidesas, pobo, guerreiros, co galo de metal que fai d'estandarte ou
bandeira de guerra, ó pé do dolmen.

O gran Druida

Cal recío dos campos fartura
Esforzo e vitoria nos deches ¡ouh Dios!

Ovates

Por tal ben, nosa ofrenda mais pura 80
No dolmen ardente libr'ergue hastra vós.

Druidesas

¡Ouh Dios infinito!
Escóitanos, sí;
Dos celtas o espírito
Recoll'onda Ti. 85

Pobo

Inxémpranos, divo,
Virtud'e valor,
Pra ver libre a pátreas
Do túbrio treidor.

Horror, odiamento, Cenreira sin fin, Dos déspotas láceos Á grei pretorial.	90
Con fe rechacemos Ó cónsul ruín Que vén a spoliarnos Da serra hastra o val.	95
Si ás naos de César Brigancia cedéu, Artabria manteña Seus libres pendós.	100
Seus fillos, nos lucos Que Bruto n'abreu, Vendamol as vidas Cal rexos liós.	105
O gran Druida	
¡Vitoria! Julio César Suas tendas abatíu: Zarpánon suas naos; Artabria libre está; De Nérium a Triléucum ¹ Ardendo os castros víu; ¡Cantemos, pois, un himno Á nosa libertá!	110
Coro xeral	
Grori'a ti, ouh Artábria bravía, Derradeiro sospiro do sol; Cand'asome a mortal tiranía, Tí dos libres seral o arrebol.	115
De Cinnonia o standart'inframado Tua tribo hastr'a mort'erguerá; Pra entoar ant'a faz do Senado: ¡Libertá, libertá, libertá!!!	120

POSTAS DO SOL

¿Será certo, hermosa, visión dos meus soños,
 Ouh sol dos meus días, meu carro estrelar,
 Q'as rosas devinas q' o ceo nos regala
 Xa morran nos dedos do home ó chegar?

¿Será-o, miña nena, q' os sols desta vida, 5
 Os máxicos soños, a gloria e o amor,
 Que morran da tomba nas olas sin fondo,
 Cal baixo as do mare noso astro criador? ...

¿Fará noso peito como esas froiñas 10
 Que s'inzan de cheiros do sol ó nacer,
 Que ledas o incensan namentras el pasa,
 E tristel os perden ó velo poñer?

Gardand'inocente sinfín d'esperanzas 15
 D'amor e de gloria, do sol no fusquel,
 ¿Iráias perdendo da vid'antr'as penas
 Com'hidria scachada que deix'ir o mel? ...

¡Ai triste da vida, s'o frío da tomba, 20
 Cal seca o seño, suas froes secás! ...
 S'o pors ¡ai! o astro d'a nosa existencia
 D'aquelas nin rastro dozoso deixás!

Pro ¡ai! q' esa crise da vida do corpo,
 Con ser mais tristoña q'a posta do sol,
 É rica como ela tamen d'esperanzas:
 ¡Auroras nos deixa pra noso consol!

Pro non, non temamos, q'a noite da cova, 25
 Soio é lusco-fusco do día spritual:
 Tamén com'as sombras q' o ceo nos tapuxan
 Nos di que mais lonxes un sol novo sal.

Pois logo, ruliña, ¿q' importa que morran 30
 Os iscos de lama q' en nos Deus criar?
 ¿Qué val q' o q' é terra pra ela retorne
 C'as froes regadas con tanto chorar?

¿Q'importa se perdan os soños do berce
D'aliñas ouriles s'a un sopro se van,
E fuxan os leves crarores da gloria, 35
Foguetes q'a un lóstrigo en polvo s'esfán?

¿Q'importa se sequen as frores dun só día
Q'a sén nos mimanon de nenos no ardor
Se dentro a nos'alma, fresquiña levamos
Aquela q'espargue devino cheiror? 40

Así, nosa almiña, cand'á pátreia volve
Do ceu, a sfundirse no alento de Dios,
Vai chea d'esenza do amor q'El un día
No corpo ó enxemprala lle deu bondadós.

Xa ves, miña penla, q'o amor non s'acaba 45
Cand'é com'o nóso fogueira espiritual,
E foi crixelado da vida antr'as penas,
Cas forzas bebidas de Dios no raudal.

O amor non s'acaba s'en vez de gardalo
No vaso empeitizo que o vira ó millor, 50
Co el nosas almas vistimos ó xeito
Que viste unha reina sua touca d'honor.

¡Ai sí, miña hermosa, pombiña q'adoro
Con santa tenrura; pois n'é o amor meu
Com'esas papoulas¹ da terra que piso, 55
Senon lume aceso no trono do ceu;

Non temas q'el pase cal pasan as rosas,
Que com'as estrelas se coche, meu ben:
A fouce da morte, que todo arrapaña,
Poder contr'as frores do spirto non ten. 60

Sí, sí, noso amore será perdurabel;
S'agora por veces do sol ó caer
Sintimos entrambos q'un ar de tristuras
Calnon d'amor tanto, nos fai languecer;

S'ó d'hoxe estes campos nas tardes corremos 65
Tua sen no meu hombro i ó ban nosas más,
Trementes, ollamos q'os sols q'aquí brillan
Se nacen tan ledos, s'esvaien no ocás;

Xa cando non reste da nosa existencia
Senon a nos'alma nudrida co amor, 70
Amor que refunda tua groria ca miña
Y ós goces nos erga de noso Señor;

Ó ver que non morren as frors no ceu nada
Nin canto sol terma do eterno dosel,
Y o día mais craro sin alba nin tarde 75
Que nunca pr'a vida ten pingas de fel;

Os campos correndo do eterno verdore
Tua sên no meu hombro, i ó ban nosas más,
Tranquilos veremos ir indo aquel día
Que si aurora tivo, xamais terá ocás! 80

Al pie de estas riberas nacaradas
 Ya plácidas, serenas,
 Ya con rugientes olas azotadas
 Cual si un volcán hirviese en sus arenas
 Al ir examinando los mil seres 5
 En sus aguas criados
 Por dar alguna tregua a mis cuidados,
 Nunca, ilustre Oliveres,
 Podré olvidar que debo estos placeres
 A tu ciencia inmortal y a tus cuidados. 10
 A cuantos como yo tu diestra mano
 Salvó de la fatal prision sombría
 [...]

ÓS ORFANEIROS GALLEGOS I Ó VALOR DAS NÓSAS FOLIADAS

<p>¡Cantade, meus orfaneiros, Non hai por que s'engruñar Ant'a capela do Papa, Ou da Scala de Milán!</p>	
<p>Con títulos, ou sin eles Galicia – probado está – Que contén a fror e a nata De toda masa coral!</p>	,5
<p>Aquí todo mundo nace C'as mais altas facultás De cantar canto a alma sénte Cando triste ou léda 'sta.</p>	10
<p>¿Quén n'é músico en Galicia? ¿Quén maravillas non fai Cos dedíños na viola, Cando é neno por demais?</p>	15
<p>¿Quén con pelicas de berza, Ou c'unha folla trigal Non cotifa cos paxaros De máis váreo foliar? ...</p>	20
<p>Aquí naz' a poesía, A melodía aquí naz Sin máis aguillón que o istinto Que vén no sangue das nais.</p>	
<p>Por eso non m'ademira De que no extranxeiro chan Ganen, os orfeóns nosos, Dos prémeos o que máis val.</p>	25
<p>Non m'asombro, non m'asombro Do que os nosos mestres fan: ¡Ond'hai frores, hai ramallos! ¡Ond'hai mel, dozores hai! ...</p>	30
<p>... Cantade, meus hirmanciños, Xuntádevos máis e máis, Pois con soilo o q'aquí tedes Serél os reis do cantar.</p>	35
<p>¡Ai Galicia! S'eu poidera Compoñer á meus hirmás ... Xúroche que naide, naide Ll'a empataría a os d'acá.</p>	40

Na Cruña 26 de agosto de 1889.

HASTA EL FIN

¿A dónde irá la rosa desprendida
De la savia esencial que la nutriera
Sino a juntarse al polvo de la era
Y a ser en vil esquilmo convertida?

Sin la luz de la fe que fue mi egida 5
En los preciosos días de mi infancia
¿A dónde me arrastrare mi ignorancia
Si no al fangal de la virtud perdida?

¡Oh sol de mi creencia religiosa!
Jamás me ocultes tus destellos de oro 10
Como faro inmortal de mi conciencia;

Y a pesar de mi vida fatigosa
Guíame por los campos de la ciencia
Sin perder la visión del Dios que adoro.

Febrero de 1890

NA ELEVACIÓN DA HOSTIA

Hostia perene no Calvario erguida
Pra nos salvar da eterna perdición,
Forno de caridá: fonte de vida,
A ti suba con fe miña oracion.

Por ti, d'amor miña alma desfallece,
Voar quer hastra ti meu corazón;
Mais ó verse lixado s'estremece ...
¡Ah Señor! ¡Cristo pai, perdon! perdon!

5

Coruña, Mayo 10 de 1890

O NOSO NORTE

Á Sociedade Rexionalista de Galicia en Pontedeume

Xa naceu a Sociedade
Rexionalista gallega:
¡Diol a liberte d'espureos,
D'esplotes e de cadeas!

Sua bandeira é de luz, 5
De paz, e de fortaleza;
Sobre todo, de xusticea,
De temperanza e prudencia.

Tanto a probes como a ricos 10
Abre suas áas maternas,
Bendice o amor ó traballo
E a ruin usura condena.

Igual amor que pr'as vilas 15
Ténno pr'as probes aldeas,
Cuxas forzas quér ver xuntas
Pra curar tantas laceiras.

Foxe a centralización 20
Q'os nosos males carrega
E quér q'honrados gallegos
Os nósos destinos rexan.

Perfir o credo de Cristo 25
(Pro n'ha d'impòr suas crenzas)
Quér a armonía de todos
Moral q'os vicios conteña.

Recomendará ós gobernos
Que dentro das leis se teñan,
Q'a estruturación máis defundiren
Que máis as artes protexan.

Defenderá nósas grorias, 30
Nóso falar e leis vellas,

A n6sa universidade,
 Nosas costumes enxebras.

 Todo storial monumento,
 Fonte das n6sas grandezas, 35
 Ser6a por n6s emparado
 Pra q'6 valler noso estenda.

 E enfin, no orde das artes
 Faremos de tal maneira
 Q'aqu6 non sexan posp6stas 40
 As n6sas polas alleas.

 Esto qu6r a Sociedade
 Rexionalista gallega:
 Cantos foren bos gallegos
 Que todos veñan a ela. 45

 E salvaremol a patria,
 Esta que chaman *pequena*
 Pro que 6 na storea tan grande
 Que cheg'6 ceo sua testa.

 Do porvir ¡bah! ¿qu6n responde? 50
 Tanta mudanza hai na terra
 Que hai quen cre "q'6 home s'axista
 Porque o l6va a Providencia".

 Uns nas penedas fendendo,
 Outros sentando nas p6dras, 55
 6 imposibel q'6 edeficio
 Non se levante da terra!

 O mal de Galicia 6 fondo,
 Pro con fe, todo s'arregla:
 No mundo da realidade 60
 Entra por moito a sperencia!

Na Cruña, xulio de 1891

¡MUITAS GRACIAS!

Ó alaureado autor do luminosísimo discurso académico *A vida en total as suas manifestacións*, lido por dito Sr. Dr. D. Francisco Romero Blanco, Retor da Universidade de Santiago no solemnísimo estreno do curso de 1891 a 1892

Recibín, sabio Doctore, Do estreno do novo curso Voso maiestral descurso Q'as letras farta d'honor:	
Moito ll'estimo, Siñore,	5
Esa arenga nobrecida, Q'amostrand'a vosa cencia Val un <i>vítor</i> de concencia Á nosa patrea querida.	
For en min farta ousadía	10
Falar mais d'obra tamaña; Pro teño pra min q'España L'ha de rendir preitesía,	
Pois nos adiantos do dia	15
Xa dentro, ou xa fora d'ela, N'alborou mais viva estrela Q'a que surxeu da sua mente Pra honor da gallega xente, Na Escola de Compostela.	

Na Cruña 20 de outubro de 1891

Grandes nóvas hai pastores
 Hoxe s'acaba noso cramor
 Pois con cántigas d'amores
 Cruzan o campo os arcanxos de Dios.

Cheiros de vida, 5
 Lumes galáns,
 Inzan os campos
 Por onde eles van.
 Din q'ó Mesías
 Santo naceu 10
 Q'a redimir
 Vai o pobo xudeo.

I

Dis q'antre pallas
 Probiño está
 O santo neto 15
 Do Rei de Xudá.

II

Vamos a vêlo,
 Vamos alen,
 Sin adoralo
 Non quede ninguén. 20

Sexas ben vido
 Dios de bondá
 A libertarnos
 Da cautividá.

Corramos pastorelas 25
 Pol os campos de Belén
 O Salvador do mundo [...]

Co peito d'amor cheio
 Pastorelas de Belén,
 Ide adoral-ó Neno 30
 Q'hox'a salvarnos vén.

Homilde nun pesebre
Como si non fose un Dios
Deitado nunhas pallas
Sofrindo está por nos. 35

Ó refrexo das estrelas,
Pastorelas de Belén,
Vamos adoral o Neno
Que naceu pra noso bén.

Miña xoia nun pesebre, 40
Como si non fose Dios
Deitadiño nunhas pallas
Suspirando está por nós.

Vamos a incrinal a testa 45
Ant'o seu trono d'amor,
A ofrecerll'agradecidas
Nosos amante corazón.

LA MUERTE DE LOS INOCENTES

Matronas belenitas ¿por qué triste Rebota el monte vuestra amarga queja? ¿Qué inicua mano vuestro seno rasga? ¿Qué recuerdo cruel os atormenta? ¿Por qué muerta quedó vuestra mirada Y al paladar pegada vuestra lengua? ¿Qué espantosa tragedia envuelve en luto El valle embalsamado y la floresta, A la tribu indomable de Judá, A la cuna inmortal del Rey Profeta? ¡Llorad, madres, llorad: clamad al cielo, Triaca santa de las grandes penas! Que es grande el dolor vuestro, lo comprendo, Aunque mayor será la recompensa Que el Dios de Sabaoth os atesora En la celeste diamantina esfera.	5
Murieron vuestros hijos inocentes, De vuestras almas adoradas prendas, Cuando mayor amor le prodigabais En el dulce licor de vuestras venas, Entre el dulce arrullar de vuestros cantos, Al nacer y al dormir de las estrellas; Cuando apenas la aurora de la vida Jugaba en sus pupilas hechiceras En que brillaba el fuego de esperanza Bebido en las mesiánicas creencias.	20
Mas ¡ah! las que habeis visto y adorado Al hijo de la virgen nazarena, Sabed que él vino a redimir el mundo Por medio del dolor y las afrentas. Herodes el tirano, hoy le buscaba En medio de la infancia de esta tierra, Mas no pudiendo hallar al Santo Niño, Tronchar hizo a los vuestros la cabeza; Como mató a su hermano y a sus hijos, Como inmoló a su esposa y a su suegra, Como sacó la vida al gran pontífice Y exterminó a los nobles de Judea. No hay colmo a su ambición: Sabe que nació Cristo y se exaspera	30
	35
	40

Temiendo que algún día le despoje
 Del regio manto que usurpado lleva.
 Por eso hoy sacrifica vuestros hijos
 Como chacal rabioso o airada hiena,
 Sin ver ¡menguado! que el Señor del mundo 45
 De vuestro llanto la primicia acepta,
 Y que los tiernos inocentes mártires
 Reciben con su muerte la diadema
 Que no arrebató la ambición mundana
 Ni dan los hombres de la estirpe regia. 50
 Así no lloreis más, madres dichosas,
 Que esa inocente sangre que os aterra
 Sube cual nube de sagrado incienso
 Hasta el sitio de la mansión eterna.
 No es más dulce el perfume de las rosas 55
 Que del Jordán las márgenes recrean
 Que el suspiro que a Cristo han enviado
 Esas criaturas, místicas ofrendas,
 A quienes dará culto el Cristianismo,
 Mientras alumbre el sol sobre la tierra. 60
 ¡Gloria y honor al rey de las alturas!
 ¡Bendita sea siempre la inocencia!
 Y atraigan sobre nos sus sacrificios
 La bendición y la piedad excelsa.

27 Dbre. 91

z

¡Ó LOBO, Ó LOBO!

Froieiros caciques,
 Barrizo da aldea,
 Vergoña dos pobos,
 Carunchos da lei:
 Que Dios vos afunda 5
 Do mundo pr'albenda
 Por homes vendidos,
 Sin patria nin fe.

Cas unllas molladas
 Na pía da ilesia, 10
 Gabiádelas carnes
 Dos vosos hirmás,
 Tripándoll'impíos
A Sancta Sanctorum
 Q'a pôr de mil penas 15
 Logranon salvar.

Ergués e guindades
 As vosas feituras
 – Pois só por usura
 Furtás a eleución –, 20
 Pra darlla en cambeio
 Das chaves da vida
 Q'os probes buceian
 No mar do delor! ...

Con ese negocio, 25
 Dos ceos maldito,
 Boiando así ides
 Das bágoas no mar,
 Contando co amparo
 Dos donos da forza 30
 Hastra q'unha racha
 Vos diga: – ¡¡Namais!!!

Ó lobo, gallegos,
 Ó lobo q'é bravo
 E Dios é convosco: 35
 Xuntavos de vez;

Abaixo os caciques,
Q'as leis atropelan;
Sin eles, governo
Pior n'ha d'haber!

40

1 Outono 1892

Ouh do ben e do amor fillo esperado,
 Mil veces a este lar ben vido seas
 Envolto en oleadas d'alegría
 E do outono nas froes derradeiras
 El pra mezclar cas plumas do teu berce
 Quixo gardar algunhas das mais frescas 5
 E embalsamar as plumas do teu berce
 Cas puras recendosas violetas
 Que a neve respetou cabe seu manto
 Que hoxe os vales e cómaros blanquea.
 Non do inverno enemigo dos paxaros 10
 E dos nenos as frias noites temas
 Que hai aquí moitos labios que te biquen,
 Colos que te peneiren e te quenzan,
 Peitos pra darche amor e lume e vida
 Co sangue roxo das ferventes venas. 15
 Cando no medio da calada noite
 O ceo do teu pranto hastra min chega
 Museca indefinida e misteriosa
 Que n'é de dor a estremecente queixa,
 Que é algo d'alegría e d'esperanza 20
 Da vida que no peito s'encadea
 Eco da forza que s'encende e vibra
 E no pequeno corazón golpea,
 Cando resonan os teus tenros píos
 Entro en meditación íntim'e queda 25
 E preguntom'a min falando solo
 Do teu destino cál a sorte sea
 Queiran os ceos que sea menos irto
 Qu'o destino cativo q'envenena
 A este irmán de teu pai qu'as portas onte 30
 Da vida ch'entrabreu a escura escea.
 Mais o porvir non temas que si a sorte
 A teu pai che roubara un día fera
 Eu velarei por ti para que sigas
 Seguro teu camiño pola terra 35
 E cando o tempo na labor eterna
 Te roube d'ese berce perfumado
 Home serás de veras, non muneca
 A quen os anos poñen nas fazulas
 Pelos irtos en vez de roxa seda 40
 Que hoxe cubre teu rostro d'alabastro

Homes que pola alma siguen sendo
 Monos namais q'a homes s'asemellan
 Que homes non son os q'un cortizo albergan
 En vez de corazón farto de vida 45
 Que nin aman nin odian; blanda cera
 Ou barro que se amasa en auga podre
 E en sentimento alleo se moldea
 E á outra voluntad a sua ciñen
 E si saben pecar sin pasión pecan 50
 E do arrepentimento antr'as bagullas
 A redemirse co a virtú n'acertan.
 Infusorios do mal que inertes flotan
 Da laguna social nas augas negras.

.....

Eu quero q'en ti dure, moito, moito 55
 A infancia alegre, confiada, tenra,
 Non esclava do látigo ou movida
 Polo brutal temor ó pai que pega.
 ¡Encantado periodo da vida
 En que o neno ó paxaro s'asemella! 60
 Flor ós recíos do cariño aberta
 Que é todo menos home, que só é neno
 E que en saber amar cifra a sua cencia.
 Así, cando do vran os recedores
 E do inverno as xiadas se sucedan 65
 Vinte veces e en home te convirtan
 Roubandoch'as sedosas roxas crenchas
 E dos rosados labios a sonrisa
 Terás valor ond'o valor s'asenta
 Alma no sitio dond'a alma mora 70
 Nobres paixós ond'a pasión s'encenda
 E da razón no albergue ideas grandes
 E nas arcas da fe firmes creencias.
 Non quero, non, que vivas d'outros nenos
 Esa infancia raquítica e famenta 75
 Que vive morta anque pareza viva
 E os pais lanzan na vida turbullenta
 Como lanzan os hongos seus esporos.
 Pais ós que Dios mal en dar fillos fixo
 Que a rezar non a que oren lles enseñan 80
 E por todo alimento a un alma virxe
 Pura coma do sol a luz febea
 Como paxaro de voar sedenta,

Ensiñanlles a estúpida gramática
 Da ortografía as caprichosas regras 85
 Ou c'un pau golpeando o tenro cráneo
 Que o terror estremece e amedrenta
 Do cerebro nos senos infinitos
 Fixar queren os dogmas d'esa ciencia
 Dos númaros pr'o neno sempre ansia. 90
 Non quero que si a entrar no tempro chegas
 Oias cal eu dos tabacosos labios
 No negro crego acanallado e fera
 Cal en inmunda xerga envoltos rodan
 De Dios o nome sagro co as consellas 95
 Ou da lubricidad ou da cobiza.
 Quero que en vello santuario vexas
 Entr'as nubes que saen do encensario
 Que en lento ritmo diant'o altar fomea
 Flotar cos puros anxos teu espírito 100
 Lonxe dos muros negros e fedrentos
 Aprendendo a voar hacia eses mundos
 Que en polvo flotan pola esfera inmensa
 Imán eterno que cal ferro atrae
 Da alma nobre a divina intelixencia 105
 E cando tua razón que é de Dios filla
 De fe e de sentimento esté repleta
 E cando teu espírito esté nutrido
 Pola savia do amor e a da ciencia
 Aprende estonces a esconder no fondo 110
 Do teu peito o tesouro que alí pechas
 Que aquí d'este albañal antre do lodo
 Que mudo roda pola azul esfera
 Como roda o borracho que despide
 De viño o recendor nauseabundo 115
 Mesturado do bruto cas miserias
 Aquí nesta de feras triste cárcel
 Verás que chaman fe ó que non entendan
 Ó arte de xogar co excelso nome
 De Dios sempre amañado pra vileza 120
 Pra disfrazar toda a humana infamia
 Que chaman honradez á usura negra
 Pro que nadie conoce e virtú chaman
 A ciencia de tapar con blancas teas
 A podre lama da miseria bruta 125
 Pero a quen de verdad o ben desea
 Da probe humanidá sempre engañada
 Sempre amarrada por cen mil cadeas

Maldito herexe chamarán os viles
 Q'a esa mesma humanidade afrentan 130
 E non o queimarán de Dios en nome
 Si é que ó poder a voluntá non chega.
 O home xeneroso, o home honrado
 Que no mar da verdá sempre navega
 A ese xuzgarano un bicho raro 135
 Guindado polo acaso sobr'a terra
 E che presentarán cal prototipo
 Do home social a un corazón de fera
 A quen levita e guantes dan figura
 Que nin ama, nin teme, nin s'apena 140
 Polo ben dos demais nin nunca soupo
 O que ser pai, esposo ou fillo sea.
 Ai de ti probe neno si n'acertas
 A esconder teu espírito nobre altivo
 No escuro tempro que teu cráneo encerra. 145
 Ai si n'has d'aprender a ruda cencia
 De finxir non esperes que che valla
 Ser honrado nin bo, nin que t'astrevas
 Entre o silencio das eternas noites
 A sepultar a xuventú dourada 150
 Nos fondos mares que o saber encerran.
 O hipócrita, o necio, o ignorante
 Atrás te deixarán na larga senda
 E o ladrón que con ouro a curia enfrena
 A carreira da vida llana e ancha 155
 Eles atoparán, ti aspra, estreita
 Un día chegará en que xa cansado
 A ola da fel che suba hastra a cabeza
 E maldigas o día en que naciches
 E crucen ante ti de morte ideas 160
 E da gracias aínda a teu bon fado
 Si hastra teu lar non te persigue a guerra
 Si ese pai que hoxe amante t'aloumiña
 Irritado e cruel de rabia presa
 Ou por crego fanático imbuido 165
 Non maldice tamen a noite negra
 En que che dou a esventurada vida
 Que ti atravesas en dorida queixa.
 Si a pintura che espanta en redor mira
 Cal te reciben ó chegar á terra 170
 Aquí os mais enlamados e mais viles
 D'entre dos homes a mais vil ralea
 Fixeron crer ós cándidos espíritos

Que a ignorancia e o fanatismo cegan Que nos somos os seres redimidos Os seres puros por que o ceo espera E que ti erel o impuro o condanado Por unha xusta orixinal sentencia A eterna ausencia d'ese Dios que acaba De vaciar tua alma en carne e neve	175 180
Que nos somos selectas criaturas Ti anaco vil que a escoria humana deixa. Fixéronlles creer que é necesario Que un home abiecto bañe tua testa Que ó sol rouboulle seus dourados raios Con simbólica auga milagreira Para que sexas home redimido Para que armado penetrar poideras C'un dereito q'ó vir acá non tiñas Pol as portas do ceo q'a culpa cerra.	185 190
Que é necesario que eu, probe home impuro Co as maus que en sangue tintas quizais teña Da probe humanidá ó altar te guíe Para creer por ti mentras non creas. Meu probe neno si c'a negra risa Do cínico Voltaire sorrir poideras Como rirías ti d'esta inxusticia Ou d'esta mais que estúpida creencia D'un manicomio cen veces mais dina Que o enfermo q'o seu mal alí encadea.	195 200
¡Si cruel non fora para rir sería! Purificarte a ti naide que teña Nas maos o sangue, a corrupción pestosa ... Purificarte a ti o home que leva Na alma a punzante espiña do pecado ... A ti que eres o espírito da pureza ¡Purificarte a ti, sagrado anaco Do Dios q'os mundos pol'o espazo sembra Como de trigo os graos sembra o labrego ...!	205 210
Ai de dond'eso fan xa cando chegas Fuxe, espírito d'amor, lonxe moi lonxe Tende no aire as alas nacarentas E vai donde che enseñen da xusticia Do ben e da verdá a pura esencia Aló do ceo nos seos infinitos.	215
Mais cando fuxas, cando o éter fendas Deixando n'esta lama negra e podre A cuberta de neve d'ouro e sedas	

Que con sangue teceu tua nai amante
Non fuxas solo, a teu padriño leva 220
E o padriño sé ti por antr'os ceos
Cal ánxel de Murillo na carreira
Ti racharás das nubes os lambizos
Como no escuro ceo rasga a centella
Eu cal o vello Dante irei segundo 225
Detrás de ti tua brillante estela.

9bre/29/90

O linguaxe está fixado
Non o arromba un só querer
Cause gusto ou desagrado
Fálao o pobo como quer.

Quen non seipa conxugalo 5
Páres'un pouco a studar
D'haches si hai que semealo
Abonda de barullar.

Qué queren eses bafuas
Q'eu sin seu xuicio cabal 10
Diga a eito polas ruas
Saudad'a ese *immortal!* ...

Eso non o fai Farruco
Anq'o mundo and'ao revés
Eu non hei rendir trabuco 15
A quen poña un *bes* por *es!*

Corran, corran a cortiña
E leixen, léixense ver,
Q'os sabios da terra miña
Pénsanlle mais q'en comer! ... 20

Perdóenme, señoriños,
E déixenme de trabar
E abusen menos do *inño*,
Q'eso n'é versificar.

Que non ten o dicionareo 25
Certas voces ... anda mal!
Vaias catando a diareo
No Tesouro universal.

Cántos dicionarios tiña 30
Cervantes? Diga, señor!
Ai, Don Galo, ou Don Galiña,
Guíe o cotarro millor.

¿E vos sabedes lêr, larafuceiros?
 Pro ¿quén vos met'a vos nestas liorias?
 Q'atendedes vosoutros lambeteiros
 Zarralleiros, calá, cargá co-as borias.
 Limpádevos por Dios pois dades noxo 5
 C'a laceira moral que vos embrulla
 ¡Non pod'andar dereito quen é coxo!
 Nin pode falar ben quen é farfulla.
 Quén título vos deu de sabidores
 A vos, probe congorxo das escolas? 10
 De onde lle veu hox'a sabidencia
 A quen cargar debera c-as artolas?
 ¡Probes filosofastros! ¡Coitadiños!
 Qué lástema me dades, chioleiros!
 ¿E vos falás en serio, sapelliños? 15
 ¿Ou bebestes d'anís catro pucheiros?
 Meters a literato un manciñeiro
 Son Mariás Garcías moi saladas
 Tanto coma astrevers un *pifaneiro*
 A erguer da tomba a Horacio a *trompetadas*. 20
 Baiuqueiros de Cambre e Pastoriza
 Que á questa camiñás de curro en curro
 Deixá vosa parola pezoñiza
 Q'o mel non o da Dios pra ningún burro.
 O arte é libre, e vos moi minguados 25
 Chamavos liberás e dou ó demo
 Se non sôs os tiráns mais espetados
 Que corren da ruindad'ó vil extremo.
 Censure aquel que seipa friamente
 Dando regras de gusto refinado 30
 Pro non quen fôr tan lerdo e maldicente,
 Franfulleiro e *pedant* eslabazado.
 Coñecidos estades ben abondo:
 Na Cruña xa non pega vosa labia,
 Vosa engañifa é nao que vai pr'ó fondo
 Non serve hoxe pra mestre o q'anda en Babia.

Non escribadel a Historia
 Como Murguía a scribeu
 Pois xuro a Dios por miñ'alma
 Que foi inxusto e minteu.

5

Foi matuteiro das letras,
 Cen fontes delas cegou,
 E sete mil e decetras
 Non poño das que luxou.

10

Foi un industrial da pruma,
 Da modestia se mofou,
 Visteuse d'alleas grorias
 E da iñorancea abusou.

15

A groria de Rosalía
 Ergueu por xuntala en sí.
 Tamen ergueu suas bágoas
 Pro delas nada nos di.

20

É ben darll'a Rosalía
 Seu merecido, e non máis
 Pro non é xusto pra honrala
 Ir deshonrando ós domais.

25

Que ela cantou ben, é certo.
 Pro n'esto ¿q'escola ergueu,
 Qué dixo que non dixesen
 Os mil de quen deprendeou? ...

30

As cantigas de Barcala,
 Da Mahía e de Padrón,
 ¿Non se cantaban na Ulla
 E en toda a nosa rexión? ...

¿Qué fixo un libro? N'abonda
 Ese libro n'é pra nos:
 ¿Qué valor teñen cen copras
 Onde se fan a millós?

[...]

Xa pasou a sazón do mangoneo
Galicia do seu ben quer ser siñora
E non precisa dos *viveurs* d'afora
Pra nas Cortes soste seu deuteo.

Como n'el froes hai, noso tarreo 5
Fillos ten de saber e forte sprito
Pra upar o pendón noso hastr o enfnito
E scribir o seu nome hastra no ceo.

Qué lles falla? – Unión ... – Pois a facela!
Que o vinclo rexional é facedeiro 10
Trocand a luz da patriceal strela

Aquel que for gallego verdadeiro
Votando a seus hirmaus si ha de perdela,
Pero sí, ¡si votar a algun cuneiro!

Vento do Oeste, barr'o polvo inundo
Q'o Levante nos trougo, e que nos céga,
Limpa de cáncros a nodriz gallega
Q'o sabugo lle rôn no mais profundo.

Baste d'esmorecer: un bon segundo
D'unión e nosa dicha será certa
Trizar pode o dogal que nos aperta
Pra levarnos por lastre ó Novo Mundo.

5

Non se compón Galicia
 Co a Cruña e Compostela
 As moitas vilas d'ela
 Tamén suas fillas son
 E compre repartirlles 5
 Proporcionás servicios
 En pago ós sagreficeos
 Que fan pol a nación.

Xuicio, compatriceos
 Abonda de tolaxes: 10
 Con tal trobón d'aldraxes
 Mal campan as razóns ...
 ¿Mudarras e Chinchillas
 Querês tragner d'afora? ...
 ¿Farês q'inda Zamora 15
 Volt'a falar por nos? ...
 Lembravos que un cabalo
 A perda foi de Troia:
 Quen miña voz desoia
 Non teña que chorar; 20
 As letras redimentes
 Non convirtás en balas
 Mal sabe alimentalas
 Quen fale por falar.

¡Tamen ti? ... ¿Tamen ti, Imparcial? Creo
Que moi a carón teu hai quen acora
Por unha acta *cuneiril* q'agora
No' as ha de dar á van noso tarreo.
Abonda d'engañifa e mangoneo
¡Non deputa por nos hoxe Zamora! ...
Galicia do ben seu s'ergue señora
E non pia a viváns seu percureo.

5

Homes d'esta Erin magoada
Q'ides a beixal a silla
De vósa nai destronada,
Volved'a nós unha ollada
Xa q'hoxe as leis de Castilla
Tórnans en parola e grilla
E albendal da cacicada.

5

¡BUEN CENSOR!

Existe un ser pagado de sí mismo
 Que lleva en su alma un torcedor constante
 Y aunque corto de talla es un gigante
 En despóticos rasgos de egoísmo.

Pretende ser modelo de civismo, 5
 Y con las damas fiel, digno y galante,
 Cuando es brutal, grosero y petulante
 Y de envidia y rencores un abismo.

Con el débil se atreve en demasía, 10
 Se oculta para herir cobardemente,
 Como avaro, de todos desconfía,

Raya por sistemático en demente
 No tiene amigo alguno y pasa el día
 ¿A que no lo acertáis ...? ¡Hincando el diente!

N-hai bos alcaldes n-a Cruña
 Meniña vamos a ela
 Que alí con dar á pibela
 Temol o trompo na uña.

Corcubión e Carballo 5
 Que poden darnos disgustos
 Poucos cartos mil disgustos
 E praza de refugallo.

Noso aforismo primado 10
 Hai q'apricar a carreira
 Sí, sí, volver cos da feira
 Dempois d'ir cos do mercado.

S'os hourizontes d'ourente
 S'enfoscan e hai algueireo
 Demócratas e *laus deo*, 15
 E ímonos c-a corrente.

Y o bo nome do birrete
 A onde vai? – Ó encasillado
 ¿Y o qué dirán, desalmado?
 Chico, ó molete, ó molete. 20

Católicos ante todo,
 Martiz-Everto-Perdia
 Por mais q'así como anguía
 Catemos noso acomodo.

Y eses merlos laretando 25
 Fuxe que te fuxe ó resgo
 Antre nos camiño sesgo
 Buzan ... e vamol andando!

Non os creás anque choren 30
 E xuren por sua madre
 Servos leás ¡ai compadre!
 Conta que non vos devoren.

¡Ai caciques galicians! ...
 Que non levês a do fume
 Xa que n'hai quen vos emprume
 ¡Pra insinanza de larpans!

Pro a qué tanto laiar? 5
 As bágoas non dan pesetas ...
 ¡Non veñamos a trocar
 Os galos en volvoretas ...
 ¡Val mais do sono espertar!

– ¡Hai dores! Pois a tornalos 10
 Xa que vos róen os ósos
 Xuntad os esforzos vosos
 E farés escorrentalos:
 Pro non con ais degoirosos.

Estudiá ben a fiza 15
 Das vosas redes ¡cachaza!
 Xuntavos, non ser teimudos,
 Q'os touros anque forzudos
 Quedan tendidos n'a praza.

A desuneon, de cote 20
 Ha de ser a dura argola
 Que vos arrell'o cocote,
 Pro o que gastardes n'a escola
 Xa o toparedes n'o pote!

A estrución xa vos dirá 25
 Como se vence a os caciques:
 S'a tivera ¡ai catá! ...
 Virasvos dos seus paliques;
 Pro sodes cegos ¡e ahí está!

Vosoutros soltás a breva 30
 A quen a ialma vos truba,
 Guindándovos n'a restreva ...
 ¡Ben sab'o demo a quen leva
 E a besta á quen derruba!

Nazareno ... Xesucristo
Redentor ... Verbo humanado ...
¿A qué baixach'en espirto
Dos ceos dend'o mais alto?
¿Non foi pra soste os débles?
¿Non foi pra amainar os altos?

5

Ferrolanos, fora embrollos,
Cos *inacieiros* d'ahí
Que vos barrerán os ollos
Com'o fan xa cos d'aquí.

¡Alerta co gando! ...
Que a cousa vai mal:
A ver s'ides dando
Con outro Pombal.

5

A Cruña

Á CRUÑA

Cantata vocal e estramental

Con alegría,
 Gozo e contento,
 Gallegos, vinde,
 Vinde a gozar
 Das grandes festas
 A que vos chaman
 Hox'os recreios
 Da capital. 5

Regocillados
 E moi dispóstos
 Aquí nos tedes 10
 A desfrutar
 Das grandes festas
 A que nos chaman
 Os bos recreios
 Da capital. 15

Ti eres, Cruña garrida,
 Perenne estaceón das frores,
 O niño fiel dos amores
 Q'ensexendran feitos d'honor;
 Estrela de cot'ardente, 20
 Reina do chau galiciano,
 Do comenz'ó fin do ano
 Non s'acaba o teu dozor.

Á sombra das tuas festas,
 Con chúvías d'ardentes frores, 25
 Auroras fas cos vapores
 Do teu mar garelador;
 E antre música e coréos
 D'enfeitizant'armonía
 Acéndesnos c'a poesía 30
 Da tua Córte d'amor.

Con vosoutros
 Hox'a Cruña
 Sua oferta

Cumpreu xa 35
Pro vos queda
Gradecida
Ós recórdos
Que deixás.

Satisfeitos 40
Nos marchamos
D'esta léda
Capital;

Gracias mil:
Vosa lembranza 45
Con nosoutros
Vivirá.

¡España foi vendida!
 ¿Quén sofre tal deshonra?
 Sin pátreas non hai honra
 Nin culto sin altar ...
 Gallegos literarios 5
 ¡Cimbremol os aceiros!
 ¡Limpemos d'extranxeiros
 O noso patreo lar!

Adios, galaica Minerva,
 Teus fillos van loitar, 10
 S'algun sua vida conserva
 Verá teu lum'atear.
 Adiante o Corpo docente
 Pois pese ó fado fatale
 Xa tece a Hestoria lucente 15
 Pra el laureiro inmortale.

Estrelas de Fonseca
 Que á gloria nos guiades
 Xamais ó pé das aguias
 Sirvades de blasóns. 20
 Si a sorte fôr treidora
 Pra nos non vos rindades
 Tornáde a Compostela
 A erguer outras lexiós.

Escolares da céltica Atenas 25
 As cadeas do Corso crebá [...]

Gallegos literarios
 Cimbremol os aceiros
 ¡Limpemos d'extranxeiros
 O noso patreo lar! 30
 ¡España foi vendida!
 A Galia nos deshonra
 Sin patria non hai honra
 ¡Corramos a loitar!

Nosa bandeira galana
 N'é bandeira d'egoísmo
 Pois xuntôu nun lenzo mismo
 O mais da nación hispana.
 O q'ela mantén ufana 5
 E q'a corte reconoz
 O q'ela foi cando moza
 Libre, valente e cristiana.
 Pois que tales timbres ten 10
 De groriosa prioridade
 No a traten con mesquiñade
 Nunca os poderes d'alén.
 Poil os lauros da sua sen 15
 Fillos do ardor do seu seo,
 Non sendo o rigor do ceo
 N'ha d'amingoalos ninguén!
 Certo é q'os nosos anhelos 20
 Non andan ben esculcados;
 Pro hai barruntos sobrados
 No verbo de conocelos
 Logo non turren dos pelos
 Meus timoneles da corte
 S'é que a un tempo vir o norte
 Co vendaval a sostelos.

Coro

Galicia confía
 Que Dios por ti vela
 De lonxe sua estrela
 Nos vimos lucir
 E nada topando 5
 Cal seus lumiáres
 Tornamos ós lares
 Do teu gran porvir.

Aquí estamos, ouh terra das frores,
 Q'o ceo piadoso do mal nos librou. 10
 ¡De gozar no seu seo d'amores
 Tras tantos pesares o día chegou!
 Qued'en bo-hora esa terra queimada
 Q'a ialma no peito cambea en carbós
 Sin mostrarlle unha sola alborada 15
 Das moitas que locen no espello de Dios.
 ¡Ai Galicia! por fin n-os teus brazos
 A testa suõsa podemos deitar ...
 ¡Nadie chegue a crebar os teus lazos
 Q'o céltico esprito se goza en bicar! 20
 Aquí están os teus montes froridos,
 Teus castros sua groria mostrando ahí están
 Nossos berces e vales queridos
 Que ó vèlos de novo dichosos nos fan.
 Anque veñan os días mais louros 25
 Sofrir preferimos, morrer onda tí,
 Que gozar de prezados tesouros
 Mordendo saudades tan lonxe d'aquí.
 Sagras liras da patria bendita,
 As lábaras santas volvede a acender, 30
 Derretede a cadea maldita
 Q'a tantos ilusos levou a morrer.
 Farturable semente de vida
 Contén nos seus prigos teu rico brial
 Sexan premio a constante sostida 35
 Na loita empeñada co xenio do mal
 Hoxe fartos d'amarga espirencia
 Tornamos d'un mundo de tanto sufrir
 Empuxando tuas artes e cencia
 Pra mais non deixarte queremos vivir.. 40

Coro

CONSELLO FORA DE TEMPO

Imitación do alemán

A unha nena que no río
Bañaba seus pés de rosa
Desd'o niño, un cotovío
Lle canta con voz melosa:

“Non turbes ese cristal, 5
Nena, que reflex'asina
Cal nun espello nidial
Do ceo a llapra devina”.

Estonces aquela nena 10
Q'as craras ondas nubraba
Cos ollos fartos de pena
Dixo a quen a consellaba:

“Non te doias, paxariño,
Si ves a augoa agora spesa:
Que dentro dun pouqueniño 15
Recobrará sua puresa.

Mais dime: o día que viches
Q'un xove ond'a min estaba
O triste son que hora erguiches
Por q' así non ll'avisaba? 20

¡Respeto seu corazón!
– Teu canto dirlle debía –;
E a fror n'esfollara, non
Q'a miña frente lucía”.

Pois s'el lograrse manchar 25
Mais a testa da menina
Non tornara a reflexar
Do ceo a llapra devina.

¿SÍ OU NON?

Romanza

¡Ai froliñas da pradeira,
Case rolás pol o chan!...
Onte, albor da primaveira
Rebuldeira;
Hoxe ... bafol do solán. 5

Probes folliñas e frores,
¡Cánto hai d'igoal antre nos! ...
Tras do alborar dos amores
Ansias, dôres,
Xiadas, desilusiós! ... 10

LA CARIDAD

<p>¡Oh casta diva! ¡Oh Caridad! Tú das al mísero Consuelo y paz. Tú, con tu manto, Que orla el amor, Secas las lágrimas De su dolor.</p>	5
<p>Tú, a hermanarnos Tiendes tu afán. En ti los gérmenes Del bien están.</p>	10
<p>¡Oh casta diosa, Numen feliz, Bien haya el ánima Que viva en ti!</p>	15
<p>Tú, del Altísimo Emanación, Eres estímulo Del corazón.</p>	20
<p>Brilla en tus cándidas Sienes la Fe, Mientras el báratro Tiembla a tus pies.</p>	

É na postiña do sole
 Cando m'acordo de tí
 Pois tras do sol que se cocha
 Hai outro sol para min.

Un sol de doce quentura, 5
 Un sol d'amante sorrir,
 Un sol que trai ós meus ollos
 Os arreboles d'abril.

Cando ti vès ó meu canto,
 Cando pra min te sorrís, 10
 En día trócas'a noite
 En gozo a pena ruin.

Meu pensamento latexa
 Pillando forzas virís,
 E cant'un soña por grande 15
 Tod'é pequech'onda ti.

Teu alento é mais dozoso
 Q'o do frofido xardín
 Faba do mel teus falares
 Coma dos anxos pra min. 20

LA VIRTUD Y LA ENVIDIA

Nació la Envidia cruel, traidora y fea
 Cuando lució Virtud cándida y pura;
 Pero Envidia creció menguada y dura
 Mientras alta Virtud cual miel hiblea. 5

Ésta esparció la luz santa y creadora
 Cual hija predilecta del Eterno;
 Y aquélla emanación del negro averno,
 La intriga y la calumnia destructora.

Por eso, en tanto le ama el orbe todo
 Y su nombre sublima hasta los cielos, 10
 Arrástrase la Envidia por los suelos
 Condenada a vivir envuelta en lodo.

En vano es que velándose la impía
 Se encarama en el solio omnipotente:
 Apenas la Virtud yergue su frente 15
 Ella vuelve a ocultarse en su falsía.

¡Oh satánico engendro! Siempre odiados
 Por los siglos verás tus atributos.
 En cambio, preferir los dulces frutos
 De la excelsa Virtud aun por malvados. 20

A HUMILDADE

É a humildade froliña
Q'á mesma luz lle pon medo
E pasea tarde ou cedo,
Sempre agachada a verés.

Mais se entre a herba vizosa
Que sin reparo pisades
Un pouquiño vos parades
¡Pol o ulido a toparés! ...

Calis d'olor, fror galana,
 A do betón d'ouro e grana
 ¿Quén secar virá esas gotas
 Que fan fermoso teu door?

Do choro as pedras preciosas 5
 Q'ornan tuas follas nidiosas
 Quén hai que poida secalas? ...
 E a fror respondeu: ¡O sol!

Vaso d'armonías, poeta, 10
 A quen as penas compreta
 A testa cinguen d'engurras
 Y-os ollos d'agre orballón.

¿Quén hai q'a frent'alisugue
 E as quentes bágoas enxugue
 Q'o corazón puxar fai? 15
 E o cantor responde: ¡Amor!

Cand'o portalón do seclo
 Q'esta spirando se feche
 Tremeantes resoanzas
 Deixando dos pasos d'ele,
 Poida dar que mau piadosa 5
 Das que estaboar pretenden
 A neviña do pasado
 C'as espigas do presente,
 Queira inventarial as follas
 Dos literarios palenques 10
 Q'ergueron os que cân hoxe
 Cos ollos fixos n'Ourente
 Como decindo ós vindeiros:
 – ¡Seguir esa luz debedes! –
 Quezais destonces topando 15
 N'a necrópoles poetense
 C'os pensamentos prendidos
 Nestas folliñas endebles,
 Diga ese bo folklorista
 Do progreso entr'as correntes: 20
 – ¡Alto! Aquí está unha miliárea
 [...]

CARIDADE

Fontelleira

Dios te garde, fontelliña,
 C'as tuas frescas ramallas
 Ond'os paxariños trían
 Festexand'a tua fada. 5

Tí, a cantos che s'achegan
 C'as suas forciñas cansas
 Lles das c'o teu pezonciño
 O amor das tuas entrañas.

Non lles perguntal o credo, 10
 A todos secorres branda;
 Espello da Caridade
 Das inxemplo ás boas almas.

Dios te conserve, fontíña,
 ¡Ninguén luxugue as tuas augas! 15
 Dar de beber ó sedento
 É tua bandeira santa.

Fun á fonte sedorento
 De ver á miña rapaza,
 E mentres non chegou ela 20
 Cantei fontelleira cántiga.

Fontelleira

Fontelliña, nai das froles
 Malia quen t'esmarañou
 Nunc'atope amor n'a terra
 Por ter tan mal corazón. 25
 Ala lála, a lálala.

Axudade picariños
 Acudide rapaciñas
 Acudide mocidá
 ¡Ai dos amores d'aldeia 30
 Onde fontíña non hai!

Ucha dos nosos segretos,
Mestra da nosa fieldá,
Volv'a erguerte, volv'a erguerte
Volv'a servirnos de nai. 35

Dios vol o pague mociños
Ide con Dios meus galáns
Esta fontín'é testigo
De que sabedes amar.

Aquí cand'a ialba esperte 40
Así q'asom'a serán
Nosas doces fontelleiras
Cantaremos se gustás.

Adios, adios, fonteciña,
Nosa nai aquí xurou 45
Ser fiel ó noso paiciño,
Aquí xuraremos nós.

Miña fonte abrigadiña
 C'o teu musgo e tua cruz,
 Dios conserve as tuas augas
 Puras como a mesma luz.

C'o teu ramallal acocho
 Regalía dos pinzós 5
 Sempre serás d'esta aldea
 O galán temprou d'amor.
 ¿Quén na fresca d'alborada
 Ou ó sonar do sol
 Che non veu cantal as ansias 10
 Do seu triste corazón?
 escoita, fontíña, escoita
 Xa q' é-la imaxe de Dios,
 Pois das vida, oies e calas,
 Sin escoller condicións. 15

A homes, bestas e prantas
 Abres teu seio d'amor;
 A nadie lle regateas
 Canto pra todos Dios dou.

Mais os que falan e pensan 20
 ¡Ai! coma ti non che son,
 Pois queren dous mil por un
 Do mais pequecho favor;
 E s'un trist'algo lles pide
 Si lle non ventan terrons 25
 Logo lle din: – Meu filliño,
 ¡Inda non temos pra nós! ...
 ¿De qué sirve ese amor santo
 Que santifica a razon,
 E arrecende como as rosas 30
 Pra servir d'altar de Dios?
 O probe quer moza rica,
 O rico das probes non
 Como non for pra xunguilas
 O louro carro do dôr ... 35

Miña fonte cochadiña
 C'o teu musgo e tua cruz,
 ¡Dios conserve as tuas augas
 Puras como a mesma luz!

Dios diante, nosa terriña, A cousa camiña bén; Mais pra subir ó picoto Hai que suar e xemer.	
Menos mal, terriñ'amante, ¡Neste mundo val quen tén! E ti és moza de dote ... Logo ...¡podes dart'a ver!	5
E senon, vamos a contas Con quen as faguer quixer Pois sendo xustificadas Todos lles dirán amen.	10
No de ter sangue fidalga Do demo un pero que tes, E senon que o digan Roma E os arquivos do Magreb ...	15
E tanto, tanto escudiño Como locen por alén Por Sevilla e por Toledo ... Q'a ti che son en deber.	20
Das tuas froitas e froles Ricas de cheirosa mél N'hei de falar porq'a Londres Dasll'as froitas da sartén.	
¡Cousa rara! Aló n'o estranxo Millor xuceo, abofé, Se fai que non por Castilla Do que vallen os teus bens.	25
Galicia – din – é un ubre cheio Q'España non coida ben: ¡Cantos tesouros se fechan Dos vales seus ó través! ...	30
Alí s'agostan mil fontes D'inxenitud'e valler Q'outros poderes ergueran Con mais tino e millor fe ...	35
Ese campo inda está virxe: A natureza alí é A única curadora Dos seus mal prezados bens.	40

.....

¡N'hai mal que por ven non veña!
Xa será o q'ha de ser:
Non perdamol a speranza ...
Neste mundo val quen tén.

UN CONSEJO SINCERO Y A TIEMPO

Sumido en dolor profundo
 ¡Siempre, oh mundo,
 Siempre entre luchas y afán!
 ¿Vales tú, di, los dolores
 Y temores 5
 Que en ti sufriendose están?

¿Qué valen ni cetros de oro,
 Ni el tesoro
 Del saber y del valor,
 Ante ese espíritu doble, 10
 Siempre innoble,
 De los que venden su honor?

¿De qué sirve que la ciencia,
 La conciencia,
 Llegue amante a dirigir, 15
 Si la ambición descreída
 Y engreída,
 La viene en el lodo a hundir?

¿Quién en justicia confía
 Ya en el día? 20
 ¿Quién invoca a la razón
 Después de verlas holladas
 E inmoladas
 A los pies de la ambición? ...

¡Principios! ¡Necia patraña 25
 Ya en España!
 Los decantados ayer,
 ¿Qué más que esperanzas fueron
 Cuando hicieron 30
 La oposición al poder? ...

Por eso ya es vano empeño:
 No hay beleño
 Para tanta irritación.
 Mientras la verdad no impere 35
 Desespere
 De haber paz el corazón.

Sino escuchad a esos pechos Ya deshechos Por el odio y la impiedad: Morir de rabia en mi cama, O a la llama De las bombas ¿qué más da?	40
Cuando la fuerza gobierna Y se interna De Temis hasta el sitial, ¿Quién abre de Jano el templo? El mal ejemplo, ¿La fuerza es ley capital?	45
Ved, sino, esa fuerza airada Y adulada, Por la turbada razón, Si acaba por ser burlada Y anulada Por la astucia o la traición.	50
Y luego imperan las furias Y centurias De tiranos por do quier Vence el puñal a la espada Y no hay nada Que tenga razón de ser.	60
Sólo el luto y los quejidos, Recogidos En la cripta del valor, Demandan favor al cielo Que en suelo Todo se rinde al terror.	65
Ciencias, artes, honra y vidas Perseguidas Van de la virtud en pos Y el furor armipotente Lava ardiente Blasfemando contra Dios.	70
.....	
¿Dó va entonces la esperanza De bonanza Prometida al pueblo fiel?	75

¡Ah! ¡Quedóse en la jornada,
Sepultada
Entre baldón, sangre y hiel!!

Políticos de la tierra, 80
No más guerra:
Si el bien del pueblo quereis,
Menos leyes, más justicia
Y propicia
Su actividad hallareis. 85

Y así, pueblo, acorta el paso,
Que es del caso
Oigas mi imparcial razón.
Hoy que libertades buscas,
Si te ofuscas, 90
Hallar puedes la opresión.

No fíes sólo en tu brazo,
Rompe el lazo
De la encubierta maldad;
No te entregues sin conciencia 95
A la influencia
Que osa explotar tu bondad.

Instrúyete y ten presente
Que es potente
Quien progresa en la moral, 100
Y en su trabajo esmerado
Busca el grado
De un creciente capital.

Mira que no es libre el necio
Que desprecio 105
De la virtud sabe hacer;
Y que sin paz, ni obediencia,
No hay potencia.
U orden ¡o perecer!

I

¡Ai, ai, ai
 Q'alborada tan garrida!
 Qué xentil,
 Q'enfeitizo d'ilusion!
 ¡Ai, ai, ai, 5
 Que de vèla tan frolida
 Taraboula, pilla vida,
 Relouquexa o corazon!

II

Escachade, caravéles,
 Paxariños a cantar, 10
 Que xa vén vertendo meles
 Da gaitiña o garular.

III

Non fiés dos soños vosos,
 Miñas nenas, vind'acá,
 Q'os soniños amorosos 15
 Poucas veces din verdá.

Eu tamen soñei a eito
 Mil dozuras ... pro ¡ai, ai!
 Soio m'espertei no leito
 Con tan sospiroso peito 20
 Com'o meniño sin nai!

Vind'a min miñas roxélas,
 Que sin voso rular mol
 Fora barquiño sin vélas
 Nunha noite sin estrelas, 25
 Este ledο erguer do sol.

Alí ven meu ai ai adorado
 Amañando sua crencha sedán,
 Com'o lirio que treme no prado
 C'os sospiros do aire galan. 30

Erguevos, amantiñas,
 Chegou da noit'a fin
 D'Aurora xa tremelan
 As alas de carmin.

Veredes como espargue 5
 Diamantes e arrebol
 Abanicand'os visos
 Da cámara do sol.

¡Ai, ai ai! Cánta vida esperta 10
 Seu sorris no longor do chan,
 Vind'a ver o espertar das froes
 Dos airiños do seu sospirar

Meu querer, ven tí, ven tí,
 Abondou xa de soñar,
 Q'os teus labios de robí 15
 Son o máis doce alborar.

Tráguem'ese teu cheiro
 Folguiño do meu ser
 Pois cando está lonxeiro 20
 ¡ai ...!
 Síntom esfalecer.

A BÉLICA GALLEGA

Canto da patria

¡Primeiro mortos que vivos!

I

¡Resolla, Galicia,
Que o ánxel da fama
Teus fastos proclama
Nos campos da honor;
Empina a tua testa 5
Que a gloria abrilanta,
As sombras espanta
Do teu arredor.

II

Impávidos celtas,
S'a patria padece 10
¿Qué fillo s'esquece
D'erguer seu valer? ...
¡Cal zoan os raios,
Corred'a vitoria,
Q'esperta na gloria 15
Quen sabe morrer! ...

III

¡Gallegos! ¡ás armas!
¡Ós campos voemos!
Con sangue afoguemos
O impuro tirán. 20
Da santa xustiza
O himno entoado
Corramos, limpando
De mostros o chan.

IV

¡Erguede a bandeira 25
Escadras de Brigo!
¡Non conte o enemigo
Quen seipa lidar!

O lume dos héroes
Resgarde na mente
Quen queira sua frente
C'un lauro entrenzar. 30

V

¡Primeiro que nada
Gallegos sexamos!
¡En pouco teñamos 35
A vida, por Dios! ...
Si a sorte treidora
Nos fose este día
¿Quén sufr'a estranxía?
¡Meduleo con nos! 40

TRASNADAS D'ALDEA

I

N'hai lua e cochadas estan as estrelas
 A pé non hai naide, n'o chan d'o lugar,
 E o Trasno taloura batendo as tixelas
 Sarelos e forxas finxindo no lar.
 Os mouchos agoiran, as portas arnellan, 5
 O vento asobía con rouco laír,
 Potexos e cuncas e pratos trebellan:
 Parez que pr'a eira pertenden fuxir.
 Galiñas e pitos choquean e pían,
 Peneiran n'a artesa e baten n'o arcón, 10
 Ferrollan n'a porta, n'as fouces afían,
 Restrelan e mallan, e dan ó serrón,
 – Esperte, ña madre ... – ¡Acouga Colasa!
 Chegavos á beira, senon vou morrer ...
 – ¡Dios diante! – Ña madre ¿n'ouvís o que pasa? ... 15
 ¡O Trasno! ... – E se fôre ¿qué ll'hei de faguer?
 – ¿N'ouvís un nubeiro de cruxas carpindo?
 ¿N'ouvís eses choros d'un vello? ¡Escoitá!
 ¿N'ouvís ese fato de lamias bulindo?
 ¡Deixáme ese canto, ña madre, deixá! 20
 Xesús ¡ai! xa sinto tremer o meu leito ...
 De gatos a casa parece un fonil.
 Un monte de promo afóndem'o peito ...
 Por Dios, miña madre, acenda o candil.
 Un saco de nocas caieu no sobrado ... 25
 ¿Cómo é qu'eses trasnos non foxen á Cruz?
 ¡Ahí van os caínzos! – ¡Dios sea loado!
 Das barras do día xa vai vindo a luz.

II

Gracias a Dios que xa os galos xurdinon,
 Gracias a El que s'acerca a miñán, 30
 Gracias que todol os trasnos fuxiron,
 Santa Combiña e meu San Ciprian.
 Sombras noitebras, voade, voade;
 Lumes d'o día chegade, chegá.
 Meus paxariños triade, vivide, 35
 Ai campaniñas d'a ialba, tocá.

Millo miúdo poreivos d'abondo,
Trasnos ou xuncras, e auga a Dios dar:
Non me darés outro medo tan fondo:
¡Pois a contalo n'habés d'acertar!

40

EL ALBA DE LA VIDA Y EL DÍA

No brilla halagador con más dulzura
 Besado por la luz, limpio diamante
 Que el astro del amor en el instante
 Que incita a despertar madre natura.

Así luce en su albor la criatura 5
 Su virginal candor plácido, amante
 Que en esa hermosa edad dulcificante
 En que dormido el mal todo es ternura

Mas ¡ay! viene el sol y arde la mente 10
 Despierta la pasión y huye el encanto
 Y el duelo al corazón hiera inclemente.

¿Qué causa engendra, oh Dios, tanto quebranto?
 ¿No sois vos, de verdad, sol permanente?
 ¿Pues por qué, a mayor luz, toca más llanto?

¡FEITOS, FEITOS!

Libertá temos d'abondo Pra irnos ó cimiterio Cada ladrón tén seu mundo E un revolver cada neno.	
Pra pensar e dar á lingoa	5
E pra far do branco negro, Do deño s'hai cortapisas Nin 'n os pais nin no goberno. O conto é non pôrll atranco	
Ós donos do mangoneio; O domais <i>Ancha é Castela</i> , Cas bágoas ... gánas'o ceo. Con decir <i>amen</i> a todo	10
Pasaremos por perfeitos Por pacífecos e honrados Diños do pátreo ... despréceo. ¡Libertade! sí, pra todo	15
Menos pra paral o <i>beo</i> . Y os canos da Fonte-d ouro Somente pr'ós dioses feitos.	20
Quen pedir mais libertade Tolo é de medeo a medeo Poil a q' é neta pr ós gordos É moi crua pr ós pequenos. O galo d'aas mantidas	25
De cote sób'ó poleiro Mentrel os que no chau dormen Das ratas son mantimento. ¿Qué debemos pidir poise?	
Que a lei se cumpra ó dereito, Menos córda pr'os caciques E en todos cívico inxemplo.	30
Quen ame a Libertad'ama a Xustiza Y o pobo q ame entrambas será reuto Non pod unha sin outra dar un paso Quen n' é libre n' é xusto en ningun tempo	35
Quen for libre pr'ó mal ese n' é libre Ese é louco d'atar, camiña cego Carece de concencia e tutoría Moral hai que ll'impor e xusto freo.	40

<p>¿Por qué así vai, poeta, Vagando pola altura A tua ollada pura Con freborento afán? ...</p>	
<p>¿Por qu'ó soltar a orchestra Suas ondas pelengrinas, Tuas áas diamantinas Ó ceo subindo van? ...</p>	5
<p>¿Será que non concorde Sua rima nemorosa Co a iarpa misteriosa Que vai dentro de ti?</p>	10
<p>¿Será q'a sutil freba De luz q'a ti descende Che diga: – ¡Acende, acende ... Que todo é scravo ahí! ...</p>	15
<p>¿Por qué cando da vida Tripando nos abrollos Así fechal os ollos Con fondo sospirar?</p>	20
<p>¿Será que recolleito No tempro do infinito Renuncia teu esprito Do ben que a terra dar?</p>	
<p>¿Por qué de cote rifas Dos vicios coa baixeza? ¿Por qué con tal crueza Contra do inxusto das?</p>	25
<p>¿Por qué co teu laúde N'adulas ós poderes? ... ¿Por qué traizón non queres Facer ós teus hirmás?</p>	30
<p>¿Por qué millor t'aveñes Co teu bordón d'espino Que non co rico armiño Q'o esprito empezoñou?</p>	35
<p>Ó fin ¿qué foi dos dioses Q'a vanidá trouxera? ¿O vento que os erguera Non foi o que os guindou? ...</p>	40

Adiante, meu poeta,
A luz vai co teu sino
Mantente firm'e dino
Da tua condición
 Por mais que dourar vexas 45
Do vicio as mouras alas
O tempo ha d'enterralas
So as cinzas do baldón.

En cambeo ós que abran campo
A perfeuceón das iartes 50
E foren baloartes
Da libertá do ben,
 Aínda que non teñan
Mais panteós que a grama,
Nas mentes terán cama 55
Por seclos cen e cen!
 Ti érguet'ás alturas
Que vên rolar ós tronos:
Fai frente ós cruos donos
Q'ós debles fan chorar; 60
 Sin medo ós ruins vermes
Q'a terra nos arromba ...
¡Ó fin da nosa tomba ...
N'han de poder pasar! ...
 As Táboas dos que gozan 65
N'han de servir d'exemplo,
Nin frabiqués mais templo
Que o templo da virtú.
 Pois que na sagra copa
Da inspiración bebestes, 70
Á terra onde nacestes,
Sirvide de saú.

APÉNDICE

1. O ESPERTADOR DOS CANTADORES GALLEGOS.

“El Defensor de Galicia”, I, 9.X.1856, nº 4. O exemplar consultado leva correccións manuscritas do autor: v. 2 ‘Q’á ... vos tén’; v. 14 ‘terès’; v. 33 ‘bizantina’ v. 40 ‘no chau’; v. 44 ‘ós q’á Pedro’; v. 49 ‘sangue’; v. 60 ‘con Pintos’; v. 62 ‘Pondales’. Asinado ao final de man do poeta ‘Franc^o M^a de la Iglesia’. Publicouse tamén en GRUR, III, nº 12, 15.VI.1862, p. 179; e na “Revista Gallega”, III, nº 110, 11.IV.1897.

2. AS VIRTUDES DUN SIÑOR.

C 103/25. Fragmento ms. Diálogo teatral quizais destinado a un xornal. No v. 21 propoño ‘é xeito’ en vez de ‘xeito’.

3. UNHA ALBORAD’EN SAN XUAN.

C 102/28. Fragmento ms.; na portadiña aparece o nome ‘Francisco M^a de la Iglesia’; vai asinado ao final ‘F. M. de la I’ e leva a data ‘1856’.

4. A MILLOR DAS MELICIÑAS PARA PODER FELIZ SER.

“El Defensor de Galicia”, I, 29.XI.1856, nº 26. Vai precedida da nota: “No podemos negar un sitio en nuestro periódico a la siguiente poesía, dolorosa espresión del sentimiento de un padre que llora la terrenal ausencia de su querida hija”. Publicouse tamén no AC, pp. 143-144, baixo o título *¡Fuge, miña rula, fuge!* e coa cita inicial ‘Inda te non perdín toda/Ende ben, filla querida,/Pois que meus rogos escoitas/De Dios gozando alá arriba./Soedades pol-os meus’. Recóllese aquí a primeira versión. Variantes da segunda: v. 14 ‘recendor ... frores’; v. 15 ‘o trinar dos reisiñores’; v. 16 ‘Noso-Señor’; v. 17 ‘maxinaría’; v. 23 ‘E folgo’; v. 28 ‘seio’; v. 29 ‘que a guedella d’ouro’; v. 31 ‘Ela crenchada poñía’; v. 32 ‘Para alegrar’; v. 50 ‘Consolo’; v. 52 ‘hei’; v. 61 ‘lume’; v. 62 ‘gorgulla’; v. 63 ‘ceibar’; v. 71 ‘Pois perda’; v. 80 ‘Pois felicidadá’; v. 82 ‘Pro vai’; v. 83 ‘Os que no mundo quedamos/Somente para chorar./ Mais des q’amañado o teñas/Cabe teus dous hirmanciños,/Ven dos teus probes paisiños/A triste almaña catar’. Asinado ‘Francisco M. de la Iglesia’. Recollida tamén en GRUR, III, nº 14, 15.VII.1862, pp. 212-213.

5. A MUIÑEIRA DA SEGA DO TRIGO.

“Diario de la Coruña”, I, 23.V.1857, nº 7. Precédea a nota: “Insertamos con particular gusto la siguiente composición gallega, apreciablesima por la pureza de la dicción provincial, por la verdad de sus descripciones y hasta por la relación que guarda con el canto que la da su nombre”. Reproducida no AC, pp. 383-386, versión seguida aquí. Recóllese entre parénteses as variantes léxicas da primeira versión pero non a disposición dos versos, que eran de catro sílabas. Os ‘ey, ay’ da primeira versión transfórmanse sempre na segunda en ‘ei, ai’. Resolvo con x as grafías g, j, unificándoas; v. 1 ‘comigo,’; v. 4 ‘q’eu’; v. 6 ‘E mais bermello q’o’; v. 8 ‘argallando s’on’; v. 12 ‘de segar o pan’; v. 13 ‘Unha que colla’; v. 14 ‘Outra que’; v. 15 ‘Q’eu’; v. 16 ‘os rapaces se van’; v. 17 ‘po la’; v. 19 ‘Resoa a frauta’; v. 23 ‘pillad os’; v. 24 ‘E escomenzade’; v. 25 ‘q’o sol q’alborexa’; v. 26 ‘xoya’; v. 27 ‘Siñor’; v. 31 ‘E s’a sarabia’; v. 34 ‘lle non ven limpar’; v. 35 ‘Hox’en’; v. 38 ‘pr’o cuidar’; v. 39 ‘q’alegran’; v. 41 ‘Foy, pois, ... xiada’; v. 42 ‘Foy, pois’; v. 46 ‘po los’; v. 47 ‘Q’o sol a chuvia,/O vento e xiada’; v. 49 ‘q’estralen’; v. 50 ‘xa roxe/No lum’o sartén’; v. 51 ‘x’o sol’; v. 54 ‘hast’ó’; v. 55 ‘Rapios demos!/Se come pan-trigo’. Asinado ‘Francisco María de la Iglesia’.

6. COMA UNHA BRANCA POMBIÑA.

“Diario de la Coruña”, I, 30.V.1857, nº 13. Asinado ‘Francisco María de la Iglesia’.

7. Á MORTE DE PEPE PONTE E BRAÑAS.

“El Iris de Galicia”, I, 19.VII.1857, nº 23, pp. 2-3. Asinado ‘Francisco María de la Iglesia’.

8. UN RECORDO.

“El Iris de Galicia”, I, 12.VIII.1857, nº 30, pp. 1-2. Asinado ‘Farruco María da Ilesia’.

9. AS COITAS DE FARRUQUIÑO.

“El Fomento de Galicia”, I, 19.III.1858, nº 15. Asinado ‘Farruco da Igrexa’.

10. A LA EXCMA. SEÑORA CONDESA DE ESPOZ Y MINA.

C 102/6, borrador ms. Ao final, riscado: ‘Coruña Dbre. de 1858’. Versos corrixidos: v. 5, entre liñas ‘arrastra’; v. 6, id., ‘Y activo en su misión se decolora’; v. 8 ‘Para daros por él allá en el cielo’. En C 102/7 hai estoutro borrador ms.:

Soneto/A la ilustre matrona gallega/la Excma. Sra. D^a Juana de la Vega/Condesa de Espoz y Mina/Duquesa de la Caridad/En reconocimiento de sus eminentes virtudes/S.A. y H. S./Franc^o M^a de la Iglesia

Vuestro manto ducal es el consuelo
Del mísero infeliz que triste llora.
¡Feliz vuestra misión! Feliz Señora
Ya eternizado está vuestro desvelo.

Las lágrimas que enjuga en este suelo 5
Vuestro ángel guardián las atesora
Y las orlas tersísimas decora
De otro manto mejor que os labra el cielo.

Si el pueblo en que nacisteis no es ingrato 10
Y registra imparcial la vera historia
En bronce esculpirá vuestro retrato

Y al oro confiará vuestra memoria.
Mas si a fuer de mezquino e insensato
No el laurel hollará de vuestra gloria ...[sic].

11. A GALICIA.

“Diario de Anuncios y Noticias de la Coruña”, nº 100, 23.III.1859. Malia a nota ao pé: ‘Se continuará’, foi imposible atopar esa continuación. Asinado ‘F. M. de la Iglesia’. Hai outras composicións diferentes baixo o mesmo título: *A Galicia*, GRUR, II, pp. 318-320; *A Galicia. Cantarela nos Jogos frorás da Cruña*, GRUR, II, nº 21, pp. 332-336 (esta reproducida no AC, pp. 198-213).

12. CANTIGAS DA ESPERA.

J. de D. de la RADA Y DELGADO, *Viaje de SS. MM. y AA. por Castilla, León, Asturias y Galicia verificado en el verano de 1858*, Aguado, Madrid, 1860, pp. 672-673, 675 y 685, respectivamente. PLACER, en BRAG, p. 122, precisa: *Cántigas*, Imp. de Puga, Coruña, 1858, una hoja 27x21. A S. M. ..., id., A D. Francisco, s.l. n.a. Asinado 'Francisco María de la Iglesia'.

13. A S. M. LA REINA DOÑA ISABEL II.

Ibid., p. 675. Asinado 'F. M. de la I.'.

14. A S. M. EL REY DON FRANCISCO DE ASÍS.

Ibid., p. 685. Asinado 'Francisco María de la Iglesia'.

15. TESTAMENTO DO ANTROIDO.

Ms., C 103/17. O v. 47 a lapis. Indispensable para contextualizalo é a carta de Francisco ao irmán Antonio datada 'Día de comadres. 22 de Frebeiro de 1860', da C 102/28: '... viñerome a catar para asistir ós ensaios das cantigas que se han de botar no enterro da sardiña que me fixeron compor e tiven que acabar como Dios me deu a saber [...]. Aquí, como che dixen, propárase un enterro no Liceu como o do ano pasado. Eu son o portal dos coxos e tivenlle que facer a antroidada dos versos. Parte do sermón vai en versos gallegos, que dou a Dios se non dárvolos. Sinto que non estiveses aquí para amañar entr'os dous unha cousiña mais formal e menos patocheira ...'. Trátase probablemente da *Canción epigramática/para el entierro de la sardina/dedicada al Recreo Artístico e Instructivo de Artesanos de la Coruña, música de Jorge Yáñez*, Coruña, Imp. e Puga, 1858, folla solta, 20x30, rexistrada por PLACER: *Don Francisco María de la Iglesia (Apuntes para su biografía)*, en BRAG, XXV, 1º.I.1930, nº 221, p. 123. Sobre Jorge Yáñez v. A. REY MAJADO, *La Coruña y la música. El primer orfeón coruñés (1878-1882)*, Ayuntamiento de La Coruña, 2000, p. 245 e passim; ibid. interesantes informacións verbo das sociedades culturais da Coruña que participaban nas festas do Antroido. Publicou a carta A. REY MAJADO: *La primera carta conservada escrita el lengua gallega*, en "Zalaeta. Revista cultural do I. E. Ramón Menéndez Pidal" Especial 25º aniversario, nº 0, 1998, pp. 28-35.

16. ÚLTIMOS MOMENTOS DE MOMO.

Ms. C 103/19; v. 47 'Que o Antroido morre da rabia'; v. 81 'Fiádevos mais do Antroido'; v. 101 riscado 'Ya se apagan mis orquestas'; v. 108 'Que el bello sol' a lapis; v. 146 riscado 'Con que adios, fieles amigos'. Sigue na C 103/7: v. 24 'Que ll'emprestasen o medio'; v. 41 'Agora, atención'; v. 56 'Por su voluntad'. Engadido ao final deste fragmento vai o borrador 'Señores, morriu Don Momo' da C 103/7, evidentemente parte do anterior.

17. COIDO QUE SABES QUEN FOI.

Publicouse no Suplemento *La lira galaica* del "Diario de la Coruña", conservado baixo a sign. Imp. C 355/4; sen data, pero dos anos 60 a vulgar polo editor responsable, Castor Míguez, e os colaboradores (Elisa Lestache, Antonio de San Martín, Domingo Camino ...). Asinado 'Farruco M. da Igrexa'.

18. Á SEÑORITA PÍROLA.

Publicouse no Suplemento *La lira galaica* del "Diario de la Coruña", do que era editor responsable Castor Míguez e colaboradores R. Puente y Brañas e Domingo Camino. Levava o

título *Á Señorita Pírola. Regalo dos meus ouvidos. No seu beneficio, o Diario da Cruña*. Apareceu despois en GRUR, III, nº 24, 15.XII.1862, p. 381, como *Á Señorita Pírola/Prima dona no trato da Cruña./O día do seu beneficio*, derradeira versión que se reproduce aquí. Variantes da primeira: minúscula inicial en cada verso; v. 12 'hay tanto morto'; v. 20 'se así cantases'; v. 25 'genio'; v. 35 'máxica'; v. 36 'finxen'; v. 27 'quiseres'; v. 36 'e o brando rebolir'; v. 48 'onde solo se colle aquel loureiro'; v. 58 '¡Cantá'; v. 59 'afeá': v. ' e ennoblecé contento'; v. 66 'Que se así'; v. 74 'A ese tempo, pois, voa segura'. Asinado 'Farruco M. da Igrexa'.

19. LA INOCENCIA Y EL MUNDO.

Ms. C 102/92. Asinado 'Franc^o M^o de la Iglesia'.

20. CANTAR ADICADO A VICETTO. LOITAS DE ILDARA.

C 354/54. Impr. sen data, con a cabeceira *La Lira galaica* do "Diario de Anuncios de La Coruña": trátase dun suplemento literario con versos de J. M. Paz, D. Camino, Clodio Valdomar [Madrid, 1856], Cándido [sic, datados Coruña, 1857], e mais estes de F. de la I. Baixo o título, un II remite a unha primeira parte imposible de atopar hoxe.

21. A LA JUVENTUD ESPAÑOLA.

Imprenta del Hospicio, sen data, folla solta, en Poio. Asinado 'Francisco María de la Iglesia'. Encádrase esta composición na campaña propagandística de 1859 da guerra contra o mouro, que arelaba reconstituír o prestixio internacional español. Os mesmos tópicos encheron cancioneros e poemas en toda a Península. Cantar á corrente belicista ¿sería obriga oficial do funcionario do Concello, mestre e mais poeta?

22. AL ILUSTRE PUEBLO CORUÑES.

Imprenta del Hospicio, 1860, folla solta, en Poio. Asinado 'Francisco María de la Iglesia'. Xurdiu no clima afervorado da devanceira, cos mesmos recursos da retórica áulica para exaltar o destino civilizador de España e a coraxe da súa xente.

23. EPÍSTOLA MORAL.

GRUR, I, nº 3, 1^o.XI.1860, p. 46. Asinado 'Francisco María de la Iglesia'.

24. A GALICIA.

GRUR, II, nº 20, 15.VII.1861, pp. 318-320. Asinado 'Francisco de la Iglesia'.

25. O RECORDO. Ó CANTOR DO DESCONSOLO.

GRUR, II, nº 22, 15.VIII.1861, pp. 351-352. O título leva ao pé a nota 'Música del Profesor D. Canuto Berea'. No exemplar da revista que pertenceu ao poeta atópanse estas correccións a lapis: v. 3 'yalma'; v. 4 'perdidiños van'; v. 9 'n'aguanto'; v. 12 'entr'os'; v. 13 '¡joh piadosos ceos!'; v. 42 'l'a yarpa'. Asinado 'Francisco María de la Iglesia'.

26. A MARIPOSA OU A SORTE DA COBIZA.

GRUR, II, nº 27, 1^o.XI.1861, pp. 429-431. Leva ao pé as seguintes notas: '(1) Composición leída con general aplauso por su autor, en el teatro de la Coruña en el beneficio del poeta coruñés D. Antonio Santiago Somoza'; v. 14 '(2) Los estambres'. Asinado 'Francisco M. de la Iglesia'.

27. O SUSPIRAR DA RULIÑA.

C 97/23. Ms. Asinado 'Franc^o M^a de la Iglesia'.

28. HIMNO EPITALÁMICO.

GRUR, III, nº 12, 15.VI.1862, pp. 191-192. Tamén en Poio, retallo dunha revista de 1882. Asinado 'F. D. L. I.'.

29. UN SALUDO A VIRGINIA FELICIA AUBER.

AC, pp. 188-189. Asinado 'José López de la Vega-Francisco M. de la Iglesia'. Notas ao pé: '(1) Nació en la Coruña esta fecunda y noble escritora cubana y fue hija de D. Pedro Alejandro Auber, caballero francés, y de Doña Walda de Noya, hija de Galicia. Inició sus publicaciones en el año 1843, con la novelita *Un aria de Bellini* a que siguieron sus *Entretenimientos literarios*, obra en dos tomos; *Mauricio*, un tomo; *Una falta*, id.; *Una deuda de gratitud*, comedia en un acto; *Los dos castillos*, leyenda alemana; *Ursula*, un tomo; *Una venganza*, dos tomos; *Una habanera*, un tomo; *Perseverancia, algunas páginas de la vida de un gran poeta*, un tomo; *El castillo de la loca Teresa* y *Una historia bajo los árboles*, novelas cortas; y las obras *Un amor misterioso*, episodio de la revolución francesa del año 93; *Otros tiempos*, novela histórica, y *Ambarina*, historia doméstica cubana. Además de las anteriores obras, escribió en el "Album de lo bueno y lo bello" periódico quincenal fundado en Cuba por la poetisa señora Avellaneda, dos artículos cada mes, desde su aparición hasta su fin, y con el título de "Ramillete habanero" un folletín dominical que ve la luz pública en La Habana constantemente desde hace catorce años, y desde el de 1854, en el "Diario de la Marina" de aquella capital.' '(2) Revista quincenal que se publica en la Coruña desde el año 1860 donde se incluyen muchos trabajos de la distinguida escritora.' '(3) Nombre con que Virginia firma sus obras y es el segundo de pila'.

30. PANXOLIÑA DE NADAL.

AC, pp. 349-351. Asinado 'Francisco María de la Iglesia'.

31. O PASO DA PORTA SANTA.

AC, p. 409; tamén en GRUR, III, nº 19, 1^o.X.1862, p. 301-302, versión preferida aquí por corrixir as erratas da anterior e levar ademais as seguintes notas: v. 28 '(1) Prescindimos de la verdadera escritura de este chapurrado hablado en tales circunstancias por el deseo de los peregrinos por darse a entender de todos'; v. 46 '(2) Fuente mineral situada en la calle de su nombre al SO. de la Catedral y contigua a la capillita de Santiago, lugar donde la tradición dice que estuvo oculto el cuerpo del santo Patrón de las Españas hasta que por divina revelación fue descubierto por el venerable Teodomiro, obispo de Iria Flavia (Padrón). En esta capillita, en forma de bóveda, sin otra luz que la natural que entra por la puerta o reja de hierro que la cierra, se decía la misa del alba el día del vencedor de Clavijo y las Navas; y en su pavimento e inmediato a la reja existe hoy un hoyo cuadrangular del que mana agua a la cual la fe y devoción de los fieles le atribuye la especial propiedad de curar las enfermedades de los ojos. Mucho nos duele que la fábrica de la sagrada basílica no se cure más del aseo y culto de tan venerable lugar'; v. 47 '(3) Sequelo, fuente situada en una calle que desde el extremo de la Rúa Nueva, al SE. de la Catedral, da subida al Castro de Lobio. En ella se veneraba la antiquísima imagen de la Virgen de la Leche en actitud de dar de mamar al Niño Dios, la cual era alumbrada con aceite por la gran devoción que le profesaban las madres de familia, a fin de que las librase de las enfermedades de los pechos y les concediese abundancia de leche para alimento de sus tiernos hijos./Esta fuente ha sido destruida por orden del

Ayuntamiento con el objeto de regularizar la calle que fue construida por los años de 1846 a 1848 sin que dicha reforma haya mejorado nada ni su alineación ni su gran declive; habiendo pasado la citada imagen a poder de un particular que la conserva por devoción sin que este vecino de la misma calle presuma tal vez que conserva en su casa uno de los monumentos arqueológicos que cuenta con muchos siglos de existencia./Tanto a esta fuente como a la anterior, ambas minerales, solían concurrir a lavarse los peregrinos antes de ir a vestir la Cruz dos Farrapos, situada en los tejados de la Catedral, la ropa nueva de peregrino que se les entregaba en cambio de sus vestiduras desgarradas en el transcurso de su penitente peregrinación, las cuales se dejaban allí en un gran pilón de piedra'; v. 51 'Ou *lenguateiros*, confesores intérpretes de lenguas sostenidos con fondos de la mitra'. Asinado 'Francisco María de la Iglesia'.

32. CANTAR DOS NOSOS MENIÑOS Ó XOGAR Á PITA CEGA.

AC, pp. 424-425. Asinado 'Francisco María de la Iglesia'.

33. SANTIAGO.

AC, pp. 427-428. Asinado 'Francisco María de la Iglesia'.

34. VINDE.

AC, pp. 428-429. Asinado 'Francisco María de la Iglesia'.

35. O ORFIÑO DA ARQUIÑA.

AC, pp. 432-434; tamén en GRUR, III, nº 21, 1º.XI.1862, pp. 331-332, versión seguida aquí. Asinado 'Francisco María de la Iglesia'.

36. A MUIÑEIRA DAS FILLAS DA AURORA.

AC, pp. 439-440. No exemplar que foi do poeta hai estas dúas notas da súa man, a lapis: baixo o título 'A las niñas de Calé en Osedo', e ó final '1861'. Asinado 'Francisco María de la Iglesia'.

37. SUBAMOS NIÑAS AL BOSQUE.

C 103/15 borrador ms. a lapis relacionado coa composición anterior.

38. EN EL CAMPO DE LOS FECHOS.

GRUR, III, nº 23, 1º.XII.1862, p. 368. Asinado 'Francisco María de la Iglesia'.

39. UNA HORA DE AMARGURA.

GRUR, V, nº 2, 15.I.1864, p. 26. Asinado 'Francisco María de la Iglesia'.

40. SEGUNDA CANTARELA DE NADAL.

GRUR, V, nº 2, 15.I.1864, p. 32. Asinado 'Francisco María de la Iglesia'.

41. A ... D. CIPRIANO SEVILLANO.

GRUR, V, nº 10, 15.V.1864, p. 161. Asinado 'Francisco María de la Iglesia'.

42. LA ORACIÓN DE LA AURORA.

GRUR, V, nº 12, 15.V.1864, pp. 188-189. Título completo: 'Una página/de el ramillete

infantil/Opúsculo moral para la educación de las niñas/por/Don Francisco M. de la Iglesia y González. Capítulo III'.

43. EL ASEO.

GRUR, V, nº 12, 15.V.1864, pp. 194. Malia non levar indicación algunha, parece formar parte do anterior *Ramillete* para a educación das nenas. Asinado 'Francisco M. de la Iglesia'.

44. LA CASTIDAD.

GRUR, V, nº 12, 15.V.1864, pp. 194. Pódese considerar tamén parte do *Ramillete*. Asinado 'Francisco M. de la Iglesia'.

45. A ... D. JOSÉ MARÍA ABELLA.

C 102/52; ms. con correccións entre liñas; v. 7 escrito a lapis no lugar do riscado 'No honrase esa diadema'; v. 13 'Sólo hiere mi alma la injusticia'; v. 17 'Es fácil para honrar a quien la adora'; v. 24 'Que a honrar sois y sereis de los primeros'; v. 29 'Pues sé que nunca os falta iniciativa'; v. 34 'Sus calles'; vv. 37-40 toda a estrofa á marxe e a lapis. Tamén a lapis:

'Alfonso el de la paz hoy lo confiesa (riscado)
Pero dejad la envidia ignominiosa
Que mengua fuera descendiese a ella
Quien lleva sangre altiva y generosa
Del bravo e ilustre Berenguer de Abella.

D. Berenguer de Abella, general de las armas del Sr. Rey D. Pedro cuarto de Aragón, a quien sirvió con gran acierto y valor sosegando las alteraciones de los aragoneses que tenían con los catalanes./D. Bernardo de Abella Cardenal de la Stª Iglesia romana creado año de 1309 con el titulo de Rodas./D. Frey Ferrer Abella, religioso del Orden de Stº Domingo, creado obispo de Barcelona por la Santidad de Juan 22 y como prelado de aquella Iglesia se halló a la traslación del cuerpo de Stª Eulalia en 10 de agosto de 1309'. Asinado 'Francº Mª de la Iglesia'.

46. SONETO.

GRUR, V, nº 21, 1º.XI.1864, pp. 326. As catro composicións que seguen van reunidas baixo o título 'Poesías de la Coruña en las fiestas por la adjudicación del ferro-carril gallego'; a sinatura - 'Francisco María de la Iglesia' - vai ao pé da derradeira.

47. EL VAPOR.

GRUR, V, nº 21, 1º.XI.1864, pp. 326.

48. A GALICIA.

GRUR, V, nº 21, 1º.XI.1864, pp. 326-327.

49. A D. FRUTOS SAAVEDRA MENESES.

GRUR, V, nº 21, 1º.XI.1864, pp. 327-328. A *Oda* foi lida polo seu autor na velada do Circo de Artesanos da Coruña en honor de Frutos Saavedra, o 9 de outubro de 1864: v. F. ESTRADA CATOYRA, *Contribución a la historia de La Coruña. La Reunión recreativa e instructiva de artesanos en sus ochenta y tres años de vida y actuación*, RRIA, La Coruña, 1986, pp. 66-67.

50. ¡OUH ILUSTRE SAAVEDRA! ¡BON VIAXE!

GRUR, V, nº 21, 1º.XI.1864, pp. 328-329.

51. LAS DELICIAS DEL RÍO MERO.

GRUR, V, nº10, 15.V.1864, pp. 156-157.

52. A SOLAS.

PLACER, pp. 53-54.

53. REISIÑOL.

PLACER, pp. 55-56.

54. OS AIS D'UN SCRAVO.

PLACER, pp. 66-69.

55. EL AMIGO DEL LABRADOR.

El Herculino. Almanaque político y literario de Galicia para 1869, V. Abad, Coruña, 1868, pp. 175-186. Folleto en Poio, 7/7/24. Cada copla vai seguida dun comento en prosa titulado *Prácticas*, con consellos para a horta, xardín e arboricultura. Asinado 'Francisco M. de la Iglesia'.

56. ES DE NOCHE: LAS ESTRELLAS...

C 102/71, fragmento ms. sen título.

57. ABRIDE AS VENTANAS.

PLACER, pp. 48-50.

58. ¡VEN TI, SANTA ESPERANZA!

"El Domingo", 18.IX.1881, nº 45. En Poio hai un recorte imp. anotado de man do poeta, a lapis esvaído: 'S'a yalma está cansada/De triste (=rexo) batallar/Tí salferida almohada/Lle das no seu pesar'. Asinado 'Francisco María de la Iglesia'.

59. EL VAPOR.

Ms. na C 103/20.

60. VILLANCICO.

C 103/22. Ms. Asinado 'Francº de la Iglesia'.

61. EL GRITO DE LAS TUMBAS.

C 102/82, ms.

62. ABONDA DE DORMIR, ÑA NAI GALICIA.

C 103/30. Fragmento ms. no reverso dunha folla de papel timbrado da Escola Normal de Maestras da Coruña; a lapis: 'Por Marzo de 1872'. No v. 4 hai a nota (1), sen texto; v. 5, riscado 'nos tempos idos'; v. 11 'libre'.

63. ¿EN QUÉ PENSAS, ALMA MIÑA?

C 102/68, fragmento ms. a lapis.

64. BRILLE LA CIENCIA.

Folla solta impresa en papel azul, Coruña 1873, Imp. Galaica; en Poio. Asinado 'Francisco de la Iglesia'.

65. LOOR Y GRATITUD A LOS PROTECTORES DE LA POPULAR INSTRUCCIÓN.

Folla solta, 'Coruña 2 de julio de 1873, Tip. Galaica, 1873', en Poio. Asinado 'Francisco M^a de la Iglesia'.

66. Ó MEU AMIGO O DEREUTOR DO DIARIO "O TELEGRAMA" DA CRUÑA.

Imp., retallo dun xornal, en Poio. Director de "El Telegrama" era Vicente Abad Torregrosa. É unha de tantas cartas en verso das que gustaba o poeta: no A. S. de la I. hainas para os fillos, amigos e parentes.

67. Ó MEU ESTIMADO AMIGO ... D. MANUEL SALA E BARBA. CARTA PRIMEIRA.

Imp., retallo da sección *Variedades* dun xornal, en Poio. Algún dato sobre Sala y Barba en A. COUCEIRO FREIJOMIL, *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, Bibliófilos Gallegos, Santiago de Compostela, 1953, III, pp. 274; hai poesías súas en *Album literario*, s.f., RAG F 7909. Asinado 'Francisco M^a de la Iglesia'.

68. Ó MEU AMIGO D. MANUEL SALA E BARBA. CARTA SEGUNDA.

Ms. en Poio. Asinado 'Franc^o M^a de la Iglesia'.

69. O ORFO. TRADUCCIÓN DO CASTELLANO.

Impr., retallo dun xornal, en Poio. Destes exercicios de tradución no estilo setecentista é tamén *A caída das follas*, do mesmo autor, nº 79 da presente escolma.

70. MARGARIDIÑA BAIXO O CASTAÑO DO AMOR.

Imp., retallo dun xornal, en Poio. A composición, numerada con I, é a primeira dunha serie sobre a guerra carlista; apareceu na sección *Variedades* baixo o epígrafe *Ecos gallegos*; acompañábaa a seguinte nota, recortada do mesmo xornal e encolada co demais: "Recomendamos muy mucho la lectura de la que insertamos hoy en la sección de *Variedades*, así como otras que publicaremos del mismo autor y que serán continuación de ésta porque además de las bellezas literarias que encierran son un hermoso cuadro de actualidad cuya lectura quiera Dios que ablande el corazón de los autores de tanto desastre como hace tiempo aniquilan a nuestra desgraciada nación". Marrando outras datas, séguese a orde na que foron encadernadas. Asinado 'Francisco M^a de la Iglesia'.

71. ¡ADIOS! CARTA DE SIDRE A MARGARIDA. Ó ESCLENTÉ LITERATO E BON FILLO DE GALICIA T. VESTEIRO TORRES.

Imp., retallo dun xornal, en Poio. Leva o nº II na serie *Ecos gallegos* sobre a guerra civil. Ao final e a man: '16 de Octbre. 1875'. Na conmemoración do centenario do nacemento do poeta o máis novo dos seus fillos comentaba así aquela transposición literaria de vivencias fondamente sentidas por todos os españois: "La guerra civil, al darle la visión apocalíptica de Abanto, San Marcial, Las Muñecas ..., le hace cumplir como un deber el sagrado rito de un

romance, un soneto, una plegaria o un grito para calmar la rabia en los pechos gallegos, o despertar el sentimiento cristiano en los hermanos que se acometían y destrozaban”: Alfredo de la IGLESIA, *A la Real Academia Gallega en el centenario del nacimiento de mi padre. Velada celebrada el 8 de febrero de 1927*, en A. S. de la I. Asinado ‘Francisco M^a de la Iglesia’.

72. ¡Ó NÒRTE!

Retallo impr., en Poio. É o n^o III da devandita serie *Variedades. Ecos gallegos*. Ao final, e á man ‘26 de Octubre. 1875’. Asinado ‘F. M^a de la Iglesia’.

73. A MUIÑEIRA DA PAZ.

Retallo impr., en Poio. Leva o n^o IV da serie. Ao final e a man ‘26 de 8bre. de 1875’. Asinado ‘F. M^a de la Iglesia’.

74. Ó PE DO LAR.

Retallo impr., en Poio. N^o V da serie. Asinado ‘Francisco M^a de la Iglesia’. Baixo ese mesmo título anunciábase en 1886 a inminente publicación dun libro de poesías na Biblioteca Gallega de Latorre y Martínez que non debeu de chegar ao prelo: cfr. “La Ilustración Coruñesa. Ciencias, Letras, Artes”, I, n^o 1, 15.IV.1886.

75. O EMBARQUE DE PEPIÑO.

Retallo imp., en Poio. N^o VI da serie. Ao final e a lapis ‘4 de Novbre. de 1875’.

76. O CRUCEIRO DO LUGAR.

Retallo impr., en Poio. É o VII da serie. Ao final, a man ‘6 de Noviembre de 1875’. Asinado ‘Francisco M^a de la Iglesia’.

77. A TORRE DE FIGUEROA OU O TREBUTO DAS CEN DONCELLAS.

“El Anunciador” 14.XI.1875, n^o 4794; retallo da sección *Ecos gallegos*, en Poio. Nota ao título de man do autor: ‘Vindicación del honor gallego ofendido en la zarzuela de D. Rafael García Santisteban titulada *El tributo de las cien doncellas*, musica de Barbieri repetida por 2^a vez en este teatro el 7 de Novbre. último y que no pudo terminarse a causa de haberse alborotado el público asistente al comenzarse el 3er acto de tal modo que a poco ocurren desgracias, llegando a invadir el público el escenario y los actores el patio; alboroto que se agravó mucho más por haberse suscitado con tal motivo un incidente particular entre D. Arcadio Vilela y D. José Millán Astray Director del periódico dominguero ‘La Muiñeira’. Su autor, en medio de su grotesca bufonada, revela desconocimiento completo de la verdad histórica del hecho que localiza en la raya asturiana, así como de la índole de la lengua gallega y de nuestras costumbres. En cambio, consiguió convertir nuestro Coliseo en un campo de Agramante en la citada noche. Sírvale pues de correctivo nuestra sincera protesta, con la cual abrimos un periodo de discusión si el Sr. Santisteban se dignase contestar a nuestro apóstrofe, a fin de esclarecer este punto histórico que tanto enaltece el espíritu hidalgo e independiente de los hijos de la tan ofendida como desconocida Galicia por los que más blasonan de escritores ilustrados’; v. 54 ‘(1) San Marcelo, Santa Primitiva y San Segundo. De sus descendientes nació más tarde San Rosendo’; v. 90 ‘(2) Seus hirmaus’; v. 94 ‘(3) Fillo de Abderrahman terceiro’; v. 99 ‘(4)Peito Burdelo’; v. 297 ‘(5) Esposos y santos que venera la Iglesia universal cristiana’. Asinado ‘Francisco M^a de la Iglesia. 13 de nov. De 1875’. Aplícase aquí á reconstrucción novelada da historia patria a acreditada técnica mnemónica do romance.

78. A ESCENA PASA NA CÁMARA DA TORRE DE SARANDÓNS ...

C 102/72. Fragmento ms. dunha peza teatral relacionado co texto anterior, sen data; vv. 95-99: riscada a estrofa enteira.

79. A CAÍDA DAS FOLLAS.

Impr., retallo da sección *Varietades. Ecos gallegos*, en Poio.

80. O INVERNO.

Impr. retallo da sección *Varietades. Ecos gallegos*, X, en Poio. Asinado 'Francisco M^a de la Iglesia'. Forma e esprito arrecenden ao XVIII, ao Meléndez Valdés presente na biblioteca do autor.

81. AS DOZURAS DO CAMPO.

Impr. retallo de *Ecos gallegos*, XI, en Poio. Á man: "El Anunciador". Nota ao pé: "Por falta de acentos graves van muchas palabras sin acentuación que podrán suplir los inteligentes en esta clase de lectura"; v. 4 corrixido a man 'Do mundo'; v. 45 corrixido a man 'azucrado'. Asinado 'Francisco M^a de la Iglesia'. Soidades da vida rural baixo o sino de Fr. Luis de León.

82. A DANZA DAS CANDEAS.

Impr., retallo de *Ecos gallegos*, en Poio. Asinado 'Francisco M^a de la Iglesia'.

83. GRATITUDE PRA OS HÉROES DE ARRATSAÍN E MENDIZORROTZ.

C 102/81, ms. Asinado 'Francisco M^a de la Iglesia'.

84. N'AFOGUES, NORTE, N'AFOGUES ...

C 102/106; fragmento ms. sen data, referido á guerra carlista.

85. AL SR. D. RAMÓN PÉREZ COSTALES.

C 103/42, ms. Ao final, riscado 'Coruña 11 de julio de 1876'. Asinado 'Franc^o M^a de la Iglesia'. Hai outra versión na C 102/83 titulada '¡Guerra a la ignorancia!/Al ex ministro de Fomento/Don Ramón Pérez Costales/fundador de una escuela de párvulos/Soneto', datada 'Coruña, 29 de junio de 1876' e asinada 'F. M^a de la I.', con estas variantes: vv. 3-4 '¡Oh! ciego es quien no ve su ceño airado/Y su mirar procaz y petulancia! ...'; vv. 8-9 'Y muere el pensamiento aletargado/En torno de su vil fétida estancia'; v. 9-10 'Para hundir a ese .../Que por desdicha nuestro bien desvela'; v. 12-14 'Prez, Costales, a ti que centinela,/Con empeño envidiable y generoso/Ejemplo al mundo das con esta escuela'.

86. A MUIÑEIRA.

PLACER, pp. 44-47.

87. MIÑA HIRMANCIÑA QUERIDA.

C 103/42. Fragmento ms. a lapis no reverso do soneto a Pérez Costales. Correccións a lapis: v. 6 'Que non chegan'; v. 12 'Com'o das pasas de Málaga'.

88. AL TÍO JARINA.

Impr., retallo dun xornal, en Poio. Baixo o título, escrito a man polo autor, 'Corresponsal del Diario de Sant^o e, despois da sinatura, 'Fco. M^a de la Iglesia'. O *Tío Jarina*, afirmara que

nas festas da Coruña se cantara un himno a María Pita diante do Santísimo Sacramento na igrexa de San Xurxo: cfr. “El Anunciador”, 20.VII.1876, *Gacetilla*, que desfai o equívoco. En 16.VII.1876 o mesmo “Anunciador” comentaba as críticas de Santiago ás festas coruñesas e, en troques, a aprobación de Ferrol.

89. GRATITUD AL AMOR PATRIO.

Impr., retallo de *Ecos gallegos*, “El Eco de Galicia”, Habana, I, nº 1, 8.III.1878, pp. 6-7; en Poio. Asinado ‘Francisco María de la Iglesia’.

90. AL SR. D. EDUARDO DÍAZ DE CABRIA.

C 102/25. Ms. Riscado o título orixinario ‘Al inolvidable amigo ...’; no reverso ‘Pues se agotó mi copa/No hay elocuencia/Para inventar coronas/Para las gruesas/Pero en bebiendo/Les brindaré con ramos/De los más bellos’. O amigo Cabria, dono da finca do Portazgo, era cuñado de Paquita Vilela, que posuía o pazo d’Almeiras, moi queridos lugares de lecer. Asinado ‘Franc^o M^a de la Iglesia. Portazgo 13 de octubre de 1877’.

91. LA SALIDA DEL SOL.

Impr., retallo da *Sección poética* de “El Anunciador”, en Poio. Este soneto e mailos seguintes, tamén retallados, están encolados xuntos. Asínaos ‘Francisco M^a de la Iglesia’.

92. ¡SERÁ POSIBLE!

Impr., en Poio.

93. EL PRESUNTUOSO.

Impr., en Poio. Encolado xunto con este soneto hai un retallo doutro xornal con indicación ms. da procedencia (“El Telegrama. Diario de la Coruña” nº 1536?, 24 de novembro de 1877) que di: ‘¿Han visto ustedes en “El Anunciador” dos bellísimos sonetos suscritos por D. Francisco María de la Iglesia? ¿No es verdad que son preciosos? A mí, al menos, me han gustado. Y, cuidado, que su autor no es santo de mi devoción. Por sus ideas, se entiende. Que, por lo demás, es decir como poeta, es un hombre a quien tengo por precisión que rendirle culto. ¡Lástima que el bueno de D. Francisco sea tan aficionado a escribir en el dialecto del país ...! ¡Y no nos deje saborear más a menudo sus producciones castellanas!’.

94. ¡VENGA MI LIRA!

C 103/65, ms. en tinta morada, título riscado: ‘¡Allí respiro!’; numerosas correccións a lapis; v. 2 ‘pensil’; v. 12 ‘de dormido vuelo’. Asinado ‘Franc^o M^a de la Iglesia’. Cfr. variacións no nº 99.

95. ¡POBRE PASTORA!

Impr., retallo da *Sección poética*, en Poio. Na C 97/23 hai tres borradores ms. (un datado 27.IV.1877) con variantes: v. 2-3 ‘Sin pesar ni ambición, sin más temores/Que no alcanzar’; v. 3 ‘Mi pecho no sintiera’; id. ‘Mi dicha y mis ensueños seductores/Hijos eran del canto y de las flores,/Y del bello arbol de la montaña’; v. 8 ‘furia’, ‘fuerza’; v. 9 ‘ancha y luciente’; v. 10 ‘apariciones’; v. 11 ‘a ellos me arrastró’; v. 12-13 ‘Divinas las creí. Deseo ardiente/A ellas me arrastró con mil ficciones’; v. 13 ‘de la maldad vi la creciente’; id. ‘vicio’; v. 14 ‘Y herida me volví sin ilusiones’. Asinado ‘Francisco M^a de la Iglesia’.

96. EL SABER ES LUZ.

Impr., retallo da *Sección poética*, en Poio. Asinado 'Francisco M^a de la Iglesia'.

97. EPIGRAMA.

Impr., retallo da *Sección poética*, en Poio.

98. NON FAGAS MAIS VERSOS, XAN.

C 102/83, ms.

99. HIJA DEL CIELO.

Impr., retallo da *Sección poética*, en Poio. Hai ms. na C 133/13 co subtítulo 'A mi amigo Salvador Golpe' en vez de 'Soneto' da versión impresa. Variantes: v. 3 'el patrio suelo'; v. 9 'Y en gayas'. Asinado ao reverso 'Francisco M^a de la Iglesia'.

100. ¡DESPIERTA, GALICIA!

Impr., retallo da *Sección poética*, en Poio. Asinado 'Francisco M^a de la Iglesia'.

101. LUCHA CIVIL.

C 102/96, ms. asinado 'Franc^o M^a de la Iglesia'. Versión impr. nun retallo da *Sección poética*, en Poio.

102. HE AQUÍ LO QUE ES EL MUNDO.

C 102/85, ms.; v. 12 entre liñas 'quien del mundo' en vez de 'el que su afecto le retira'; transformo en 'se' o pronome 'le', non corrixido polo poeta. Marra un verso que non altera o sentido xeral. Asinado 'Franc^o M^a de la Iglesia'.

103. ¡ESPERAD ...!

Impr., retallo da *Sección poética*, en Poio. Asinado 'Francisco M^a de la Iglesia'.

104. ¡PROTECCIÓN!

C 102/130, ms., asinado 'Francisco M^a de la Iglesia'.

105. AL CORRER DE DIEZ LUSTROS, COMPLACIDA.

C 102/19, borrador con moitas riscaduras, adicado ao Dr. Casares, reitor da Universidade santiagouesa de 1870 a 1888 . Asinado 'Franc^o M^a de la Iglesia'.

106. LA LEY ¿ES LEY?

Impr., retallo da *Sección poética*, en Poio. Asinado 'Francisco M^a de la Iglesia'.

107. A LA DIVINA PASTORA.

C 103/27, ms. en tinta morada. Asinado 'Francisco M^a de la Iglesia'.

108. ¿ES LIBRE LA VERDAD?

Impr., retallo da *Sección poética*, en Poio. Asinado 'Francisco M^a de la Iglesia'.

109. IMPOTENCIA DEL ORO.

Impr., retallo da *Sección poética*, en Poio. Asinado 'Francisco M^a de la Iglesia'.

110. ¡VIRILIDAD!

Impr. retallo da *Sección poética*, en Poio. Asinado 'Francisco M^a de la Iglesia'.

111. ¿POR QUÉ LUCHAR?

Ms. En C 102/125 hai un exemplar completo da composición cuxo inicio (vv. 1-24) se atopa tamén en C 102/126 e que se reproduce aquí a continuación. Variante dese fragmento: v. 9 'me ha pintado'. Asinado 'Franc^o M^a de la Iglesia'.

'A Jorge Manrique

Pues mira, te equivocaste.
No acaba todo la muerte
 Jorge amigo,
No todo lo que esperaste
Aunque en polvo se convierte
fue contigo
Pues si han de ser acabados
Hombres y objetos diversos
 y abatidos
Jamás serán olvidados
Estos tus melífluos versos
 tan leídos
Pues mientras haya en el mundo
Españoles ilustrados
 y lectores
Tu pensamiento profundo [... sic]

112. LA PAZ, BIEN SUPREMO.

Impr., retallo da *Sección poética*, en Poio. Asinado 'Francisco M^a de la Iglesia'.

113. HONOR A LA ANCIANIDAD.

Impr., retallo da *Sección poética*, en Poio. Asinado 'Francisco M^a de la Iglesia'.

114. ¡DIOS T'ACOMPÑE, RULIÑO!

Imp., "El Eco de Galicia", Habana, I, n^o 16, 1.VII.1878, p. 5. Asinado 'Francisco M^a de la Iglesia'. Motivo ocasional da poesía foi a marcha a Valparaíso do fillo Marcial, moi noviño.

115. HIMNO EN LA INAUGURACIÓN DE LA EXPOSICIÓN LOCAL DE LA CORUÑA.

C 101/30, ms. Verbo da intensa campaña a favor das Exposicións locais inzada por Antonio e Francisco de la Iglesia en "El Anunciador" nos anos 1876 e 1878 cfr. os documentos sobre Xogos florais en RAG, Fondo De la Iglesia, aínda sen signatura, e M. R. SAURIN DE LA IGLESIA, *A., F. y B. de la Iglesia . . .*, cit. pp. 147-150.

116. DE LA EXPOSICIÓN EN LA CORUÑA.

C 102/55, borrador a lapis no reverso dun folio timbrado 'Escuela Normal de Maestras de La Coruña. Curso de 186 ... a 186 ...'.

117. LA CRUZ REDENTORA.

Impr., retallo da *Sección poética*, en Poio. Asinado 'Francisco M^a de la Iglesia'.

118. DEL ENEMIGO EL CONSEJO.

Impr., retallo da *Sección poética*, en Poio. Asinado 'Francisco M^a de la Iglesia'.

119. EL SABIO.

Impr., retallo da *Sección poética*, en Poio. Asinado 'Francisco M^a de la Iglesia'.

120. DESCÓCHESE. ZANFONEIRO DO REPOLO.

Impr., retallo da *Sección poética*, en Poio. Como as catro composicións que seguen, *divertissement* e polémica miuda con adversarios de loitas literarias. Asinado 'Farruco d-a Igrexa'.

121. ¡NON AXEITAS!

Impr., retallo da *Sección poética*, en Poio. Asinado 'Farruco d-a Igrexa'.

122. ¡MAL POCADO! FROLEOS

Impr., retallo da *Sección poética*, en Poio. Asinado 'Farruco d-a Igrexa'.

123. ¡PASO AL COMERCIO ENMASCARADO! A PEPE

Impr., retallo da *Sección poética*, en Poio. No v. 24 hai restos dunha Nota desaparecida ao encadernar. Acaba con 'Hasta otro día. Se continuará'. Asinado 'Farruco d-a Igrexa'.

124. AL COMERCIANTE EMBOZADO.

Impr., retallo da *Sección poética*, en Poio. Asinado 'Farruco d-a Igrexa'.

125. ¿A QUÉ VIN EU A CASTILLA?

Impr., retallo da *Sección poética*, en Poio. Asinado 'Farruco M^a da Igrexa'.

126. A LOS HÉROES CORUÑESES DE 1589.

Impr., retallo da *Sección poética*, en Poio. Asinado 'F. de la I'.

127. DESENGAÑO E SOEDADES.

Impr., retallo da *Sección poética*, en Poio. Reprodúceo PLACER, pp. 58-62, co título Soedades, adicado a Xosé María Ballesteros e datado 15 San Xoan 1879. Variantes de PLACER: v. 11 'Parece o albre'; v. 12 'C'os'; v. 24 'C'as'; Placer elimina os vv. 25-32; v. 34-35 'Xa non irei mais - me dice/pol-os roleiros brincando'; v. 39 'dos albres'; v. 44 'stralos'; v. 55 'baixo d'algún castiñeiro'; v. 56 'ou dos bidueiros'; v. 68 'pendóns'; v. 79 'gómito'; v. 81 'no remedia pronto'; v. 84 'debaixo dos desengaños'; v. 85 'nai Galicia!'; v. 91- 'Xa que nos decote esposos/a mais non nervos estamos.'; os vv. 93-96 faltan en PLACER. Asinado 'Francisco M^a da Igrexa'.

128. LOS HIJOS DE ORFEO.

C 102/88, ms.; o título empeza 'Al Sr. D. Pascual Veiga y ... [sic]'. Asinado 'Franc^o M^a de la Iglesia'. Hai outro borrador na C 97/23 titulado 'Al inspirado maestro D. Pascual Veiga, Director y fundador del laureado Orfeón coruñés, y a los entusiastas individuos de esta distinguida sociedad coral, como prueba de merecida consideración y afecto', letra moi coidada; correccións a lapis: v. 8 'excelsa'; v. 11 'cielo'; v. 12 'acordes'; v. 13 'mostremos'; v. 'fugaz'; v. 14 'numen'; v. 17 'Bélicos himnos/del héroe cantemos'; v. 19 'Preces y lauros/al cielo elevemos'; v. 20 'al vívido amor'; v. 21 'los fieros rigores'; v. 23 'perennes fulgores'; v. 24 'preciado laurel'.

129. DELIRIO DUNHA NAI.

"Revista de Galicia", nº 17, 17.IX.1880, pp. 283-284. Nota ao pé: 'Esta composición ha sido inspirada por la actual legislación de Reemplazo del Ejército, que exige el reconocimiento del padre natural para que el hijo pueda eximirse del servicio'. Comentaba Alfredo de la IGLESIA SANTOS, loc. cit.: "... la despiadada legislación contra los hijos de solteras le inspira sus poéticas sentidísimas Cartas de Sidre a Margarida, que llegaron a las alturas del Poder y tal vez produjeron la derogación de tan impensado como injusto decreto".

130. SOÑO E DESVELOS.

"La Ilustración Gallega y Asturiana", II, nº 32, 18.XI.1880, p. 397. Reproduciuno "El Domingo", I, nº 2, 21.XI.1880, p. 2, co título 'Seu soño d'amor/ Cantarela' e as seguintes variantes: v. 1 'Xilgariños'; v. 2 'N'os aires ceibando'; v. 4 'do voso dolo'; v. 6 'Das almas sinxelas'; v. 15 'sedeiras'; v. 16 'Mais ¡parál!'; v. 17 'Un nome'; v. 22 'Cal anxo da garda'; v. 24 'pra tí'; v. 'Soña mais'; v. 26 'Deténens'as bágoas e embóutas'o dor'; v. 26 'E abondo'; v. 27 'A cantos espertan d'un'.

131. ¡AI, Q'AFIADAS!

C 102/17, ms. Cfr. a reelaboración do nº 145.

132. ¡Ó GRAU, Ó GRAU!

PLACER, pp. 73-74.

133. COPRAS.

PLACER, p. 79.

134. EL COLUMPIO.

A. S. de la I., ms. Homenaxe a Georgina de la Iglesia y Santos, a filla mais nova do poeta, nada en novembro de 1873, que máis tarde recollería no seu álbum outros versos do pai. Na C 97/23 hai máis esbozos deste xénero de composicións - romanzas, barqueirolas e cancións de salón - relacionadas cos seráns do verán nas fincas de amigos na bisbarra coruñesa. Un exemplo: 'Chega Silfe amorosa/Dos meus ensoños/Galanados de rosa/Sempre risoños/Sol sin semello/Dam'a luz dos teus ollos/Da gloria espello./Diana pura, ven/Ven sin tardar.../O poder destas sombras/Cos teus olliños a disipar'; ou 'Lazos d'amore/I/Prendéndome os teus brazos/No baile, casta rula,/¡Qué dichas acumula/O teu candor en min!/Alí non hai recordos/Que veñan a magoarme...'; ou 'Mirando estou par'a luna/Miña nena/Mirando estou coma un bobo/Para ela'; ou 'Gentil barquilla no/No bogues más,/Vuélvete a la orilla/Que está irritado el mar.' Asinado 'F. de la I'.

135. A ESTRELA CRUÑESA.

“El Domingo”, I, nº 7, 26.XII.1880, p. 4. Asinado ‘Francisco María de la Iglesia’. Trátase da famosa alborada musicada polo Mestre Veiga. Nota ao título: “Esta Alborada foi estrenada no amanecer do día 11 d’agosto polo Orfeon Brigantino da Cruña diante da casa do Sr. Alcalde de Santiago de Compostela e repetida por segunda vez o día 15 no Eden de Pontevedra”. Co título ‘Alborada’ consérvase un orixinal autógrafo no A. S. de la I., no reverso de media cuartilla de loito. Variantes: v. 9 ‘alumea’; v. ‘Y ó remanso’; v. 23 ‘Non hay aurora’. Na RAG, Fondo Veiga, 228/1.1, e xunto coa partitura, hai un exemplar ms. da mesma poesía, letra de Francisco. Ivi 228/1.5 hai dous exemplares impresos da letra. O éxito da composición fixo dela peza obrigada de todos os concertos orfeónicos e a súa popularidade persistiu deica hoxe. Murguía negou de plano a autoría tanto do músico como do poeta: “[oí muchas alboradas en mi niñez ... y] así le pasaba también a aquélla a quien Galicia le debe tantos consuelos. Antes que nadie presentó ella al cariño de los suyos la alborada que hoy apellidan de Veiga sin que haya para ello el menor motivo (1: No queremos ofender la memoria de Veiga, pero es justo que se sepa que ni él lo dijo ni fue autor de la Alborada que se le atribuye. Baste saber que este notable músico nació en 1846, época en que el autor de estas líneas estaba cansado de oírla a los gaiteros compostelanos. En los *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro, impresos por primera vez en 1863, llamó ya su autora la atención sobre tan sencilla como pura hija del elemento popular, y la dotó de la letra que corre desde entonces unida a ella, como dos hermanas gemelas. Por aquel tiempo todavía Veiga no había cumplido sus veinte años”]: M. MURGUÍA, *Nuestra música ancestral. La alborada*, en “Almanaque Gallego” de Castro López, R. Radaelli, Buenos Aires, 1915, pp. 27-28. Quizais a esas alturas da súa vida o atrabiliario crítico esquecera que os mecanismos exemplarmente practicados por Rosalía fixeran xa daquela música tan popular un ben común a disposición da inspiración colectiva que, ao pasar de man en man, se transforma e enriquece con cada engadido individual.

136. COITAS D’ANDRUCO. Ó NOITECERE.

“El Día de Fiesta”, I, nº 4, 27.XI.1881, p. 8. Erros corrixidos a man polo autor. Asinado ‘Francisco de la Iglesia González’. Atópase tamén nun retallo en Poio.

137. ¡HASTR’Ó FIN!

“El Domingo”, I, nº 15, 20.II.1881, p. 6. Na C 102/521 hai unha composición en castelán co mesmo título e diferente contido datada en 1890. Asinado ‘Francisco María de la Iglesia’.

138. ¡TEN DOR DE MIN!

C 103/60, ms. Asinado ‘Franc^o M^a de la Iglesia’.

139. O CAZADOR.

Impr., en Poio. A man: “El Domingo” Periódico de la Coruña”, Marzo 13 de 1881’. Asinado ‘Francisco María de la Iglesia’.

140. A FADA DOS CAMPOS.

“El Domingo”, I, nº 19, 20.III.1881, p. 6. PLACER, pp. 24-26, fai correccións que non recollo por parecerme trabucadas (por ex., v. 5 ‘vin’ en vez do orixinal ‘oín’, ou v. 19 ‘esparguer’ en vez de ‘esparxer’). Asinado ‘Francisco María de la Iglesia’.

141. A SEGA.

“El Domingo”, I, nº 23, 17.IV.1881, p. 3. Asinado ‘Francisco María de la Iglesia’.

142. POIS XA Q'O DIXO BRAS ...

"El Domingo", I, nº 24, 24.IV.1881, p. 3. Asinado 'Francisco María de la Iglesia'.

143. PRÉSTALL'AS CONCHAS.

C 102/128, ms.

144. PRANXIDEIRA É A GAITA.

C 355/76, ms.

145. CANDO TI SOLTAS DA TUA GORXIÑA.

C 102/128, ms.

146. LAZOS D'AMORE.

"El Domingo", I, nº 26, 8.V.1881, p. 7. Asinado 'Francisco María de la Iglesia'.

147. ¡GALLEGOS, Á NOSA TERRA!

RAG, Fondo Veiga 229/10, Partitura ms. 'Letra de Don Franc^o M^a de la Iglesia. Musica de Pascual Veiga. Tenores 1^o, tenores 2^o, barítonos, baixos'.

148. O MANCO DA PATRIA.

"El Domingo", I, nº 27, 15.V.1881, p. 8. Prefírese esta versión, publicada en vida do autor, á de PLACER (pp. 51-51), que cambia sen xustificación o subtítulo *Romance*, malia que no orixinal esa indicación vaia só ao pé do *motto*, e suprime o estribillo dos vv. 10-11, sen dúbida por parecerlle inconveniente ou subversivo. Asinado 'Francisco María de la Iglesia'

149. ¡VEN E NON TARDES!

"El Domingo", I, nº 27, 15.V.1881, p. 3. Asinado 'Farruco da Igrexa'. Non é doado imaxinar a quen vai dirixido este xogo humorístico sobre a supervivencia de actitudes románticas estilo triste Chactas.

150. CANTIGA A D. PEDRO CALDERÓN DA BARCA.

"El Domingo", I, nº 29, 29.V.1881, p. 5. Nota ao pé do v. 1: (1) 'O de Galicia'. Asinado 'F. M. de la Iglesia'.

151. 'AL INSIGNE DRAMATURGO ESPAÑOL D. PEDRO CALDERÓN DE LA BARCA.

C 102/21, fragmento ms. dun *Himno*, que empeza co Coro na estrofa III e ten as seguintes variantes a lapis entre liñas: v. 4 'Almo exemplo de honor'; v. 5 'pregonan'; v. 6 'Recorriendo'; v. 7 'Prez y hono del hispano'; v. 10 'entre sueños dorados volaste'; v. 11 'En la vida real despertaste'.

152. XOGANDO AS MUSAS PE DO ALTAR UN DÍA.

C 103/68, fragmento ms. en honor de Calderón escrito a pluma; v. 5 'ardía' a lapis; v. 7 incompleto e entreliñas, a lapis.

153. A S. M. D. ALFONSO XII EL ORFEÓN CORUÑES.

C 102/13, ms. Ibid., no reverso deste *Himno* atópase o seguinte 'Diálogo pillado ó voo no jardín d'Herrera/De todolos apartamentos que ten o Ferrol este é o mais recreoso. Ben

pode Sua Maestade arrecrarse nel pois antes non era esto mais que un penascal cascalheiro. Mochacho, mochacho, eu mesmo estou admirado de velo e dou por ben empregados os cartos que me custou o viaxe. De veras que podes creerme.

Boca do demo
Violinista de Samoedo
Cego por adiñidura

¡Jorxe Xan! Grorío de verte
Aledando esta pelra d'España
Rico andexo da nosa potenza
Arco ires da nosa esperanza.
Queira Dios q'a visita d'Alfonso
Cos alentos d'aquel Ensenada
Veña a erguelo do sono en que dorme
Pol as loitas do signo que acaba'.

154. SIÑOR: BEN VIDO SEADES.

C 103/6. Ms. incompleto. No reverso 'Coruña, 5 de junio de 1881'; refírese ao mesmo tema publicado despois en "El Domingo"; v. 55, riscado: 'Onde xa reina un valor?'. Inédito, expresa ben o estado de ánimo que acochou decote conspiracións republicanas, único xeito de cambiar o roteiro político do país: do rexicidio proposto na Logia 66 de Ferrol e impugnado por Santiago de la Iglesia, que formaba parte dela, informou este a N. RIVAS: *Un regicidio frustrado*, en "ABC", 26.XII.1931.

155. SANTIAGO D'ACABALO.

"El Domingo", I, 12.VI.1881, nº 31 (corrixido a man o 1 sobre un 0 da data), p. 3.

156. APOTEOSIS DE CALDERÓN.

Impr., A. S. de la I., Separata s. l. nin d. Título completo 'Apoteosis de Calderón por D. Francisco de la Iglesia González'; nota final ao pé: 'Poesía premiada polo Craustro da Universidade de Compostela, co premio de mil réas, no Centenario de Calderón da Barca'. Sigo esta versión, máis coidada que a de "El Domingo", I, 19.VI.1881, nº 32, p. 8. Rexistro as variantes de esta última: nota ao pé do v. 4: '(1) La jota y las sílabas ge, gi (igualmente que la x, salvo muy raras excepciones) suenan como en francés o en portugués'; v. 32 'ofrescidas'; v. 38 'ideás'. Verbo das celebracións calderonianas santiaguesas informaba Gumersindo Laverde, membro do xurado, a Menéndez Pelayo, o 12.VI.1881: "Esta Universidad ha premiado poesías gallegas en honor de Calderón. Fue idea mía. Quise subsanar el olvido en que dejó la Academia a los idiomas regionales [...] los premiados [Benito Losada y Francisco de la Iglesia] harto mediocres". O fragmento do mesmo tema 'Xogando as musas' ten máis interés polo seu carácter antiretórico. Sobre o sentido nacional hispánico do centenario cfr. J. ÁLVAREZ JUNCO, *Mater dolorosa. La idea de España en el siglo XIX*, Taurus, Madrid, 2001, pp. 445-457).

157. A D. CALISTRO BALLESTEROS.

C 102/2, ms. O título leva a nota (1) pero falla o testo correspondente. Asinado 'F. M. de la Iglesia'. Non sei si chegaría a publicarse esta moderna cantiga de maldicir conservada en borrador, lección de poética en estilo avillanado, resposta vivaz e ofensiva a cuestións de

forma literaria suscitadas polo fallo do xurado a favor de F. de la I. nas celebracións calderonianas. COUCEIRO FREIJOMIL identifica apenas ó inculcado como autor dun himno a María Pita: op. cit., I, p. 12.

158. ¡VEN, FEITICEIRA ...!

“El Domingo”, I, nº 33, 26.VI.1881, p. 8. Asinado ‘F. de la Iglesia González’.

159. A CRIS D’AMOR.

“El Domingo”, I, nº 33, 26.VI.1881, p. 6. Placer, 19-20, suprime o Coro final. Musicouna o Mestre Areal. Asinado ‘F. de la Iglesia González’

160. A GALICIA.

“El Domingo”, nº 34, 3.VII.1881, pp. 2-3. Nota ao pé do título: ‘Composición premiada con accesit nos Xogos frorás de Pontevedra en agosto de 1880’. Retallo do xornal, tamén en Poio, coa indicación ms: “El Domingo” (periódico semanal de la Coruña), julio 3 de 1881; e en PLACER, p. 33. Asinado ‘Francisco María de la Iglesia’.

161. ARREBOLEIRA GALLEGA.

“El Domingo”, I, nº 35, 10.VII.1881, p. 2. Asinado ‘Francisco María de la Iglesia González’. Corrixo o v. 2: ‘autonadas’. A propósito de termos innovadores como arreboleira – e, mais adiante, fontelleira – cómpre subliñar que cando Pondal empezaba a publicar *Gandreiras* en “El Eco de Galicia” (Habana, II, nº187, 22.I.1886), ese título desconcertou ó editor do xornal, que aclaraba: “Ignoramos por qué el autor dio a estos dos pequeños poemas el título de Gandreira, adjetivo de nuestro dialecto que traducido al castellano vale tanto como decir ‘de la planicie inculda, de la estepa’. Quizá quiso condensar en él esa agreste y melancólica poesía que se evapora de la soledad de lo inculdo de nuestras gandrás”. A arreboleira, meditación xurdida do puro pracer estético desatado polas roibas na paisaxe, evoca unha prosperidade material para a esfameada Galicia en todo oposta a fantasmagorías como a da raza triunfadora, compensatorias de frustracións personais ou colectivas.

162. LUZ DE LUZ. LUZ DE LUZ.

Ms., C 103/50. Na C 103/49 hai outro exemplar incompleto nunha folla solta, con estas variantes: vv. 65-67 ‘Paso abrind’a esa esença/Do ser do seu amor, da especie nosa/D’ecels’aitividá, dupl’eisistença’; v. 73 ‘Obra primeira’; v. 75 ‘Poil o qu’enche o infinito’, v. 76 ‘Ou pr’á do sprito’. Ademais, na C 102/15 atópase un longo fragmento numerado co II, asinado ‘Franc^o de la Iglesia González’ e datado, que parece o peche do poema iniciado en C 103/50: recóllese aquí numerándoo co IV e tirando os vv. que se repiten ‘Sexa a luz – dixó Dios –’ ata o v. 100 e seguintes, que din ‘Precisa era esa luz do pensamento/Que no mar do criado nos abisma,/E hastra no mesmo poldro do tormento/Coma devino crisma/Nos da baril alento/Para lograr vivir co pan da idea,/Con seus pranetas d’alumar prestado,/Con suas luas de rolar calmoso/E seus cometas d’alborento rabo;/Entreverados todos,/Sin que na elicoidal dos xiramentos/Hachen trucantes nodos/Como obra inmortal dese Arquiteito/D’asombrosa podencia/Q’o cetno do criar mantén dereito/Sobr’o trono da luz da intelixencia’. No v. 260 engado de meu ‘da’ diante ‘Providencia’.

163. AS HORAS DO DÍA.

“El Domingo”, 7.VIII.1881, p. 2. PLACER, pp. 17-18.

164. ¡VAITE CON TENTO!

“El Domingo”, I, nº 39, 7.VIII.1881, pp. 2-3.

165. A SERPENTE ATRAGUEDORA.

“El Domingo”, I, nº 39, 7.VIII.1881, p. 3. Asinado ‘F. de la Iglesia González’.

166. A SS. MM. D. ALFONSO XII E SUA AUGUSTA E RAYAL FAMILIS.

“El Domingo”, I, nº 40, 14.VIII.1881, p.2. Nota ao pé do v. 28: ‘La jota en todos los casos y las sílabas ge, gi, suenan como en francés’. Asinado ‘Francisco María de la Iglesia González’.

167. ¡FÍATE, XAN!

“El Domingo”, I, nº 40, 14.VIII.1881, p. 7. Ms. na C 102/52; variantes: ‘xoicio’ en vez de ‘juicio’ da versión impresa; v. 10 ‘nun’; v. 11 ‘Do fra por’; v. 16 ‘Deño’; v. 17 ‘La Ruá [sic] de fame morrera’. Asinado ‘F. de la Iglesia González’.

168. ÁS ARTES.

“El Domingo”, nº 42, 28.VIII.1881, p. 8. Música do Mestre Veiga. Tamén en Poio, coa seguinte nota ms. do autor: “El Domingo” (periódico semanal), La Coruña 28 de Agosto de 1881’. Consérvase na RAG, Fondo Veiga 229/28, folla solta, Impr. de Puga. Asinado ‘F. de la Iglesia González’.

169. A STRELA DA FARTURA.

“El Domingo”, I, nº 45, 18.IX.1881, p. 8; PLACER, pp. 30-32. Nota ao título: ‘(1) Venus’. Asinado ‘F. de la Iglesia González’.

170. SIÑOR XUES DE PENABOI.

“El Domingo”, I, nº 42, 28.VIII.1881, p. 8. Na C 103/10 hai borrador ms. a lapis con variantes: v. 7 ‘E chântelle’; v. 8 ‘ou sua nai’; v. 12 ‘Se traba pra el non hai’; v. 15 ‘D’arredor do casco duro’; v. 34 ‘mais cumprida’; v. 36 ‘F. M. da I. firmante’, de lado ‘Con ubedencia rendida/Y a rogo do supricante/ F. M. da I. firmante’; marran os vv. 21-24 y 29-32. En tinta no reverso: ‘Coruña 5 de junio de 1881’. A versión impresa prefire o seseo.

171. ¡EN LIBERTADE! A M. H. BENIGNO.

“El Domingo”, I, nº 48, 9.X.1881, p. 3. As iniciais M. H. hanse interpretar ‘Meu Hirmán’ por ser adicatario da elexía Benigno de la Iglesia González, o irmán máis novo do poeta, morto prematuramente: v. as súas *Poesías*, Librería del Campus, Ferrol, 2004, edición e introducción de M. R. Saurin de la Iglesia; e M. R. SAURIN DE LA IGLESIA, *Un republicano federal: Benigno de la Iglesia (1836-1872)*, en “Trienio”, maio 2004, nº 43, pp. 158-176. Asinado ‘F. de la Iglesia González’.

172. A ARTE ENNOBRECE.

Retallo imp. de “La Juventud Galaica”, sen data, en Poio; no mesmo número da revista hai poesías de E. Pardo Bazán e Emilia Calé. Asinado ‘Francisco María de la Iglesia’.

173. A VIRXEN DO VAL. ORACIÓN DO SERÁN.

Retallo imp. do devandito número de “La Juventud Galaica”, en Poio. O título levaba unha nota ao pé da que non quedou máis que o número ao encadernar.

174. PRIMEIRA CARTA DE CHRISTUS Á MADRILEIRA FACHENDA.

A. S. de la I., recorte de “El Anunciador”, 6.III.1882. Asinado ‘Francisco de la Iglesia González’. Hase entender no contexto das polémicas sobre os orfeóns coruñeses.

175. MI GALICIA.

Ms., C 102/100; os vv. 25-32, escritos no reverso da folla, inclúense aquí pola súa evidente relación co conxunto. Parece cantable e pódese relacionar coa composición a Brañas e Montes que vai deseguido. Asinado ‘F. M. de la Iglesia’.

176. BRAÑAS E MONTES QUERIDOS.

Ms., C 102/38; v. 24 pregado ‘sairá?’

177. SOIDÁS DA VELLA RUFA.

Ms., C 103/11.

178. POR UN CARAVEL DA ONZA.

“Liceo Brigantino”, I, nº 2, 23.VII.1882, pp. 4-5. Nota ao pé do título: ‘Da puño’. Asinado ‘Francisco de la Iglesia González’.

179. NENAS D’ALDEA, CARGAD’A ROCA.

Ms., C 103/11; v. 16 ‘Que pezoñosos amores trai’ riscado.

180. MELPÓMENE.

“Liceo Brigantino”, I, 12.VII.1882, nº 1, p. 6. Subtítulo: *A las Señoritas de la Sección de declamación del Liceo Brigantino de La Coruña*. Nota ao pé: ‘Leída por la señorita Carlota Sánchez’.

181. A MATILDE DÍEZ HERMIDA.

“Liceo Brigantino”, II, nº 23, 10.III.1883, p. 6. Notas ao pé: v. 7: ‘(1) La j suena como ch francesa’; v. 71 ‘(2) Hija de la Sra. D^a María Benita Hermida, natural de Santiago de Compostela, y del Capitán D. José Díez, hijo de Andalucía’. Asinado ‘Francisco de la Iglesia González’.

182. O PROBLEMA DE ZORRILLA ESTÁ RESOLTO.

Ms., C 102/129; improvisación no brindis da homenaxe a Zorrilla o 27.VI.1883. Na C 93 /11 hai un impreso da Comisión organizadora do banquete da prensa en honor de Zorrilla, formada por E. Babé, A. Vilela, Conde de San Juan, F. Tapia, J. Latorre, S. Golpe, R. Segade Campoamor, A. y F. de la Iglesia, etc. O problema de Zorrilla eran os seus quebrantos económicos, que trataba de minguar con recitais públicos. Asinado ‘Franc^o M^a de la Iglesia’.

183. O MAR.

“La Ilustración Gallega y Asturiana”, III, nº 17, 18.VI.1881, p. 201. Asinado ‘Francisco María de la Iglesia’. Infórmase alí da lectura do poema polo seu autor na velada literaria dos

Condes de Pardo Bazán, en febreiro daquel ano. Publicouse tamén no "Liceo Brigantino", I, nº 6, 20.IX.1882, p. 5. O exemplar de Poio, retallado da *Sección poética*, leva esta nota ms. do autor: "'Liceo Brigantino", Sept. 20 de 1882'. Ao pé dese recorte hai esta anotación ms. 'Frebeiro 1881'. Apareceu tamén en "El Domingo", I, 5.VI.1881, p. 3. PLACER, pp. 93-97, corrixe ao seu xeito a ortografía. Manuel Comellas traduxo ó castelán o poema en "El Domingo", I, 26.VI.1881, pp. 6-7.

184. CONTRAPASO.

RAG, Fondo Veiga, 229/43, ms. asinado 'Fco. M^a de la Iglesia'; PLACER, pp. 70-71, debeu ter á man outro orixinal ms. pois titúlao Contrapaso de Rois / Ó poeta gallego, Escelestísimo Señor Conde de San Xuan D. Vicente Calderón e Oreiro.

185. AS SOMBRAS DE CARNOEDO.

Impr. retallado da Sección poética, en Poio. A nota ao pé do v. 1 desapareceu ao encadernar; quizáis aclarase o significado de mámoa. Asinado 'Francisco de la Iglesia González'.

186. UNHA BÁGOA POR MEU HIRMÁN MURUAIS.

Corona funebre/ a la memoria/ del llorado poeta gallego/ Andrés Muruais/30 noviembre 1851-21 octubre 1882, Imp. de J. Millán, Pontevedra, 1883, p. 41. Corrixido a lapis o v. 1 en vez de 'za onde ...'; v. 4, riscado 'a spor'.

187. Á CRUÑA. MIMIÑO.

"El 1^o Setiembre 1883. Periódico especial de la Papelería de Ferrer. Recuerdo de la inauguración del ferro-carril de la Coruña a Madrid", I, nº 1, 1^o.IX.1883, p. 1, 1^a columna. Asinado 'Francisco de la Iglesia González'.

188. ¡TEMPO ERA! ARREBOLEIRAS.

"El 1^o Setiembre 1883. Periódico especial de la Papelería de Ferrer. Recuerdo de la inauguración del ferro-carril de la Coruña a Madrid", I, nº 1, 1^o.IX.1883, p. 1, 3^a columna.

189. O SPRITO D'AURELIO.

"El Anunciador", 13.I.1884. PLACER, pp. 11-12.

190. O ZANFONISTA MANDUCA.

"El Anunciador", 29.I.1884. Asinado 'Francisco de la Iglesia González'. PLACER, pp. 82-86.

191. A ÚLTIMA QUEIXA. BALADA.

RAG, Fondo Veiga, 228/81. Partitura ms. 'Letra de D. Francisco M^a de la Iglesia. Musica de Pascual Veiga. Coruña, febrero 22 de 1884'.

192. A SANTIAGO APÓSTOLO NO XIBALEU EXTRAORDINARIO DO SEU DESCUBREMENTO SEGUNDO.

Certamen literario de la juventud católica de Santiago, Imprenta de Alende, Santiago, 1885, folleto, 4 páxs. sen numerar; na 1^a p.: 'Himno al Apóstol Santiago por D. Francisco M^a de la Iglesia. Premio de honor en el Certamen literario de la juventud católica de Santiago'. Anunciábase así en "Galicia Moderna", 1885, p. 5: "El jurado para el Certamen literario que ha

de celebrar la Academia de la juventud católica en las próximas fiestas del Apóstol se compone de los siguientes literatos y escritores: D. Gumersindo Laverde Ruiz, D. Joaquín Díaz de Rábago, D. Antonio López Ferreiro, D. José Labín Cabello, D. Benito Núñez Forcelledo, D. Antonio García Vázquez Queipo, D. Remigio Caula”. Nota ao pé do v. 15 ‘Sartego: Nicho, especialmente si é feito dunha peza con tapadeira’.

193. A GALLEGUIÑA.

PLACER, pp. 74-76. Música do Mestre Castro Chané.

194. DESAPARECEMENTO D’OUTRA ESTRELA.

“El Anunciador”, 2.IX.1885, pp. 1-2 e “Galicia Moderna”, Habana, I, nº 35, 27.XII.1885, p. 2. Asinado ‘Francisco de la Iglesia González’. En C 103/29 hai unha versión en limpo que coido ser o xerme orixinario da composición impresa. Hai notables diferenzas, aínda de estrutura. Velaquí a que parece primeira versión: ten riscado o número III e substituído con IV; riscado IV e substituído con V; riscado XIII e substituído con IX; riscado IX e substituído con X; no v. 33 hai unha nota (1) pero sen texto ningún; v. 117 entre liñas ‘a fonte riquenta’; v. 118 entre liñas ‘e frondas’.

‘A Rosalía Castro

Dis q’unque morra
no ceo a estrela,
por miles d’anos
sua luz refrexa.

I

¡Ai, qué pouco adelantaron os xuícios
da miña moleira!
Beira-Ulla ¡qué mal respondiches
ás miñas esperas! ...
Eu coidei que o teu son romoroso,
tuas prácidas veigas, 5
Tuas frores tan ricas de cheiros
co’a morte poideran! ...
Coidei eu q’a saúd renacese
na tua ribeira
Quiñón ¡ai! do Praíso Perdido, 10
das Fadas vivenda;
E topei que tamen abre tombas
pra cisnes e estrelas,
E q’as cordas das liras douradas
tamen ahí se creban! ... 15

II

¡Ai qué noite, qué noite de sombras
tan longa s’acerca!
¡Cómo acoden do fondo dos ollos
as bágoas que pelan!

¡Cómo as áas da céltica Musa trementes se pregan Ond'o leito da nosa arrolante cantora primeira! ...	20
¡Quén poidera soster seu laúde, calmar suas queixas, E ó vigor das galáns alboradas soprarlle nas venas ...	25
¡Quén do leito onde xeme arrincala òs sotos erguela Amostrarl'ese val q'adoraba ... pro ¡ai, xa non terma!	30

VI (riscado)

Sopra, sopra, brisiña do norte n'aspil virandela (1) [sic] Escorrenta o paxaro da Morte de voz agoirenta;	35
Dalle folgo á devina cantora os labios refresca Da que tanto cas augas da vida regou nosas letras.	
¡T'orna, tórna esa nube envexosa q'o dor agrupela, Antr'as filas que foron de cote das letras defensa;	40
Pois final ben poñer ós cantares e parafraseas Que tan ben refrexano as dozuras e choros d'aldea.	45

V (riscado IV)

¡Ai! repónte, por Dios, Rosalía, empina esa tésta Rico faro de luz esperante na noite das penas Vólv'a ser reisiñor namorado da verde pradeira, Do romedio das nosas penúrias o Arco da Vella.	50
Sigue sendo d'aldeas e sotos a voz armuiñenta, O souris da roxel alborada dos días da festa;	55
Xuvenal contr'os vicios moinantes q'o sprito encadean,	60

Coma chuvia de lume purgante
pr'os fillos de Suévia.

VI

Abandona ese leito afogante
resôll', aletexa, 65
A San Lois guía as tuas aliñas
d'albor tan riqüentas,
Non nos prives do rico tesouro
das tuas ideías,
¡Teu deber è seguir sementándoas 70
por montes e veigas!
Cal Sebila dos célticos castros
na sagra cristeira,
Sinta eu resoar tua lira 75
d'amores tan cheia,
Volv'a erguer ¡ai! dos nosos decires
a rica bandeira;
O ramallo do druídico robre
non soltes das crenchas.

VII

Non te rindas, iriense cantora 80
corramos á brega,
Coma cimbros do brazo prendidos
loitemos sin trégoa
Teus filliños acorre: ind'è cedo 85
pra erguert'ás estrelas;
Dios é pai, e pra ti ten de cote
suas portas abertas.
¡Ai! Coitados de nos ... ¡Non respondes!
¿non ós nosas queixas?
¿Qué batalla sostés no santuareo 90
da tua cabeza? ...
¿Xa non curas da pátreas? ... ¡abandonas
o chau das miséreas!
Encomendas teus fillos á Virxen ...
és nai ... ¡rézas ... rézas! 95

VIII

Entrevélas o sol d'Iriaflavia,
durmeus'a laberca;
Estremécens'os lirios do prado,
suspira a milleira.
O dorido pingón s'arrepía 100
das tombas nas beiras;
E d'oscuro alciprest'as frondías
laíndo brandeian! ...

Non hai aire: parou todo xordo
 debal'a marea; 105
 Rosalía xa baixa os olliños
 do altor das estrelas;
 Caer deixa unha testa esvaída
 cal murcha azucena
 Gastadiña d'inzar nosos vales 110
 de ricas esenzas.

IX

Negra Morte ¡ai! arreda tuas alas,
 n'anubres infecta
 Eses ollos que luz sementaron
 da praia hastr'á serra! 115
 N'aniquiles das nosas baladas
 tan diáfana vena
 Destes portos, ermidas e campos
 n'acrísel'a estrela ...
 Com'os fíos da Virxe q'o Outono 120
 nas ponlas enreda
 Cand'as follas co tempo mirradas
 no suco s'enterran,
 Así vexo eu á Safo do Sare,
 a un sopro suxeita, 125
 Despidiña das galas e bríos
 q'os ceos lle deran.

X (riscado IX)

¿Onde vai o teu son regalado,
 feitizo d'aldea 130
 Q'os paxaros cantores da fraga
 finxir non poideran? ...
 Os diamantes e cores devinos
 da tua paleta
 ¿Quén, aí Dios, poderá combiñalos
 marrando a tua vena? 135
 Chora, ¡ai!, chora Galicia, si sabes
 sentir tanta perda.
 S'a virtú dos maternos istintos
 no seo conservas.
 Xa espirou tua fiel servidora, 140
 non poido c'as penas,
 Mais co santo estandarte da patrea
 traspux'as esferas.
 Pro, pois cocha seu corpo, o probiño
 suáreo das letras, 145

Teu deber é tenderll'o teu manto,
 salvalo das herbas,
 Demostrar q'eres nai no br'e dina
 das fillas como ela;
 E d'inxenios q'a vida pospoñen
 á tua grandeza! 150

Franc^o M^a de la Iglesia Gonzalez

Cor^a Julio 16 de 1885'

En C 103/57 hai estoutro fragmento ms. sobre o mesmo tema:

I

Rosalía, esperta, esperta,
 Volv'alcendel o teu lar,
 Volv'a darnos unh'aperta
 Volve de novo a cantar ...
 Volv'a bical os teus fillos 5
 E novament'a correr
 "Os carreiros d'antre'os millos"
 Y os soutsos do teu querer.
 Deix'as friaxes da tomba
 Carcereiros do teu son 10
 Pois cant'este chau arromba
 Te chama de corazón.

II

Volv'a labrar tua entena
 Abelliña destes campos ...
 (No reverso:)
 Cochas'o sol poente
 Antre nubes de coral
 Que se tornan de repente
 Nun loitoso pizarral'

195. LAÍDOS.

PLACER, pp. 100-104. Lído o 2.IX.1885 na velada literaria a Rosalía Castro celebrada pola Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos da Coruña: cfr. ESTRADA CATOYRA, op. cit., p. 113.

196. AMOR SIN BRÉTEMAS.

"El Anunciador", 19.VII.1885 p. 2. A folla impr. en Poio, leva ao pé, de man do autor, 'Octubre 1885'. PLACER, pp. 87-89. Asinado 'Francisco da Iglesia González'. C 102/35, ms.

197. AS BÁGOAS DA AURORA.

Retallo dun xornal en Poio con nota autógrafa ao pé: 'Castro de Martínez Murguía'. Tamén en "Galicia Moderna", Habana, I, 1º.XI.1885, nº 27, p. 2 (co título *As baguas d'aurora*). Tras do título '(Segundo premio no certame celebrado pol-a Sociedá d'Artesanos da Cruña en honor de tan distinguida poetisa)'. Hai ms. de letra moi coidada na C 97/23. Variantes deste ms.: v. 15 'no'os canta'; v. 38 'tríos'; v. 77 'as suas obras'; v. 79 'q'amostren'; v. 96 'E bágoas a sua tombiña'. No borrador e con letra máis pequena: '¡Castelar! ¡Cruña garrida! ¡Nunca morrerás na Historia/Da galaica poesía'. Asinado 'Francisco María da Eirexa'.

198. ACUDÍ, PELENGRINOS CRISTIANOS.

A. S. de la I., borrador no reverso dunha carta de Santiago de la Iglesia ao seu pai Francisco datada 8.XI.1885.

199. UN RELUME E UNHA APERTA.

"Galicia Moderna", Habana, II, nº 44, 28.II.1886, pp. 3-4; retallo, en Poio, con anotación ms. ao final: '1885'. Na C 102/52, hai ms. a lapis titulado *Un relume/Ós meus paisaniños d'Ultramar*, con estas variantes: v. 1 'Vai miña Musa querida'; v. 2 'por eses mares'; v. 6 'dolce armonía'; v. 7 'de tantas mélicas cántigas'; v. 9 'recórdalles noite e día'; v. 11 sgs. 'Da tua testa grioriosa/Tempro d'honor ben probado/Empréstall'a luz preciosa/Con eso nunca chorosa/Verás teu lauro muchado'; v. 13 'Cal muchadiños retoños'; v. 16 'Dilles'; outras correccións á marxe con numerosas riscaduras dende o v. 17: 'Galicia inteira ve neles/E verás cal s'afianza/No seu esprito a puxanza/Por sernos adoito fieles (riscado)/Dilles q'aquí se borbollan (riscado)/Novas correntes de vida/Dilles que d'hoxe aborbollan/Nesta Erin verde e garrida/Por tanto tempo abatida/Así pois non mais s'encostan'; v. 61 'Que aínda a locomotora/Hoxe teus agros cruzando/Erguend'as artes d'agora/Como xentil trovadora/Vai tuas gorias cantando'; v. 66 'Q'en teus casinos lucidos'; v. 73 'Do Arsenal seu para gala'; v. 74 'Do arsenal seu pra gala'; v. 76 'Q'hastra no medio'; v. 78 'saüdoso'; v. 80 'fantasmeo'; v. 84 'A imprensa diarios fai'; v. 85 'Anuncios d'horas serenas'; a partir do v. 86 'Q'hastr'a taberna escorrida/Remedeo de ladroeira/Pola montaña esparguida/Bomba de gas acendida/Lle mostra ós que van da feira'. Asinado 'Farruco d'a Eirexa González'.

200. A INVIDIA.

"Galicia Moderna", Habana, II, 11.IV.1886, nº 50, p. 3. Asinado 'Francisco M^a de la Iglesia'.

201. A LA SRA. D^a LUISA AGRA EN SUS DÍAS.

Ms. a lapis en Poio.

202. ORACIÓN DOS ROMEIROS DA VIRXE DE PASTORIZA.

Ms. en BXUSC, M 619; tamén en Poio, retallo dun xornal co título *Recordo da pelengrinación á Santísima Virxen de Pastoriza*, con a indicación impresa ao pé: 'Inédita. Mayo 3 de 1886'. Reprodúcese aquí a versión ms., que non presenta os erros da imprentada. Variantes: v. 1 'Señora'; v. 7 'sprito'; v. 10 'Nos pod'amante dar'; v. 11 'gracia'; v. 16 'E no momento'.

203. A VENDIMA.

C 103/64: borrador. Correccións: v. 20 'Os rayos'; v. 23 'Das vosas virteiras'. O glosario de termos técnicos que vai ao final leva a xunguir esta composición coa renovada sensibilidade

ao popular que espertou nos anos 80 a Sociedad del Folklore, na que participaba activamente Francisco: 'Coitela = navaja de vendimiar /Acios = racimos /Cangallo = escobajo / Bagazo = hollejo'. O mesmo indican as anotacións do reverso: 'Chove, chove/na casa do probe/na miña non/que non é razón'; 'Miñato, miñato;/¿Qué levas do prato?;/O leite prisado!;/¿E quen o prisou?/Mariquiña do Rey/Ela ch'o dou/Pero eu ll'o direi', coa variante 'cala, cala/q'eu te caparei'.

204. Ó MEU AMIGO ... D. VICENTE CALDERÓN, CONDE DE SAN XOAN.

"Galicia. Revista regional", I, nº 1, enero 1887, pp. 13-15. Nota ao pé do v. 13: 'Primeiro drama en verso en dous autos'. Vicente Calderón y Oreiro, IV Conde de San Xoan, comentara en verso o drama de Francisco *A fonte do xuramento*: v. "El Anunciador", 6.XII.1882.

205. A LOS ILUSTRES INDIVIDUOS DE LA JUNTA LOCAL DE PRIMERA ENSEÑANZA DE LA CORUÑA.

Ms., C 102/11. Hai outro exemplar en C 103/28 con estas variantes: v. 14 'de su celo'; v. 20 'Que ahuyenta'. Asinado 'Franc^o M^a de la Iglesia'.

206. UN BICO.

"Galicia. Revista regional", III, abril 1889, nº 4, p. 256.

207. OS AIS DO TROVADOR.

Ms., C 103/28; vai na mesma cuartilla da composición *A los ilustres individuos ...*. Na C 103/31 hai outra versión, nunha folla solta cos cantos inferiores rachados. Variantes: 'Os aises do trovador'; v. 4 'erguendo pátreos sons'; v. 5 'Xuntando as charamuscas'; v. 7 'S'o lume q'enframou'/Os xenerosos peitos'; v. 10 'anteabós'; v. 13-1 'Catando nas medoñas/dos cricos os gardiáns/Aquel gracioso xerme/ai, ai/que compre remozar/Pra que non morra o albre/ai,ai,/Dos héroes meduláns'; v. 28 'madríña desta terra'; v. 31 '¡Ouh xoves! ¡Almas puras!'; v. 34 'Na fala'; v. 40 'de pátreo amor': os vv. 40-46 faltan en C 97/23.

208. A GALICIA.

Impr., en Poio. Nota ao pé: 'Cardeñas=Bisarmas. Lucos=Bosques sagrados'. Na marxe vai anotado de man do poeta "El Anunciador" de la Coruña. Junio 14 de 1887'. Hai ms. no A. S de la I., asinado ao pé 'Franc^o M^a de la Iglesia. Na Cruña a 22 de mayo de 1887', e na C 103/3. Variantes: cada sección do poema vai sen título; a numeración romana empeza no v. 33; o II canto empeza no v. 54; o III no v. 46; o IV no v. 62; v. 11 'Remocémol'o'; v. 19 'Estrela dos grecos'; v. 66 'que así q'o suevo'; o ms. acaba no v. 97. Asinado 'Francisco María de la Iglesia'.

209. UN SAÚDO MIMOSO.

"Galicia. Revista regional", I, nº 7, julio 1887, pp. 23-24. Asinado 'Francisco María de la Iglesia'.

210. HASTR'Ó CEO.

Ms., C 103/46. Asinado 'Franc^o M^a de la Iglesia'.

211. ¡VIVA GALICIA!

"Galicia Moderna", Habana, III, nº 119, 7.VIII.1887, p. 4. Asinado 'Francisco M^a de la Iglesia'. V. 7: 'brillos' esborrachado.

212. AS BÁGOAS VOANTES.

Ms., C 103/63, borrador ms. con variantes; no reverso vai o que parece un borrador anterior con estas variantes: v. 3 'Pra vel o rostro amorento'; vv. 5-7: 'Dos astros pol o camiño/ N'habemos dar co anxeliño/Do meu vivir hastr'o fin!'; v. 9 'Déixao'; v. 14 'Que a un pai'; vv. 14-15 'lgrimeiro/Cheias de luz entrarán'. E continúa: '¡Perdon, perdón, meu Dios santo/Se tras dél vai meu esprito:¡Ai! voso amor infinito/Ha de ter dór d'est'afán,/E 'spero q'estas d'amore/ Bágoas sin fin do meu seo,/No lacrimero do ceo/Cheias de luz entrarán/¡Ai! ese lirio tronzado/Da vida no primo albore,/Era fontíña d'amore/Nas loitas do meu penar .../Pro ¡ai! non quixo el na terra/Ser sol d'esperanzas vanas,/E ergueuse entoand'hosanas/Do ceo ó místico altar! ...'. Os primeiros 16 vv. tamén en PLACER, p. 57.

213. RUMOR D'ABRIL.

PLACER, pp. 77-78.

214. VIVA A GALIÑA COA SUA PEPIDA.

"Galicia. Revista regional", II, nº 2, febreiro 1888, pp. 95-96; acompañan esta versión imprentada as seguintes notas: '(1) Baixada da Selva Negra ós muiños de Santa Crara, no rio Sarela, de Santiago'. '(2) A morte debín de parecerlla eu cando ll'axudei a upal o feixe: acababa d'erguerme d'unha frebe e volvía por alí de bebel as augas minerás de Bar'. Hai borrador na C 97/23 con variantes: v. 2 'Coma quen sin ir calzo tripa vidros'; v. 8 'Desvaieuse,; v. 9 'E apedado'; v. 10 'Sin topar naquel trance quen ll'acuda,; v. 11 'o vello Pedro así cramaba'; o borrador acaba no v. 12. Asinado 'Francisco de la Iglesia González'.

215. O ÚLTEMO ADIOS.

Biblioteca da Diputación da Coruña, Fondo Berea, Mga 25/26: *Un ¡ai! dos campos gallegos á nosa amiga/a Sra. D^a Elvira Herbst de García Ducazal/O último adios/Balada para canto y piano/Letra de Francisco M^a de la Iglesia/Música de José Baldomir/Propiedad de los autores/ Madrid, A. Romero, Capellanes, 10/Año de 1888.*

216. O CICLÓN.

"Galicia. Revista regional", II, nº 3, marzo 1888, pp. 41-43; foi publicado en anacos ao final da revista, que reproducía as composicións do Certame literario de Betanzos promovido por "Las Mariñas", xornal da mesma cidade, ano de 1887, e tamén na revista "Galicia", A. Martínez Editor, La Coruña 1888. Nota ao título: '(1) Anque non se me esconden as causas prencipás destes fenómenos físicos, quero dar a conocele o xeito que ten d'aprezalos a mor parte do pobo, e de moitos que non queren pasar por pobo. Nota do Autor'. Asinado 'Francisco María de la Iglesia'. Co título *A troada invernil. Al distinguido literato y laureado poeta D. Juan Barcia Caballero* hai esta versión ms. na C 102/35:

¡Qué noite, Deus santo! ¡Qué noite bravía! ...
O val, coadeiro somella do mar.
O spazo, refrega d'astril tormentía
Q'a terra en frangullas pertende trocar.

A mai natureza rachou sua touca,
Seus ollos amantes dan luz de Satán,
¿Renega dos fillos? ... ¡Quizáis esté louca! ...

5

As leises da vida, Señor, ¿onde van? ... ¿O home n' é home? Decí, Dios bendito ... ¿Pensar xa non debe? ¿Tua imaxe non é? ¿Xa sobran as almas no ceo infinito? ... ¿Por qué tuas obras destrues, por qué? ...	10
¿Q' ocorre no pazo do Santo Consello Q' irado t' amostras cos debres mortás? ... ¿Xa n' é caridade teu único spello? ¡Señor, si destrues, destrue ós tiráns!	15
Non crébel os eixes do carro da vida: Desfoga en min soio, pois son pecador ... Pro doite das bágoas dunh' alma dorida Que pide pra todos teu reino d' amor!	20
¿Qué foi das estrelas q' o ceo bordaban Envoltas na tua sorriso, d' amor? As aves q' a tua bondade cantaban ¿Tamen delinquino? ... ¿Por qué tant' horror?	
O niño dos probes xa foi esparxido Nin ais nin sospiros el mais ouvirá: O barco de ferro crebado, afondido, Mais celos ó carro do sol non dará.	25
¡Señor, terma, terma! ... no esquezas q' un día Por ti foi a terra peaña da Cruz. Amóstr' ós teus fillos tua faz dulce e pía Matando eses fornos de cárdea luz.	30
Señor, somos debres ... ¿Quién pode contigo? Dimpois de ser xusto, terrísimo sé. ¡Ai, lémbrete, lembra q' o mundo é testigo Da santa pormesa que dech' a Noé! ...	35
.....	
¡Por fin sodes padre d' amor infinito! ¡Ah, gracias! ... xa o vento rendido se cai ... Filliños, ergamos as áas do spirto: ¡Pra ser compasivo só compre ser pai!	40
Os tronos xa dormen. O día amañece. As nubes xa foxen cochando sua faz; O arco da vella esperanz' aparece Co gaio estandarte das horas da paz.	

Namentres q' o río s'encolle bruando
E as terras dos montes repousan no val
Ergámol a chousa con fe traballando,
Que Dios quita sempre tesouros do mal.'

45

217. DOUS CORAZÓS DE MANTEIGA.

"Galicia humorística". Revista quincenal, I, nº 5, 15.III.1888, p. 145. Nota ao título: '(1) Xogos de dobre sentido'. Na C 105/20 (=102/33) hai borrador ms. titulado *Armonías/D'amor d'ánxeles/(N'unba noite de xaneiro)* coas variantes seguintes: v. 2 'percisión/¡Miña sogra! -¡Qué hai meu xenro!'/¿El voste ten corazón?/-Hom'; e ti que m'o comeches/¿Non sabes s'o teño ou non?'; v. 16 'Sí, pra quitar de ti raxas'; v. 19'¿Non me pode dar algún?'; v. 21-22 'Contentárate con un/Xesús'; v. 32-35 '¡Véñam'a dar un biquiño!/Pra elo acabo de darlle/Poderes ó meu fouciño'./Ande q'insinarlle quero'; v. 37 'o demo'; v. 52 'É tarde'; v. 54 'avisa; v. 56 'Sendo para ti ... o pirmeiro'. Asinado 'Francisco María de la Iglesia'.

218. PROBLEMA.

Ms., 102/33; a derradeira palabra do v. 5 é case ilexible. Asinado 'Franc^o M^a de la Iglesia Gonz.z'.

219. DAR E CALAR.

"Galicia humorística". Revista quincenal, I, nº 6, 30.III.1888, p. 180. Asinado 'Francisco María de la Iglesia'.

220. APOLO E MÁIS VENUS.

"Galicia humorística". Revista quincenal, I, nº 7, 15.IV.1888, p. 216. Na C 102/35 hai un borrador titulado *¡Boa parella!* e datado 'Coruña 4 d'Agosto de 1882'. Variantes: v. 8 'En tan roxela'; v. 10 '¿Vamos botal a miñan?'; v. 15 'E recolleit'o'; v.14 'Un patexo mais luido'; v. 16 'de millor laya'. Asinado 'Francisco María de la Iglesia'.

221. UN DE TANTOS.

"Galicia. Revista regional", II, nº 4, abril 1888, pp. 179-180. Asinado 'Francisco María de la Iglesia'.

222. ¡VOLT'ALÍ!

"Galicia humorística". Revista quincenal, I, nº 11, 15.VI.1888, p. 329. Notas ao pé: '(1) E non povo porque a b ven de populus, voz latina. Esta nota non é pr'ós sabios'. (2) 'Ou axóuxeres, como se di por Caaveiro e por Monfero'. Asinado 'Francisco María de la Iglesia'.

223. DOOR E GOZO.

Ms., C 102/62. Asinado 'Franc^o M^a de la Iglesia'. Fai *pendant* co soneto ao mesmo Dr. Casares da C 102/19 (nº 105 desta edición).

224. TANTO MONTA E MONTA TANTO.

"Galicia humorística". Revista quincenal, I, nº 12, 30.VI.1888, p. 372. Asinado 'Francisco María de la Iglesia'.

225. O CERTO POLO DUDOSO.

“Galicia humorística”. Revista quincenal, II, nº 1, 15.VII.1888, p. 7. Nota ao título: ‘(1) Parte dun libro que está bo de concluírse escrito sinxelmente para que poida ser deprendido pola xente menos instruída’. ¿Adaptación ou coincidencia con *Lo cierto por lo dudoso y mujer firme*, de Vicente RODRÍGUEZ DE ARELLANO (González, Madrid, 1803)? Ao final: ‘Fin da escena I. ¿Publicaríase o demais? Asinado ‘Francisco María de la Iglesia’.

226. ¡MIÑA TERRIÑA! ¡MEU LAR!

PLACER, pp. 80-81.

227. UN OASIS DE MI VIDA.

Ms., C 102/116; fragmento en limpo.

228. EN EL CRUCERO DE ALMEIRAS.

Ms., C 102/67; borrador con correccións entre liñas; o título orixinario era ‘La Cruz de la redención’. Outras correccións: v. 28 ‘hidalgúa cristiana’; v. 58 ‘no hallo más que’.

229. ¡AI, QUÉ LÁSTEMA DE BURRA!

“Galicia humorística”. Revista quincenal, II, nº 2, 30.VII.1888, p. 49. Asinado ‘Francisco María de la Iglesia’.

230. XA CORREN NOSOS CANTARES ...

Ms., C 102/108. O fragmento expresa a satisfacción pola publicación dos *Cantos y bailes populares de España por J. Inzenga, Profesor de la Escuela Nacional de Música y Declamación y académico de la Real de Bellas Artes de San Fernando*, H. Romero, Madrid, 1888. Era éste, xunto coa aparición dos *Cantares* de Pérez Ballesteros na Biblioteca del Folklore, outro éxito no camiño da difusión do patrimonio popular galego na Península.

231. ¿VOS QUÉ FACÉS, SUBDLEGADOS?

“Galicia. Revista regional”, II, nº 12, decembre 1888, pp. 625-626. Asinado ‘Francisco M^a de la Iglesia’.

232. EN HONOR DE “EL ECO”.

Impr., en Poio. Ao marxe, de man do poeta: “El Anunciador de la Coruña” (Dicbre. 19 de 1888)’. Asinado ‘Francisco María de la Iglesia’.

233. O BENEMÉRITO ORFEÓN CORUÑÉS Nº 4.

“El Telegrama de Galicia”, 30.VII.1889. Asinado ‘Francisco M^a de la Iglesia’.

234. OS ÁRTABROS.

A. S. de la I., folleto de 8 páxs., en 8º, titulado na portadiña *Os ártabros. Música do Mestre Pascual Veiga*, Imprensa d’“Anunciador”, A Cruña, 1889. Na primeira páxina o título complétase así: Escena orfeónica do tempo de Julio César, nos arredores da Cruña. Publicárase antes en “La Gaita Gallega”, I, tocata 5, 8.XI.1885, pp. 6-7, co título *Os ártabros/Escena orfeónica/Música do Maeso D. Pascual Veiga*. En C 103/33 hai un fragmento do mesmo tema nunha cuartilla rillada no canto inferior esquerdo titulado *Os ártabros e brigantís/contr’as hostes do procónsul/Julio Cesar/no seu arribo a Brigantia (boxe a Cruña)/61 anos/antes da era*

de Jesu-Cristo/Coro orfeónico/Letra de Francisco da Iglesia Gonzalez/Música do mestre compositor Pascual Veiga da [Iglesia]/Na Cruña ano de MDCCCLXXXI, co texto seguinte:

¡Huú ju ju jui!!!	
¡Vinde, homes do rueiro,	
Todos ó quinteiro	
Víndevos armar!!	
Donas e meniños,	5
Nenas e velliños,	
Fuxan do lugar	
Q'arde a veiramar.	
Sí; que non qued'arma esquencida,	
Q'hai que defendel'a vida	10
Por congostras e por souts,	
Serras, ancos e petoutos	
Hoxe temos que loitar	
Para ben do noso lar	
¡Acabá,	15
Galicians,	
Bulí! ...	
¡Julio César cos seus barcos ven alí!	
¡Acabá,	20
Couteláns,	
Acabá! ...	
[rillado ...] vor para sempre nos fará!!!	

A versión de 1885 non leva acotacións. As súas variantes son estas: v. 2 'leós'; v. 10 'destrozar'; v. 11 'coraxe'; v. 12 'dend'a cume'; vv. 9-16 levan o epígrafe 'Guerreiros'; v. 19 'sirvan'; v. 20 'Ó'; v. 21 'mentras'; v. 22 'ceo'; v. 28 'victoria'; v. 29 'entrañas'; v. 38 'resprandece'; v. 39 'O Dios'; falta o epígrafe 'A Loita'; v. 42 'sucumbir'; v. 77 'patrio'; o epígrafe 'O gran druida' leva a acotación: 'Arredor do dolmen acendido'; v. 78 'orballo'; v. 81 'O dolmen'; 'Coro general' en lugar de 'Druidesas'; v. 82 'Teut'; a versión 1885 acaba no v. 85; nota ao pe do v. 111: '(1) Cabos Finisterre e Ortelgal, respeutivamente'.

235. POSTAS DO SOL.

Tradución de J. RUBIÓ Y ORS, *Lo gayter del Llobregat*. Poesías, J. Jepús y Roviralta, Barcelona, 1889, II, pp. 291-297. Consérvanse dous ms.: un na C 102/35 igual á versión impresa, e outro na C 103/8, moi corrixido pero con solucións máis axeitadas, ao meu ver, que se reproduce deseguido, engadindo as súas variantes e dúbidas entre parénteses:

¿Será certo, visión dos meus soños,
Sol meu, e das noites meu carro polar;
Q'as rosas divinas q'o ceo nos regala
Ruís esfollemos con louco pensar?

Será miña prenda que os sois d'esta vida
Os poéticos soños, a groria e o amor

5

Acaben na tomba dun mare sin fondo
Com'as frebas diurnas do astro criador?

Fará noso peito como esas froliñas
Que s'enchén d'esenzas do sol ó nacer 10
E rical o incensan mentr'el as falaga
Pro morren sin cheiros no seu traspoñer?

Esquif da inocencia flutand'esperanzas
D'amor e de gorrias, na sombra, sinxel, 15
Naufraga ó toparse da vid'entr'as penas
Cal d'urnia fendida traspóxes'o mel.

Vivir fora un potro s'a tomba xiase
Tamen das virtudes a vívida fror
S'a pósta do astro da nosa existencia
(Pra nadie quedase d'aquel o cheiror)
Daquela pra todos barres'o cheiror.

Pro aí q'esa crise da vida do corpo (corpórea)
(Pro ¡ai! que por sorte, a cris do vivire)
Con ser mais tristoña q'a posta do sol
É rica como ela tamen d'esperanzas;
¡Aurora nos deixa pr'o noso consol!
(De mais consolante dourado arrebol)
(De mais duradeiro dozoso arrebol)

¡Aí, sí! n'o dubides: a noite na cova
Soil'é lusque-fusque do día do ceu;
(N'é mais que crepuscol do día do ceu)
E as sombras loitosas q'o spazo entapizan
Nos din q'o sol morto mais lonxe sorxeu.

Destonces, ruliña, ¿q'importa que morra
O puño de limo q'en nos Deus criou?
¿Qué val se mesturen a terra coa terra?
Cochando estas rosas que o pranto regou?

¿Qué val que perdamol os soños do berce
D'aliñas douradas que mimos nos tran,
E fuxan os vanos crarores da gloria
S'o fin son foguetes q'en polvo s'esfan?

¿Q'importa se sequen as froes d'un día
Q'as sens nos cenguiron da vida no albor
Si dentro da ialma fresquiña gardamos (fechada levamos)
A fror do perene devino cheiror?

Ó erguerse nos'alma ó seu pátreo berce
Retorn'a fundirse no alento de Dios,

Volvendoll'a ofrenda d'amor, fror divina
Mollada na esencia que d'El ven a nos.
(Quizais nosa almaña volvendo á sua pátreia
Gozos'a envolverse no alento de Dios
Leve sua esenza, d'amor fror divina
Q'así do seu seio saliron pra nos)

¡Ai, sí, queridiña! O amor non s'acaba
Cand'é com'o noso fogueira espiritual,
E foi temperado do mundo co' as penas
Decote alentado de Dios no raudal.

O amor non s'acaba s'en vez de gardalo
Na fraxil entraña que o solt'ó millor
Vistimos nos'alma co-el, co-es'aliño
Que vist'unha reina sua touca d'honor.

Ai, sí, adorada xoíña q'estimo
Con santa ternura, porq'¡ai! o amor meu
N'é fror d'esas frores da terra que piso
Senon lume puro q'o ceo me deu.

Non temas que pase, cal pasan as rosas,
Que com'os luceiros se poña, meu ben,
Q'a fouce da morte que tod'arrapaña
Poder sobr'as frores do sprito non ten.

Sí, sí, noso amore verás durar sempre
Por mais q'o sol feche seu roxo folgor;
O ar da noitiña verá como vamos
Soltando suspiros d'amante tristor.

S'agora estes campos corrend'as tardiñas,
Ca sen no meu hombro y ó ban nosas mans,
Trementes ollamos q'ós sols q'aquí brilan
Son ledos n'ourente, tristeiros n'ó ocás.

Pro cando non reste da nosa existencia
No mais q'este sprito fartiño (latendo) d'amor,
Amore q'axunte tua groria ca miña,
E o gozo nos abra de noso Señor.

Verás que non morren as fror no ceo nada,
Q'alí non se poñen os soles q'hai n'el,
E un día brillante sin alba nin tarde
Que corre (crarente) pr'a vida sin pingas de fel

Y os campos correndo do eterno verdore
Tua sen no meu hombro y ó ban nosas mans

Na luz frotaremos do día dos días
Pra quen se n'hai albas tampouco hai ocás.'

Variantes da versión impresa: nota ao pé do v. 55: '(1) Papaver rahoeas: amapola roxa dos campos, dormideira'; v. 80 'que si tivo aurora n'ha de ter ocás'.

236. AL PIE DE ESTAS RIBERAS NACARADAS ...

Ms., C 102/23. Fragmento a lapis dunha composición de gracias ao Dr. Oliveres que era adoito pasar o verán na Coruña e operara de cataratas ao poeta. "El Anunciador", 29. VI.1883, avisaba da inminente chegada de Lisboa do "reputado y conocido Doctor Oliveres que, como todos los años, viene a ofrecer sus servicios a los enfermos de la vista".

237. ÓS ORFANEIROS GALLEGOS.

Ms., C 102/118. Vai riscado o título 'Á música gallega'. Refírese ao importante papel dos asilados do Hospicio coruñés no progreso da música local; cfr. REY MAJADO, op. cit., pp. 62-63. Asinado 'Francisco M^a de la Iglesia'.

238. HASTA EL FIN.

Ms., C 102/84: v. 12 riscado 'Cubre el raudal de lágrimas que lloro'. Asinado 'Franc^o M^a de la Iglesia'.

239. NA ELEVACIÓN DA HOSTIA.

Ms., C 102/107. Asinado 'F. M. de la I.'

240 O NOSO NORTE.

Ms., C 102/115. Asinado 'Franc^o M^a de la Iglesia'.

241. ¡MUITAS GRACIAS!

Ms., C 102/52. Ao mesmo personaxe vai adicado o seguinte fragmento, escrito en media folla de papel de loito raiada, que está en C 103/53:

'ó ilustrísimo Señor Don Franc^o Romero Blanco
alaureado pola Rl. Academia de Medecina española
e Rector da Universidade compostelana

Alaureado escritor
Do scomenzo d'este curso
Recibín o seu discurso
Q'a patria fai tant'honor.
Lido e relido Doctor,
Doulle mil gracias, Señor,
Por fineza tan cumprida,
Sobre da cencea da vida ...' [sic]

Asinado 'Franc^o M^a de la Iglesia'

242. GRANDES NOVAS HAI PASTORES.

C 103/45. Fragmentos ms. nunha cuartilla pregada; a partir do v. 24 parece continuar noutra media cuartilla; v. 46 'a levarll'agradecidas'.

243. LA MUERTE DE LOS INOCENTES.

C 102/104; ms. en limpo, asinado ao final '27 Dbre. 71. F. de la Iglesia'.

244. ¡Ó LOBO, Ó LOBO!

PLACER, pp. 63-65.

245. OU DO BEN E DO AMOR FILLO SPERADO.

A. S. de la I., borrador ms.; cinco follas pregadas de papel de cartas, a primeira co timbre 'Comisión Provincial de la Coruña/ Particular' e escudo da Coruña, as seguintes brancas. No reverso da derradeira atópase a anotación *Del niño*, de man de Milagros Pardo Gil-Taboada, nai do neno, nado en Ferrol o 27 de novembro de 1890, Xaime de la Iglesia Pardo, primoxénito do seu matrimonio con Alfredo de la Iglesia Santos. Alusións a Santiago de la Iglesia, médico e notorio republicano, grado 33 da masonería. Variantes: v. 9 'Que a neve'; v. 34: a lapis azul 'Eu velarei por ti, e cando o tempo'; v. 36 a lapis azul 'E do seu trátego n'a labor eterna'; v. 67 a lapis morado 'roxas crenchas;' v. 122; corrixido a tinta 'cobiza' (pero prefiro o anterior, que respecta a medida do verso); v. 164 riscado 'Fanático'.

246. O LINGUAXE ESTÁ FIXADO.

C 102/95. Borrador ms. a lapis azul, sen título; polémica sobre a arbitrariedade lingüística e literaria dos badueiros autoencumeados como autoridades sen ter preparación. O destinatario é Galo Salinas. En 1895 a "Revista Gallega" que el dirixía dedicara moito espazo á cuestión lingüística: cfr. COUCEIRO FREIJOMIL, op. cit., III, pp.284-285.

247. ¿E VOS SABEDES LER, LARAFUCEIROS?

Ms., C 102/65; fragmento a lapis sen título; v. 26 'Chamádevos liberatas?'; v. 31 'Quen non sea tan burdo' riscado. Significativo retruque á runfadela dos incompetentes que se erguían a dirixir a política lingüística; e aínda máis tendo conta que durante os preparativos da creación dunha Academia da lingua "se le pidió [a Francisco] su beneplácito y conformidad, voto que no podía faltar, firmando la circular que la comisión gestora le envió, y en la cual puso al pie de su firma los siguientes cuartetos:

¡Adiante, vellos amigos!
Anque eivado ... o meu desexo
é morrer soldado voso;
érgase o dourado tempo
e arda nel o xéneo en todo.
Baixo do carballo céltigo
ou do loureiro d'Apolo
arda o curuxol das letras
do galaico escelso pobo.
Facendo voal-o esprito
liberto do ruin desdouro
de verse xunguido ó carro
dos que por nos libres foron ...":

apud PLACER, *Don Francisco María de la Iglesia (Apuntes para su biografía)*, cit., p. 120.

248. NON ESCRIBADEL A HISTORIA.

Ms., C 102/113. Consideracións - certamente non destinadas ao prelo - sobre o rumbo do debate cultural. Cfr. A., F. y B. ..., cit., pp. 200-205.

249. XA PASOU A SAZÓN DO MANGONEO.

Ms., C 102/93.

250. VENTO D'OESTE.

C 102/43. Fragmento ms. con correccións: v. 3 'Limpa os carballos da rexión gallega'; v. 6 entre liñas 'regional, d'union certa'.

251. NON SE COMPÓN GALICIA.

C 102/108: varios fragmentos ms. sen título nin puntuación, moi corrixidos a lapis; coído que se subseguen na orde aquí presentada. Variantes: v. 1 'Rapaces acougade'. E mais:

'Acouguen uns e outros
Q'abonda de tolaxes.
Con tal trobón d'aldraxes
Mal s'ergue esta rexion.
Volvermos as andadas
Dos días dos Chinchillas?
¿Querés q'inda Zamora
Volt'a falar por nos?
...'

252. ¡TAMÉN TI?

Ms., C 102/93.

253. HOMES DESTA ERÍN MAGOADA.

Ms., C 102/89.

254. ¡BUEN CENSOR!

Ms., C 102/41. Hai dúas versións na mesma cuartilla pregada, unha a lapis e outra a pluma, máis coidada esta, que dou como definitiva. Variantes da primeira: v. 1 'Conozco un ser modelo de cinismo'; v. 2 'Que abriga'; v. 6 'Y hasta presume ser puro y galante'; v. 8 'Y un tipo liberal para si mismo'; vv. 9-11 'Tenaz y sistemático en sus juicios/Sacrifica al más débil sin reparo/Y a toda observación sale de quicios'. Nos vv. 13-14 da versión a pluma hai dous renglóns riscados: 'Burla burlando pasa todo el día/Sin hacer otro bien que hincar el diente'.

255. N'HAI BOS ALCALDES NA CRUÑA.

Ms., C 102/114; aforismos políticos de interpretación pouco doada sen coñecer as zapicadas do contexto. Todos eles amosan a radicalización progresiva que vai madurando o poeta.

256. ¡AI CACIQUES GALICIÁNS ...!

Ms., C 102/16. Variantes: vv. 5-6 'Deixádevos de laiar/ Chorimiqueiros poetas' riscados.

257. NAZARENO ... XESUCRISTO.

Ms., C 102/108.

258. FERROLANOS, FORA EMBROLLOS.

Ms., C 103/45. Arroutada provocada pola Lei de Asociacións de 1887 que favorecía o insino confesional e a instalación no Ferrol de colexios relixiosos en perxuízo dos mestres graduados na Normal. Sobre o anticlericalismo de crentes como Francisco, v. A. F. y B. ..., cit., pp. 191-192.

259. Á CRUÑA.

Ms., C 102/1. Asinado 'Franc^oM^a de la Iglesia'.

260. ¡ESPAÑA FOI VENDIDA!

Ms., C 102/73; borrador en honor do compostelán Batallón dos Literarios; v. 10 'a loitar'; v. 14 'fatal'; v. 16 'inmortal'.

261. NOSA BANDEIRA GALANA.

Ms., C 102/43. Fragmentos sen título; v. 1 'A bandeira galiciana';

262. GALICIA, CONFÍA.

Ms., C 102/32. Na marxe e a lapis: v. 8 'Ollando o porvir'; v. 13 'tiscada'; v. 16 'Das luces que baixan do trono de Dios'; v. 18 'sudosa'; v. 22 'Teus castros repretos de'; v. 23 'Acolá nosos eidos e vales queridos'; vv. 31-32 'Desfacendo esa sombra maldita/Q'arrastra teus fillos tan lonxe a morrer'; v. 36 'Que descocha o traballo enseguida/Se rompe as cadeas do xenio do mal'.

263. CONSELLO FORA DE TEMPO.

Ms., C 102/49, asinado 'Franc^o M^a de la Iglesia'; moitas correccións e riscaduras; v. 10 'Q'as ondas craras luxaba/Repuxo con farta pena'; v. 20-21 'Discreto non ll'avisou?/¡Non luxel'o corazón'; v. 23 'Non desfolles a fror, non'; v. 25 'luxar'; v. 26 'Mais o seo'.

264. ¿SÍ OU NON?

Ms., C 103/9.

265. LA CARIDAD.

Ms., C 102/46. Leva o subtítulo 'Coro orfeónico por Rosini' [sic]. REY MAJADO, op. cit., p. 88, refírese a unha velada do Liceo Brigantino na que se interpretou "La caridad, del M^o Rossini": ¿unha adaptación para coro?

266. É NA POSTIÑA DO SOLE.

Ms., C 102/63; fragmento sen título, v. 7 'que fai no meu peito'; v. 19 'tua fala'.

267. LA VIRTUD Y LA ENVIDIA.

Ms., C 103/24; variantes entre liñas: v. 8 'La intriga miserable y la calumnia'; v. 9 'Por eso, mientras canta el orbe todo'. Asinado 'Franc^o M^a de la Iglesia'.

268. A HUMILDADE.

Ms., C 354/57. Asinado 'Farruco María da Igrexa'.

269. CALIS D'OLOR, FROR GALANA.

Ms., C 102/49; borrador moi corrixido entre liñas. Variantes: vv 1-4: 'Copa cheiral, fror galana,/A do betón d'ouro e grana,/¿Quén secar virá esas gotas/Q'así afermosan teu door?'; vv. 13-16 '¿Quén hai qu'a frente alisugue/E o mollo párpada' enxugue/S'o corazón pux'as bágoas?/Y-o cantor repuxo: ¡O amor!'.

270. CANDO O PORTALÓN DO SECLO.

Ms., C 102/43: fragmentos ms. sen título.

271. CARIDADE. FONTELLEIRA.

Ms., C 102/8. Para fixar a data pode servir notar que vai escrito na mesma folla dos versos a Inzenga. Ibid. a lapis: 'Escoita virxen fechada/Nese almeal torreón/Da miña queixa magoada/Escoita ¡ai! último son'; v. 27. 'Axudade picariños'; los vv. 27-47 van escritos á marxe. Di PLACER, art. cit., BRAG, p. 125: "En una de sus poesías manuscritas – Xa veremos. Fontelleira -, pone una nota diciendo: 'Fontelleiras. Cantarelas da fonte, xénero inventado polo autor, das que ten dous tomos inéditos'". Agás as dúas aquí reproducidas, eses inéditos parecen perdidos.

272. MIÑA FONTE ABRIGADIÑA.

Ms., C 102/101.

273. DIOS DIANTE, NOSA TERRIÑA.

Ms., C 102/101; v. 22 'cheirosa?'; v. 24 'é un paradiso'. Ibid., no reverso da devanceira, nun medio folio pregado en cuartilla:

En la recolleu sua Hestoria
En marcos d'ouro de lei
Ten un mapa tan espanso
Como n'amostra ninguen.
Ten sua petrografía,
Sua bela arquitectura
D'once seclos copia fiel.
Sua frora, sua fauna,
Seu cabaleresco esprito
Dino dos tempos d'alén
Seus folkloricos cantares
Tantos portos e por terra
Tan segundo perineu
Dinos son de ter a conta
Polo nacional poder
Pois sinon unha imprudencia
Un empacho de desdens
Poderían algun día
Unha Bélxica facer.

274. UN CONSEJO SINCERO Y A TIEMPO.

Ms., C 102/48: tamén aquí o molde para a meditación moral é o de Jorge Manrique. Asinado 'Franc^o M^a de la Iglesia'.

275. ¡AI, AI, AI, QUÉ ALBORADA TAN GARRIDA!

Ms., C 102/18, fragmento.

276. ERGUEVOS, AMANTIÑAS.

Ms., C 102/70; v., 1 'Erguédevos', riscada a sílaba de; vv. 11-12, riscado 'do seliño a descuberta/Q'os paxaros mil bicos lle dan'.

277. A BÉLICA GALLEGA.

PLACER, pp.27-29.

278. TRASNADAS D'ALDEA.

Ms. C 103/61: hai dúas versións coa mesma sinatura; reproduzo a máis extensa. Aquí deseguido van as variantes da outra, un pouquiño máis limpa, titulada 'O trasno': v. 2 'Os aires baduan n' o bosque frondal'; v. 7 'E o pote e as cuncas cos pratos trebellan'; faltan os vv. 13-16; v. 17 '¿N'ouvís, miña madre, as cruxas carpindo? ...'; v. 19 riscado '¿N'ouvís un milleiro de ratos bulindo?/Semella que bruan as olas d'o mar ...'; v. 22 'Maúllan cen gatos ... chegavos a min!'; v. 25 'O saco das noces ahí vai pol o chau ...'; v. 26 'Recemos ... fagamos a seña d'a Cruz ...'; v. 27 '- ¡Ahí van os caínzos! - Non queda un só grau.'; v. 28 '¡Qué noite tan longa! ¡Qué medo ... ¡ai Xesús!'; v. 32 'No craro d'as tellas xa albora o serán.'; v. 33-34 'Sombras noitebras, vöade, fuxide/Barras d'o día, risoñas chegá'. Este exemplar acaba no v. 36. Asinado 'Franc^o de la Iglesia González'.

279. EL ALBA DE LA VIDA Y EL DÍA.

Ms., C 102/27. Hai dous borradores; variantes: v. 7-8 'Con virginal candor libre e ignorante/ Dócil, tierna, atractiva, dulce, amante'; v. 9 'se eleva el sol'; v. 10 'Impera la pasión y el desencanto'. Asinado 'Fc^o M^a de la Iglesia Gonzalez'.

280. ¡FEITOS, FEITOS!

Borrador ms. a lapis, C 102/75.

281. ¿POR QUÉ ASÍ VAI, POETA?

Borrador ms. a pluma na BXUSC, M 619. Leva a seguinte nota a lapis, de man de Santiago de la Iglesia, primoxénito do escritor: 'De los últimos días de mi padre/Al lado de su lecho de muerte'.

SIGLAS

AC	<i>Album de la Caridad. Juegos florales de La Coruña en 1861</i> , Imp. del Hospicio Provincial, 1862.
A., F. y B. ...	M. R. SAURIN DE LA IGLESIA, <i>Antonio, Francisco y Benigno de la Iglesia. Una biografía intelectual</i> , C. S. I. C., Santiago de Compostela, 2003.
A. S. de la I.	Arquivo Saurin de la Iglesia (xa no prelo este libro, pasou a propiedade da RAG).
BXUSC	Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, Papeles de D. Antonio de la Iglesia González y de D. Santiago de la Iglesia Santos.
BRAG	“Boletín de la Real Academia Galega”.
C seguido de número	Caixa de ms., Fondo De la Iglesia, na RAG.
GRUR	“Galicia. Revista Universal de este Reino”.
ms.	manuscrito.
PLACER	<i>D'o Mar e d'a terra</i> , poesías de Francisco de la Iglesia recollidas por Fr. G. Placer, Editorial Mercedaria, Madrid, 1930.
Poio	<i>Interesantes manuscritos y folletos gallegos</i> (colección facticia de poesías de F. de la I., na biblioteca do Mosteiro de Poio).
RAG	Real Academia Galega.
RRIAC	Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos de La Coruña.

Este libro,
Poesías de Francisco M.^a de la Iglesia
rematouse de imprimir
o día 30 de xaneiro de 2010.

